



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 100

Sesión plenaria
30 de xaneiro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 28375 (10/PNP-002048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.2 34672 (10/PNP-002600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para favorecer o esclarecemento do accidente ocorrido no marco do festival O Marisquiño na cidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

4.3 39106 (10/PNP-002909)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a execución dun proxecto deportivo e comercial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

4.4 40194 (10/PNP-003014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dignificar a atención primaria da saúde e as súas profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

4.5 42137 (10/PNP-003182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

4.6 42380 (10/PNP-003192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o deseño e a implantación por parte da Xunta de Galicia dun plan extraordinario de recursos humanos para a atención primaria 2019-2020 no Sistema Galego Público de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019



4.7 42624 (10/PNP-003201)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de iniciativas que axuden a retomar a negociación do V Convenio Colectivo Marco do Grupo Endesa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

4.8 43429 (10/PNP-003246)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e dez deputados/as máis**

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta de establecemento dun marco eléctrico estable e un prezo eléctrico competitivo ás empresas electrointensivas

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 414, do 18.01.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 35663 (10/INT-001186)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

5.2 39868 (10/INT-001316)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

5.3 40247 (10/INT-001337)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

5.4 43058 (10/INT-001425)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre a política do Goberno galego en materia de negociación de acordos con organizacións que cuestionan o autogoberno, os dereitos humanos e os principios fundamentais da convivencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 44231 (10/POPX-000124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego para a rectificación da súa política sanitaria de recortes e privatizacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.2 44232 (10/POPX-000125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da rectificación en profundidade da súa política sanitaria dos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.3 44233 (10/POPX-000126)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre os recortes nos dereitos da cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 44211 (10/PUP-000214)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 presentados polo Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.2 42998 (10/POP-005086)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co fin de regular o concepto de vivenda baleira para efectos do recargo no cobro do IBI e o establecemento do dereito de tanteo e retracto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.3 42261 (10/POP-004928)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o investimento de 218 millóns de euros anunciado por Endesa na central das Pontes de García Rodríguez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019



7.4 42357 (10/POP-004958)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego diante do Estado e da Unión Europea ao respecto da transición enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.5 44219 (10/PUP-000211)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para evitar a parada dos fornos na empresa Ferroatlántica e as súas consecuencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.6 42295 (10/POP-004938)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia acerca do proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC, impulsado pola Universidade da Coruña en colaboración co Clúster TIC Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.7 42815 (10/POP-005045)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o modelo de xestión do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.8 44212 (10/PUP-000213)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as medidas concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para dotar de seguridade o porto de Malpica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.9 44213 (10/PUP-000212)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas, así nos portos como o de Malpica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes preguntas para o seu debate conxunto. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego para a rectificación da súa política sanitaria de recortes e privatizacións. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións do Goberno galego respecto da rectificación en profundidade da súa política sanitaria dos últimos anos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 13.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15)

Réplica dos autores: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 17.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 20.)

O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra e intervén para pedirlle ao señor presidente da Xunta de Galicia que retire unha expresión. (Páx. 23.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre os recortes nos dereitos da cidadanía. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 25.)

Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 28.)

Declaración institucional sobre a memoria do Holocausto

O señor presidente procede á lectura dunha declaración institucional en relación coa celebración do Día internacional en memoria das vítimas do Holocausto, que é aprobada por asentimento. (Páx. 29.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 35.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 37.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 39.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para favorecer o esclarecemento do accidente ocorrido no marco do festival O Marisquiño na cidade de Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 42.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 46.) e Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 48.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 50.)

O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a execución dun proxecto deportivo e comercial. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 59.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 61.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 62.)

Nova intervención do señor Sánchez García (EM). (Páx. 65.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a acumulación das seguintes proposicións non de lei para o seu debate conxunto, ao abeiro do disposto no artigo 162.2 do Regulamento. (Páx. 66.)



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dignificar a atención primaria da saúde e as súas profesionais. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o deseño e a implantación por parte da Xunta de Galicia dun plan extraordinario de recursos humanos para a atención primaria 2019-2020 no Sistema galego público de saúde. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 67.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Miranda Pena (EM)* (Páx. 68.) e *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 71.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 76.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 78.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sra. Miranda Pena (EM)* (Páx. 80.) e *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 82.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 84.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 88.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 90.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 91.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 94.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e catro deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia de iniciativas que axuden a retomar a negociación do V Convenio colectivo marco do Grupo Endesa. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 99.) e *Sr. Te-llado Filgueira (P)*. (Páx. 101.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 103.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 105.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e dez deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta de establecemento dun marco eléctrico estable e un prezo eléctrico competitivo ás empresas electrointensivas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 112.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 114.) e *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 117.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 118.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para favorecer o esclarecemento do accidente ocorrido no marco do festival O Marisquiño na cidade de Vigo: *aprobada por 39 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.* (Páx. 120.)

O señor Pazos Couñago (P) solicita a votación por separado dos puntos 4 e 5 da seguinte proposición non de lei, presentada polo G. P. de En Marea, separación que é rexeitada polo portavoz do grupo proponente. (Páx. 121.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a execución dun proxecto deportivo e comercial: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 121.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dignificar a atención primaria da saúde e as súas profesionais: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 122.)

O señor presidente comunica a aceptación dunha emenda e a solicitude de votación por puntos na seguinte proposición non de lei, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 122.)



Votación do punto número 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires: *rexeitado por 20 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 122.)

Votación do punto número 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación do punto número 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación do punto número 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o deseño e a implantación por parte da Xunta de Galicia dun plan extraordinario de recursos humanos para a atención primaria 2019–2020 no Sistema galego público de saúde: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e catro deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia de iniciativas que axuden a retomar a negociación do V Convenio colectivo marco do Grupo Endesa: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 124.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e dez deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta de establecemento dun marco eléctrico estable e un prezo eléctrico competitivo ás empresas electrointensivas: *aprobada por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 20 abstencións.* (Páx. 124.)

Suspéndese a sesión ás tres e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e sete minutos da tarde.

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 125.)



Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 132.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 134.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 presentados polo Goberno central. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 144.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o investimento de 218 millóns de euros anunciado por Endesa na central das Pontes de García Rodríguez. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 148.)

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 150.)

A señora Vilán Lorenzo (S) pide a palabra e intervén para pedirlle á señora Nóvoa Iglesias que retire unha expresión. (Páx. 151.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego diante do Estado e da Unión Europea respecto da transición enerxética. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 152.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 153.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 154.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 155.)



Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para evitar a parada dos fornos na empresa Ferroatlántica e as súas consecuencias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 157.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 159.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) solicita a palabra con base no artigo 76.1 do Regulamento, que non lle é concedida polo presidente. (Páx. 160.)

Pregunta do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre o proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC, impulsado pola Universidade da Coruña en colaboración co Clúster TIC Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 162.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 163.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 164.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o modelo de xestión do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 165.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 166.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 167.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 168.)

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes preguntas para o seu debate conxunto. (Páx. 169.)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para dotar de seguridade o porto de Malpica. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas, así como nos portos como o de Malpica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 170.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 171.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 172.)

Réplica das autoras: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 174.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 176.)

Remata a sesión ás sete e trinta e seis minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta. Neste caso debatemos de xeito acumulado a pregunta que corresponde ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego para a rectificación da súa política sanitaria de recortes e privatizacións

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións do Goberno galego respecto da rectificación en profundidade da súa política sanitaria dos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Comeza, polo tanto, formulando a pregunta, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

As miñas primeiras palabras quero que sexan de recoñecemento ás e aos profesionais que temos na sanidade pública, porque, sen o seu compromiso, a súa dedicación e empeño, os recortes terían sido moito máis graves. Quero darlles as grazas de todo corazón por ter defendido o dereito á saúde dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

Xunto coa cidadanía serviron de barreira contra vostede, señor Feijóo, convertido nunha especie de *terminator* da sanidade pública, empeñado en facer da saúde un negocio para as súas empresas amigas. Só temos que ver o que está pasando con Povisa ou con fundacións do entorno de Romay Beccaría. A súa reacción foi a de sempre, inxuriar a quen denuncia e proclamarse como defensor e valedor da verdade única. Pero houbo un país que non se amedrentou ante as súas mentiras e a súa soberbia: dimitíronlle 26 xefes de servizo de atención primaria de Vigo, as urxencias do CHUS están en folga indefinida desde hai once semanas, os PAC están en pé de guerra, o transporte sanitario urxente anuncia unha folga a partir do 8 de febreiro, hai paros convocados en atención primaria por toda Galiza, e as rúas deste país desbordan cada vez que se convoca unha mobilización en defensa da sanidade pública.

E, claro, como vostede viu que xa non lle funcionaban as mentiras e a súa prepotencia, agora dedícase ao travestismo político aproveitando que hai un cambio de goberno do Estado. Pide agora que non haxa taxas de reposición na sanidade pública. Eu, a verdade, señor Feijóo, ¿que quere que lle diga? Pois benvido á defensa de que non fan falta taxas de reposición na sanidade pública. (*Aplausos.*) O BNG non ten que convencelo, ¡levamos dez anos intentando que se acaben esas taxas de reposición!



Pero, se vostede quere ter a máis mínima credibilidade, empece por facer os seus deberes, convoque as 6.067 prazas vacantes que hai no Sergas. Por unha vez deixe de tirar balóns fóra —que iso é o que fan os xogadores tramposos— e governe. E dicímoslle máis: ofrezca condicións dignas para os traballadores e traballadoras, porque o que fixo vostede foi expulsar miles de médicos do sistema sanitario do noso país á base de precariedade. O gran binomio da sanidade pública son máis recursos e máis profesionais, por iso —insistimos— convoque as 6.067 prazas vacantes que hai no Sergas e acabe cos recortes.

Desde o BNG propoñemos que se poña en marcha un plan de choque dotado con 200 millóns de euros para acabar cos recortes na atención primaria. E recupere tamén as xerencias de atención primaria, pero con capacidade de xestión e con orzamentos.

Señor Feijóo, realmente o que lle estamos pedindo é que rectifique, porque vostede só acerta cando rectifica. E estamos falando de algo tan serio e tan importante como é a saúde dos galegos e das galegas, deixe de xogar con ela e de poñela en risco.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, benvido ao propósito de emenda na política sanitaria. Por fin comeza a rectificar, por fin asume ou comeza a asumir o diagnóstico sobre o estado da sanidade pública que lle levamos facendo estes dous últimos anos; en concreto, sobre a situación da atención primaria, que é o contido da miña pregunta de hoxe.

Vostede defendía que estabamos no mellor dos mundos posibles até hai moi pouco tempo, e acusábanos de non valorar suficientemente os profesionais. Pero agora reconece problemas estruturais xunto con erros de diagnóstico e de xestión. E os propios profesionais fan unha radiografía, ou un escaneado, do sistema sanitario que coincide basicamente co que nós lle temos feito aquí nos últimos tempos, e dinlle con rotundidade que estaba vostede equivocado. Din tamén que as condicións de traballo nas que operaban moitos dos profesionais eran un problema para a calidade do sistema sanitario. E dinlle tamén que as súas políticas estaban deteriorando o estado de saúde do sistema.

Vostede eliminou a autonomía funcional da atención primaria no ano 2012 e a consecuencia foi unha perda de peso deste segmento tan importante do sistema sanitario no conxunto. A solución non pasa por unha operación cosmética, pasa por restituír a xerencia de atención primaria, pasa por volver dotar de autonomía funcional a atención primaria.

Vostede defendía que non houbo recortes e agora xa sabemos que a atención primaria ten 1.250 e tantos profesionais menos que no ano 2008. Xa sabemos que en termos comparados coa media española estamos por debaixo. E se nos comparamos con comunidades autónomas similares á nosa —Castela-León, Asturias, Aragón ou Extremadura—, estamos a unha distancia sideral no número de médicos por habitante. Sabe ben vostede que as ne-



cesidades non dependen só da poboación senón que tamén dependen do aumento da cronicidade, dependen de que hai pluripatoloxías, dependen do grao de avellentamento, que é un dos problemas máis característicos do noso sistema sanitario. E os recortes provocan tempos de atención insuficientes, dificultades de cobertura —por exemplo, nos PAC—, que producen episodios como o da Estrada, que todos lamentamos e que vostedes son re- nuentes a explicar.

Vostede dicía tamén até hai moi pouco tempo que non existía precariedade excesiva. Hoxe xa sabemos —porque o din os profesionais— que estamos nun 25 % ou nun 30 % de persoal precario nalgúns ámbitos do sistema. E isto é moito máis do que é razoable. Ofrecen contratos dun ano. Está ben, é mellor que os contratos dun día ou dunha hora. Van na boa dirección. Pero teñen que ir máis alá, teñen que conseguir que estes contratos sexan unha ponte para unha oferta estable de calidade, que sexan unha transición. Non podemos cronificar a precariedade, teñen que conseguir que estes contratos teñan a conseguinte li- branza de gardas, que se reduza substancialmente o ámbito de cobertura xeográfica e que haxa unha flexibilidade, que progresivamente se reduce conforme o persoal está no sis- tema sanitario.

Precisamos que sexa valente. Ten que rectificar o seu diagnóstico de verdade, pero sobre todo ten que tirar as consecuencias orzamentarias, normativas e de xestión derivadas do seu diagnóstico. Ten que cambiar o diagnóstico e, por tanto, as políticas —e, por tanto, tamén aquel que quere para levar a adiante esas políticas—. Sexa valente, recupere o mellor da política sanitaria de Emilio Pérez Touriño. E seguro que vostede acerta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, tomo nota da súa última frase.

Señorías, despois de solicitar unha comisión de investigación sobre a sanidade pública —á que non acoden—, despois de non asistir á comparecencia do conselleiro de Sanidade, des- pois de non asistir á comparecencia do conselleiro de Facenda e despois de non asistir á comparecencia do presidente da Xunta de Galicia —todas para falar da sanidade pública—, as súas preguntas de hoxe sobre a sanidade pública redondean o ridículo parlamentario que levan facendo durante semanas. (*Aplausos.*)

Señorías, se eu fose coma vostedes, simplemente os remitiría ao que o conselleiro de Sani- dade, o conselleiro de Facenda e mais eu, e mais todos os comparecentes, dixemos nesa co- misión de sanidade. Pero, á diferenza de vostedes, eu respecto este Parlamento. Respecto este Parlamento porque este Parlamento é a representación dos cidadáns de Galicia. E ade- mais respecto a sanidade pública de Galicia, porque me sinto orgulloso dela.



A sanidade pública de Galicia está infinitamente mellor valorada que a oposición, sen ningunha dúbida. A sanidade pública galega é boa —tamén é mellorable—; e a oposición en Galicia é mala, e, na miña opinión, non ten solución.

Señorías, vostedes non estiveron na comisión e todo o mundo sabe por que. Porque se deron conta de que, ademais das súas mentiras, ían vostedes ter que escoitar argumentos; ademais das súas roldas de prensa ían vostedes ter que escoitar datos concretos, presupostos e actividade.

A vostedes molestoulles que os conselleiros quixeramos comparecer e que o propio presidente da Xunta quixera comparecer dende o principio. ¿Acaso pensaban que nos íamos esconder para falar da sanidade pública? ¿É que acaso aínda non se decataron de que estamos orgullosos da sanidade pública galega e de todos os seus profesionais? Por iso vostedes fuxiron da comisión de investigación, porque o obxectivo é denigrar a sanidade pública, denigrar a sanidade pública en roldas de prensa, onde non hai preguntas dos profesionais nin réplicas dos xestores sanitarios. É denigrar a sanidade pública sempre que teñen ocasión. Pero o certo e verdade, señorías, é que fomos alí para dicir que nos sentimos orgullosos da sanidade pública galega. ¿Por que? Porque é moito mellor da que atopamos cando chegamos ao Goberno e porque é mellor que na maioría das rexións da Unión Europea.

Se acudisen a debater comigo, vostedes saberían o que dixen. Pero como teño respecto a este Parlamento, non teño ningún inconveniente en recordalo. Señorías, a sanidade pública do ano 2018, e a sanidade pública do ano 2019, é a sanidade pública con máis orzamentos da historia da comunidade autónoma: 4.000 millóns de euros. É a sanidade pública onde traballan máis profesionais ca nunca, a sanidade pública con máis actividade ca nunca, e con menor lista de espera ca nunca. É a sanidade pública que foi capaz de conseguir, durante a crise económica, que o 70 % dos galegos que vivimos nunha área sanitaria teñamos un centro de saúde novo ou un hospital novo ou renovado; unha sanidade pública que fixo o maior investimento da historia en tecnoloxía sanitaria. É unha sanidade pública, señorías, na que hai moitos máis dereitos para os cidadáns, que son os propietarios da sanidade pública. (Aplausos.) Si, señorías, un 10 % máis de presuposto que cando vostedes gobernaban, tendo agora menos presuposto —1.000 millóns de euros— que cando gobernaba o Bipartito. Hai unhas porcentaxes de presuposto de cinco puntos máis —en porcentaxe— que cando gobernaba o Bipartito.

¿Como que hai menos profesionais? Hai 2.353 traballadores máis na sanidade pública, un 6,5 % máis. Médicos de familia e pediatras, un 5,5 % máis. Persoal de enfermería, 778 máis, un 8 % máis de persoal de enfermería. ¿E os quirófanos? Un 37 % máis de quirófanos, 72 quirófanos máis. E iso ¿que supón? Supón 34.000 operacións cirúrxicas máis ao ano que cando gobernaba o Bipartito. Señorías, estamos orgullosos. Pero non o Goberno, senón a sociedade galega.

¿Por que, cando as enquisas do Goberno central fan os barómetros sanitarios, este ano, o ano pasado e os anteriores foron os mellores anos da nosa historia? ¿Por que? Pero non só nas cuestións xerais, non, non, senón concretamente en atención primaria e en urxencias. En atención primaria, cando vostedes gobernaban, o nivel de satisfacción era do 84 %, agora do 88,5 %. Cando vostedes gobernaban, o nivel de satisfacción en urxencias era do 78 %,



agora do 84,7 %. Señorías, exactamente ¿de que se nos acusa?, ¿de mellorar a sanidade pública? Acepto a acusación.

Que temos que seguir mellorando a sanidade pública non teño ningún problema en aceptalo, por suposto que si. Primeiro, para ver se é verdade que hai unha solución de Estado para a sanidade pública. Unha convocatoria extraordinaria de MIR é o que propoñemos, e agora teño que escoitar da oposición que hai que convocar as ofertas públicas de emprego. ¿Isto é unha broma ou é simplemente unha contradición *in terminis*?

Señorías, estamos propoñendo a eliminación das taxas de reposición, e escoito da oposición que hai que incrementar as taxas de reposición. Miren, non o invento eu. Periódico *El País* de hai cinco días: «*La sanidad pública tiene un déficit de 4.000 médicos*». Pero, señor Leiceaga, ¿dedícase a algo o Ministerio de Sanidad socialista? Si, seguro que na réplica me vai explicar vostede en que. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señorías, durante os anos do Bipartito acabáronse en Galicia catro centros de saúde, ¡catro centros de saúde en catro anos! Levamos construídos 54 centros de saúde e hai en execución 25 centros de saúde. (*Aplausos.*) Señorías, melloramos as retribucións dos profesionais, incrementamos a carreira profesional, ampliamos a prórroga de xubilación, fixemos as ofertas públicas de emprego máis amplas do Estado.

E cando me fala vostede de establecer un contrato en mellores condicións para os médicos de familia, estou de acordo, absolutamente, señor Leiceaga. E por iso fixemos un contrato de tres anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E vostede di que hai que melloralo. ¿Quere vostede dicir que cando os sindicatos médicos, o CSIF, a UXT, o SATSE, e os colexios profesionais dan o visto e praxe a este contrato, é un contrato en precario, señor Leiceaga?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por certo, ¿pode dicirme algunha comunidade socialista que teña un contrato para os médicos de familia e os pediatras de atención primaria como este?

Señor Leiceaga, non se preocupe, que lle contestou eu. Ningunha.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.



Pois aquí temos outra vez un exemplo da prepotencia, das mentiras e dun presidente que, cando non ten argumentos, o único que lle queda é o insulto, señorías, o insulto. (*Aplausos.*) Este é o retrato do señor Feijóo. Porque, mire, se non fora porque estamos falando de algo tan importante como é a sanidade, poderíamos dicir que o único ridículo é vostede vindo ao Parlamento, despois de que dimitan 26 xefes de atención primaria, de que estean en folga nas urxencias de Santiago once semanas, de que haxa tamén paros convocados en toda Galicia en atención primaria, folga no servizo de transporte de urxencias, os PAC en pé de guerra e a xente nas rúas protestando contra os seus recortes, para dicirnos que a sanidade pública nunca estivo tan ben. ¿Por que protestan entón todos os profesionais e a xente deste país, señor Feijóo? (*Aplausos.*) A ver se é capaz de explicárnolo, porque desde logo sería moi, moi importante.

E, mire, quen denigra a sanidade pública é vostede, que está convertido nun *terminator* que o único que quere é privatizar e destruír o sistema sanitario público. E todo iso porque está defendendo os intereses privados na sanidade deste país. Quen denigra a sanidade pública é quen recorta 2.000 millóns de euros en atención primaria, señor Feijóo. Porque nos seus orzamentos hoxe, na base de entrada do sistema sanitario, que é a atención primaria, ten 188 millóns de euros menos.

E, mire, algunha vez estaría ben que nos diga de onde saca as cifras do persoal que hai no Sergas, porque as memorias que veñen a este Parlamento e que acompañan os orzamentos o que nos din é que, desde que vostede goberna, hai 1.429 traballadores e traballadoras menos no Sergas. ¿E sabe o máis grave? Que, despois de recortar durante todos estes anos persoal, esas mesmas memorias o que nos anuncian é un recorte de 505 prazas para o ano 2019. Señor Feijóo, deixe de enganar a xente, isto é o que conteñen os orzamentos do noso país. (*Aplausos.*)

E, mire, deixe vostede de facer escapismo. ¿MIR extraordinario? Adiante. Díganos canto persoal ten habilitado, cantas prazas vai convocar. ¿Cantos pediatras hai en atención primaria habilitados para facer formación MIR? Díganolo, porque iso non depende do Ministerio, iso depende de vostede e paréceme que quizais non o ten feito.

¿Suprimir as taxas de reposición? Xa lle dicimos que nós que levamos dez anos pedíndoo. ¡Benvido! Ao mellor a quen ten que convencer é ao Partido Popular, que as aplicou e que as impuxo desde o Estado invadindo as competencias de Galiza. (*Aplausos.*)

E, por último, señoría, deixe de escapar das súas responsabilidades, porque non pode vir aquí a rirse de todo o Parlamento con intervencións como a que acaba de facer. ¿Vai convocar, si ou non, esas 6.067 prazas vacantes que hai no Sergas? E, en segundo lugar, ¿vai, si ou non, poñer en marcha un plan de mellora da atención primaria con 200 millóns de euros que deixe atrás os recortes? Porque con menos, señor Feijóo, faise menos. E, desde logo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...supoño que é unha broma —e xa remato, señor presidente— que nos diga que a gran solución para a precariedade é un contrato que lle permite a vostede impoñerlles aos traballadores e traballadoras da sanidade xornadas de 31 horas continuadas. ¿Como pode vostede pensar que unha persoa pode traballar 31 horas seguidas?



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Ou ¿como pode pensar que esa é unha boa atención na sanidade?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Os sindicatos maioritarios non aprobaron ese modelo. ¿Sabe por que? Tampouco o queren os profesionais, porque é precariedade, precariedade e máis precariedade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Deixe de destrozar o sistema sanitario público, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Vostede sabe perfectamente que o problema na comisión foi que vostede non quixo aqueles que tiñan algo que dicir sobre a sanidade pública, profesionais que nós queríamos que viñeran. Vostedes dixeron que non, introducindo unha censura inaceptable. *(Aplausos.)* ¡Absolutamente, absolutamente! Sábeno moi ben.

Pero non quero centrarme niso, o que quero é saber cal é a súa actitude en relación cos cambios necesarios na sanidade pública. ¿Cre que todo está ben e non hai nada que cambiar ou está disposto a cambiar cousas? ¿Cal é a profundidade do seu compromiso co cambio necesario na sanidade pública?

Mire, eu iríame moi contento de aquí se me di que vai garantirlles aos médicos de atención primaria que van ter o tempo de atención necesario; se se vai comprometer a que nos PAC existan equipos completos en función da demanda que eviten problemas de desatención con consecuencias que todos lamentamos; se me di que o contrato de estabilidade este que vos-
tede propón se vai estender tamén a outras especialidades onde hai necesidades estruturais, como pode ser anestesia ou como pode ser trauma; se me di que vai impulsar as OPE con dimensión suficiente como para que en catro anos reduzamos a precariedade aos niveis que prometía onte o conselleiro e que exixen un esforzo monumental de estabilidade; se me di que ese contrato estable e flexible —como o do País Vasco, que é o modelo— vai ter a li-
branza de gardas garantida, vai ter un radio de acción que lles permita aos médicos ter unha vida razoable e se vai haber unha redución progresiva de discrecionalidade; se me di que vai repoñer as xerencias de atención primaria. Iso é o que lle estou pedindo, todo o demais son xogos florais e paréceme moi ben, vostede ten que intentar desviar a atención, pero isto é o importante, é a súa responsabilidade.

E en relación co tema dos MIR, mire, ¿pode dicirme unha cousa? ¿Cando solicitan vostedes a ampliación dos MIR? ¿No ano un do seu goberno, no ano tres, no ano cinco, no ano sete



ou hai uns meses? (*Aplausos.*) E, por certo, sabe vostede perfectamente que a última ministra de Sanidade, do Goberno Rajoy, esa que dicía que non se necesitan máis profesionais —*Gaceta médica* do ano pasado—, tiña no seu gabinete, digamos no seu Ministerio, cincocentas e pico solicitudes de acreditación de prazas docentes paradas desde hai tempo, que é ao que se dedicou o Ministerio neste tempo.

E sabe vostede tamén que nos MIR do ano que vén vai haber unha ampliación garantida pola ministra se Galicia fai os deberes, é dicir, se presenta a documentación que permita que, con prazas acreditadas, esas unidades docentes se incrementen. Este é o compromiso do Ministerio, iso é o que lle contestaron ao seu conselleiro cando foi a Madrid —por certo, sen réplica por parte del porque non podía dala—.

Vostede rectifique, cambie a política sanitaria, cambie a política sanitaria de verdade, a fondo, e eu creo que os cidadáns de Galicia e os profesionais do sistema de saúde llo van agradecer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche destas preguntas por parte do señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non lle dediquei nin un só insulto. Vostede, polo contrario, si, sempre me cualifica de forma cariñosa. Di que son o *terminator* da sanidade. Acredita vostede un excelente gusto cinéfilo, señora Pontón, pero o certo e verdade é que non vou entrar nesas descalificacións, que para iso xa ten vostede a patente.

¿Como se pode dicir que se recorta diñeiro da sanidade cando temos un 10 % máis de diñeiro do que tiñamos cando vostedes gobernaban? ¿Como se pode dicir que recortamos o persoal se temos 1.500 persoas máis traballando na sanidade que cando vostedes gobernaban? ¿Como se pode dicir que non investimos na sanidade pública se cando vostedes gobernaban fixeron en catro anos catro centros de saúde e nós levamos 54 máis 25, señoría? (*Aplausos.*) ¿Como se poden dicir tantas trapalladas de forma constante e continuada? ¿Como se pode dicir que temos intereses coa sanidade privada e despois propón incrementarlle o presuposto a toda a sanidade privada das ambulancias? ¿Señora Pontón, vostede está de acordo en incrementar o gasto en sanidade privada, é dicir, no servizo de ambulancias? Evidentemente todo o Parlamento acaba de escoitala, e, se o incrementamos, viría aquí a dicir que incrementamos o gasto en ambulancias, é dicir, na sanidade privada. ¿Como se pode dicir que se incrementa o gasto na sanidade privada se cando vostedes gobernaban incrementaron un 44 % os concertos, os concertos coas clínicas privadas?

Hoxe acábase de reeditar nesta pregunta —non sei se de forma interesada ou non— o Bipartito. O BNG e o PSOE reivindicán a sanidade pública de forma conxunta. Iso si, nin unha soa referencia ao que facía o Bipartito salvo a tímida frase do meu amigo Leiceaga sobre o



que facía o presidente anterior, ao cal respecto. ¿Sabe por que non falan vostedes dos datos do Bipartito? ¿Será porque as listas de espera do Bipartito eran as maiores da historia? ¿Será porque o número de intervencións en horarios de mañá nos quirófanos da sanidade pública baixaban? ¿Será, señoría, porque na tecnoloxía non investían? ¿Será, señoría, porque en vez de facer novos hospitais tiñamos en Vigo un edificio no centro de Vigo de non sei cantas plantas onde non había espazo para nada? ¿Será, señorías, porque non investían en hospitais nin facían plans de reforma nin ampliacións? ¿Será porque Ferrol non lles interesaba e Pontevedra tampouco, Ourense tampouco, porque en Vigo nin había un só metro cadrado para facer o hospital público? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Será, señoría, simplemente porque hoxe a sanidade pública está moito mellor que cando a xestionaba o Bipartito. Esa é a conclusión, señora Pontón e señor Leiceaga. Si, si. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, ¿por que quere vostede dinamitar o acordo sindical do contrato de estabilidade para os residentes? ¿Por que? ¿Por que, estando a maioría de sindicatos de acordo, vostede vén aquí a dinamitalo? ¿Ten vostede algún interese concreto?

Miren, señorías, aquí sempre, durante dez anos que levamos no Parlamento, dez anos que levamos no Goberno, sempre hai dúas teses. Durante o verán son os lumes forestais; e durante o ano, os lumes sanitarios. Esas son as dúas propostas de oposición, non fan vostedes ningunha oposición sería a este Goberno, simplemente lle fan oposición ao país cos lumes forestais e co tema da sanidade, exclusivamente. (*Aplausos.*) Non lles interesa nada, señorías, non lles interesa falar en serio de nada.

E o que é sorprendente é que, por primeira vez na historia dun parlamento, supoño que dun parlamento europeo..., (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, chámoo á orde. Ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a oposición propón comisións de investigación e oposición non comparece nas comisións de investigación.

E por se isto fora pouca falta de respecto á democracia, pouca falta de respecto ao Parlamento, pouca falta de respecto aos galegos e ás galegas, vostedes agravan esa falta de respecto constituíndo unha comisión bolivariana. (*Fortes murmurios.*) Si, señoría, unha comisión bolivariana intentando utilizar a sede do Parlamento galego simplemente para burlarse do Parlamento galego. (*Aplausos.*) Esa é, señorías, a súa proposta.

Sinto dicirillo, señor Leiceaga. Primeiro, porque a verdade é que me sorprende que vostede se sometese a esa disciplina de partido, eu dígollo de verdade. Porque, mire, os que mandan aquí son os galegos, non é ningún dirixente do Partido Socialista en Vigo. Mandamos os galegos no Parlamento, señoría. E o Parlamento está para algo. Se queren vostedes pechalo, díganos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) Dende logo, o Goberno seguirá vindo aquí e este grupo parlamentario seguirá comparecendo. Xa sei, señoría, que



non lle teñen ningún respecto ao Parlamento. O Partido Socialista Obreiro Español de Galicia non ten ningún respecto ao Parlamento galego durante esta lexislatura, ningún absolutamente, absolutamente, señoría. (*Aplausos.*) ¡Alá vostedes!

Mire, señor Leiceaga, se vostede estivera atento ao que estamos facendo —que evidentemente non o está—, vostede sabería que estamos creando unha dirección de atención primaria en cada área sanitaria. E estamos concretando o presuposto da primaria e da especializada para que quede claro exactamente a división de gasto en primaria e especializada. Estamos intentando concretar os novos roles de atención primaria, os dos médicos, os de enfermería, os do persoal de servizos xerais. Estamos intensificando a relación entre a atención primaria e a especializada. Estamos revisando o modelo das urxencias en atención primaria. ¿Recordan vostedes eses documentos que deixaron no Goberno nos que dicían que o número de PAC era excesivo? ¿Recorda o plantexamento de planificación dos puntos de atención continuada do Goberno bipartito, o de que o número de PAC en Galicia é excesivo, son ineficaces, son inoperantes e hai que diminuílo? É a proposta do Partido Socialista Obreiro Español e o BNG para a sanidade pública, e a iso que se chama «PAC en guerra». Dígallo á señora Pontón para que mire o documento do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, estamos primando a permanencia en prazas de difícil cobertura, estamos ponderando os concursos para os concursos de traslados en prazas que se están a ocupar por especialistas de enfermería. Estamos ponderando os cupos, e como se pagan os cupos. Non é o mesmo atender mil pacientes co 20 % deses pacientes con máis de 75 anos que co 5 % deses pacientes con máis de 75 anos. Igual que os cupos de pediatría.

Señorías, estamos sentados coas sociedades científicas, con todos os que queren traballar pola sanidade pública. A única que está, lamentablemente, outra vez criticando sen piedade, con mentiras e con falsidades a sanidade pública é a oposición.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Miren, señorías, imos seguir mellorando a sanidade pública para os cidadáns —con máis prestacións— e para os profesionais —con máis retribucións, con máis carreira e con máis prazas—.

Di que saquemos todas as prazas. ¡Pero se a Lei de presupostos impide sacar todas as prazas nun único ano! E agora acabo de escoitar que é perfecta a política de MIR do Ministerio de Sanidade. O señor Leiceaga acaba de dicilo. Supoño que acabará o debate, pois. Se o que fai o Ministerio de Sanidade en canto á acreditación e en canto ao número de prazas MIR...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é o correcto, entón, señorías, acabou o problema na sanidade pública no país.

En todo caso, señor Leiceaga, xa que vostedes me fan preguntas das comisións de investigación ás que non acoden, supoño que a seguinte pregunta será algo sobre o Marisquiño.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Supoño, señor Leiceaga. Comprendo, señor Leiceaga, que para vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ultimamente a portavocía do grupo é un nomeamento sen efecto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Leiceaga?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Pois é evidente que para pedirlle ao señor Feijóo que retire as súas palabras sobre a relación entre o Partido Socialista e o Parlamento. Eu podería dicirlle que el na comisión de investigación se comportou como Maduro, impedindo que os opositores á súa política puideran expresarse. Pero non llo digo. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Seguinte pregunta. *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor!

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre os recortes nos dereitos da cidadanía

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Núñez, vimos hoxe aquí traer unha denuncia, unha vez máis, sobre o recorte de dereitos ao conxunto da cidadanía no noso país. E vouno centrar en dous aspectos que están relacionados un co outro.

O primeiro deles, o que ten que ver co recorte de dereitos no ámbito sanitario, está relacionado coas preguntas dos anteriores voceiros pero ten un matiz diferencial. Quero empezar por expo-



ñer que entre a súa anterior comparecencia aquí no Parlamento e esta mediaron dúas manifestacións multitudinarias en Vigo que sacaron á rúa máis de 80.000 persoas, unha manifestación multitudinaria en Compostela que sacou máis de 10.000, e innumerables concentracións diante dos servizos de atención primaria e de urxencias por todo o país reclamando a dignidade duns servizos públicos esenciais para o mantemento da saúde do noso país, da nosa xente.

O Partido Popular tardou anos e anos en reaccionar, e agora finxen unha reacción, finxen unha rectificación, que realmente non está sendo tal porque vostedes non están atendendo as demandas das e dos profesionais e dos propios pacientes.

Vivimos, neste sentido, nunha situación de verdadeiro maltrato sanitario ocasionado pola Xunta de Galicia non só aos profesionais senón ao conxunto da cidadanía; un maltrato sanitario que é deliberado, non é unha xestión torpe dos recursos públicos. Existe un acto deliberado para facer dúas cousas coa sanidade pública: en primeiro lugar, recortar recursos públicos dispoñibles para a Administración pública para restaurar a saúde da xente, deteriorando así a sanidade pública e obrigando a xente a marchar á sanidade privada; en segundo lugar, desviando á sanidade privada os poucos e escasos recursos existentes para a sanidade pública, de tal maneira que o que tiña que servir para atender as necesidades sanitarias da xente está servindo para o beneficio dunhas poucas empresas privadas.

Isto converte a situación nunha situación de verdadeiro maltrato sanitario que ofrece, que dispensa, a Xunta de Galicia ao conxunto do país. Non se dotan recursos suficientes para solucionar as listas de agarda, para solucionar os colapsos das urxencias. Maltrátase a igualdade entre mulleres e homes cando non se aplica a perspectiva de xénero nas políticas sanitarias, cando se diagnostica tarde por ser muller, cando se infra ou sobreintervén polo sesgo de xénero ou cando se recortan recursos en atención específica á sanidade das mulleres. Hai cargas insostibles aos profesionais, falta de pediatras, falta de atención adecuada aos anciáns, ás persoas excluídas etc.

Pero, ademais, hai unha segunda cuestión relacionada con toda esta exclusión sanitaria que están vostedes ocasionando, que é tamén o recorte de dereitos á liberdade de expresión relacionada co propio ámbito sanitario en dous ámbitos, no parlamentario e no exercicio cívico dos dereitos cidadáns.

No ámbito parlamentario queixábase vostede de que a oposición non acuda ao Parlamento a esa comisión que nós pedimos e non imos. E non imos por unha razón: porque vostedes vetaron de forma maliciosa a comparecencia de xente que era esencial para saber o que estaba pasando coa sanidade pública. Vetaron vostedes as vítimas dos seus recortes, vetaron vostedes os familiares da persoa falecida do PAC da Estrada; unha situación de maltrato e de denegación maliciosa de asistencia que non se produce, por exemplo, noutras comisións de investigación, como a do Alvia. ¿Por que aquí si? Explíqueo, señor presidente. Vetouse tamén os responsables das políticas que causaron sufrimento no caso da hepatitis C, no caso dos responsables administrativos e políticos que están neste momento procesados por prevaricación administrativa e por homicidio imprudente. Poden dicir vostedes que non porque están procesados. Pero permitiron e alentaron que compareceran persoas que tamén están procesadas na Comisión do Marisquiño. Nesa si compareceron co consentimento e coa petición de vostedes.



Vostedes vetaron tamén nesta comisión profesionais que tiñan moito que dicir dos PAC en pé de guerra, que podían dar fe do que estaba pasando nas urxencias e nos puntos de atención continuada. Por certo, algúns deles puxeron en coñecemento da Fiscalía a morte indigna de persoas nos corredores dunhas urxencias absolutamente saturadas.

Por se isto fose pouco, tamén é unha política de recortes de liberdades públicas a que vos-
tedes levan dispensado en relación coa folga dos propios profesionais sanitarios. E así se suceden as condenas pola súa actitude maliciosa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...no 061, no persoal do 061, no persoal de urxencias en Ourense.

Este comportamento nós entendemos que é o que xustifica que o Partido Popular se encontre cómodo parabenizando un tridente malicioso que neste momento asoma por Andalucía e que aguilloa as liberdades públicas, os dereitos das mulleres e mesmo cuestiona o autogoberno de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente.

Acabamos de escoitar unha terceira pregunta sumada a outras dúas.

Mire, non sei exactamente que é o que teño que contestar, porque..., comisión de investigación, incomparecencia das Mareas, pregunta do PSOE e BNG que acabo de contestar na súa totalidade...

Insiste vostede nos recortes, nos recortes de dereitos á cidadanía. E eu preguntome: ¿a que recortes se refire, señor Villares? ¿Refírese vostede aos recortes dos dereitos de representación e dos dereitos electorais que temos todos os cidadáns? ¿Refírese vostede aos recortes ao dereito que ten o cidadán a estar nun partido político? ¿Refírese vostede ao dereito que ten un cidadán, cando está nun partido político, a exercer libremente o seu voto? ¿Refírese vostede a iso, quizais? ¿Refírese vostede a isto dos recortes en Galicia? Pois, señor Villares, non vou entrar nas liortas internas das Mareas de Podemos, pero saberá que os dereitos que se recortan son na súa organización, señor Villares. Porque na Xunta de Galicia, lonxe de recortar dereitos, ampliámoslos. Eu podería dicir aquí que o alcalde de Santiago recorta a renda social e as axudas ás mulleres porque non executa o presuposto. Podería dicir aquí que na Coruña se recortan os dereitos de todos os cidadáns á libre competencia, á publicidade e á concorrência, porque a maioría dos contratos se dan a dedo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, chámoo á orde tamén.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E podería dicir que en Ferrol se recortan os dereitos dos cidadáns porque levamos tres anos e medio e en Ferrol o investimento do Concello son 3,9 millóns de euros en catro anos.

Eu podería falar de todos eses recortes. ¿Sabe o que pasa, señor Villares? Que non vou entrar na trampa, non vou entrar na trampa de falar de como está o seu partido e os seus inimigos políticos dentro do seu partido. Soamente ten que mirar nos escanos que o rodean. O do escano que o rodea quere ir con Bildu e co BNG ás europeas, o do seguinte escano non quere saber nada das Mareas; e os alcaldes das Mareas non queren saber nada de vostede.

Sobre a sanidade, a falta de respecto é constante e continua das Mareas, que nin sequera teñen a ben preguntar pola sanidade, pois énchena outra vez de mentiras. Acabamos de escoitar que se diagnostica tarde por ser muller. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)* E confírmao, efectivamente, moi ben.

Señoría, a eurodeputada de En Marea, cuxa maior achega á sanidade pública foi poñer en dúbida as vacinas, efectivamente, convocou unha conferencia o outro día. A esa conferencia foi unha persoa que se autodenomina presidenta da Plataforma de Defensa da Sanidade Pública de Galicia —por certo, coordinadora das Mareas dunha cidade—, e dixo —leo—: «Os programas de detección precoz do cancro de mama facíanse por intereses das aseguradoras, eran excesivos e poderían ser incluso perigosos». *(Murmurios.)*

Señoría, ¿esta é a política sanitaria das Mareas? Non ás vacinas e non aos *screening* de cancro de mama ou aos *screening* de cervix. ¿Esta é a proposta das Mareas? As propostas das Mareas son simplemente un disparate, un disparate sanitario polo que deberían vostedes quedar inhabilitados para falar da sanidade pública durante algún tempo.

Pero vostedes volven insistir noutra mentira, a de que morre xente nos pasillos nas urxencias do Hospital de Santiago. E, ademais, non só vostedes, senón todos os da oposición. Está perdida aquí a comparecencia. Mire, señoría, ¿por que menten tanto, sen límite, sen ningún tipo de complexo? Menten, utilizando a dor da xente, utilizando incluso unha morte para intentar sacar un rédito político.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Un dos pacientes morreu nunha UCI e outro dos pacientes morreu nun box de urxencias perfectamente atendido. Señorías, lamento profundamente o que se está dicindo aquí.

Déixeme, señor presidente, soamente ler un parágrafo do que di a Sociedade Española de Urxencias: «*Lo que nos parece inaceptable es decir que los pacientes se mueren en nuestro servicio sin ser atendidos o porque no son atendidos. Es una ofensa grave a los profesionales*».

Señor Villares...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...créame que a sanidade pública funciona moitísimo mellor que as Mareas de Podemos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Núñez, non nos revela nada novo que a vostede lle gustaría inhabilitarnos como oposición para que non puidésemos denunciar as súas tropelías. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Non é nada novo.

Pero, mire, aquí os únicos inhabilitados para a política foron aqueles condenados do seu goberno na operación «Campión», o director e subdirector do Igape, e compañeiros seus tamén desta bancada no Parlamento galego, precisamente por prevaricación, por tráfico de influencias e por malversación de caudais públicos durante o seu goberno, señor Núñez. Son os únicos inhabilitados para a política por un tribunal. *(Murmurios.)*

Mire, cando se pregunta polos recortes, teña un pouco de respecto pola pregunta e contéstea, porque foi bastante clara. Nos recortes de dereitos na sanidade hai dous exemplos claros que foron os que motivaron esa comisión de investigación. ¿Ou é que a vostede non lle parece un recorte que unha persoa chegue a urxencias na Estrada, nun punto de atención continuada, nun servizo de urxencias, e morra despois dunha hora e cuarto sen ser atendido por un médico, porque non había médico? Por certo, con infracción da propia normativa legal da Consellería de Sanidade, que obrigaba a ter dous equipos sanitarios. *(Aplausos.)* ¿É ou non é iso un recorte? A nós parécenos que si. A vostede igual non llo parece pero a nós parécenos que si. ¿É ou non é un recorte que morrese media ducia de persoas de hepatite C cando había medicamentos para elas dispoñibles nas farmacias e non foron dispensados por razóns contables e non por razóns médicas? ¿É ou non é un recorte iso? Non era un problema do estado da técnica, non era un problema do estado da medicina, era un problema económico para que a vostedes lles cadrasen ben as contas. E vostedes, a cambio dos números, deixaron pasar as persoas. Para nós iso é un recorte. Para vostede igual non o é.

Mire, un terceiro exemplo de recortes, neste caso de liberdades... E xa se ve que lle ocasionou certo rubor o tema que dixemos da atención sanitaria das mulleres, porque a vostedes a atención das mulleres impórtalles máis ben pouco. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Por esa razón, si, si, por esa razón, señorías, cando se convocou o ano pasado a folga feminista do 8 de marzo, a Xunta estableceu uns servizos mínimos absolutamente abusivos... *(Fortes murmurios.) (Prónúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que deron lugar a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que di o seguinte, entre outras cousas: «A imposición de costas á admi-



nistración demandada e sen fixar un límite cuantitativo» —é dicir, por temeridade, que é como di a lei que é este tipo de condenas— «vén xustificada non só porque a estimación do recurso acada a maior parte dos argumentos impugnatorios expresados nos escritos da demanda, senón tamén polas razóns expostas na sentenza» E sigo lendo literalmente a sentenza: «Nesta sentenza exprésase un rotundo rexeitamento do comportamento malicioso da Administración, actuando cun retraso inxustificado á hora de publicar o decreto de fixación de servizos mínimos, e do comportamento tamén malicioso á hora de fixar os servizos mínimos nalgúns ámbitos da actividade administrativa». Isto é o que lles importan os dereitos das mulleres, unha conduta maliciosa para evitar que exerzan os seus dereitos.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, ¡señora Prado! ¡Chámoa á orde, chámoa á orde! *(Fortes murmurios.)* Chameina á orde, señora Prado.

Peche desta pregunta por parte do señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, dáme a sensación de que o seu nerviosismo lle impide simplemente atender e entender o que se di. ¡Se eu non teño ningún interese en inhabilitalo a vostede! O problema é que todos os que o rodean queren inhabilitalo. *(Murmurios.)* Non, non entendeu a proposta, non a entendeu. Xa sei que, cando vostede ten algún problema, non deixa votar. *(Risos.)* Ou, cando ten un problema e vai perdendo, suspende a votación. Esa é unha técnica perfectamente comprensible na súa ideoloxía, pero lamentablemente tamén vai ser incomprendible na súa biografía. Outra vez máis a técnica da mentira e do desprestixio: «*Ejemplificar en un caso concreto, por moi funestas que fueran sus consecuencias, la política de recortes no es justo ni razonable desde el punto de vista del conocimiento científico, al que nos debemos los médicos*» —presidente do Colexio de Médicos de Galicia na comisión de investigación á que vostedes non asistiron—. *(Murmurios.)*

Esa fin de semana da que vostede fala, a da Estrada, os médicos, o persoal dos PAC en Galicia, atenderon 14.000 urxencias; os hospitais, 5.354 urxencias hospitalarias; fixemos 150 intervencións cirúrxicas e 4.500 probas diagnósticas. E vostede fala dun recorte na Estrada. É vostede un deputado que aínda non se deu conta da responsabilidade que ten.

Señoría, no caso da hepatite C, 130 millóns de euros investidos na hepatite C. Conseguimos tratar 7.800 afectados pola hepatite C. Somos a segunda comunidade autónoma con máis investimento en hepatite C, e con maior número de pacientes atendidos. E vostede vén aquí outra vez a calumniar sobre a hepatite C. Quedou acreditado que ninguén quedou sen atender pola hepatite C. ¡Se nin sequera sabe o que é unha farmacia! ¡Se os medicamentos da hepatite C non se expiden nas farmacias! *(Risos.)* ¡Pero se o que ten que facer vostede é, polo menos, documentarse, documentarse minimamente, señor Villares! Porque, se non, di barbaridades como a que acabamos de escoitar, a de que os pediatras en atención primaria distinguen se é un neno ou unha nena, e que, se é unha nena, atenden peor; que os médicos de familia en atención primaria distinguen se é unha muller ou un home, e, se é unha muller, atenden peor; que os xinecólogos non sei para que os temos, dado que as mulleres non as atendemos; e que os radiólogos, se teñen que



facer unha resonancia nuclear magnética a unha muller, a atenden como de segunda categoría. ¡Pero que disparte continuado e continuo! ¿É que non ten límite esta proposta, señorías?

Mire, convén poñer as cousas no contexto. A súa portavoz en sanidade compareceu nesta tribuna, aí no centro, cunha camiseta, e leo: «*Chávez te lo juro, voto por Maduro*». ¡Como se pode defender a sanidade pública en Galicia e simultaneamente defender o réxime chavista, señor Villares! ¡E como alguén que defende o réxime chavista di, ao tempo, que hai recortes nos servizos sociais en Galicia e na sanidade pública! O único dereito social que hai en Venezuela é o dereito á miseria, señorías. Por iso nós nunca imos compartir as súas políticas sanitarias, porque as súas políticas sanitarias bolivarianas non teñen nada que ver coas políticas dun pobo libre e democrático que vota, que respecta o Parlamento e que respecta o Goberno da comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, afortunadamente Galicia non funciona nin como o réxime chavista de Venezuela nin como as Mareas de Podemos, pódollo asegurar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se Galicia fose gobernada como están sendo gobernadas as cidades das Mareas de Podemos, non habería política social, porque simplemente a política social é un mero discurso. Aquí non, señoría, a política social é o noso primeiro compromiso. E pódolle asegurar que, se de algo me sinto orgulloso e se sente orgulloso o Goberno e este grupo parlamentario, é de que durante a peor crise económica tivemos máis prestacións sociais ca nunca. E iso, lamentablemente, ao réxime chavista moléstalle; e, por suposto, aos seus aliados.

Señorías, un pouco de respecto polas mulleres de Galicia, un pouco de respecto por todas as mulleres, que son a maioría das que prestan asistencia sanitaria no Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)* Un pouco de respecto, señorías, polas mulleres profesionais da sanidade pública.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón, señor Leiceaga, vou ler unha declaración institucional, creo que o avisaron.

Declaración institucional sobre a memoria do Holocausto

O señor PRESIDENTE: Imos ler unha declaración institucional que acordaron todos os grupos. E de verdade que os felicito por acadar este acordo. A declaración que vou ler é unha declaración sobre o Holocausto, e di así:

«O 1 de novembro de 2005, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa cuadrexésima segunda sesión plenaria, reafirmou que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo



do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreran asasinadas, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, do fanatismo, do racismo e dos prexuízos. Tamén decidiu designar o 27 de xaneiro como día internacional de conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegas e galegos.

O Holocausto é o resultado dun programa de persecución, encarceramento e exterminio, levado a cabo polo nazismo, que asasinou máis de seis millóns de persoas. Tivo a súa orixe no intento de eliminación da disidencia política e ideolóxica e derivou nun xenocidio, que contou coa colaboración da ditadura franquista e que perseguíu miles de homes e mulleres que fuxiron do Estado español despois da derrota da República en 1939 e tras a instauración dun réxime fascista.

En particular, este Parlamento quere lembrar os máis de dez mil republicanos españois que terminaron deportados nos campos nazis pola colaboración do ditador Francisco Franco co nazismo alemán e o fascismo italiano. Segundo algunhas fontes historiográficas, preto de douscentos deles foron liberados, pero nunca puideron regresar porque a ditadura franquista, que lles retirara previamente a nacionalidade, negoulles o dereito a regresaren aos seus países de orixe.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia fai súa a declaración da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na que se rexeitou toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito histórico, e condenou sen reservas —condena que tamén este Parlamento fai súa— todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

O Parlamento de Galicia constata, coa Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinan actos de barbarie aldraxantes para a conciencia humana. O Parlamento de Galicia, un ano máis, e de acordo coa letra e o espírito da declaración do 1 de novembro de 2005 da cuadrexésima segunda sesión plenaria da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, chama a Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia, antisemitismo ou outras discriminacións baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, e os cidadáns e as súas organizacións a permaneceren vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida asentarse entre nós nin en ningún lugar do mundo.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019».

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)

Continuamos agora coa orde do día, co punto 4, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do propio grupo, e hai emendas tamén do Grupo Parlamentario dos Socialistas e do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-002048, doc. núm. 28375).

Emenda de adición

Débase engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“1 bis. Abrir de inmediato unha canle de negociación co Comité de Folga, dedicado a atender as demandas da situación actual, e que se centre como obxectivos principais en:

- a) Resolver os problemas de falta de profesionais.*
- b) Avaliación da necesidade dun novo Plan Funcional.*
- c) Acordar criterios obxectivos sobre as necesidades de recursos humanos e materiais a medio e longo prazo.*

1 ter. Elaborar un informe sobre as denuncias presentadas ante Fiscalía en relación aos problemas derivados da saturación do servizo de urxencias nos últimos seis meses. Este informe conterá explicacións detalladas sobre a avaliación e resposta ofrecida pola dirección do centro ás notificacións de problemas no servizo remitidas polos profesionais.)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. 28375 (10/PNP-002048)

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar e axilizar, na medida do posible, o proceso de negociación cos traballadores do servizo de urxencias que permita chegar pronto a un acordo”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. Doc. núm. 28375 [10/PNP-002048]

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“En concreto:

—Atender a táboa reivindicativa para mellorar o servizo de urxencias de adultos trasladada desde a Comisión de Centro de atención especializada o 31 de outubro:



—Elaboración dun Plan Funcional negociado coa Comisión de Centro e acordado co equipo multidisciplinar, adaptado á realidade asistencial e que contemple a utilización do 100% do espazo na área de urxencias con dotación de persoal de maneira estábel.

—Creación dun grupo de traballo de avaliación continua.

—Dotación do número de profesionais en cada categoría que demandan para a cobertura que se precisa.

—Zona dedicada a observación de doentes con patoloxías leves e/ou non se prevea que non necesitan asistencia especializada.

—Priorización das interconsultas que se xeran en urxencias.

—Cumprimento dos requirimentos de inspección de traballo que seguen sen aplicarse: vías de evacuación estean despexadas, non se empreguen como almacén de doentes.

—Substitución do 100% das ausencias.

—Reposición do material deteriorado/obsoleto/descatalogado.

—Elaboración de protocolos para a asistencia de doentes pendentes de ingresos.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Antes de máis nada quería saudar as profesionais e o profesional dos servizos de urxencias do CHUS que nos acompañan desde a tribuna, e que supoño que estarán un pouco abraidas, despois do debate que acaban de escoitar, no que, á parte de escoitar como se descualificou por parte do presidente da Xunta os profesionais que están a denunciar a situación da sanidade pública, pois escoitarían como a sanidade en Galiza é boa e a oposición é mala. Mais os galegos e as galegas, e os profesionais, o que están é mobilizándose en contra das políticas sanitarias do Partido Popular. De momento non se están mobilizando en contra da oposición. É o que estamos a ver (*Aplausos.*)

Tamén coído que puideron ver que, cando o sabio sinala a lúa, o necio mira para o dedo. E os galegos e galegas, e os profesionais, están sinalando a situación dramática na que está a sanidade pública. Os profesionais do CHUS levan non días nin meses, senón anos denunciando cal é a situación do Servizo de Urxencias do CHUS e pedindo solucións. E vemos como o presidente da Xunta destina todos eses esforzos a vilipendiar o dedo. Quere que se corte o dedo que sinala o problema, na vez de solucionar a situación, na vez de mirar para a lúa, que é o problema. Non, pon os seus esforzos en que se corte o dedo, que é o que está sinalando o problema.

Estiveron aquí representantes dos traballadores e traballadoras en varias ocasións. E vou facer referencia ao mes de abril, no que —xa digo— despois de anos denunciando a situa-



ción, pedindo solucións, se encontraron con que teoricamente se tomaba nota por parte da dirección do centro, por parte da xerencia. Mais, despois de tomar nota, de dicir que si, que había un problema, nunca chegaron as solucións. Fartos desta situación, puxéronse en contacto cos grupos parlamentarios con representación neste Parlamento para que nos fixeramos eco da situación a prol de que se resolvera.

Trouxemos xa as súas demandas a este Parlamento, e fixémonos eco da súa situación. Trasládamos aquí as iniciativas, viñeron a este Parlamento e encontráronse con que tampouco foron escoitados. E encontráronse coa displicencia absoluta por parte dos deputados e deputadas do Partido Popular, que votaron en contra das iniciativas que demandaban solución aos seus problemas, diante desas iniciativas que evidenciaban a falta de recursos, a falta de persoal, a falta de medios, e que demandaban solución a esa situación; e coa displicencia absoluta por parte do conselleiro, que, máis alá de facer un relato de cal era a situación das urxencias, de cantos profesionais había, das ratios, o que veu dicir despois é que a demanda asistencial require un reforzo segundo as necesidades concretas —é dicir, que, como moito, se aviña a que se fixera algún reforzo de vez en cando— e que, nos días seguintes, seguirían valorando, que hai unha xerente no hospital que ten reunións frecuentes cos traballadores, cos representantes sindicais, que seguirían avaliando as necesidades —como digo— non só mes a mes senón día a día, semana a semana, dotando o que considerasen en cada momento necesario neste e en calquera dos outros hospitais. É dicir, ningunha resposta aos problemas que plantexaban os traballadores e traballadoras.

Pois diante desta situación, diante da desesperación de estar nun servizo de urxencias onde a situación xa non era preocupante senón que se estaba convertendo en dramática, onde a aquela altura, hai meses, denunciabamos a situación de colapsos permanentes, onde xa denunciáramos que había denuncias en Fiscalía pola situación de doentes que se deterioraban nos servizos de urxencias, e que, froito desa deterioración, logo, efectivamente, igual non morrían nos corredores pero si morrían nos cubículos froito da deterioración que sufrían nos corredores sen atender. Denunciamos toda esa situación, que non foi escoitada por parte do Goberno galego, por parte dos deputados e deputadas do Partido Popular. E decidiron dar un paso máis e ir á folga.

Esta semana están na súa duodécima semana de folga. O 12 de novembro iniciaron unha folga. E eu teño que denunciar aquí que obrigan os profesionais a chegar a situacións límite para obter solucións; que levan meses creando crispación entre o persoal, e que non quixeron atender as súas demandas de falta de persoal, de falta de recursos e de falta de profesionais. Non escoitou as súas demandas a xerencia, non escoitaron as demandas aquí no Parlamento. Os grupos parlamentarios, o BNG, fixéronse eco das súas demandas. E non quixeron que puideran vir explicar a súa situación na comisión oficial de investigación, porque foron dos vetados, os que o Partido Popular non quixo que fixeran parte desas persoas que viñeran comparecer á comisión de investigación. Pero os grupos da oposición si que os escoitamos aquí en sede parlamentaria, na comisión real, onde se escoitan os problemas reais da sanidade pública de Galiza. E si viñeron representantes dos servizos de urxencias do CHUS falar neste Parlamento de cal era a situación real da sanidade.

Dixéronnos que as urxencias do CHUS eran un almacén de doentes, onde nada debe agardar mais todo acaba agardando porque non dan resolto; onde faltan camas, hai permanencia de



doentes de ata 48 horas, onde falta persoal, onde hai masificación e onde hai colapsos, onde non poden aguantar o ritmo excepcional permanentemente, onde hai un 20 % de baixas en enfermería e un 19 % en auxiliares. Dixéronnos que hai aumento de risco de cometer erros, o que dificulta as relacións entre traballadores e traballadoras, o que fai aumentar o clima de hipertensión continua entre eles, que teñen que pasar por riba de cuestións tan básicas como a intimidación dos doentes; que a consigna continua é priorizar e apurar continuamente; que teñen que facer entrevistas clínicas nos corredores; que non piden sempre o consentimento informado, por ese apuro continuo no que os fan traballar; que a prevención de riscos é ciencia ficción a maioría das veces; que os dereitos como traballadores son pisoteados sistematicamente; que as queixas e suxestións non son escoitadas polos seus superiores, cando ten que ser así; que a precariedade no servizo é evidente porque o 46 % do cadro de persoal non ten praza fixa; que hai problemas estruturais e de medios; que respecto da dimensión de urxencias do CHUS foi aumentando a demanda e non se foi dimensionando en consecuencia; que hai material obsoleto; que hai monitores e respiradores que fallan; que a burocracia é desmedida; que hai un ano que levan pedindo solución dun xeito máis intenso e que non son escoitados, e que por esa cuestión levan en folga doce semanas; que nunca se pasou das boas intencións e que demandan persoal, demandan medios, demandan un plan organizativo que permita prestar unha mellor asistencia.

E denunciaron aquí en sede parlamentaria —está gravado—, efectivamente, que hai doentes que se deterioran nos corredores por falta de asistencia, por non poder pasalos a cubículos onde poidan ser explorados e poder determinar que tipo de atención teñen que recibir, e que, por consecuencia desa deterioración, falecen. Iso está gravado, iso está denunciado en Fiscalía. E diante desa situación, na vez de escoitar, na vez de facer caso, na vez de atender as demandas, na vez de dar solucións, aquí o que se pretende é vilipendiar e non escoitar a quen denuncia a situación, preténdese que non se saiba a situación.

Pero o grave non é que se saiba o que está pasando, o grave é que estea pasando. O grave non é que se saiba, señores e señoras deputados do Partido Popular, o grave é que está pasando, iso é o grave. (*Aplausos.*)

E ¿como se chama saber o que está pasando, saber o que está acontecendo, e non actuar; saber que está en xogo a saúde e a vida das persoas e non actuar, e pretender que se oculte o que está acontecendo? Dende logo, como mínimo, é negligencia; como mínimo é irresponsabilidade. E, como mínimo, diante diso, saber o que está pasando e non escoitar os traballadores e traballadoras, chámase ser cómplices. E os traballadores e traballadoras lévanlles dicindo hai moito tempo que non van seguir calados e caladas, porque o silencio fainos cómplices e non están dispostas a seguir sendo cómplices co seu silencio.

Por iso o BNG trouxo aquí iniciativas. Trae hoxe aquí unha iniciativa que é, nin máis nin menos, a súa táboa reivindicativa, que os escoiten e que acepten a táboa reivindicativa, que é a elaboración dun plan funcional; a creación de grupos de traballo; a dotación do número de profesionais en cada categoría co número necesario, non para un parche, non para reforzos, senón para ir solucionando o problema...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PRADO CORES: ...dun xeito permanente, non cando están coa auga ata o pescozo senón dun xeito permanente e que lles permita traballar cun mínimo de condicións normais e atender cun pouco de dignidade os doentes que chegan; e reposición de materiais, coa substitución do cen por cento.

Porque a proba —remato, señor presidente— de que están traballando nunhas condicións de mínimos é que, en situación de folga, os mínimos son o cen por cento do persoal. É dicir, iso é unha proba de que é máis que insuficiente o persoal que está traballando.

Eu agardo que o Partido Popular sexa quen de rectificar e de votar hoxe a favor da iniciativa que presenta o BNG, que non é outra que a táboa reivindicativa do persoal do Servizo de Urgencias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero saudar os traballadores e traballadoras que están hoxe aquí e que tiveron que observar o señor presidente falando de ridículo. ¿Como foi?, ¿comisión bolivariana, dixo? Si, eu entendín que había un certo problema coa denominación dalgunhas xuntanzas que se fan: «comisión ilegal», «comisión bolivariana»... Igual o PP en realidade o que prefería era que lle chamáramos «comisión en B». (*Aplausos.*) Pero entón encherían a sala e virían todos preguntar. (*Aplausos.*) Claro, ese sería máis ben o problema. Se o problema é o nome, tampouco sería problema.

Falouse aquí de ridículo. Xa que estamos falando da situación das urxencias do CHUS, por poñer un dato obxectivo, o día que había profesionais denunciando en Fiscalía que morreran pacientes no CHUS —probablemente por algunha causa de saturación, que os profesionais atenderon todo o posible pero que ás veces se senten desbordados pola ineficacia que teñen os dirixentes á hora de dotar de recursos—, o mesmo día que se denunciaba iso en Fiscalía, o conselleiro falaba, nesa comisión do PP, de vacinas. O mesmo día que existían folgas nos PAC, falaba de programa vacinal infantil —que está moi ben pero igual era máis urxente falar doutra cousa—. Cando falou aquí neste Parlamento do que ocorreu no PAC da Estrada, pecháronse as portas con chave —a primeira vez que ocorre en moitísimo tempo—. É certo que alguén fixo o ridículo, pero é bastante probable que quen fixo o ridículo é o mesmo que se quere agochar e non comparece, que di que os profesionais son necios. Por certo, estanlles chamando necios aos profesionais, con esas letras: «necios».

Así que cando falen de ridículo lembren —se queren defender a sanidade pública— que cando a sanidade pública neste país se promoveu —o que se fai coas leis— vostedes votaron en contra (*Aplausos.*); que, cando os profesionais saen á rúa, vostedes lles din que saen á rúa porque levan bocadillos e autobuses. (*Aplausos.*) Cando vostedes din que se fai o ridículo na sanidade pública lembren que hai profesionais preocupándose de como se atende os pacien-



tes, e vostedes soben aquí dar datos que contradín os seus propios datos, pero enchen a boca falando de que a culpa é sempre doutro. Cando falen de ridículo mírense un pouco no espello, que é moito máis fácil para saber quen está facendo o ridículo.

Hai unha situación na que... Verán, a xente non fai folga por deporte, non é que se levanten pola mañá e teñan ganas de facer folga. Os profesionais de urxencias do CHUS levan moitísimas semanas facendo unha folga na que o único que están conseguindo é perder dereitos, porque están renunciando a dereitos, non a nada da atención, que está perfectamente cuberta ata onde o corpo humano dá — e ás veces algo máis—. Están perdendo dereitos unicamente por reivindicar o que merecen. E vostedes, cando miran a un colectivo perder dereitos por vontade propia, chámamlles necios, insúltanos. E vostedes logo ¿din defender a sanidade pública, a que están insultando permanentemente?

O que ocorreu aquí recentemente neste sistema sanitario, co que ocorre nas urxencias do CHUS e as denuncias que se presentaron, foi verdadeiramente lamentable. Eu nunca vira —de verdade— un goberno, cando hai unha acusación, unha dúbida ou un problema tan grave, saír furibundamente contra os profesionais que o denuncian. Porque o ridículo é pensar que é moito mellor resolver os problemas dos medios de comunicación e saír ben nas fotos que resolver o problema que pasa na situación da sanidade. E, dígolles unha cousa, se a vostedes o que lles preocupa son as fotos, teñan coidado con quen os lidera. Porque o seu líder ten un problema histórico coas fotos. *(Aplausos.)* ¡Ten un problema histórico coas fotos! *(Aplausos.)* ¡Teñan coidado coas fotos! *(Aplausos.)* Ademais —e vanme permitir o chascarrillo— de vir a esa comisión do Partido Popular comparecer e que lle fixeran a ola e apartaran a todo o mundo para que comparecera no medio, ¡no medio!, non a un lado. Debe ser porque non querían nin poñer a foto ao lado. Faltoulle comparecer por plasma. ¡Non me falen de ridículo! Que ata dá un pouco de broma que lle cambiaran a silla onde tiña que... Porque é o presidente, ¡claro! Faltoulles tirar pétalos de rosa cando entraba.

Pero, en fin, este é o modelo que vostedes teñen: profesionais dignificando a súa profesión, defendendo a súa profesión, renunciando a dereitos por defender o seu traballo, solicitando con propostas moi sensatas as melloras dos servizos, e vostedes insultándoos e vindo aquí defender que este modelo é moi bo porque o din os ránkings. E, por certo, lémbrolles que o primeiro país do mundo nos ránkings que a vostedes lles gustan é Camerún. Nós non queremos o modelo sanitario de Camerún, non. Nin sequera queremos o presidente de Camerún, que ten 85 anos. Ese señor creo que era moito mellor que fora dando paso a outra xente. Probablemente é que a Feijóo lle gustan os modelos de Camerún para a sanidade, ou de Hong Kong. Nós queremos un modelo sanitario eficiente como o que se promoveu coas leis de sanidade pública —ás que vostedes votaron en contra— e o que promoven os profesionais —aos que vostedes insultan—. Por certo, fáganlles caso aos profesionais porque me temo que en Santiago lle están facendo vostedes caso a alguén que ten bastante que ocultar e moi pouco que resolver. E iso non resolve nada na sanidade pública. Deixen de buscar as fotos e resolvan algún problema.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Escoiten os profesionais, por favor.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Saúdo tamén os compañeiros profesionais das urxencias do CHUS.

Eu quero comezar a miña intervención facendo unha reflexión. Señores da oposición, non todo vale. Non podemos vir aquí ao Parlamento vertendo acusacións, faltando á verdade, alarmando e insultado de forma continuada. Os galegos e galegas non merecen este espectáculo. Elixíronnos para que os representáramos na Cámara e tratáramos de arranxar problemas, chegar a acordos, solucionar situacións. Cuestionar e criticar, si, claro que si, evidentemente; pero de maneira construtiva, non botando leña ao lume, que é o que parece que ocorre en demasiadas ocasións. Apelo á responsabilidade de todos os grupos políticos. Estamos ante un problema preocupante que todos esperamos e desexamos que se resolva coa maior brevidade posible: unha folga que se mantén xa desde hai demasiadas semanas, estamos na duodécima, no Servizo de Urxencias do CHUS, un servizo dun hospital de referencia para moitas xeracións de galegos que mantén un alto grao de prestixio e que recibe todos os anos premios pola súa eficiencia —non o di o Partido Popular, dío a prensa—, recibe montóns de premios todos os anos.

Non perdamos a perspectiva —é importante— de que temos unha sanidade excelente, cunha cobertura universal, da que todos os galegos nos debemos sentir orgullosos. Eu, polo menos, así me sinto.

Sabemos que se fixeron varias propostas por parte da súa xerencia para acadar un acordo cos traballadores coa finalidade de mellorar as condicións laborais dos profesionais, incrementar o cadro de persoal e aportar unha solución adaptada ás diferentes demandas da atención aos doentes. Non as vou ler porque se debateu xa, tanto aquí como na comisión. Onte mesmo escoitabamos e liamos a noticia de que a última proposta que se fixo por parte do Sergas era valorada de maneira positiva polos traballadores, e parece que no día de hoxe están mantendo unha reunión. Nós esperamos e desexamos que no día de hoxe se chegue a ese tan esperado acordo entre a Xerencia e os traballadores, porque isto vains beneficiar a todos.

Acordos, negociacións e vontade por parte da Xunta de Galicia e do Sergas non faltan. Hai algúns históricos, como o acordo con todos os sindicatos con representación na mesa sindical para poñer en marcha os incrementos retributivos da carreira profesional, que dende este mesmo mes de xaneiro xa están nas nóminas de todos os profesionais. E, a maiores, este convenio permitirá por primeira vez que os interinos accedan tamén a este recoñecemento. Tamén o acordo asinado hai uns días entre a Consellería de Sanidade e os represen-



tantes dos sindicatos na mesa sectorial sobre o contrato estable para médicos de primaria e pediatras é unha mostra máis da actitude negociadora por parte do Sergas.

Xa se comentou noutras ocasións —e xa se debateu moito este tema— que os servizos de urxencias non contan con actividade programada e que teñen unha gran variabilidade de carga de traballo nas diferentes épocas do ano. Por dicir unha nota —e non vou dar máis datos sobre o número de profesionais por quenda nin da estrutura nin do equipamento, e todos escoitamos hai uns minutos o presidente da Xunta, que contestou de forma clara e contundente esta mañá a pregunta sobre a sanidade galega—, só direi que 154.763 doentes foron atendidos no ano 2017 nas urxencias do CHUS. Pero hai datos que interesa deixar claros e son importantes. Se a demanda de atención é moi alta, refórzase con máis persoal, de acordo coas necesidades. Tamén é importante dicir que o persoal de profesionais ten unha dimensión adecuada para atender a demanda. E repito —porque é importante sabelo e telo en conta— que sempre que a demanda de atención é moi alta se reforza con máis persoal, de acordo coas necesidades. Hai que contar toda a verdade. A espera media cumpre perfectamente os estándares establecidos polo sistema de selección de Manchester en función do nivel de urxencia asignado.

Non se pode alarmar. Neste e noutros procesos relacionados coa sanidade vértense moitos ríos de tinta con inexactitudes, sen criterio, que poñen en dúbida e cuestionan a sanidade que temos. E isto é unha falta de responsabilidade por parte de quen fai este tipo de declaracións. Tal é así que esta mesma semana a Semes, a Sociedade Española de Urxencias e Emerxencias, sacou un comunicado que convido a todos a ler. O presidente xa dixo algo, pero vou ler outro texto: «*Nuestros servicios tienen, además, unos criterios de funcionamiento priorizando los pacientes con patologías más urgentes sobre las banales. No todo vale en la guerra mediática. Queremos transmitir un mensaje de tranquilidad a la población. A nuestros pacientes les pedimos que usen y utilicen adecuadamente los recursos y atiendan la prioridad en la asistencia. Tengan la certeza de que serán atendidos según su prioridad, y de manera inmediata si esta pudiese condicionar su vida. Ese es nuestro trabajo y nuestro deber en los servicios de urgencia y emergencia*».

Nós somos conscientes de que, aínda tendo unha das mellores sanidades do mundo, debemos optar pola excelencia, e estar alerta para corrixir deficiencias e posibles erros, que en servizos tan dimensionados como o Servizo Galego de Saúde negalos sería unha necidade.

Traemos unha emenda de substitución e esperamos que nola acepten: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar e a axilizar, na medida do posible, o proceso de negociación cos traballadores do Servizo de Urxencias que permita chegar pronto a un acordo».

Nós presentamos esta emenda porque, se algo ten demostrado este grupo e esta consellería...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...é que con quen quere construír e mellorar a nosa sanidade pública sempre estaremos dispostos a falar, a negociar e a chegar a acordos. Fixémolo cos sindicatos, coa carreira profesional e co novo contrato de estabilidade. Facémolo nos grupos de traballo creados polo Sergas para reformar a primaria...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e agardamos poder facelo co comité de folga do CHUS. Agardamos que tamén os grupos da oposición amosen esta disposición ao diálogo construtivo, aínda que ata o de agora non teñan dado mostra diso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Saúdo tamén os traballadores e as traballadoras. E a verdade é que hai unha cousa na que si coincido, señora Amigo, aínda que seguramente por motivos diferentes. Efectivamente, non todo vale. E esta mañá escoitamos aquí unha sarta de descualificacións e de mentiras trasladadas polo presidente da Xunta que vergoña lle debería dar sendo presidente da Xunta de Galicia. Pero xa estamos acostumadas. Iso é precisamente o motivo polo que En Marea non solicitou a comparecencia na comisión de investigación, porque, para o que hai que escoitar, a verdade é que, sinceramente, mellor escoitar os profesionais. E ese foi precisamente o motivo polo que vostedes vetaron os profesionais nas comparecencias das comisións, porque non querían escoitar a verdade.

E voulle lembrar unha cousa. Hai unha sentenza do Tribunal Supremo que indica a obrigatoriedade de pagar a carreira profesional ao persoal interino. E non é unha dádiva nin unha cousa que negociara a Xunta de Galicia, é unha sentenza recente e, polo tanto, deberíano vostedes ter en conta á hora de presumir sobre certos acordos.

Imos ter despois a ocasión, na interpelación, de escoitar o señor conselleiro de Sanidade falando do complexo que é o problema, a estas alturas da situación, das diferentes urxencias, dos puntos de atención continuada, das urxencias do país, pola deterioración e falta de planificación durante quince anos e recortes —si, recortes— durante dez anos. Porque o orzamento leva caendo dez anos, e despois falaremos desta cuestión. E esa é a realidade. Imos escoitalo despois a través do conselleiro de Sanidade.

Pero hoxe, efectivamente, volvemos unha vez máis falar do CHUS, porque desgraciadamente —e estou segura de que os grupos parlamentarios estamos comprometidos a traer esta circunstancia aquí todas as veces que faga falla, señora Amigo— os profesionais levan dous meses e medio de folga, unha folga absolutamente exemplar. Eu hoxe aquí non quero só animalos e saudar a folga, senón trasladar que nos sentimos moi orgullosas e orgullosos dunha folga, de que sosteñan unha folga, de dous meses e medio todas as categorías profesionais dun servizo (*Aplausos.*), unha folga que non é para reivindicar maiores salarios, que non é para reivindicar mellores condicións individuais, senón para mellorar a situación do servizo; polo tanto, unha folga para defender o dereito á saúde de todas as galegas e galegos —neste caso na área de Compostela—. O que non fai o señor presidente, fano os traballadores cando exer-



cen a folga para defender os nosos dereitos. Esa é a realidade. E, polo tanto, eu síntome orgullosa e síntome reflectida tamén nesa pancarta, que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Pausa.)* Algo quere dicir a señora deputada do Partido Popular, pero vese que non ten suficientemente espazo no seu grupo. As pelexas internas é o que teñen. *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Coidado que segue vixente o da boina e o birrete.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Estamos falando de sanidade, que é un tema serio. O outro é unha cousa de broma, ou sexa que... *(Murmurios.)* Vaíamos ao serio, que é a sanidade. E ademais hai invitados.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Efectivamente, pouca broma con isto.

E a señora xerente, que exerce de censora da sanidade pública, retiraba nos últimos días un cartel no que nos sentimos moi identificadas, no que dicían as traballadoras e os traballadores que non están os doentes nos corredores porque exista unha folga, senón que están en folga porque os doentes están nos corredores. A dignidade que lles falta aos destas bancadas, sóbralles aos traballadores do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. *(Aplausos.)*

As folgas si serven, e aínda que a vostedes non lles gusten, porque hai protestas, porque hai folgas, teñen que aguantarse. É o que ten exercer o poder de gobernar. E teñen vostedes que poñer os medios á disposición. Porque o que non pode ser é que, cando sae unha profesional denunciando que falecen persoas nun servizo sen atención, ¡sen atención!, saía toda a cartera mediática do Partido Popular cargando contra esta profesional, cargando contra esta profesional. Esa é a realidade, porque non queren escoitar os profesionais que denuncian ese tipo de penurias, e non para atacar a sanidade pública senón para defender a sanidade pública, para obrígalos a vostedes a que estean mediando para poñer máis medios; que a día de hoxe, por certo, son insuficientes, porque non serve só con poñer algúns reforzos, non serve só con fixar os dous profesionais que teñen contratados mes a mes, senón que teñen que poñer máis medios, máis profesionais para evitar que pase iso, para evitar que volva falecer alguén que non foi atendido no debido tempo.

E, señora Amigo, farfullen vostedes o que queiran nas súas cadeiras. A persoa que faleceu, unha das persoas que faleceu, faleceu porque non foi atendida en tempo, porque estaba cualificada como grave e porque tivo que ser reanimada, despois de empeorar, nun pasillo, señora Amigo —e superando a hora que ten de máximo para ser atendido un paciente cualificado como grave—. Esa é a situación que está denunciada en Fiscalía. Porque vostedes sigan mirando para outro lado e dicindo que non pasa nada non vai mellorar a situación, non só de falta de dignidade para os traballadores e traballadoras da sanidade pública, senón tamén de falta de dignidade na que son atendidas moitas persoas.

Eles están en folga, eles están en folga para defender precisamente eses dereitos nosos. Así que, menos lamentarse e menos falar de excelencia. Fale, polo menos, de dignidade para o persoal no seu traballo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.



Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu quero empezar agradecendo o apoio manifestado por En Marea e polo Partido Socialista a esta iniciativa. Aceptamos a emenda presentada polo Partido Socialista. E eu, a verdade, señora Amigo, señora deputada do Partido Popular, lamento que vostede persista no discurso. Parecía, ao empezar, que ía rectificar, dicindo que ben, que todos estamos aquí por unha solución. Pero logo volven intentar impoñer o relato. Di que está por construír, por mellorar a nosa sanidade pública, con aqueles que estean dispostos a negociar... Non, vostedes só están dispostos con aqueles que lles digan amén ao seu relato, única e exclusivamente. Porque se agora os profesionais do Servizo de Urgencias do CHUS están cunha proposta por parte da Xerencia encima da mesa que se vai aproximando, que se vai aproximando, ás súas demandas, non é pola boa vontade negociadora da Xerencia nin do Sergas —linlle un pequeniño extracto da contestación do conselleiro aquí hai case un ano—, senón porque levan doce semanas en folga, porque non están dispostos a aceptar parches e porque están dispostos a loitar o que faga falta por unha sanidade pública en condicións e para dar unha asistencia digna aos doentes que entren pola porta. E non están dispostas a aceptar a sanidade que vostedes lles están ofrecendo —si, si— por esa situación. Porque despois de que levaran plantexando que era insuficiente, que era indigno, que non podían estar dando o trato que estaban dando, sobre o seu lombo, sobre o lombo dos profesionais, señora Amigo, non poden vostedes sustentar a atención sanitaria.

Neste momento están estudando unha proposta, pero aínda non é a proposta que demandan os traballadores e traballadoras, pois, efectivamente, se están a punto de chegar a un acordo, ¿por que o partido Popular non pode votar a favor de que o Sergas acepte as propostas do Partido Popular?

Miren, parécenos unha burla que o Partido Popular, despois de meses en folga e de anos demandando, poida «continuar a axilizar na medida do posible o proceso de negociación». Continuar a axilizar. Pero, ¿como se atreven a poñer estas cousas? En todo caso, se vostedes tiveran realmente algunha vontade de poñerse do lado dos traballadores e traballadoras por unha vez, poderían dicir: que se axilice a negociación para que se chegue a un acordo e se atendan as demandas dos traballadores e traballadoras. ¿Cústalles tanto dicir que se atendan as demandas dos traballadores e traballadoras porque son xustas? A ver, ¿son capaces de dicilo? Que se atendan as demandas dos traballadores e traballadoras do Servizo de Urgencias do CHUS porque son xustas, porque permiten (*Aplausos.*) prestar unha asistencia sanitaria digna. ¿Non son capaces de dicir demandas xustas dos traballadores e traballadoras? Bueno, pois é algo tan sinxelo coma iso. Entón, se son capaces de facer iso, chegamos a un acordo, a unha transacción...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...a atender demandas que son xustas. Parécenos así de sinxelo. E claro, non sei cantas veces veñen aquí e non son capaces de escoitar pola súa parte, desde a bancada do Partido Popular, dicir: poñémonos do voso lado. É xusto o que reivindicades. Non se pode estar nesta situación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRADO CORES: Rectificar. Rectificar é de sabios, señores e señoras do Partido Popular, rectificar é de sabios. E se neste momento están nesa situación é porque conseguiron, grazas ao seu esforzo, externalizar a situación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que haxa alarma pública, efectivamente, que estea nos medios de comunicación e que a poboación saiba o que están pasando. E vostedes están perdendo a batalla porque ninguén está crendo que non estea pasando nada na sanidade pública, todo o mundo sabe cal é a situación dos doentes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas, señora Prado. Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para favorecer o esclarecemento do accidente ocorrido no marco do festival O Marisquiño na cidade de Vigo

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 34672).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a entregar toda a documentación pendente de entrega ás diferentes comisións de investigación parlamentarias, así como toda aquela información pendente de resposta derivada de preguntas por escrito ou formulacións do artigo 9, ademais de reclamar a entrega da documentación solicitada ás diversas administracións no transcurso das correspondentes comisións de investigación.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 34672).

Emenda de substitución.

«O Parlamento acorda demandar á Presidencia do Parlamento que dea cumprimento ao previsto no artigo 44 do regulamento da Cámara coa finalidade de cumprir o plan de traballo da Comisión de investigación sobre o accidente do Marisquiño, incluíndo o previsto no apartado 2 do citado artigo.»)

O señor PRESIDENTE: Para defender a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pazos.



O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, cando eu decidín hai uns anos, non demasiados, adicarme a isto da política, da cousa pública, supoño que, como todos, tería unha serie de motivacións. As miñas aínda as recordo hoxe: un certo respecto aos cidadáns e ás súas necesidades; un certo respecto tamén polas institucións que nos representan; e tamén porque teño un certo respecto á verdade.

Hoxe traemos aquí unha iniciativa porque creo, sinceramente, que non se están respectando os cidadáns, creo sinceramente que non se están respectando as institucións, nomeadamente este Parlamento, e creo que non se está respectando a verdade en relación coa Comisión de investigación sobre o accidente do Marisquiño.

Porque, señorías, eu creo que non se respectan os cidadáns, os afectados, cando despois de que durante un evento que debería ter licenza municipal o chan se afunde baixo os pés de 467 persoas, o mínimo que se lles pode ofrecer a esas persoas e ao conxunto da cidadanía é unha explicación. E cando se falta a unha obriga tan básica coma esta, creo que se lle está faltando ao respecto aos cidadáns e, de maneira moi especial, aos afectados.

O Concello de Vigo negouse a crear unha comisión de investigación sobre este sinistro. Fíxoo, por certo, argumentando que xa existe unha investigación xudicial, o cal é curioso, porque, ao mesmo tempo, non tivo ningún impedimento para solicitar unha comisión de investigación nesta casa a pesar de que había abertos procesos xudiciais sobre a mesma cuestión que plantexaban nesa comisión. Pero parece ser que para unhas comisións é impedimento e para outras non.

A investigación xudicial, que nós respectamos, evidentemente, vai determinar a existencia ou non de responsabilidades penais. Eu non sei o que vai dicir o xulgado, non sei se dirá que hai responsabilidades penais ou que non hai responsabilidades penais, pero si sei o que non vai dicir o xulgado. O que non vai dicir é que sexa normal o afundimento dunha rúa pública durante un espectáculo público, iso non vai ser normal. E se o xulgado determina que non hai responsabilidades penais, non imos aceptar como normal o que para calquera é evidente que é profundamente anormal. Tampouco o xulgado vai facer aportacións de cara ao futuro sobre como mellorar a lexislación ou o funcionamento das administracións para evitar que cousas coma esta volvan acontecer. Por iso, despois da negativa do Concello de Vigo, neste parlamento determinouse a creación dunha comisión de investigación sobre O Marisquiño, por certo, impulsada polos grupos do BNG e En Marea e creada ao amparo dos informes dos servizos xurídicos desta Cámara.

Desde ese momento —e por iso digo que se lle falta ao respecto a este Parlamento—, as administracións gobernadas por os socialistas están permanentemente boicoteando o normal funcionamento deste parlamento e estase faltando gravemente ao respecto a esta institución; e o que aínda me parece máis grave, todo isto coa conivencia dos deputados do Grupo Socialista, dos deputados desta Cámara.

Eu creo que se falta ao respecto ao Parlamento cando se lle nega lexitimidade para investigar sobre o cumprimento dunha lei aprobada polo propio Parlamento. Resulta que, segundo os



socialistas, o Parlamento pode impulsar e pode aprobar a Lei de espectáculos públicos de Galicia e establecer obrigas para os concellos; podemos legislar a creación dunha área metropolitana en Vigo e que se reúnan eses concellos; podemos legislar a Lei de Administración local de Galicia; podemos incluso preguntar, interesarnos, impulsar fusións municipais..., pero non temos dereito a comprobar que a lexislación se cumpra, porque din que hai que ampararse na autonomía local.

¡Home!, se vostedes o temor que teñen é que nós aquí vaíamos determinar o cesamento do alcalde de Vigo, non teñen que ter ese temor, xa sabemos que non temos esa capacidade. Pero creo que si temos a capacidade de investigar se unha corporación está cumprindo unha lei aprobada —por certo, sen ningún voto en contra— neste Parlamento.

Eu creo que non se respecta o Parlamento cando se lle nega o acceso á documentación, que debería ser de acceso universal para calquera cidadán, en nome dunha lei, a de transparencia, que vostedes invocan moito e practican pouco. Eu creo que non se respecta o Parlamento cando se cuestiona a capacidade da Cámara galega para solicitar comparecencias.

¿Por que se cuestiona só a capacidade da Cámara galega, señorías? Agora tiñamos coñecemento de que a ministra Batet solicitou un informe ao Consejo de Estado para saber se hai obriga por parte dos representantes municipais de acudir a unha comisión do Parlamento, do Parlamento de Galicia, porque parece ser que isto non é óbice para que os responsables municipais comparezan noutros parlamentos.

Permítame que lle faga un relatorio breve e recente. Ano 2017, Asemblea de Madrid, Comisión de investigación sobre a corrupción política do PP na comunidade. Compareceron seis alcaldes e un vicealcalde; catro deses alcaldes compareceron por solicitude do Partido Socialista Obreiro Español. Parlamento de Navarra 2017, Comisión de investigación sobre a planta de biometanización do concello de Ulzama. Compareceron dous exalcaldes, tres exconselleiros, a alcaldesa de Ulzama, o alcalde de Odieta e dous funcionarios municipais de Ulzama; total nove, por solicitude do Grupo Socialista. Corts Valencianes, 2016, Comisión de investigación sobre contaminacións de acuíferos municipais da comarca de la Ribera. Compareceron 34 alcaldes e exalcaldes por petición do Grupo Socialista. Podería seguir: Junta General de Asturias, Asemblea de Murcia...

Señores do Grupo Parlamentario Socialista, ¿por que o Parlamento de Galicia é de peor condición? ¿Por que vostedes nunca se plantexaron solicitar un informe para aclarar todas estas cuestións? ¿Por que practican o cinismo con este descaro.

Parlamento de Galicia, Comisión de investigación sobre o suposto pago de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo, ano 2008. Comparecen o alcalde de Boqueixón, o alcalde de Carballo e o alcalde de Muxía por proposta do Grupo Socialista.

Comisión de investigación sobre os supostos recortes, dos que se fala tanto, da sanidade galega, por proposta do Grupo Socialista. Recórdolles que esta comisión é coetánea coa do Marisquiño. O Grupo Socialista solicita que comparezan o alcalde de Burela, o alcalde de



Monforte, o alcalde do Barco de Valdeorras e o alcalde de Vilagarcía de Arousa. Pero, ¿que pasa?, ¿que só poden comparecer e teñen obriga de comparecer os alcaldes socialistas para poñer a parir a Xunta e non para dar explicacións sobre as manganchadas que están pasando no concello máis grande de Galicia? (*Aplausos.*)

Eu xa sei que pedir respecto en Vigo é complicado. ¿Como se vai respectar dende o Concello de Vigo esta cámara se o seu alcalde é incapaz de respectar o seu Pleno? Hoxe mesmo, o Grupo municipal se levantou do pleno porque en tres anos e medio non conseguiron que o alcalde, que ten a obriga de presidir o pleno, escoitase un só minuto das intervencións da oposición. Pero con ese respecto ao Pleno, ¿como lle imos pedir respecto ao Parlamento? Incluso hoxe é tal o nivel de boicot que tivemos coñecemento de que a Delegación do Goberno de Galicia non traslada as citacións deste parlamento a persoas que si queren comparecer voluntariamente no Parlamento.

Señorías, eu creo que se lle falta ao respecto cando se pretende cuestionar a autonomía da Cámara galega retorcendo de forma espuria, partidista e sen precedentes as capacidades da ministra de solicitar un ditame do Consejo de Estado. ¿Por que este informe ad hoc? ¿Por que non se pregunta sobre a obriga dos administradores locais respecto da comparecencia ante as Cortes Xerais? Non se pregunta. Ou, ¿por que non se pregunta sobre a obriga da Administración autonómica de comparecer nas cámaras xerais? Non se pregunta, non se fai. ¿Por que? Porque isto non é un informe, isto é a operación «*Salvad al soldado Caballero.*» (*Aplausos.*) Non é máis, non é máis. E un empeza a preguntarse que ten que pasar para que compareza un socialista a dar explicacións en Galicia. Vímolos a semana pasada, caso da cunhada da señora Silva. ¿Pero que pasa? ¿Para que un socialista dea explicacións ten que vir ao xulgado ou á Cámara escoltado pola policía? ¿Son incapaces vostedes de practicar esa transparencia que tanto lles exigen aos demais?

¡É vergoñento!, e tan vergoñento é que agora a última é que un goberno do PSOE lle solicita a unha institución presidida por unha exvicepresidenta do PSOE que faga un informe ad hoc para salvarlle a cara a un alcalde do PSOE. ¡Lamentable! Dígollos sinceramente, eu creo que calquera deputado que pase por esta minusvaloración da Cámara debería presentar a súa dimisión de inmediato. Dígollos totalmente en serio.

Non respectan a verdade; isto é o peor, non se está respectando a verdade. Porque para xustificar o boicot ao Parlamento se lles está mentindo aos cidadáns de Vigo: mente o concelleiro de Seguridade, mente o alcalde e menten cando din que cumpriron coa lei ou cando din que facilitaron a documentación ao Grupo Municipal Popular.

Miren, algo conseguimos xa nos avances desta comisión. Afirmación da empresa, do representante da empresa: temos licenza. Pode comprobar vostede no expediente que ten a licenza firmada. A ver quen a firma. Afirmación na réplica, despois de que lle dixeramos que non estaba: témola por silencio administrativo. Afirmación do concelleiro Font en Vigo: non pode ter licenza porque non existe unha licenza global que ampare esta actividade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa.



A empresa: temos e presentamos un seguro de responsabilidade civil. Concello: non consta ningún seguro de responsabilidade civil. Empresa: asegúrolle que presentamos os certificados de montaxe de cada unha das instalacións. Concello: non hai nin un só certificado de montaxe das instalacións.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Empresa: aseguro que presentamos certificados de conexión a Rede Eléctrica. Concello: non consta ningún certificado de conexión a Rede Eléctrica. Asegura o empresario que ten unha sociedade limitada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

O señor PAZOS COUÑAGO: Concello de Vigo: tramita a autorización como unha verbena popular.

Eu, sinceramente, creo que hai demasiadas preguntas que están quedando sen resposta. Pí-dolles que reflexionen, que apoiem as potestades da Cámara que representa a todos os galegos e que defendan esta Cámara dos abusos dun goberno que non lle ten ningún respecto.

Máis nada polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Gustaríame facerlle unha pregunta, señor Pazos, é por curiosidade. ¿Vostede ensaia polas mañás diante do espello, non? *(Risos.)* Porque... ¡claro!

O señor PRESIDENTE: Eu fíxeno, eu fíxeno. Facíao.

O señor BARÁ TORRES: Eu dígoo por aprender, porque, realmente, demostra aquí unha disposición así... de actor. *(Murmurios.) (Risos.)* Máis alá da broma, a min o que me gustaría de verdade é darlles un consello, señoras e señores do Partido Popular. ¡Saian da lameira na que están metidos con este tema! ¡Saian da lameira do oportunismo e da carroñería na que están metidos con este tema! *(Protestas.)* Están dando un espectáculo penoso e lamentábel no Partido Popular. Están utilizando unha traxedia, están utilizando a dor das vítimas, que están pedindo outras cousas, para a confrontación e para o ataque partidista.

Traen aquí unha proposición non de lei desfasada, resesa, en contra do que levan defendendo sempre vostedes. Din: non se debate —e vetan o debate— daqueles temas que están sometidos a comisións de investigación ou a comisións xudiciais. ¿Acórdanse do Alvia, señores do Partido Popular? ¿Acórdanse do Alvia? ¡Claro! A coherencia non vai con vostedes, xa o sabemos. A estas alturas xa estamos cansos de sabelo. O lóxico é deixar avanzar a Comisión



de investigación, e, en todo caso, como fixemos na nosa emenda, que a Presidencia do Parlamento reclame todo aquilo que corresponda atendendo ao artigo 44.2.

Eu comprendo o nerviosismo, a desesperación, do Partido Popular coa que lle está caendo. Coa cantidade de vías de auga que teñen abertas, cos furados que empeza a haber no queixo gruyère, comprendo o nerviosismo e a desesperación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, en Ourense por exemplo, e en máis sitios; na provincia de Pontevedra, por exemplo. Detrás de todo isto está a profunda preocupación porque non lle saen as contas. Estalle saíndo vías de auga por todos os lados, candidaturas por todos os lados, e non lles saen as contas. Preocúpalles moito, por exemplo, a Deputación de Pontevedra, que cada vez a ven máis na distancia, no infinito.

Tamén comprendo a incomodidade do Partido Popular pola tunda que lle deu nas comparecencias da semana pasada, na Comisión de investigación, por exemplo, a Asociación de festivais, a organización do Marisquiño, a Asociación de produtores de espectáculos, que falon, por exemplo, da maraña legal de máis de setenta normas que rexen todo o que ten que ver coa tramitación dun festival. Falon de que o catálogo de espectáculos —este é un gran problema para esta cuestión— está sen actualizar, falon da complexidade e dificultade das contradicións da lexislación, por exemplo, no que se refire á Lei de emprendemento e á Lei de espectáculos.

Mire o que dixo a Asociación de festivais, señor Pazos: Na deficiente redacción da Lei de emprendemento, que introduciu a Lei de espectáculos —dío a Asociación de festivais, non o di o BNG—, non quedan suficientemente aclaradas as tipoloxías de eventos que deben entrar nun procedemento ou noutro: licenza ou declaración responsable.» Por poñer un exemplo.

Tamén puxeron en evidencia, por certo, o déficit de participación na tramitación da lei —e dixéronllo na cara—, que non nos chamaron, non nos consultaron, vetaron as comparecencias pedidas polos grupos da oposición.

Mire, a estas alturas temos claras algunhas cousas. A primeira é a falta de rigor e de credibilidade do Partido Popular, e a súa obsesión, absolutamente patolóxica e enfermiza, co Goberno municipal de Vigo. Non se dan conta de que lle están dando munición cada vez que falan deste tema; e miran para outro lado, curiosamente, cando se trata de responsabilidades doutras administracións, porque vostedes non mencionan para nada nin á Xunta nin ao Porto de Vigo.

Vostedes están actuando movidos polo fanatismo e polo sectarismo. Non din palabra sobre as posibles responsabilidades do señor López Veiga, que ten moitas, como saíu tamén nas comparecencias da comisión. A diferenza de vostedes, o BNG critica a postura do Partido Socialista, a súa negativa a participar na comisión; critica tamén a actuación do Goberno de Vigo; pero critica do mesmo xeito, coa mesma contundencia ou con máis contundencia, a actuación da Autoridade Portuaria e da Administración da Xunta de Galiza.

Vostedes pasáronse de freada, tanto o Partido Popular de Vigo e a súa portavoz, que estivo aquí neste Parlamento, como vostedes, e como vostede persoalmente, cando, por exem-



plo, acusan de maneira absolutamente irresponsable e infundada que non existe seguro de responsabilidade civil. Xa llelo deixou claro o organizador do festival. Díxolles que lle fixeron un enorme dano con esas acusacións infundadas. Son uns irresponsábeis, para vostedes vale todo.

O que están facendo vostedes, en definitiva, é un manual do oportunismo e da demagogia, da utilización das vítimas para intentar gañar unha presada de votos, cousa que xa lle digo que non van conseguir. O que están facendo, para nós é unha vergoña, unha indecencia, e unha inmoralidade. E, repito: ¡saian da lameira do oportunismo e da carroñería!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pazos Couñago, en primeiro lugar, nós tamén queremos manifestar un pouco a nosa perplexidade coa súa exposición, pero na parte negativa e na parte positiva tamén. Fíxese, eu en concreto descubrín en vostede —na comparecencia do voceiro de En Marea de Vigo, o señor Rubén Pérez— que había un deputado que sabía debater politicamente. Esa é unha das grandes aportacións, das poucas que temos, da Comisión do Marisquiño.

De feito, hoxe comentaba co meu compañeiro Antón Sánchez García, que ten máis experiencia ca min en comisións de investigación, que moitas das cousas que vostede trasladou aquí con respecto ao traslado de documentación, de terlle respecto a este Parlamento, terlle respecto á lexislación, aos cidadáns e ás obrigas dos representantes públicos, e que se non era mellor que dimitiran, ata dicíamos que estabamos de acordo co señor Pazos en algo, e non sabemos se preocuparnos ou aplaudir ao que está dicindo.

Pero ese discurso que vostede ten, ten que ser aplicable a todos os casos, non soamente a este caso do Marisquiño, que lles interesa a vostedes de xeito partidista, e que non sexa aplicable ás outras comisións de investigación.

E mire, a min interésame en concreto este caso, por iso nós tamén criticamos que non se remita a documentación. Nós criticamos, ou máis ben temos pena, mágoa, de que non estea o Partido Socialista para poder falar politicamente desas cuestións aquí, no Parlamento, no referente á responsabilidade da Xunta de Galicia —que para iso é esta comisión de investigación—, á responsabilidade do Goberno galego e, en concreto, da Autoridade Portuaria, e á súa vinculación directa na responsabilidade do accidente, como se lle amosou na comparecencia da pasada semana na comisión, e que a min como vi-guesa, e como afectada en certo modo por ser asidua ao Marisquiño, me interesa resolver, porque hai unha serie de causas e unha serie de medidas para o futuro que cremos que é fundamental que se diriman por parte das responsabilidades da Xunta e, por su-posto, do Concello.



O que non nos gusta é que se queira utilizar a Comisión de investigación para un uso de parte do Partido Popular, para intentar non asumir as responsabilidades que ten a Autoridade Portuaria, o señor López Veiga, e a Xunta de Galicia, e que se queira canalizar nun ataque desmedido e interesado ao Concello de Vigo.

Agora ben, vamos á parte fundamental do asunto e da nosa emenda, que cremos que é o importante, porque parece que para o Partido Popular hai comisións de primeira, comisións de segunda, e vítimas de primeira e vítimas de segunda. Hai unha vara de medir para a Comisión do Marisquiño, pero hai outra vara ben distinta de medir, por exemplo, para a Comisión dos recortes e da situación da sanidade galega, o cal nos apena profundamente, porque iso quíttalle a vostede absolutamente toda a lexitimidade para a argumentación que deu aquí de maneira desmedida.

Por iso nós dicimos claramente, na nosa emenda, o seguinte, e voulle a argumentar por que facemos esta emenda: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a entregar toda a documentación pendente de entrega ás diferentes comisións de investigación parlamentarias, así como aquela información pendente de resposta derivada de preguntas por escrito ou formulacións do artigo 9, ademais de reclamar a entrega da documentación solicitada ás diversas administracións no transcurso das correspondentes comisións de investigación.»

E xa lle digo, o señor Sánchez García, entre outros moitos deputados e deputadas, agradeceralles inmensamente que a Xunta de Galicia cumpra coas súas responsabilidades con este Parlamento e cos grupos de oposición que exercen os seus dereitos políticos nesta Cámara amparados pola lei. Porque, claro, despois vemos as informacións destes diarios dixitais que ao señor Feijóo non lle gustan nada, e explican: «*La Xunta no ha dado a la oposición la mitad de los documentos que ha pedido en lo que va de legislatura.*» É dicir, desta lexislatura, aínda que imos facer un repaso das anteriores.

A Xunta non deu á oposición a metade dos documentos que pediu no que vai de lexislatura, e este xa é un xornal galego.

Ano 2013: «A Xunta retén o 63 % dos papeis que lle pediu a oposición no que vai de lexislatura.»

Ano 2015: «A Xunta ten sen entregar o 95 % dos papeis que a oposición lle pediu dende o fin do verán.» ¡O 95 %!

Europa Press, un medio que lle gusta máis ao señor Feijóo: «En Marea recorre ao señor Santalices» —temos que estar sempre recorrendo ao señor Santalices— «para exixir que a Xunta entregue a carta de encargo sobre a fusión das caixas á KMPG »

Por iso lle digo que fale co señor Antón Sánchez, que estará moi de acordo con vostede.

Ou sexa, ¿con que autoridade moral e con que pouca vergoña veñen aquí facer este relatorio, cando son os primeiros afectados que deben poñerse as pilas, cumprir as súas responsabilidades e dignificar o Parlamento? Voulle dar a listaxe de parte da documentación que a Xunta de Galicia lle debe nesta lexislatura ao noso grupo e que non foi entregada.



Copia do pacto medioambiental asinado entre a Xunta e Ence o 11 do ano 2016. Listas de espera non estruturais do Sergas o 12 de 2016. Sobre controis sanitarios realizados pola Xunta no matadoiro de Ourense. Copia do borrador do convenio de colaboración entre o Sergas e a Consellería de Política Social para as súas valoracións da discapacidade. Copias da transcripción do contido das chamadas recibidas no 112 durante os incendios dos días 14 e 15 de outubro de 2017. Sobre os convenios entre o Sergas e a empresa Medtronic. Sobre o convenio entre o Sergas e o laboratorio Vifor Pharma. Sobre os concertos de hemodiálise co Sergas. Sobre o contrato do servizo de estudo de solucións técnicas para a mellora do proceso de depuración e estación depuradora de Praceres. Sobre a carta de encargo da Xunta de Galicia KPMG para a elaboración do diagnóstico acelerado sobre a fusión das caixas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Xa remato. Información sobre o acordo do Consello da Xunta polo que se autorizaba a fusión das caixas. Sobre a copia da documentación achegada pola Xunta de Galicia ao Goberno central que serviu para a determinación dos suplementos aplicados en relación coas peaxes de acceso á enerxía eléctrica. Sobre o convenio entre o Sergas e a Fundación Ronald McDonald. Sobre os informes técnicos referidos ao risco de desbordamento do río Fntecova en Viveiro. Expedientes de inspección referidos á residencia Valle-Inclán en Vilanova.

Hai 125 peticións pendentes de remisión ¿e veñen aquí facer este espectáculo? ¿De verdade? Estando de acordo con vostedes en que todas as administracións teñen a obriga de remitir a documentación... ¡Por favor!, ¡por favor!

Como viguesa, fagan o seu traballo a nivel autonómico e deixen de meter o dedo na ferida dos que somos afectados do Marisquiño. Esclarezan as causas e as responsabilidades da Xunta, de López Veiga, e deixen de facer aquí uso partidario de algo tan grave.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Efectivamente, empeza o espectáculo, señora Prado.

Grazas, señoras e señores deputados,

O señor PRESIDENTE: Non dixo nada ela.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Non? Bueno, pois desculpas entón, señora Prado. Desculpas, señora Prado. *(Murmurios.)*

A verdade é que onte, cando interveu... Desculpas, señora Prado, están pedidas explicitamente. Non teño cilicio, pero podo apretar un par de nudos se fai falla. *(Risos.)*



Onte o vicepresidente da Xunta sorprendeunos a todos dicindo que Andalucía non importaba, ¡despois de dez meses escoitando falar de Andalucía mesmo cando debatíamos sobre a anchoa do Cantábrico! (Risos.) E, claro, isto vai avanzando. A verdade é que no Partido Popular, en fin, os límites están alonxados.

Mire, señor Pazos, cando fixo esa reflexión —sen entrar en política ou non, unha reflexión moi respectable, por certo, imaxino que todos os que estamos aquí a fixemos—, ¿sabe como mellor se respecta aos cidadáns?, non levando os seus cartos para casa. (Aplausos.) ¡Así é como mellor se respecta aos cidadáns, lévenos quen os leve! (Aplausos.) Como mellor se respecta aos cidadáns é non levando os seus cartos para casa.

E ao soldado Caballero ¿sabe quen o salva? Sálvano 17 concelleiros de 27, (Aplausos.) ¡o voto cidadán de Vigo! Gústelle a vostede ou non. (Aplausos.)

E só outra precisión máis. Non caeu ningunha rúa. Eu entendo este mecanismo absolutamente de Goebbels —e non o vou retirar, xa llo advirto—, usado inicialmente polo presidente Feijóo e agora por vostede. ¡Non se afundiou ningunha rúa en Vigo!, afundiuse un muelle que é do porto de Vigo, señor Pazos. Non mintan, non insulten os cidadáns de Vigo; e, sobre todo, non utilicen dunha maneira miserable as vítimas. (Aplausos.) ¡Iso é o que teñen que facer! (Aplausos.)

E agora entro na cuestión.

Mire, a señora Elena Muñoz dixo practicamente ao día seguinte do desgraciado accidente: «o alcalde fixo todo o posible para que este accidente se producira» —textual—. E, por suposto, o ínclito alcalde de Vilanova de Arousa —aquel de la chacha para todo, que eu entendo que podía ser perfectamente de VOX ou un alumno avantaxado da señora Díaz Ayuso— dixo: «o ditador ese, o xefiño que case mata a catrocentas persoas». Sigán facéndolle a campaña electoral ao alcalde de Vigo; eu a verdade é que llelo agradezo.

Mire, a proba de incluír na orde do día —dunha maneira lexítima— unha iniciativa rexistrada o 20 de agosto do ano pasado —é dicir, inmediatamente despois do accidente— demostra como esta comisión de investigación, e toda a estratexia política do Partido Popular en relación co accidente do Marisquiño, é un instrumento fallido. Ademais dunha obra de teatro absolutamente impresentable e dunha mascarada política, é un instrumento absolutamente fallido. É unha comisión que está na unidade de vixilancia intensiva e vostedes necesitan reanimala desesperadamente cada día, practicamente. Vou citar algúns titulares: «El PP ejercerá como acusación particular en O Marisquiño» —¡vaian!—, «El PP advierte a Caballero que puede ser inhabilitado si no comparece por el Marisquiño» —¡vaian!—. Algo parecido: «Se se lle oculta información sobre o festival, irán ao xulgado», —¡vaian!—. E xa non digamos esa cuestión tamén de Goebbels de facer ou intentar facer pancartas publicitarias anónimas, porque non puñan Partido Popular, ¡ata aí chega a miseria política!, para repartir por Vigo dicindo cousas... Bueno, en fin, supoño que vostede as viu. Eu creo que case pode mirar... seguro que a coñece, señor Pazos. Creo que demostra perfectamente onde se atopan, onde están. Están en sete concelleiros e van quedar nalgúns menos —estou seguro— porque os cidadáns e as cidadás de Vigo non son parvos. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non, non, quédame un minuto.

O señor PRESIDENTE: ¡Ah! Pensei que rematará.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non, non, non rematei.

O señor PRESIDENTE: Pensei que acabara.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Efectivamente, hai unha petición ao Consello de Estado defendendo a autonomía municipal, e o alcalde de Vigo, lexitimamente, solicita esa opinión do Consello de Estado. ¡Só faltaría que non puidera! (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Ah! ¡Só faltaría que non puidera! (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, pero o Goberno pode facelo, ¿verdade? (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Ah! Bueno. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Efectivamente. ¿E cal é o problema de que o Goberno solicite un informe ao Consello de Estado? Eu non sei exactamente onde está aí o problema.

Eu si sei onde está o problema no que vostedes escriben e asinan; e, por certo, neste caso asinado polo señor presidente do Parlamento. Os funcionarios do Concello de Vigo pediron un aprazamento na súa comparecencia precisamente ata que o Consello de Estado se pronuncie. E unha das razóns polas que se lle denega —insisto, non estou defendendo aquí os concelleiros, que creo que se teñen que vir ou non é unha decisión deles; estou falando de funcionarios da Administración local— di: «o aprazamento da súa comparecencia *sine die* dilataría os traballos que ten encomendado este órgano parlamentario, co conseguinte atraso na elaboración do seu ditame. Eu estou seguro que entenden que pense na Comisión das caixas, que aquí non houbo aprazamentos. É verdade que houbo moita xente que non compareceu, lexitimamente ou non lexitimamente, pero, bueno, o certo é que non compareceron. E, desde logo, este deputado puido dicir que non lle gustaba que non compareceran. Pero esta ameaza constante de ir a un xulgado día tras día, medio de comunicación tras medio de comunicación...

Señor Pazos, mire, en relación coa información solicitada, primeiro, é pública. A nós, as poucas veces que se nos contesta aos artigos 9, dísenos que pasemos pola Xunta de Galicia, polas consellerías, para consultalos; polo tanto, é pública. Segundo. Hai un informe do secretario do Concello —que, por certo, foi secretario xeral dunha consellería do Goberno de Núñez Feijóo; a ver se resulta que cando era secretario xeral dunha consellería era cojonudo, e agora é un conspirador en contra de non sei que cousa— (*Murmurios.*) Perdón, era estupendo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Tampouco ten maior importancia.

Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto —insisto—, hai un informe do secretario do Concello que di que non hai que enviar a documentación, e a isto é ao que ten que aterse o alcalde de Vigo, ao informe do seu secretario, do secretario do seu concello.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Só faltaría que lle fixera caso, señor Pazos Couñago, a vostede!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, iso si, os socialistas non imos abandonar este pleno porque o presidente da Xunta non veña ao pleno máis que a votar e a responder ás súas preguntas. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas.

Por empezar polo final, señor Losada, nin coñezo ningún presidente de Goberno que presida unha Cámara, nin coñezo ningún alcalde que se negue a presidir o Pleno do Concello, agás o seu. ¡Ningún! *(Murmurios.) (Aplausos.)* Esa é a diferenza. *(Aplausos.)*

Miren, imos ir por orde, que creo que hai que contestar.

Señor Bará..., *(Murmurios.)* —¡gustaríame contestar!— non ensaio pola mañá diante do espello, pero, vendo a súa intervención, recoméndolle que o faga. E recórdolle que a lameira desta Comisión, en todo caso, creouse por impulso seu e de En Marea, que parece que o olvida. *(Murmurios.)*

Por certo —por aclararlllo xa definitivamente—, a min non me deu ningunha tunda ninguén, agás as tundas que teño que aguantar do *Cheque Bara*. *(Murmurios.)* ¡Esa si que é unha tunda, de verdade! *(Aplausos.)*

Mire, eu non sei se vostede agora se converteu no submarino da señora Silva, porque pasaron de reclamarlle todo tipo de claridade ao alcalde de Vigo, je agora resulta que xa non lles interesa! ¡É unha cousa marabillosa!

Fálame vostede da deputación, ¿que pasa?, ¿tiroulle das orellas a señora Silva? ¿Que pasa?, ¿que algún axentiño da deputación agora está incómodo porque a señora Silva igual lle di que non repiten, ou algo? ¡Home, vamos ser un pouco serios!

Créame, nós non temos ningunha patoloxía con Vigo, outra cousa é as que teñan vostedes co PP. Pero, claro, non se pode sempre atacar os mesmos, señor Bará. Claro que non pido nada do porto de Vigo, é que o porto de Vigo está colaborando e mañá comparece aquí. ¡Mañá comparece! ¡Os socialistas non.

E quero tamén aclararlle unha cousa. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, xa viremos. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: Silencio. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Losada. Estivo no debate.

O señor PAZOS COUÑAGO: Vexo un pouco alterado ao señor Losada. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, tranquilidade. *(Murmurios.)* Tranquilidade todos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Pois debo recoñecerlle o temple, señor Losada. Está vostede moi templado.

O señor PRESIDENTE: Está no debate. *(Murmurios.)* Silencio.

Está no debate. Tranquilidade a todos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Quero aclarar unha cousa. Eu non dixen que a organización non tivera RC; digo, sosteño e manteño que non está no expediente de licenza, e iso é un erro moi grave e con consecuencias moi graves para a organización, para o Concello e ¡xa veremos se para as vítimas!

Agradezo que a señora Santos descubrise que son capaz de debater algo politicamente, eu agradézoo. En canto sexa posible, devólvolle o cumprido. *(Risos.)*

Dígolle de verdade que hai que ter moita cara para dicir aquí que non teño lexitimidade na argumentación porque piden vostedes a documentación de todas as comisións. Mire, a Xunta de Galicia non debe ningún documento —¡nin un!— dunha comisión de investigación, agás unha autopsia cuxo informe aínda non se realizou. Pódeo comprobar vostede. Do artigo 9 vanse atendendo as peticións, van atendidas máis de 400 peticións documentais, e respondéronselle a vostede nesta lexislatura —falo só desta lexislatura— máis de oito mil preguntas escritas—.

E remato xa, se mo permiten..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...co señor Losada.

Di o señor Losada que respectar os cidadáns é non levar os cartos á casa. Supoño que o dirá por 128.000 euros do erario público de Vigo que recibiu a cuñadísima da señora Silva. *(Protestas.)* Non, non, non, perdón... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Non espero a sentenza porque iso xa está acreditado. *(Aplausos.)* O que non está acreditado é quen a enchufou. *(Aplausos.)* O que non está acreditado aínda é quen a enchufou.

E, por certo, váleme para darlles un recordatorio aos funcionarios de Vigo. Recorden que as manganchadas as fan uns e despois quen vai comparecer ao xulgado son os funcionarios. Porque para colocar estamos todos, parece ser, pero para dar a cara van os funcionarios.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡Bastante lamentable!

Aclaro unha última cousa.

O señor PRESIDENTE: As emendas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Si. Aclaro unha última cousa.

En primeiro lugar, o propio señor Príncipe clarexou que foi o que se afundiou. O firmante dese convenio dixo que o mantemento desa actuación era de vostedes. ¡Era de vostedes! (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, era unha calle, chámase Paseo de las avenidas, ¿entende? (*Murmurios.*)

O informe do secretario permitírame que o poña en dúbida, porque que un secretario municipal...

O señor PRESIDENTE: Remate. Xa leva un minuto e pico.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...informe sobre a obriga que ten de comparecer el mesmo nesta Cámara..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*) O tempo é proporcionado...

O señor PAZOS COUÑAGO: ...¡home!, eu non sei a vostede, a min suscítame un certo...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Pazos.

¡Emendas, emendas!

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: ¡Emendas!

O señor PAZOS COUÑAGO: Encantaríame atender a emenda do señor Bará, podemos discutila. Simplemente me piden que notifiquemos isto ao superior ¿é o superior de Caballero? (*Pausa.*) (*O señor Pazos Couñago fai o xesto de mirar ao ceo.*) (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Bueno, discútana. ¿A de En Marea?

O señor PAZOS COUÑAGO: A da señora Santos xa a aclarei.

E remato xa. Parlamento de La Rioja, Comisión de investigación sobre el Concello de Villanueva [...],

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos. Terminou o seu tempo.



O señor PAZOS COUÑAGO: ...alcaldes e secretario.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Solicitud de dos trabaxadores...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...municipales...

O señor PRESIDENTE: ¡Terminou o tempo!

O señor PAZOS COUÑAGO: ...de ausentarse... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Terminou o tempo! ¡Xa está!

O señor PAZOS COUÑAGO: Denegada por el presidente de la Mesa, socialista como vostede...

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor! ¡Terminou o tempo!

Señor Pazos, terminou o tempo. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*
¡Por favor! ¡Terminou o tempo!

(Aplausos.)

¡Por favor! Teremos problemas á hora de comer. ¡Xa me coñecen! *(Murmurios.)* ¡Á hora de comer teremos problemas! *(Murmurios.)* Eu non digo nada. *(Murmurios.)* ¡Eu non digo nada! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Eu non digo nada! *(Murmurios.)* ¡Eu non digo nada!

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a execución dun proxecto deportivo e comercial

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se lle formularon emendas.

Para a defensa da proposición ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Todo o que vén do Partido Popular é selectivo. O respecto ás institucións é selectivo, o respecto aos tempos das intervencións tamén parece ser selectivo. *(Aplausos.)* En Marea solicitou a comisión de investigación polo accidente do Marisquiño porque foi un accidente moi grave e puido ser peor, e, sobre todo, para que non volva acontecer ou para tratar de que non volva acontecer e poñer todas as ferramentas para que iso non aconteza. Por ese mesmo motivo pedimos unha comisión de investigación, tanto aquí como no Congreso dos Deputados, para investigar un accidente no que morreron 80 persoas, 80 vítimas mortais, o



accidente de Angrois, e o Partido Popular sistematicamente, aquí e en Madrid, negouse, ese é o respecto selectivo que teñen vostedes polas persoas e polas institucións. (*Aplausos.*) ¡Teñan un pouco de vergoña! (*Aplausos.*) Nós fixemos nos dous casos o mesmo. Vostedes fan o que lles convén para sacar réditos electorais, e aí é onde se demostra a súa verdadeira catadura.

Unha das moitas herencias que deixou o franquismo neste país foi a cultura do pelotazo, da especulación, como fomento da actividade económica que non como creación de riqueza, senón como simple extracción desa riqueza. Desgraciadamente, nunca rachamos no Estado español con esa cultura herdada. Desgraciadamente, con esta cultura do pelotazo tampouco.

Dicía no artigo *Especulación e caciquismo* José Manuel Naredo, doutor en ciencias económicas e estatístico, Premio Nacional de Economía no ano 2017, unha das persoas que máis e mellor escribiu sobre este modelo de especulación, de caciquismo, da cultura do pelotazo, cultura do pelotazo que nos levou, entre outras cousas, a unha crise que provocou sufrimento a miles e miles de persoas: «Non pode haber cambio do modelo económico imperante sen corrixir a marcada dimensión especulativa e caciquil que veu caracterizando a economía española. ¿Por que non melloramos sensiblemente a calidade de vida da poboación cando a economía española veu desfrutando dun financiamento inusualmente barato e abundante? ¿Cal foi o destino dese financiamento?»

Gran parte do financiamento barato da época veu alimentando a burbulla inmobiliaria-financeira e a constelación de megaproxectos e infraestruturas xeralmente asociadas a ela. Unha vez obtidas as plusvalías da recualificación dos terreos e/ou os beneficios da fase da construción, soe evidenciarse o fiasco económico e o sen sentido destes megaproxectos, agora subliñado pola crise económica.» —falaba isto no 2011—. «Numerosos expoñentes deste proceder viñeron desordenando o territorio ao ditado das oligarquías político-empresariais que sementaban por doquier —co apoio do diñeiro público— parques temáticos, novas cidades e infraestruturas, sen contar coas necesidades da poboación nin coas vocacións do territorio. ¿Preguntoulle alguén á cidadanía cales son as súas prioridades antes de emprender un programa deste porte? Non parece que así sexa. E sen cambiar as regras do xogo, os novos investimentos seguirán alimentando a dimensión especulativa e caciquil da economía española que nos levou a esta penosa situación».

Eu creo que vén moi ao caso para falar do proxecto de cidade deportiva e de macrocentro comercial que pretende executar o Partido Popular en Mos e que tamén pretende executar o Partido Popular de Galicia.

Non se trata neste caso de produción de riqueza, senón de extraela, de quedar coa riqueza uns poucos utilizando as administracións públicas co fin do beneficio privado. O importante é o pelotazo en si, o que menos importan son as prioridades da xente, a racionalidade e sustentabilidade. Son as institucións ao servizo da especulación e non se debe permitir, porque —entre outras cousas— nunca se debe apostar por volver a ese modelo que provocou os efectos que provocou neste país.

Prétendese con este proxecto modificar o Plan xeral de ordenación municipal de Mos, aprobado definitivamente e presentado en Mos polo señor Feijóo coa señora Nidia Arévalo a principios



de 2017. A principios de 2017 apróbase un plan xeral de ordenación municipal cunha tramitación de moitos anos, cun grupo de traballo, cunha empresa contratada, con participación cidadá, e menos dun ano despois, que foi cando se comezou con esta idea, preténdense recualificar nada máis e nada menos que 869.000 metros cadrados, a maioría deste solo de protección forestal. A metade deses 869.000 metros cadrados son montes veciñais en man común con instrumentos de ordenación aprobados, por certo, nun país onde este feito de ter instrumentos de ordenación forestal aprobados é minoritario. E un dos obxectivos —disque— das conclusións da Comisión forestal é que todos os montes teñan instrumentos de ordenación.

Ben, pois cando vostedes están modificando as leis para poder declarar os montes veciñais en man común en estado de abandono dun xeito máis dilixente porque hai moitas comunidades que non funcionan pola desertización e o envellecemento do rural causados tamén polas súas políticas ou agravados polas súas políticas, vostedes tamén queren acabar con estas comunidades de montes alá onde funcionan, como é a comunidade de montes de Tameiga no caso do concello de Mos.

Isto non se trata do fomento do deporte, isto trátase de negocio, pois, ademais das instalacións deportivas, prevense 142.000 metros cadrados de centro comercial, 120.000 metros cadrados de superficie comercial en planta, segundo o indicado polos promotores, «para garantir a viabilidade económica da área dotacional deportiva». ¡Nin se disimula! É dicir, os terreos expropiados a unha das comunidades que funcionan, mantendo unha actividade sostible, segundo os ideólogos desta operación deben de servir —previamente recualificados polo Concello e a Xunta de Galicia— para pagarlle o negocio ao señor Mouriño. ¡Isto si que é un negocio redondo!

¿Como van xustificar a elección da expropiación como xeito de obtención dos terreos cando o fin é a viabilidade económica dun negocio privado? ¿Como se xustifica o interese xeral ou a utilidade pública desta operación cando o fin é a viabilidade económica dun negocio privado? Operación esta que afectaría gravemente a nivel paisaxístico, ambiental, de mobilidade, abastecemento de auga ou ao pequeno comercio. Afección á paisaxe xa advertida polo Instituto de Estudos do Territorio; a nivel ambiental, porque se deforestaría unha enorme superficie, forestación que contribúe ao mantemento do solo, ao mantemento dunha atmosfera respirable; e proxecto que levaría, segundo o estudo dos promotores, a entre uns 8.000 e 12.000 vehículos diarios á zona —unha zona xa cun tráfico hiperdenso que xa é un problema grave neste concello—, dos cales só chegarían motivados pola zona deportiva un 5 %, o 95 % deses entre 8.000 e 12.000 vehículos que chegarían estarían motivados por ese macrocentro comercial.

Por último, tampouco sería serio acometer a implantación de 142.000 metros cadrados de superficie comercial sen sustentarse nun estudo que fose moito máis amplo que só a afección ao concello de Mos. E de facer ese estudo rigoroso, levaría á conclusión de que é un desatino facelo, porque o que pasa normalmente con esas operacións é que ao final acaban sendo un auténtico fiasco, porque —como xa dixen— o que importa non é a actividade comercial que alí se desenvolva despois, o importante son as plusvalías pola recualificación.

E pretenden facer todo isto en contra da opinión da Comunidade de Montes de Tameiga e en contra das comunidades de augas da zona, xestores responsables do territorio e da auga du-



rante tantos anos. Eles, a sociedade civil, foi a encargada de manter a actividade no monte e o abastecemento de auga de centos de persoas por eles mesmos, e vostedes queren pasar por riba das súas opinións.

Este proxecto non se xustifica desde o punto de vista do interese xeral, nin dende a racionalidade. nin dende a sustentabilidade, é necesario darlle carpetazo a ese modelo do pelo-tazo. Só se xustifica dende o punto de vista de favorecer un negocio privado, onde as institucións públicas favorecen estes negocios privados. E aquí o Goberno galego ensinou a patita tamén na Lei de acompañamento, tentando colar pola porta de atrás un mecanismo de expropiación que permitise ao propio promotor privado, é dicir, ao propio señor Mourinho, xestionar o proceso expropiatorio. Artigo 117.bis. Recuaron porque os pillaron nas patacas, pero ensinaron a patita, e aínda estamos agardando a explicación de por que o Goberno galego introduciu esa modificación da Lei do solo. Agardamos unha explicación: ¿por que?, ¿cal era a motivación? Supoño que estas propostas non se fan ao chou, quero crer iso.

Polo tanto, vimos hoxe propoñer que o Parlamento de Galicia emita unha declaración política, ¡unha declaración política! Non é o noso traballo exercer de funcionarios, non obrigamos a ninguén a cometer ilegalidades, emitimos unha declaración política de que para nós isto non se pode permitir. Por iso pedimos que non aprobe a modificación puntual do planeamento do Concello de Mos coa que se pretende facilitar a realización deste megaproxecto deportivo e comercial. Que se potencie o pequeno e mediano comercio e a súa conservación e expansión. Que se manteñan os terreos con vocación forestal e de lecer. Que funcionalmente forme parte do pulmón verde de Vigo, de Mos e da súa área metropolitana. Aprobar e publicar a Estratexia para a execución da infraestrutura verde de Galicia e, por certo, aprobar esas directrices da paisaxe que, segundo o señor Feijóo, ían estar aprobadas no ano 2017.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Bo día de novo.

O BNG, loxicamente, vai apoiar esta iniciativa porque coincide no fundamental coa que xa presentou o noso grupo neste pleno o pasado mes de decembro e que foi, por certo, rexeitada polo Partido Popular.

Estamos a falar dun pelotazo urbanístico de libro. Estamos a falar dun complot, dun contubernio, entre o Partido Popular, o Celta Sociedade Anónima e un investidor multinacional do que non sabemos aínda o nome. Por certo, unha operación apadriñada e amadriñada polo señor Núñez Feijóo e pola señora Nidia Arévalo, como se puxo de manifesto nesta foto. Despois desta fotografía púxose a andar toda a maquinaria administrativa e política para facer realidade este anuncio. Primeiro, o inicio da modificación do plan xeral para recualificar 864.000 metros cadrados de terreo rústico, a maior parte de protección forestal, para con-



vertelos nunha cidade deportiva, un centro comercial e tamén un parque de ocio, que se fala pouco do parque de ocio, que son espazos libres de titularidade privada. E despois pasou o que pasou, que intentaron pola porta de atrás modificar a Lei do solo, o que pasa é que os pílamos *in fraganti* e tiveron que dar marcha atrás, porque querían modificar a Lei do solo nada máis e nada menos que para darlle ao Celta, ou a ese investidor multinacional, as prerrogativas da Administración para facer a expropiación. E ademais cunha auténtica barbaridade como pasar por riba da Lei de montes, que di que os montes comunais son bens indivisibles, inalienábeis e inembargábeis. Vostedes pretendían declarar a utilidade pública e isto non é un instituto, non é unha residencia, non é un hospital, é un negocio privado, un negocio especulativo de piratería, e isto non se declara de utilidade e de interese público.

Este proxecto, xa llelo dixemos, é unha desfeita, é un despropósito, é unha canallada, e atémonos ao que din os informes da propia documentación da Xunta de Galiza, ao Documento de alcance para a avaliación ambiental. Aí hai máis de trinta razóns para botar abaixo a modificación, para botar abaixo este proxecto.

O Instituto de Estudos do Territorio fala de impacto visual e paisaxístico e da necesidade de buscar alternativas. A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio fala da necesidade de xustificar axeitadamente a elección da expropiación como sistema de actuación. Outros informes falan da necesidade de abastecemento de auga desde o concello de Vigo, da afección aos recursos hídricos, do impacto no sistema viario. Por certo, cunha conexión desde a A-55 que está absolutamente colapsada, cunha previsión de máis de 8.000 vehículos/día, a maior parte deles para o centro comercial. Do impacto tamén sobre o patrimonio, destruíndo un xacemento romano. Da ocupación dos usos do solo, de importantes movementos de terra de efectos paisaxísticos significativos. E tamén do impacto que vai ter este proxecto sobre o comercio de Mos e de toda a súa área, que non está tampouco estudado nin xustificando.

O BNG, desde logo, está radicalmente en contra deste proxecto. Vai utilizar todas as súas forzas, todas as súas enerxías e todos os seus votos para impedir que se leve a cabo. Vai apoiar tamén todas as mobilizacións, todas as iniciativas sociais e veciñais en defensa do monte, en defensa da paisaxe, en defensa dos recursos e tamén en defensa do comercio local, que está seriamente ameazado por este proxecto.

E igual que aconteceu en Baredo, que tiveron que dar marcha atrás, en Baiona, cun campo de golf, aquí non lles vai quedar máis remedio tamén que dar marcha atrás porque teñen a toda a parroquia de Tameiga en contra. Alí houbo unha votación que vostedes parece que non queren escoitar, e de 253 persoas que votaron, 247 dixéronlle que non a este proxecto. O BNG, desde logo, tamén o fai, tamén lles di que non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Fermín Losada Álvarez.



O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, falaba na anterior intervención do cinismo político do señor Rueda e Andalucía. Hoxe tivemos outra creo que polo menos igual de sorprendente, que foi o reproche do presidente Feijóo da utilización pola oposición dos lumes como unha ferramenta política — convenientemente recordada, fotografía absolutamente esperpéntica da mangueira e os náuticos —, pero, sobre todo — iso non é nada máis que unha cuestión escénica lamentable —, sobre todo, os mortos enriba deste atril. Os mortos enriba deste atril que no ano 2006 os que estabamos aquí escoitamos como a oposición a aquel goberno llelos puña encima ao presidente Touriño e ao conselleiro Suárez Canal. Entón, bueno, en fin, cinismo político pero neste caso ía dicir vomitivo. Non sei se está permitido, pero algo parecido polo menos.

E seguimos co cinismo político dos cargos institucionais do Partido Popular. A señora Nidia Arévalo o luns, nun pleno do seu concello, dixo textualmente: «*Basicamente porque no existe proxecto alguno, sino que lo único que se ha hecho es iniciar un trámite.*» É sorprendente iniciar un trámite sen ningún tipo de proxecto. «*Estamos en el punto cero de un documento.*» Na fotografía que eu tamén teño aquí — pero, por non aburrilos... —, que ensinou o señor Bará, vese que foron a un *tea party* cando se xuntaron alí a señora Arévalo, o señor Feijóo e o señor Mouriño, porque, certamente, se non había proxecto nin había nada, non sei, alí uns carteis enormes con Partido Popular etc. Gustaríame saber exactamente cal era o obxectivo diso.

O obxectivo diso é bastante evidente, señoras e señores deputados. Eu digo moitas veces aquí que a Xunta de Galicia coa cidade de Vigo ten un mecanismo de actuación sorprendente, que é que a Xunta invita e Vigo paga. Neste caso hai algún cambio: invita a Xunta e o Concello de Mos, ou o presidente da Xunta e a alcaldesa de Mos; os veciños de Tameiga e o Concello de Vigo pagan; e a seguinte escala — e mantéño porque estou absolutamente convencido de que é así —, o señor Mouriño cobra. Ese é o quid da cuestión: alguén invita, alguén paga e alguén cobra. E a alianza absolutamente política, electoral, do presidente do Celta co presidente da Xunta contra Vigo e contra o alcalde de Vigo ponse de manifesto de maneira meridiana neste proxecto.

Porque é mentira que o Celta de Vigo non puidese construír a súa cidade deportiva no concello de Vigo, o que é certo é que non podía construír o pelotazo dun centro comercial. ¡Esa é a cuestión! Por certo, intentouno nos montes de Vigo, mesmo o intentou debaixo do Colexio Hogar na Avenida de Madrid, en plena entrada á cidade de Vigo, a cen metros da praza de España. Quen coñeza aquilo, sabe que hai un talud grande debaixo do colexio. Aí, debaixo do colexio propiedade de Abanca, tentou construír ese mesmo centro comercial. Polo tanto, estamos falando diso, non estamos falando nin de deporte, nin do Celta, nin de nada parecido. Estamos falando de política do Partido Popular e de negocio do señor Mouriño. Esa é a cuestión. Podémola adornar, podemos facer proxectos ou non proxectos, *power point*, o que queiramos, pero diso se está falando.

Efectivamente, dentro desta estratexia, nós entendemos que na recualificación de solo rústico especialmente protexido para un equipamento comercial privado, que ademais se vai expropiar para darllo a alguén sen concurso, é que o pelotazo e o escándalo acadan niveis absolutamente... ¡non sei como chamarlle! Insisto, modifícase o planeamento dun chan de



solo rústico especialmente protexido, exprópiase pola Administración e dásele, cédeselle, a un particular para que se forre cun centro comercial de máis de 120.000 metros cadrados edificadas. E isto é o que está defendendo o Partido Popular.

Por certo, os socialistas levamos unha iniciativa similar a comisión en outubro de 2018 e alí votaron en contra. Votaron en contra despois á iniciativa do Bloque. Non sei o que farán hoxe, ao mellor o señor Sánchez García ten máis sorte, pola súa capacidade de convicción histórica.

A verdade é que os «trapicheos» —entre comiñas— de planeamento do Partido Popular cos centros comerciais en Vigo teñen antecedentes. Eu quero recordar como o centro comercial Gran Vía —un pelotazo en toda regra— supuxo unha alianza do Partido Popular para que fose posible construílo e supuxo a saída da alcaldía do señor Pérez Mariño, alcalde polo Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Disto é do que estamos falando. Estamos falando, por certo, de que ese proxecto que a señora Arévalo di que non existe, pero existe, está asinado, sorprendentemente, por unha empresa de ordenación do territorio —imaxinamos que pagada polo señor Mouriño— e polo propio arquitecto municipal do Concello de Mos. Para non existir, non está mal.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, xa por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É absolutamente ilegal a predeterminación do beneficiario dunha expropiación sen previa licitación. E logo só os dous que pagan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Por unha parte, Tameiga en termos medioambientais, e por outra parte, desde logo, o Concello de Vigo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...en termos de subministración de auga e de redes de transporte.

Polo tanto, quen cobra sabémolo e quen invita tamén. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Despois queixaranse algúns de que os vinculemos ao madurismo. É o resumo de sempre, é o seu *leitmotiv*. Todo o que non nos gusta se prohíbe; todo o que



nos gusta é obrigatorio. Xa está, este é o resumo de todo o que din vostedes. Porque, señorías, eu creo que esta iniciativa que presentan hoxe só se entende dende o punto de vista de que non coñecen a lei. Ou non coñecen a lei, creo que tampouco coñecen Mos —dígollelo de verdade— e teño moitas dúbidas de que coñezan o que é a ética, dígollelo de verdade.

Mire, non coñecen a lei porque, se a coñecen, me parece tremendo que hoxe presenten unha iniciativa que suporía que vostedes incitasen a Xunta a cometer unha prevaricación administrativa. Porque vostedes saben que a competencia de planeamento é unha competencia urbanística municipal. Por certo, ten graza que debatemos isto despois do debate anterior, ¡ten graza! A competencia autonómica límitase á comprobación, integridade da documentación, conformidade co planeamento, coherencia coas Directrices de ordenación do territorio e incidencia sobre políticas autonómicas e de articulación supramunicipal. E como saben vostedes, os actos urbanísticos son actos regrados, co cal isto é moi sinxelo: se se cumpren todas as obrigas legais, a cidade deportiva do Celta será, e se non se cumpren as obrigas legais, a cidade deportiva do Celta en Mos non será. ¡Mire que sinxelo de entender! Vostedes non queren.

O que pasa é que eu creo —dígolles a verdade— que Mos, como moitos outros concellos da contorna metropolitana de Vigo, está un tanto farto de que algúns o releguen á categoría do irmán pobre de Vigo. Mire, Mos quixo, quere e quererá, como os demais concellos da contorna, crecer con Vigo, ¡con Vigo!, por iso intentou consensuar un transporte metropolitano, por iso intentou consensuar unha lei da área metropolitana, por iso a aprobamos por unanimidade no Parlamento e por iso se aprobou por unanimidade nos catorce concellos que a conformaban. E, ¿quen rachou ese consenso? Vigo. ¿E agora que piden? Porque nesa lei da área metropolitana dábaselle á área metropolitana a posibilidade de cohesionarse territorialmente, dábaselle a competencia da coordinación e da cohesión territorial, da cooperación urbanística. E agora os mesmos que racharon ese consenso pretenden tutelar o desenvolvemento dun concello que si se mantivo no consenso todo momento.

Mos ten dereito a crecer, gústelles a vostedes ou non, e foi capaz de ofrecerlle ao Celta de Vigo o que a cidade de Vigo non foi capaz de ofrecerlle. ¿Por que? Pola incompetencia do seu alcalde. ¡É que lle tumbaron un plan de ordenación municipal! ¡É que sempre se lles olvida contar isto! Tumbáronllo legalmente. E claro, despois un oe aquí cousas... De verdade, ¡doe oílo! Señor Losada, que vostede equipare centro comercial a pelotazo urbanístico é tremendo, ¡é tremendo!, mentres o seu alcalde vai anunciando por aí que se concede o de Vialia, o de Valadares, o de Recaré, está pendente o de Porto Cabral e acaba de anunciar Ikea. ¡Oia!, teñen vostedes unha preocupación polo pequeno comercio de Vigo... ¡home! ¡mellorable! (*Aplausos.*) Mire, imos centrarnos na cuestión, porque, de verdade, se tivesen un mínimo sentido ético, non se estaría alarmando, mentindo e enganando os veciños de Mos.

Miren, menten sobre as afeccións ás traídas de augas. Das seis traídas, só está afectada unha, Pereiras, por unha captación. É a única que está afectada nas súas captacións. Curiosamente, chegou a un acordo co Celta de Vigo para cubrirse no caso de que —improbable caso, segundo din— se vexa afectada. E outra nas tubaxes de condución, que é a de Monte Baxiña, que din vostedes que afecta ou que dá servizo a dúas mil vivendas, aínda que a Confederación



Hidrográfica do Miño-Sil di que son setenta e seis. De dúas mil a setenta e seis, eu creo que hai un certo interese en alarmar.

Menten e enganan cando din que se destrúe o monte e non contan que, por cada metro de monte que se utiliza, se ofrecen dous metros de monte reforestado con especies autóctonas. Manipulan cando din defender o pequeno comercio polo que lle acabo de explicar, señor Losada. Hai que ter un pouco de coherencia.

E afirman defender os colectivos veciñais. Eu teño aquí un burofax dun colectivo veciñal que lle pide ao presidente da súa asemblea, concretamente dunha comunidade de usuarios de auga en Tameiga, que convoque asemblea. O 60 % pídenlle que convoquen asemblea porque queren coñecer o proxecto; queren que veña o Celta a explicarlles que é o que quere facer; queren coñecer cales son as condicións nas que se lles ofrece realizar ese proxecto. E o presidente, curiosamente moi cercano ao grupo proponente, non convoca. O 60 % dos solicitantes por burofax e non convocan.

Vou rematar xa, se mo permiten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: É que non sei que teño eu, de verdade, non sei que temos o señor Bará e mais eu con isto das fotos. Ensinoume unha foto moi bonita e quero ensinarlle unha foto do mesmo día. Ademais, o señor Sánchez dicía...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...¿consultaron vostedes antes os veciños? Pregúntolle, ¿consultaron vostedes? Porque mire, dese día é esta foto. Mire, este de aquí é o voceiro do BNG; este de aquí o de Gañamos de En Marea; este de aquí o socialista. ¡Home!, ¡pero se estaban vostedes na foto co Celta!, ¿que lles pasou?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: E onte votan en contra no pleno. *(Aplausos.)*

Mire, ¿vostede sabe cal é a diferenza entre estas dúas fotos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...voto a favor, voto en contra? A única diferenza son eleccións municipais, non hai outra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Teñan un pouco de vergonza e pensen un pouco máis en Mos e un pouco menos en vostedes. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Para o turno de réplica por parte do Grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

O voceiro do Partido Popular preferiu esquivar o *meollo* do debate e irse polas ramas porque non ten argumentos. Cuestiona a nosa ética e acúsanos de querer prevaricar. Vostedes prefiren prevaricar vendendo pisos de promoción pública a fondos buitres, como fixo a señora Ana Botella, e ter que pagar 26 millóns de euros. (*Aplausos.*) Vostedes prefiren ese tipo de prevaricacións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio! ¡Silencio, por favor! ¡Silencio! Escoiten a quen está no uso da palabra. Continúe por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Que vexan os nosos acompañantes a catadura democrática do partido Popular cando teñen que escoitar as verdades. Si señor, a herdanza franquista é algo máis que a cultura do pelotazo, é a cultura democrática deficitaria no Estado español. Ben.

Vostede falaba de que practicamente aquí a Xunta non tiña nada que ver. Mire, señor Pazos, de todo non se pode saber, pero saiba que a aprobación definitiva da modificación puntual, de existir, ou a non aprobación, correspóndolle á Xunta de Galicia, entérese, ¡entérese! Ten tan pouco que ver, que a aprobación disto depende do que diga o Goberno galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O irmán pobre. Falaba vostede de que queremos restrinxir a Mos a ser o irmán pobre, e pon como contrapunto do crecemento de Mos este tipo de proxecto. É dicir, vostedes seguen considerando que o modelo da especulación e do pelotazo é o que vai facer medrar a Mos. Mire para Barreiros, mire para Sanxenxo e mire para Miño, a ver se ese modelo do pelotazo fai medrar ou é unha ruína para a maioría da xente. Fai medrar a uns poucos, faría medrar ao señor Mouriño e seguramente á señora Arévalo ou a algún cercano, pero non fai medrar á maioría da xente. O que necesita Mos non son pelotazos urbanísticos, senón un desenvolvemento sustentable e racional.

E vostede, ademais, fala de que aquí, por cada metro de superficie deportiva ou comercial, vai haber dous de árbores autóctonas. Vostede xa decide tamén pola comunidade de montes. A comunidade de montes pasa a non decidir o que planta e o que non planta, vostedes danlle ao señor Mouriño a posibilidade de... (*Murmurios.*) (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Non se poña nervioso, señor Pazos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...defender o roubo a man armada que significa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*O señor Pazos Couñago mostra unha fotografía.*) Isto é difícil, pero tranquilícese, tranquilícese (*Risos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É dicir, forestación autóctona. Reducen a superficie un 33 %, porque non poden máis, porque aínda hai unha Lei do solo aquí, polo menos, que limita algo; se non, xa veríamos.

O que si que fan vostedes é expropiar, querer expropiar á comunidade de montes, aos veciños e veciñas de Mos, declarando de utilidade pública un espazo que está sendo xestionado de xeito sustentable, cun instrumento de ordenación aprobado, que é minoritario neste país, para entregarlle eses metros cadrados a un empresario para garantir a viabilidade económica. ¡Iso chámase pelotazo! E o que queremos facer aquí é unha declaración política de que este Parlamento non permitirá pelotazos coma ese, pelotazos como os que vostedes historicamente veñen perpetrando aquí en Galicia e no Estado español. É unha declaración política deste Parlamento...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e non sairá adiante, cos votos en contra dos que sempre practicaron o pelotazo, dos que sempre utilizaron as institucións para favorecer negocios privados, dos que saquearon este país e que cren que as institucións son súas para facer negocio, da señora Arévalo e do señor Feijóo, (*Murmurios.*) e dos deputados e deputadas do Partido Popular, que apoian estes pelotazos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

(*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

Mandóuselle calar a todo o mundo, igual que en todas as ocasións anteriores, señor Sánchez, igual que en todas. Silencio, silencio. (*Murmurios.*) Silencio. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, señor Pazos, silencio! Debería darlles un pouco de vergoña a todos o comportamento. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Sánchez, non está no uso da palabra, silencio; non, non está, de verdade. Se queren vostedes ser chamados á orde..., en fin, entendo que non é o que procede.

Saudamos os alumnos de 1º e 2º de Bacharelato do IES Pedregal de Irimia, de Meira, Lugo.

Pasamos ao seguinte punto, á seguinte PNL, que é un debate acumulado da 4.4 e da 4.6 da orde do día publicada. Acumúlanse para efectos de debate, ao abeiro do disposto no artigo 162.2 do Regulamento, por referirse ao mesmo tema.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dignificar a atención primaria da saúde e as súas profesionais



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o deseño e a implantación por parte da Xunta de Galicia dun plan extraordinario de recursos humanos para a atención primaria 2019-2020 no Sistema galego público de saúde

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentáronse dúas emendas a estas proposicións non de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de Aurelio Alfonso Núñez Centeno.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 40194 (10/PNP-003014).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a continuar coa actividade iniciada cos grupos de traballo, coa recollida das suxestións dos cidadáns, dos pacientes, dos profesionais e tamén das sociedades científicas e colexios profesionais, nun proceso aberto e participativo cara a definir, coa contribución de todos, un novo modelo de atención primaria que deberá contemplar, como mínimo:

- Modificar a estrutura directiva nas áreas sanitarias para crear unha dirección de atención primaria.*
- Establecer o acceso ás probas desde atención primaria nas mesmas condicións que desde os hospitais.*
- Solicitar ao Ministerio a eliminación da taxa de reposición de especialistas de atención Primaria.*
- Solicitar ao Ministerio unha convocatoria extraordinaria para médicos de familia e pediatras.*
- Establecer zonas nas cidades para obter unha maior eficacia dos recursos na atención domiciliaria.*
- Establecer tempos de resposta máximos para as e-interconsultas.*
- Promover o nomeamento estatutario eventual de continuidade aprobado no Sergas nas categorías de Médico de Familia e Pediatras de atención primaria.”)*

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 42380 (10/PNP-003192).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a continuar coa actividade iniciada cos grupos de traballo, coa recollida das suxestións dos cidadáns, dos pacientes, dos profesionais e tamén das sociedades



científicas e colexios profesionais, nun proceso aberto e participativo cara a definir, coa contribución de todos, un novo modelo de atención primaria que deberá contemplar, como mínimo:

- *Modificar a estrutura directiva nas áreas sanitarias para crear unha dirección de atención primaria.*
- *Establecer o acceso ás probas desde atención primaria nas mesmas condicións que desde os hospitais.*
- *Solicitar ao Ministerio a eliminación da taxa de reposición de especialistas de atención Primaria.*
- *Solicitar ao Ministerio unha convocatoria extraordinaria para médicos de familia e pediatras.*
- *Establecer zonas nas cidades para obter unha maior eficacia dos recursos na atención domiciliaria.*
- *Establecer tempos de resposta máximos para as e-interconsultas.*
- *Promover o nomeamento estatutario eventual de continuidade aprobado no Sergas nas categorías de Médico de Familia e Pediatras de atención primaria.”)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular as proposicións non de lei, ten a palabra, en primeiro lugar, dona Flora Miranda Pena.

A señora MIRANDA PENA: Graciñas, presidente.

Un saúdo para os alumnos e alumnas do Instituto Pedregal de Irimia. Creo que tedes aquí unha exalumna.

Señoras, eu si respecto este Parlamento e a xente deste país. Coñezo a saturación coa que se traballa na primaria, coñezo a sensación de pechar a consulta despois de atender máis de sesenta persoas, pódolles asegurar que é demoledora. Pediríalles que fixeran o exercicio de sentar nas cadeiras de quen toma decisións directas sobre a vida das persoas, a razón de cincuenta persoas por día. Pódolles asegurar que quita o alento e tamén quita o sono.

Son unha convencida da defensa firme da primaria como ferramenta sanitaria para mellorar a saúde da poboación. Coñezo o seu poder para mudar a vida da xente, mais tamén sei da necesidade de dotala dignamente. Sen recursos, non hai saúde, nin para as persoas nin para as profesionais.

Quero reivindicar hoxe unha muller, Bárbara Starfield. Ela definiu a primaria como accesible, orientada ás persoas, resolutiva para máis do 90 % dos problemas de saúde da xente e sobre todo instalada no contorno, e isto é tremendamente valioso no noso rural, disperso e avellentado.

Cando comezaba o meu MIR de familia no ano 2000, gravábannos a lume os principios de equidade, de xustiza, de prevención e de promoción da saúde. Era unha concepción progresista da saúde, baseada nos principios de Alma Ata, aquela cidade rusa na que se falaba de saúde para todos no ano 2000; unha vontade política que nunca, nunca, chegou a consolidarse.



A saúde é causa e consecuencia da desigualdade. Por iso a primaria debe estar no centro, porque ten máis capacidade que ningunha outra para combatela. A saúde é un dereito, non é un ben de consumo. Malia isto, o sistema sanitario camiña cara ao hospitalocentrismo e a sobreintervención.

Esquecen a atención centrada nas persoas e diríxennos cara á saúde como un negocio, como titulaban o seu libro os meus compañeiros da Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública, á que si reivindico a pesar do que diga o presidente Feijóo.

Esquecen as persoas e traballan para as multinacionais, as farmacéuticas, as tecnolóxicas e os centros privados e concertados. Sabemos que esta privatización é intencionada, e quen a executa saca tallada das portas xiratorias; miren, se non, a Rocío Mosquera. Exclúen as persoas da saúde, como nos lembra Médicos do Mundo en cada informe anual, e hoxe falamos de dereitos humanos.

A primaria galega ten problemas graves, a xestión profesional é un deles, máis non só. Vivimos nun país moi avellentado; sabíano os manifestantes e as manifestantes deste domingo en Curtis, que pedían recursos para unha poboación que chega ao 40 % en maiores de 65 anos. Gastamos máis, porque vivimos máis, envellecemos máis e tamén usamos máis o sistema sanitario para os malestares, incluso para os que se poderían resolver fóra do sistema sanitario.

Dicía Christine Lagarde —e non a reivindico— que vivimos por riba das nosas posibilidades; unha arroutada fóbica, só comparable a aquela canción de Los Sírex de «*Que se mueran los feos*», pero, como aspiramos a algo máis que a desenvolver políticas xerontófobas e excluíntes, teremos que buscar a solución aos nosos problemas asistenciais.

Dar vida aos anos, e anos á vida, e iso só o conseguiremos con respecto á bioética, con equidade e con xustiza distributiva; derogando a Lei de saúde; combatendo a vulnerabilidade; coordinándonos cos servizos sociais; afortalando a atención domiciliaria, esa tan propia da primaria, tan valiosa e tan dignificante; defendendo a accesibilidade para a xente de aquí e para a que vén de fóra —de novo apelo a eses dereitos humanos, ¿lembran?—; pensando tamén na lei de coidados inversos de Tudor Hart e en todas esas persoas excluídas que non teñen enerxías nin para pedir axuda no sistema sanitario; aplicando a perspectiva de xénero —si, señor Feijóo, menos ignorancia; hai que aplicar a perspectiva de xénero: as mulleres temos problemas propios e diferentes formas de abordalos—; reclamando a continuidade como elemento de valor; dimensionando o persoal segundo as cargas, tanto nas consultas da ordinaria como nos PAC; incrementando a autonomía das profesionais accedendo a probas; reducindo a burocracia; derogando as EOXI, nunha relación de igual a igual entre a primaria e o hospital; utilizando as tecnoloxías como aliadas e nunca como protagonistas; eliminando a precariedade, especialmente da xente nova; traballando en equipos de atención primaria; recuperando a promoción e a prevención, traballando tamén a faceta comunitaria; e, sobre todo, ¡sobre todo!, dispoñendo de tempo e de espazo para atender as persoas sen saturación, con tempo e con dignidade.

Pero isto non é viable sen cartos. ¿Saben en canto estiman as expertas un orzamento digno para a atención primaria? Nun 25 %. ¿Saben en canto está o noso país? Nun 12,6 %. ¿Saben



en canto está a área de Vigo, que é a máis carenciada? En pouco máis dun 11 %. ¿Como queren que non saia a xente á rúa? Pregúntenlle á xente de Vigo cales son as súas carencias. Miren á rúa, señores; estanlles falando.

A primaria tamén protexe das consecuencias da explotación laboral —tamén existe— e acompaña a quen sofre por culpa dela. A xestión das baixas é outro dos valores intrínsecos da atención primaria e precisa tempo para resolvela, como tamén o é a atención domiciliaria, esa que preserva a dignidade das persoas, a protexe da obstinación terapéutica, respecta a súa autonomía, arroupa as familias, administra paliativos e acompaña na morte digna, que é unha tarefa difícil, valiosa e libertaria.

Durante estes anos o PP esqueceu a propósito investir na primaria e nas súas profesionais. Agora, a situación estóupalles na cara. Temos os PAC en pé de guerra; os xefes de servizo de Vigo manteñen a súa actitude dimisionaria; hai concentracións nos centros de saúde ás 12 da mañá e ás 6 da tarde. Poderíalles amosar fotos dos centros de Santiago este venres pasado, por exemplo, ou de Ourense e Ferrol o luns, ou de Lugo onte.

Só nesta área de Santiago encheuse Teo, Santiago, O Milladoiro, Bertamiráns, Rianxo, A Pobra, Outes, Rois, Dodro, Vedra, A Estrada, Lalín, Silleda, Bandeira, Oroso, A Baña, Negrreira, Santa Comba... ¿Sigo? Nas outras áreas, Sarria, Fingoi, Serantes, Ribadavia, A Milagrosa, Xinzo, Pontedevea, Allariz, A Ponte, Leiro. En moitos sitios están protestando nos centros de atención primaria.

Centremos o debate en que faltan médicos e médicas. Non nos vale. Cando enferma un PSX, tampouco é substituído, e son imprescindibles para xestionar a demanda. Non hai carencias de PSX, será unha coartada.

Cando faltan enfermeiras, esenciais para os coidados, tampouco son substituídas. Se unha matrona está de vacacións, adíanse os controis. Das TCAE xa non falamos, porque as súas prazas foron amortizadas de moitos centros, ¡cadaquén que xestione o seu material!

A pediatría de primaria merecería case un monográfico, porque non teñen profesionais, non teñen plan, e seguen prometendo o que non poden nin van poder asumir, e págano as nosas fillas e os nosos fillos.

A saúde mental xa parece un tema inabordable, ¡co que se podería resolver en primaria neste ámbito!

Sen tempo, non se aborda o malestar da xente, señoras.

As médicas precarias mantéñense firmes, renunciando á sinatura dun contrato. ¿Saben como lles chaman? Contrato lixo, contrato lixo do Sergas. Defenden unha primaria que lles permita facer seguimentos, descansar pola seguridade dos seus pacientes, queren un contrato digno, queren ter vacacións, queren cotizar as fins de semana, queren prazas nunha oposición e que se convoquen todas as prazas, as seis mil. Queren traballo digno, e nós con elas.



Desgraciadamente, este colectivo e os PAC en pé de guerra normalizaron a súa precariedade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

A señora MIRANDA PENA: Non faltan médicas, falta a oportunidade de exercer con dereitos laborais. Compútase mal a xornada, cóbrease a urxencia sen previsión, trabállase en festivo e con perigosidade, sen remuneración xusta.

Os PAC fan un traballo valioso, que tamén palía as listas de espera en primaria, porque en primaria tamén hai listas de espera.

Coas matronas tampouco contan, porque pouco importa a saúde das mulleres; vímolos hoxe.

Sobre as enfermeiras pivota a cronicidade; deberían ter maior capacidade resolutiva.

Usemos ben os recursos, porque son moi valiosos. Coidemos as TCAE, os PSX, as fisioterapeutas, as odontólogas, as hixienistas, as traballadoras sociais.

¿E que opinan as pacientes? Pois que están saíndo á rúa. En decembro, masivamente; en xaneiro, masivamente; o 10 de febreiro tamén sairán masivamente. As súas asociacións quéixanse de esperas, de recortes e da ausencia de diálogo, especialmente nesta xerencia, coa curmá de Núñez Feijóo. Por non falar da ausencia dos consellos de saúde de área.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MIRANDA PENA: —Xa remato.— Optimicemos a primaria con recursos, con profesionais, con estrutura de xestión propia e con orzamentos suficientes. Sen primaria non hai saúde, non hai xustiza, non hai dignidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Levamos moitos plenos continuamente debatendo sobre o número de profesionais no sistema. A verdade é que hai datos contraditorios. Eu creo que o mellor é apelar a que por fin recibimos o informe da Xunta sobre o volume do persoal do Sergas: 36.000 profesionais —dous folios, jeh!, tampouco era tanto o informe—. Pero, para que sexa máis obxectivo, eu —corríxame, presidente—, se non me equivoco, o artigo 77.2 do Regulamento permite que eu solicite a lectura dun documento. Se é tan amable, eu voulle pasar a táboa que nos entrega o Sergas. Se me pode dicir: ¿cantos profesionais hai por cada EOXI na táboa do 2018, por favor?

(O señor Torrado Quintela entrégalle un documento ao señor presidente.)

(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)



Non, agora, por favor, porque... *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* Se non lle importa facelo agora, non hai ningún problema. *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, 77.2; é para facilitar o debate. Se me pode ler os datos que nos pasou o Sergas na táboa...

O señor PRESIDENTE: Si, eu estoulle dicindo se lle vale igual que...

O señor TORRADO QUINTELA: Non, non, pídlle por favor, se é posible, que o faga agora. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, pois si. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

Está contemplado no Regulamento. Tamén o pode ler vostede, pero eu si que o podo ler.

O señor TORRADO QUINTELA: Xa verá como eu non o podo ler.

O señor PRESIDENTE: Ben, é difícil de ler.

O señor TORRADO QUINTELA: É difícil.

O señor PRESIDENTE: Pero é un problema...

O señor TORRADO QUINTELA: Pero léame os do 2017, se quere.

O señor PRESIDENTE: Non, non, é que aquí aparecen os facultativos especialistas, veñen uns datos, pero tampouco sei interpretar eu moi ben isto, porque eu non estou nesta materia agora, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Calquera dato da táboa. Léame calquera número.

O señor PRESIDENTE: Pois calquera dato di: «Xunta. Dirección Xeral de Recursos Humanos».

O señor TORRADO QUINTELA: Non, non, os datos da táboa.

O señor PRESIDENTE: E «Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia».

O señor TORRADO QUINTELA: Vale, agradézolle a lectura do documento, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Ben, xa está. Perfecto. Moi ben. Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Ben, vouno ensinar porque é moito máis fácil. ¿Saben o que pasa coa táboa? *(O señor Torrado Quintela mostra un documento.)* Que está en negro, difuminada. Non hai problema noutros sitios, hai outras táboas que están perfectamente.



O señor PRESIDENTE: Pode ser un erro da fotocopia.

O señor TORRADO QUINTELA: Pero a táboa de persoal do Sergas, difuminada. E, ademais, un pode dicir: saíu mal a impresión, ¡pode ser! E como estamos na época dixital, pois un ten que volver imprimir.

¿Saben que pasa? Que nos dan os informes ás veces —ás veces, cando nolos dan— en dixital, e este déronnolo en papel, só este. Polo tanto, isto, señor presidente —voullo deixar outra vez para que o poida entender—, isto é un insulto do Goberno ao Parlamento; e vostede é presidente do Parlamento, (*Aplausos.*) agardo que actúe en consecuencia. (*Aplausos.*) (*O señor Torrado Quintela entrégalle un documento ao señor presidente.*) E agora poderemos comprobar se vostede está ao servizo do Parlamento —cousa que eu creo— ou está ao servizo do Goberno. (*Aplausos.*)

Debería caerlle a cara de vergoña, jeh!, debería caerlle a cara de vergoña.

En fin, sobre o debate particular da atención primaria que traemos na moción agradecemos —como xa dixo o noso voceiro Fernández Leiceaga esta mañá— o intento ou o amago de rectificación do Goberno; amago, porque polo de agora o que debera ser un punto de inicio parece que o están consagrando como punto final, e non debera ser.

E dicimos unha rectificación porque estamos empezando a escoitar que se recupera algo que agora se chama «direccións de atención primaria». Lémbrolles que había unhas xerencias de atención primaria que vostedes eliminaron en 2012, que as implementara o Goberno Touriño.

Falan agora dun contrato de substitución, un contrato de continuidade —creo que lle chamaban—, defendendo o modelo vasco, que era aquel contrato estable e flexible que xa se iniciara no Goberno Touriño e que vostedes paralizaron. Dá a sensación de que o señor Feijóo, despois de tanta soberbia, entendeu que para facer mellor xestión debería de parecerse un pouco a Touriño, pero non chega —aínda hai clases, jeh!, aínda hai clases—. A verdade é que é todo bastante insuficiente.

Pero miren, é que ademais escoitamos estes días —e por iso traemos unha proposta que consideramos ampla e negociable— que o problema é do Goberno de Madrid —como non podía ser doutra maneira—, que hai que pedir máis MIR. ¿Como imos pedir máis profesionais? Claro, novembro de 2017, a ministra Dolores Montserrat, se ninguén me di o contrario, hoxe moi importante na dirección do Partido Popular: «non existe un déficit real de profesionais no sistema de saúde».

Vostedes levan defendendo que non había un déficit de profesionais. Non digan agora que faltan profesionais e que o problema é de Madrid. Gobernaron ata hai catro días e a súa ministra dicía (*O señor Torrado Quintela mostra un documento.*) —*Gaceta Médica* da semana do 13 de novembro de 2017— que non había un déficit de profesionais. Temos agora o problema da súa cegueira, e ese é o problema: que vostedes non crían que facían falta máis profesionais no sistema de saúde e os que había botábanos fóra, porque os trataban en miseria e porque lles daban contratos de lixo, e botáronos fóra e dicían que non había.



Pero é máis —voulles contar outra, que esta é moi divertida—. Estamos solicitando unha vía excepcional para o aumento de prazas MIR. Convocatoria da Comisión técnica delegada de recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde do 11 de xullo —que é onde hai que pedir a contratación excepcional—. ¿Saben que dixo Galicia naquela xuntanza? ¡Nada!, nada. ¿Poden traer aquí algún escrito que solicite —onde hai que facelo— a convocatoria de máis prazas MIR? Non, porque é mentira. Vostedes non solicitaron nunca máis prazas MIR. Agora, para lavar o problema, din que o problema é do Ministerio. ¡Oían!, ¿e se lles queren conceder máis prazas MIR, quen acreditou as unidades docentes?, ¿quen acreditou os titores? Ninguén. ¿Saben por que? Porque o ten que pedir a Xunta de Galicia e non o fixo. Vostedes levan agochando a cabeza ante o Goberno de Rajoy todos estes anos, destrozando o sistema, e sábano. E agora case lles veu ben a vostedes que governe Pedro Sánchez, porque xa teñen a alguén a quen botarlle a culpa. ¿Pero saben que pasa? Que para ter máis prazas MIR hai que acreditar lugares, unidades docentes, titores. ¿Fixérono? Non.

E agora queren unha vía excepcional, que basicamente supón dicir: paren a convocatoria, imos acreditar e despois xa teremos máis MIR; paren a convocatoria. O que vostedes están dicindo nos periódicos —non onde hai que dicilo— é que paren as convocatorias. Se alguén lles fixera caso, non teriamos nin sequera as prazas deste ano. ¡Menos mal que vostedes no seu momento non dixeron nada! Porque, iso si, para despotricar contra a oposición, moito, pero para exixirlle ao Goberno de Rajoy, caladiños, ¡eh!, ¡caladiños! (*Aplausos.*)

¿Saben o peor? Que estas cartas tenas a consellería. ¿Que respondeu ante o Ministerio, que lle dixo que non hai ningunha petición? Calou. ¿Solicitou oficialmente a Xunta máis prazas MIR? Non. ¿Fixo algunha solicitude da vía excepcional na Comisión de recursos humanos no Ministerio? Non. Polo tanto, hai que recoñecer que son vostedes coherentes: non crían que facían falta máis médicos —crémolo todos os demais: todos os grupos políticos, todos os sindicatos, os colectivos de usuarios, os profesionais, os colexios médicos; todos, o PP non— e non os pediron. E vostedes á ministra de Sanidade, que dixo xa hai dous anos, ano e medio, que non facían falta máis médicos no sistema, agora póñena ao lado de Pablo Casado —que, a verdade, cando os escoito falar aos dous non sei cal dos dous é peor, tamén llelo digo—. Vostedes están promocionando a xente que construíu este problema. Vostedes son o problema do sistema sanitario, porque é moi difícil defender un sistema no que non se cre.

¿Que propoñemos? Propoñemos a posibilidade de acordar algo aínda estando a tempo de resolver unha parte do problema. E facemos unha proposta ampla. Ampla quere dicir que, ademais de tratar varios temas, é obviamente posible acordar e negociar. E plantexamos varias cousas. Primeiro, claro que nós queremos solicitarlle ao Ministerio que habilite máis prazas MIR. E o que lle propoñemos está na proposta, que a Xunta faga os deberes, e terá o noso apoio, por suposto, a demandar todas as prazas MIR que necesitamos e que sexamos capaces de cubrir cos nosos medios, claro. Todas aquelas que sexamos capaces de cubrir e que o sistema galego sexa capaz de formar terán o noso apoio para pedilas, pero ¡terán que acreditar que somos capaces! ¿Ou é que van pedir MIR e despois deixámoslos á porta do hospital porque, ¡ah!, non temos titores? ¡Hai que ser un pouco serios, hai que ser un pouco serios!

¿Que propoñemos? Propoñemos que fagamos un traballo de verdade para mellorar a eventualidade, que non é dos datos que di a Consellería. E sábalo, e recoñéceo en todos os lugares



menos aquí, que di que temos unha eventualidade do 8 %, ou do 9 % —cada día que sobe din un número distinto—. Hai unha eventualidade no sistema de máis do 25 %, un de cada catro —como pouco— dos profesionais do sistema sanitario ten un contrato eventual, e moitos deles levan anos traballando de maneira sistemática todos os días. ¿Que propoñemos? Aqueles que traballan todos os días, aínda que sexa cun montón de contratos en continuidade, ¿que quere dicir? ¡Que esa praza é necesaria! Estabilicemos.

¿Sabe que fai falta para iso tamén, entre outras cousas?

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: —Si, quédame un minuto, remato, señor presidente, en tempo—. Eliminar a taxa de reposición. E agora vostedes falan de eliminar a taxa de reposición. ¡Benvidos!

¿Sabe que pasa coa taxa de reposición? Que o noso grupo propuxo tres veces que este Parlamento votara a favor de solicitar a Madrid eliminala. Outros grupos propuxeron máis, pero nós tres veces. ¿Sabe que pasou as tres veces co Partido Popular? Que votaron en contra.

Pero é que é moito máis fácil. Miren, escollan un criterio, un, definan unha posición, unha, nesa posición debatamos. Pero é imposible que vostedes sexan capaces de debater cando hoxe din unha cousa, mañá outra, fan unha cousa, logo non a din, e agora din solicitar algo que non fixeron. ¡É que vostedes son capaces de subir aquí a dicir «viva a República» e mañá aplaudir ao rei! É que son capaces de facer calquera cousa, porque cando non se ten criterio válelles calquera cousa. E é imposible traballar con quen non ten criterio. Utilicen un, escollan cal é o criterio.

Nós o que defendemos é o que levamos facendo moito tempo: o sistema ten un problema sobre todo de falta de persoal —hai outros, pero sobre todo de falta de persoal—. Necesitamos convocatorias de verdade, que non sexa unicamente a reposición de xubilacións, que incorporen profesionais novos, que haxa máis prazas novas. Estamos dispostos a acordar iso, a solicitar máis MIR, a traballar e a pedir que se elimine a taxa de reposición. Todo iso levámolo propoñendo hai tempo. Agora que cambiou o Goberno en Madrid seguimos facendo o mesmo, defendendo o mesmo.

Se agora vostedes de verdade están dispostos a facer este traballo conxuntamente, aquí teñen esta proposta, vótena e terannos ao seu lado para facer esa demanda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Torrado, vostede, claro, mandoume ler un documento. Claro, nalgunhas cousas, así a bote pronto, eu non podía entrar. Pero, unha vez que entro no documento, o documento di



moitas máis cousas. Eu agora non estou na área sanitaria, *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* pero do documento obtéñense datos. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdoe. Pero é que non me pode dicir que lea só unha cousa. Vostede, se me pasa un documento *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*, hai que facer unha análise de todo, de todo. Iso ten un pouco de trampa. *(Murmurios.)*

Obtéñense datos importantes: desde o ano 2008 ao día de hoxe hai 2.353 profesionais máis. Só en atención especializada, 508 máis; 137 máis médicos de urxencias; e en enfermería especializada, 690 e pico. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, este foi o documento que me pasou. Hai que lelo todo. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Claro! ¡Non me pode facer iso! ¡Xa está!

Ben, iso forma parte do debate. Agora... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero é que me meteu a min nun debate que ao mellor non procedía. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Tócalle ao señor Núñez Centeno a palabra agora. Grazas.

(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Xa está, home, por favor! Vostede deume isto así, claro, pero non é así.

Señor Núñez Centeno, correspóndelle a vostede agora.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Dolores Montserrat, *Gaceta Médica*: «Pese a no existir un déficit real de profesionais, sí hay una desigualdad en la distribución en algunas especialidades como medicina de familia y pediatría». Sen máis comentarios.

Eu teño que comezar dicindo que o noso grupo está absolutamente de acordo coa primeira frase de ambas as dúas iniciativas. «A situación actual da atención primaria en Galicia vive un escenario de excepcionalidade e dificultades», di o Grupo Socialista. «A atención primaria é o fundamento esencial de calquera sistema sanitario que aspire a ser eficiente, accesible, resolutivo e integral», di a proposta de En Marea.

Señora Miranda, estamos de acordo tamén en que a atención primaria é moi resolutiva —vostede e mais eu sabémolo: máis do 90 %— e traballou e traballa de xeito evidente na prevención e promoción da saúde mediante profesionais moi ben formados. A partir de aí, discrepamos das solucións difíciles de cumprir coa normativa en vigor e a situación actual de déficit de profesionais. O que hai anos puido ser un problema económico agora mesmo foise convertendo



progresivamente nun problema de escaseza fundamentalmente —como dicíamos— de médicos de familia e pediatras.

E o Goberno galego ten actuado dentro das súas posibilidades, incrementando 1.544 traballadores e traballadoras ao Sergas con respecto ao ano 2008, con OPE anuais, con incremento das prazas de primaria, pero sempre, por suposto, cumprindo coa taxa de reposición; co concurso de traslados aberto e permanente; co incremento de prazas MIR dentro das posibilidades legais e de acreditación de unidades formativas; coa contratación pioneira en España de enfermeiros e enfermeiras vía EIR de familia e pediatría; coa cobertura moi superior por pediatras dos nenos e nenas galegos; co incremento progresivo da idade de xubilación ata os 70 anos, para paliar o déficit actual e previsible nos vindeiros anos mentres se modifican as leis estatais que impiden incrementar as prazas convocadas pola taxa de reposición, contratar médicos non comunitarios ou incentivar prazas de difícil acceso; coa reactivación da carreira profesional en Galicia; coa creación de grupos de traballo en atención primaria para estudar solucións aos problemas da mesma —por certo, grupos de traballo propostos polo Ministerio de Sanidade tamén e pola Comunidade de Valencia—, grupos compostos por todas as categorías profesionais de atención primaria e que traballan sobre os temas de mellora, co compromiso de ter resultados no próximo mes de febreiro; coa implicación da cidadanía coas súas propostas de mellora —téñense aportado máis de oitocentas propostas—; co compromiso da creación da Dirección de Atención Primaria nas distintas EOXI no primeiro trimestre de 2019, que, por certo, tamén está a crear problemas entre os colectivos de medicina e enfermería polos diferentes criterios que hai sobre a creación desta figura; co novo diálogo cos xefes de servizo de Vigo —houbo reunións da Consellería e do conselleiro para estudar a problemática específica desta área sanitaria—; coa incentivación das titorías, para incrementar a capacidade docente das unidades de atención primaria; coa modificación da Lei de saúde, para poder contratar con nomeamentos estatutarios médicos especialistas estranxeiros non comunitarios inclusivos que fixeron a súa especialidade na nosa comunidade autónoma; con reunións con presidentes de colexios profesionais; coa oferta dun contrato estable de continuidade para o persoal médico eventual en primaria, que mellore de xeito importante as súas condicións actuais e que foi asinado pola maioría das organizacións sindicais, curiosamente rexeitado polos MIR de 4º ano e por profesionais dalgunha zona sanitaria. Eu creo, desde logo, que calquera profesional na medicina de promocións anteriores teríamos agradecido longamente a existencia deste contrato, ¿verdade, señora Miranda? ¿Verdade que si, que o tería agradecido nos seus tempos? Eu creo que si, ao mellor esquecéuselle xa.

E, fronte a estas actuacións, o Ministerio responde ás demandas do conselleiro ¿de que maneira? Propoñendo a transferencia ao País Vasco da homologación de médicos estranxeiros non comunitarios no paquete ofertado para acadar a aprobación dos orzamentos; rexeitando o MIR extraordinario para médicos de familia proposto polo Goberno galego, a celebrar con posterioridade ao que se vai facer esta mesma fin de semana, e que permitiría completar a medida voluntaria de incremento de idade de xubilación ata os 70 anos; prometendo, sen moito convencemento nin compromisos, a modificación da normativa que permite incentivar as prazas de difícil cobertura, o Real decreto 1146/2006; non permitindo o incremento de seis prazas MIR de pediatría solicitadas por Galicia; limitando o aumento neste ano das prazas MIR de familia a sete, a sete —a ministra afirma que este ano en España se van incrementar as prazas MIR un 5 %; Galicia, un 2,5 %, exactamente a metade; semellan bas-



tante os orzamentos xerais do Estado para Galicia—; non contestando ás propostas do señor Vázquez Almuíña para eliminar a taxa de reposición para os especialistas de atención primaria ou do impulso dunha norma que flexibilice e axilice o procedemento de acreditación de unidades docentes para residentes ou da creación dun rexistro estatal de profesionais.

Señorías, exministros socialistas e populares veñen de solicitar un grande acordo nacional pola sanidade, un pacto de Estado pola sanidade. E, neste senso, presentamos a nosa emenda, instando o Goberno da Xunta a continuar coa actividade colaborativa e de consenso con todos os colectivos para definir un novo modelo de atención primaria cos mínimos que aparecen nos textos da nosa emenda.

Vostede, señor Torrado, que é o verdadeiro *influencer* da política sanitaria da Consellería de Sanidade, segundo ten manifestado neste hemiciclo, pode tentar convencer a ministra Carcedo para que escoite e valore as propostas da Consellería.

O Grupo de En Marea, señora Miranda, tamén apoiou o señor Sánchez e pode contribuír a que o Goberno central tome todas as medidas legais que favorezan a incorporación de profesionais de medicina de familia e pediatría ao sistema sanitario público.

Esperamos o apoio á nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde de novo.

O BNG vai apoiar estas dúas iniciativas, as que presenta tanto En Marea como o Partido Socialista, non porque coincidamos na totalidade dos puntos que presentan, que si hai cuestións nas que temos certa discrepancia, mais si cremos que o importante é que poñen a atención primaria no foco do debate, e aí é onde si nos encontramos e cremos que iso é o relevante e por iso a imos apoiar. E non porque levamos un golpe na cabeza ou caeramos do cabalo camiño de Damasco, como parece que lle está acontecendo ao Partido Popular, que de repente se deron conta de que a atención primaria é transcendente e relevante. E digo isto porque, claro, resulta que levamos non días nin uns meses dándonos conta, levamos anos traendo aquí iniciativas alertando do que estaba pasando, porque era moi evidente, alertando porque nos estaban trasladando os profesionais e porque nos estaba alertando a poboación de que estaba vendo como se estaban retardando as citas en atención primaria, como non estaba sendo resolutive.

E, froito diso, trouxemos aquí iniciativas pedindo que se sacara do caixón o Plan de mellora da atención primaria que se negociara no 2008, negociara, consensuara, traballara conxuntamente cos profesionais e que vostedes meteran no caixón. Trouxémolo repetidamente. Froito diso, nos orzamentos da Xunta de Galiza insistentemente metemos emendas para



que vostedes dotaran de orzamentos a atención primaria, porque desde 2009 a 2019 detraeron 2.000 millóns de euros da atención primaria. Porque ano tras ano nos orzamentos, mentres nos últimos anos foron recuperando orzamento, cando teñamos tempo discutimos onde foron metendo ese aumento do orzamento, pero dende logo non na atención primaria, e este ano, 188 millóns de euros menos, dez anos despois, 188 millóns de euros menos en atención primaria que hai dez anos.

Podo seguir dicíndolle. Hai un ano o BNG traía a esta Cámara, hai un ano, unha lei para actuar na atención primaria, unha lei onde dicíamos onde se podían detraer recursos para no ano 2018 destinar de xeito urxente 200 millóns de euros para destinar a atención primaria, porque era urxente actuar. Dicíamos onde e dicíamos cal era a situación. Dicíamos que facían falta profesionais, dicíamos que facía falta destinar recursos, dicíamos que facía falta que a atención primaria fora resolutiva, dicíamos que facía falta que aos profesionais de atención primaria se lles permitira acceder a probas diagnósticas, dicíamos que era urxente facelo.

¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra e dicir que eramos alarmistas, que non pasaba nada... ¡Ah!, pero, de repente —xa digo, non sei se levaron un golpe na cabeza—, algo lles pasou. ¿Que lles pasou? Que hai un tsunami aí fóra. Que por moito que vostedes intentan construír unha burbulla, intentan vivir nun Matrix alternativo, o pobo galego non quere vivir no seu Matrix e non vive no seu Matrix. O pobo galego é consciente da realidade na que vostedes queren meter a sanidade pública e xa non cren nada, son conscientes do que está pasando e estanse rebelando o pobo galego e os profesionais, que dixeron «ata aquí chegamos» e se rebelaron; rebeláronse os xefes de servizo, rebeláronse profesionais dos PAC, rebelouse a poboación, que está saíndo á rúa dicindo que xa non aceptan que lle retiren, que non haxa pediatras, que non haxa profesionais. E esa é a realidade, que xa non cren o seu relato, e como xa non cren o seu relato e xa non poden con montañas de propaganda tapar a realidade, é polo que agora, de repente, resulta que se crean uns grupos de traballo onde están a analizar para dar propostas de solución.

Eu estou un pouco estrañada da emenda que vostedes presentan, señores deputados do Partido Popular, primeiro, porque un dos puntos é demandar do Ministerio a eliminación da taxa de reposición de especialistas de atención primaria. Hai nada, no mes de novembro, neste Parlamento, na Comisión 5ª, aprobado nunha comisión, aprobado está, aprobamos demandar do Ministerio a eliminación da taxa de reposición en xeral. E resulta que vostedes aproban —aprobamos por unanimidade unha iniciativa presentada polo BNG— demandar a eliminación da taxa de reposición en xeral e resulta que hoxe veñen xa coas rebaixas. Agora só demandamos para os especialistas de médicos de familia. ¡Ah!, non, non, claro, porque hoxe vimos aquí coas rebaixas, hoxe soamente os médicos de familia. Imos por partes.

Eu pensaba que se pediamos a eliminación da taxa de reposición agora, non cando gobernaba o Partido Popular —porque xa lle dixen, é certo, a taxa de reposición implantouna o Partido Socialista, pero vostedes mantivérona e ata que foron desaloxados do Goberno en Madrid non se acordaron de que había que eliminala—, ben, aprobamos aquí pedir do Ministerio, do Goberno de Madrid a eliminación da taxa de reposición, e hoxe veñen coas rebaixas: imos



pedir a eliminación soamente da taxa de reposición para os especialistas en médicos de familia. A min paréceme unha rebaixa innecesaria.

Logo, efectivamente, o tema das prazas MIR. ¿Cantas veces trouxemos a este Parlamento, polo menos o BNG —podo facer reconto, pero bastante veces—, a petición da ampliación das prazas MIR? Sempre nos dixeron que non era necesario, que iso non era necesario, e agora resulta que si.

Na Comisión alternativa de investigación da situación da sanidade, que tivemos que constituír os grupos da oposición porque vostedes non quixeron traer aquí a comparecer a realidade da sanidade pública, pois dúas especialistas en pediatría que viñeron comparecer ¿sabe unha cousa que nos dixeron? Que, por exemplo, non hai nin unha soa praza en primaria...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...acreditada para a formación de pediatras en primaria. ¿Que pasa? Que logo, cando saen os especialistas de pediatría, saen só pensando en hospital. ¿Por que? Porque non hai nin unha soa acreditada. ¿De quen é culpa iso? Do Partido Popular, que non se molestou en que haxa nin unha soa praza. Agora acórdanse de determinadas cuestións. Co cal rectificar é de sabios, é bo que rectifiquen, pero se é de verdade, se é de verdade, señores e señoras do Partido Popular.

É evidente que o problema fundamental da sanidade pública en Galiza empeza en atención primaria, que fai falta moita rectificación, pero fundamentalmente fan falta recursos e profesionais, pero de verdade. Hai unha parte que lle corresponde rectificar ao Goberno español —e aí van encontrar o Bloque Nacionalista Galego demandando esa rectificación—, pero hai unha parte moi importante que lle corresponde...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...facer ao Goberno galego. E aí agardo que o Partido Popular tamén sexa capaz de mirar o embigo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Graciñas de novo, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecemos a iniciativa do PSdeG, aínda que lle fariamos matices, agradecemos o apoio do BNG e non deixamos de sorprendernos coa hipocrisía do Partido Popular; calquera diría que veñen eleccións.

Dignifiquemos a primaria, señoras, tratemos ben as persoas, coidemos das súas profesionais; delas depende parcialmente o benestar da xente. Prioricémola nos orzamentos e nas



estruturas de xestión. O seu estrés crónico nas consultas de ordinaria e nos PAC non é posible nin sequera a medio prazo.

A primaria mellora a saúde con maior equidade e con menor custo. Por iso debe ser o eixo do sistema. E xestiónana mal. O uso de máis especialistas para problemas que se poderían resolver na atención primaria xera máis gastos, máis probas e máis efectos adversos, por non falar das listas de agarda e do que se gasta en recursos privados. Igual é intencional. A primaria interesa menos porque nela hai menos negocio, por iso os xestores miran cara ao hospital.

Esta PNL pide un 25 % de orzamento da sanidade pública para o eslabón central e que se atendan as demandas de quen sabe: as pacientes e as profesionais. Pide tempo, persoal, oposicións, condicións dignas, autonomía de xestión, combater as listas de agarda, evitar a saturación e dignidade.

Non podemos admitir a súa emenda, señor Centeno. As enquisas aos pacientes —sábeno— son tendenciosas, son nesgadas e son metodoloxicamente incorrectas; sábeno. Estalles dicindo alto e claro nas mobilizacións que é o que queren. escoiten. E vostedes habilitan mecanismos nos que só lles interesa a media verdade.

Con respecto ás profesionais, os grupos de traballo que creou o Sergas están desvirtuados, non representan as traballadoras, porque non foron escollidos por elas, foron escollidos polo dedazo de San Lázaro.

Os dimisionarios de Vigo non participan, esqueceron a xente dos PAC e agora apresúranse a negociar con eles —veñen as municipais—.

Non participan as precarias e esqueceron outros colectivos como as matronas, as odontólogas, as hixienistas, as fisioterapeutas, as TCAE ou os PSX.

Por iso non aceptamos a emenda do PP, por iso, e porque tampouco queremos unha dirección de primaria subordinada ao hospital. Querémolo todo: unha xerencia propia,...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora MIRANDA PENA: ...autonomía de xestión. ¿Que será o próximo? ¿Deixar que os médicos e as médicas de familia exerzan sen especialidade, como están propoñendo aí ao lado? ¿Deixarían que un cardiólogo exercera sen especialidade?

¿Saben que ocorreu cando desapareceron as xerencias de atención primaria? Pois que os carteros, os xefes, a autonomía, a decisión e os recursos quedaron no hospital. E na primaria hai vida intelixente, señoras, e á xente intelixente non lle gusta a submisión.

Vivimos tempos de crise, aproveitemos a oportunidade, dignifiquemos a primaria.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.



Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas.

Señor presidente, lamento moitísimo a intervención que fixo vostede despois da miña intervención, porque, ademais, vostede sabe, que ten o documento diante, pero non se preocupe, que o verá todo o mundo, que está mentindo. Hai unha táboa que vostede non pode ler, que é a que eu lle pedín que lera. E, se non, ímolo facer fácil. Durante calquera momento da miña intervención pódeme interromper, se me sabe dar o dato da EOXI da Coruña en 2012, da de Vigo en 2008, da de Ourense en 2017 ou da de Santiago en 2016, dáme igual, podo escoller outros anos..., *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, se non lle importa, estou falando eu.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Ou se é capaz de ler a táboa, tamén llo agradezo.

O señor PRESIDENTE: Pero eu o que lle garanto é que non mentín. *(Aplausos.)*

O señor TORRADO QUINTELA: Vostede sabe o que lle pedín e non o fixo. Tardou ben pouco en demostrar que é vostede militante do PP na Presidencia do Parlamento de Galicia. Eu tíñalle outra autoridade á Presidencia do Parlamento. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Iso non corría présa.

Ben, imos ao tema.

O señor TORRADO QUINTELA: E se vostede o que quería era ser é portavoz de sanidade...,

O señor PRESIDENTE: Xa fun moitos anos, e con gran...

O señor TORRADO QUINTELA: ...o conselleiro de Sanidade xa sabe que conta co noso apoio. A peor non imos ir.

O señor PRESIDENTE: Iso si que non o quixen.

O señor TORRADO QUINTELA: A peor non imos ir.

E claro, puxéronnos outro, e era mellor que fose vostede conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Imos ao tema.

O señor TORRADO QUINTELA: Imos ao tema.

Dígoo porque foi a ministra Dolors Montserrat a que dixo: «alégrame que me recoñezan».



«Non hai déficit real de profesionais» —grazas por lelo—, pero «non hai déficit real de profesionais» significa «fannos falta profesionais». Non hai déficit real de profesionais, e iso significa que facían falta moitos. Ten un problema, señora Montserrat, coa lingüística. Xa o outro día no Congreso perdeu un pouco os papeis. Non hai déficit real de profesionais, pero iso significa que si que o hai. En fin, eu a verdade non sei se eu son *influencer* ou non. *Youtubers* non, porque xa os teñen. Vostedes teñen *haters*, teñen *trolls* e *influencers*, teñen vostedes todo, incluso xa saben que miden cada éxito de Feijóo ¿como era? En *selfies*. Xa lles dixen unha vez: teñan coidado coas fotos de Feijóo, non vaia ser; (*Aplausos.*), teñan coidado coas fotos de Feijóo, non vaia ser.

Sobre a proposta de MIR, estaremos encantados de acompañar as propostas, cando as fagan, pero é que non as fixeron. Reunión do Comité de Recursos Humanos do Ministerio, ¿que fixo a Consellería? Calar. ¿Que fixo nos últimos sete anos? Calar. ¿Por que? Porque sabe a Consellería e o conselleiro, que estaba alí, que, se fai unha proposta, o que lle van dicir é: primeiro, acredite e faga vostede os deberes. E, entón, o conselleiro ao final cala, porque sabe que ten máis que calar e ten moi pouco que dicir. E iso é o que ocorre. O que pasa é que despois queren vostedes vender que fan moitas cousas e que fan grupos de traballo, e vender moita foto. Teñen un problema coas fotos —xa llelo digo—. Pero non pediron nada, porque non poden, porque teñen vostedes que facer primeiro o traballo de acreditar e non o fixeron. Por certo, fágano xa, que aínda non empezaron.

¿A que votan en contra? Están votando en contra vostedes a convocar novas prazas, están votando en contra de aumentar as capacitacións dos profesionais, están votando en contra de dotar de maior estabilidade os profesionais e están votando a favor dun contrato que pode levar un traballador do sistema a traballar dúas mil horas ao ano ou a traballar trinta e unha horas seguidas. Iso é o que vostedes queren votar a favor e non é o que nós propoñemos, que dotamos de máis estabilidade, de máis contratación e de profesionais que teñan todas as capacidades nas que se forman que as poidan desenvolver. Iso é o que estamos propoñendo. É máis, estamos propoñendo se queren eliminar as taxas de reposición; estamos propoñendo, como nese acordo que propoñemos hoxe...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: ...un acordo para demandar máis prazas MIR. Están votando en contra diso. ¿Por que? Porque vostedes falar vailles ben, pero á hora de executar saben que non queren, que non poden ou que non saben, e iso é o que lles pasa a vostedes.

Por certo,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...señores do Partido Popular, fagan o traballo de solicitar esas prazas, pero fágano ben, que o seu problema coa sanidade pagámolo os demais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea, unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 42137 (10/PNP-003182).

Emenda de adición:

Débase engadir, ao final da parte resolutiva, o seguinte punto:

“4.-Clarificar responsabilidades administrativas entre Ospaña e os gobernos galego e español.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 42137).

Emenda de modificación:

Proponse unha nova redacción para o punto 1 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

“1. Acordar coas autoridades arxentinas os necesarios mecanismos de cooperación co fin de buscar unha solución de futuro que inclúa o impulso dun plan de viabilidade e restitución do Centro Galego como entidade integrada en Ospaña, co obxectivo de preservar e garantir a atención médica de calidade dos actuais socios e socias e a implicación do Goberno arxentino na reestruturación da débeda do Centro Galego.”)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 42137 (10/PNP-003182).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

Continuar a respaldar aos socios do Centro Galego de Bos Aires para acadar a mellor solución aos problemas que está a sufrir a entidade, mantendo as seguintes accións, en colaboración co Goberno de España:

1. Intensificar o contacto e comunicación continua coas autoridades arxentinas competentes en materia sanitaria, social ou cultural, na medida das súas responsabilidades respecto do Centro Galego.



2. *Asegurar o funcionamento de mecanismos que faciliten a asistencia sanitaria aos socios, emigrantes galegos da entidade, que o necesiten.*

3. *Ofrecer toda a colaboración precisa para garantir a protección do patrimonio cultural, artístico e bibliográfico da entidade na Arxentina, e aqueloutro que teña especial simbolismo histórico para Galicia, como a habitación onde permaneceu internado e faleceu Castelao.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa tarde, señoras e señores deputados.

Volvemos hoxe falar do Centro Galego de Bos Aires, esta entidade centenaria construída con moito esforzo, tamén me consta con moito entusiasmo e dedicación, por parte da emigración galega de Buenos Aires.

Este é, sen dúbida, un dos centros emblemáticos da emigración, pero que neste momento atravesamos unha situación crítica, case me atrevo a dicir unha situación límite, e desde logo, ante esta situación, no BNG cremos que é urxente actuar e asumir as responsabilidades que hai tamén por parte do Goberno galego.

E dicimos isto porque temos moi claro que a perda do Centro Galego sería unha perda irreparable, pero pode constituír tamén o inicio do desmantelamento de todo o patrimonio que teñen construído os galegos e galegas na emigración, e que temos unha obriga que é moral pero tamén é unha obriga política, e é unha obriga legal de actuar para evitar que o noso patrimonio se perda ou que poidan quedar desatendidos centos ou miles de galegos e de galegas que neste momento teñen a atención sanitaria a través deste centro.

Evidentemente, hai moito en xogo, porque está en xogo un patrimonio cultural, está en xogo un legado tamén que é un legado dunha parte do exilio galego a quen expulsou o franquismo que acolleu o propio Centro Galego e que ten un simbolismo importante, porque, ademais, aí foi onde morreu Castelao, nunha habitación que ten un valor simbólico. Hai unha biblioteca con vinte mil exemplares e está tamén todo o legado do que foi esa editorial Edicións Galicia e posúe algúns cadros que son relevantes desde o punto de vista artístico, de autores tan importantes para o noso país como Castelao, Maside ou Colmeiro.

Evidentemente, sabemos que este centro leva arrastrando problemas desde hai décadas, que o afectou moito a crise económica que atravesou Arxentina e que tivo nun principio unha resposta que polo menos aliviaba e permitía o funcionamento do Centro, e foi a opción pola que se optou a principio deste século XXI, porque houbera unha Fundación Galiza Saúde que xestionara o que era o hospital da mutua, cun acordo que permitía que ese centro puidera seguir funcionando, e que foi un acordo que se mantivo ata o ano 2011, que mantivemos todos e todas ata o ano 2011.

E este é un momento importante, porque en 2011 o Goberno galego toma unha decisión, e é a decisión de liquidar a Fundación Galiza Saúde e asfixiar economicamente o Centro Galego, impedindo a viabilidade do Centro, poñendo en risco o patrimonio, e, polo tanto, hai unha responsabilidade clara por parte do Partido Popular.



Evidentemente, na situación do Centro non só inflúe esta decisión. Nunca imos dicir iso. Hai unha responsabilidade das directivas do Centro, hai tamén responsabilidades do Goberno arxentino, porque alguén nos ten que explicar como pode ser que un interventor multiplique a débeda e deixe un hospital case escuálido, que a día de hoxe está provocando que moitas persoas teñan dificultades para poder acceder ao seu dereito a unha sanidade. Pero, desde logo, ao lado desa responsabilidade, tamén hai unha responsabilidade da Xunta de Galiza e do Partido Popular, porque tomou decisións que claramente tocan o futuro deste centro.

E eu —non sei vostedes— non creo nas casualidades. Non creo nelas, e non creo que sexa casualidade que xusto despois de perder o candidato que apoiaba Alberto Núñez Feijóo para presidir o Centro Galego, xusto despois, é cando empeza a desvinculación co Centro Galego e a expulsión de Ospaña. E digo que, ademais, era o candidato de Feijóo porque a campaña que fixo ese candidato era unha foto del con Feijóo ao lado; polo tanto, imaxino que era o candidato do Partido Popular.

E, despois de que perdera ese candidato, danse unha serie de feitos que foron claves e que determinaron a situación na que hoxe se atopa o Centro Galego. O primeiro —xa o comentamos—, disolver a Fundación Galiza Saúde. O segundo foi a expulsión do Centro Galego de Ospaña nun proceso que, desde logo, nós pensamos que hai que aclarar. Temos solicitada moita documentación, que a Xunta de Galicia aínda non remitiu a este Parlamento. Pero hai unha cousa que está clara, e é que na situación que ten de expulsión do Centro Galego de Ospaña hai tres actores: Alejandro López Dobarro, que foi delegado da Xunta en Arxentina; Santiago Camba, que, entre outros cargos, foi secretario xeral de Emigración e tamén delegado da Xunta en Arxentina; e o actual secretario xeral de Emigración, Antonio Rodríguez Miranda.

Un proceso escuro, que ten aínda aberta a súa vía xudicial, onde de repente se expulsa o Centro Galego de Ospaña e integran no seu lugar unha mutual que se creou precisamente para iso. Esa mutual quen a preside é quen preside o propio centro de Ospaña. E, ademais, prodúcese unha modificación dos estatutos que —fíxense— permiten que a Xunta e o Goberno do Estado perdan capacidade de actuación e de decisión en Ospaña para blindarse de cambios que se poidan producir nos gobernos galegos e do Estado as persoas que neste momento pois teñen o control de Ospaña.

E o grave e o que alguén nos ten que explicar é como pode ser que a Xunta e o Goberno central, naquel momento en mans do Partido Popular, presionaran funcionarios para que aceptaran estes cambios. ¿Como pode ser que a Xunta actúe en contra dos seus intereses nese lugar? Desde logo, isto require moita transparencia.

Despois de todo isto, o que nos queda é un Centro Galego nunha situación crítica, con graves problemas internos, cun hospital que se está desmantelando, endebedado, e que iso pon en risco a pervivencia de todo o patrimonio cultural que os galegos e galegas temos na emigración.

E eu quero dicir, moi claro, que nós respectamos as decisións que teñen que tomar os socios e as socias dos centros. Pero a nosa obriga é denunciar o proceso que se está levando adiante no Centro Galego e tamén a chantaxe a que se está sometendo á hora de que vaia adiante ese proceso de venda.



E, ademais, facemos esta proposta en base ás leis que hai vixentes no Parlamento, que non sei se é que as derrogaron ou non as queren cumprir, pero temos unha Lei de patrimonio cultural, que nos obriga a actuar para salvagardar o patrimonio que hai na emigración. Pero é que tamén temos unha Lei de galegitude, que se aprobou no ano 2013, que obriga a Xunta para actuar que se garantan as prestacións do sistema sanitario na emigración e que obriga a Xunta para actuar á hora de salvagardar todo ese patrimonio.

O certo é que a Xunta incumpriu a súa obriga legal e o que ten feito ata este momento son tomar decisións que o único que levaron é a afundir este Centro Galego.

E nós o que temos moi claro, moi claro, é que hai un proceso descarado de desmantelamento do Centro para intentar vendelo. Hai intereses parece ser que con empresas que teñen a súa base no Estado español con vínculos en procesos de privatización co Partido Popular en Valencia. Non sei se é a iso ao que responde o Partido Popular.

O que a nós non nos parece normal é que haxa un Centro Galego que, efectivamente, tiña problemas pero que tiña unha débeda, que era asumible, no ano 2012, de 60 millóns de pesos, que, despois da intervención do Estado arxentino en mans do Goberno Macri, o que fixo foi disparar esa débeda dunha maneira absolutamente brutal. Fíxense que desde que Macri nomea o último interventor se dispara a débeda do Centro Galego a máis de 1.700 millóns de pesos. E estes son datos que hai que coller con cautela, porque non se sabe exactamente cal é a situación e estas son as estimacións que nos trasladaron as propias representantes que teñen as organizacións que conforman o Centro Galego.

É evidente que hai un proceso programado para non sei que outros intereses, que non son os da comunidade galega, e onde o Goberno de Macri non nomea un interventor, o que nomea é un liquidador, que o único que quere é vender o Centro Galego de Buenos Aires.

Por iso nós hoxe traemos unha iniciativa que o que quere é salvagardar o futuro do Centro e desde logo frear o desmantelamento do legado que a emigración galega construíu en Arxentina, que poñamos transparencia onde hai escuridade e que lle tendamos a man.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora PONTÓN MONDELO: Cremos que hai que paralizar a venda do hospital e buscar unha solución de futuro que inclúa un plan de viabilidade, que se tomen as medidas necesarias, tal e como establece a lei, para preservar o patrimonio. E, señorías, por último, que apoiemos a declaración que se vai levar adiante de sitio histórico da habitación do Centro Galego de Buenos Aires, que está a debate precisamente na cidade de Buenos Aires, porque está ben que veña o cadro de Castelao a Galiza, pero é moito mellor, desde logo, que preservemos o legado que Castelao deixou e que preservemos un lugar tan simbólico para o noso país.

Agardo que hoxe poidamos chegar a un acordo unánime, pero xa digo que para iso ten que haber vontade e non chegan declaracións de intencións, porque neste momento o que se re-



quiren son ideas claras, posicións claras, e non seguir mareando a perdiz para que logo nada cambie. Agardemos que hoxe haxa boas noticias para o Centro Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, presidente, grazas.

Bo días, señorías. Bo día aos asistentes.

Levamos xa máis dun ano, un ano longo, un ano e tres meses, con diferentes debates, tanto en pleno como en comisións, sobre a problemática —evidentemente, problemática que está adquirindo xa tintes máis que preocupantes— da pervivencia do Centro Galego de Bos Aires, con todo o que supón, por unha parte, para o que é o sistema sanitario dos practicamente cinco mil asociados galegos e galegas que alí seguen vinculados e, por outra parte, para a preservación, evidentemente, dun valor fundamental para Galicia como é todo o patrimonio cultural e bibliográfico desde unha perspectiva histórica da Galicia exterior alí en Bos Aires.

Dicía que levamos máis dun ano, e durante estes meses, estes catorce ou quince meses xa, desde o Grupo Parlamentario Socialista tamén quixemos sempre, desde o primeiro momento, mostrar a nosa máxima preocupación e traballar, porque eu creo que ten que traballar conxuntamente toda a Cámara, pero dunha forma específica o Goberno galego, na aplicación, como dicía a señora Pontón, tanto da Lei de galeguidade como da Lei do patrimonio cultural de Galicia, en prol de buscar saídas de viabilidade do Centro Galego.

Nós en decembro do 2017 xa presentamos unha serie de iniciativas e presentamos algunha pregunta da que deu resposta nesta Cámara en pleno daquela o conselleiro de Educación e de Cultura neste sentido.

E non podemos esquecer —tamén o esquezo sempre que intervimos— a declaración do plenario do propio Consello da Cultura Galega de xaneiro de 2018, na que precisamente e, ademais —insisto—, con asistencia naquela sesión plenaria do Consello da Cultura Galega do propio presidente da Xunta de Galicia, do propio presidente Feijóo, conforme o artigo 4 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, propón que se tomen todas as medidas que resulten precisas para salvar a integridade do legado de quen co seu esforzo e valor fixo de Galicia unha realidade que transcende as súas fronteiras, etc., etc., etc. Todos coñecemos esta declaración do Consello da Cultura.

Pero hai máis. Chegamos a esta Cámara e no pleno do 21 de marzo, entre todos os grupos, aprobamos unha declaración institucional pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires, e nesa declaración institucional facíase fincapé dunha forma clara na necesidade de reclamar vontade política para preservar, por unha parte, e garantir a atención médica de



calidade dos actuais socios e socias e a protección do patrimonio artístico, documental, bibliográfico ou editorial que contén o Centro de Bos Aires.

Houbo outras intervencións, outras iniciativas, neste caso por parte de En Marea. Nós presentamos unha serie tamén de emendas a esas iniciativas en prol de garantir esta asistencia sanitaria e por suposto de que se tomaran as medidas necesarias para preservar ese patrimonio cultural.

E chegamos ao pleno do pasado mes de decembro, do día 19, onde formulamos novamente preguntas ao Goberno galego para saber cales eran as accións tomadas ata este momento para tratar de saber en que medida o Goberno galego, en aplicación das propias leis de Galicia e respectando evidentemente o marco legal do Goberno arxentino, tiña actuado.

Daquela recordabámoslle ao conselleiro agora de Cultura, o señor Román Rodríguez, que, como sinalaba a señora Pontón tamén, desde que o Goberno Feijóo decidira en 2011 liquidar a Fundación Galicia Saúde, o Centro Galego entrou en quebra, acabando intervido, como sabemos todos, pola Xustiza arxentina, e esta decisión —diciámoslle ao conselleiro do Goberno Feijóo—, puidera ou non, pero parece ser que puidera ter relación coa circunstancia, sinalada tamén anteriormente, de que non tiveran prosperado precisamente desde 2010 as candidaturas apoiadas polo Goberno galego para dirixir o Centro Galego de Bos Aires.

Nós preguntabamos, case de forma un pouco retórica, se estabamos ante unha represalia ou estabamos simplemente ante unha total irresponsabilidade do Goberno galego de cara ao Centro Galego de Bos Aires, e indicabámoslle, señor Tellado, tamén, aínda que entendo que non lle poida interesar demasiado esta cuestión do exterior, que darlle outra vez entrada ao Centro Galego en Ospaña podería ser unha das solucións para a viabilidade do Centro Galego.

A resposta do conselleiro naquela pregunta foi creo que demasiado clarificadora desa —como dicía naquela intervención— baixa intensidade á hora de defender esta posición, que defendía con máis intensidade o conselleiro de Cultura na súa primeira resposta á pregunta. Porque dicía: «O responsable desta situación non é a Xunta, o responsable é o Goberno arxentino, é vontade dos propios socios. Hai un vacío de poder e a Xunta non marchou do Centro Galego, senón que foron os socios os que marcharon do Centro Galego, e se hai algún problema,» —decía o conselleiro— «Galicia responderá.» Pero nada respondeu sobre retomar a vinculación do Centro Galego con Ospaña para darlle saída, que é o que están a reclamar os socios. Insistimos: o Centro Galego de Bos Aires é propiedade dos socios, e nós avogamos porque, respectando esa propiedade, se lle dea esta viabilidade.

Nós apoiaremos claramente nos puntos 2 e 3 a iniciativa, a PNL presentada polo Bloque Nacionalista Galego, e facemos unha —eu diría— emenda puramente parcial para tratar de manter as mellores relacións posibles nesas necesarias medidas de cooperación co Goberno arxentino.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor DÍAZ VILLOSLADA: En todo caso, o que demandamos do Goberno galego é que explique claramente —e espero que así sexa por parte do Grupo Popular— cales foron as medidas que teñen tomado conforme o artigo 4 da Lei do patrimonio cultural de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villoslada.

Saudamos os alumnos de 1º da ESO do IES Vilar Ponte, de Viveiro. Benvidos ao Parlamento.

E agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

A cuestión da venda do edificio, a débeda e todo o relativo á problemática intrínseca do Centro Galego de Bos Aires é unha problemática —entendemos— de xurisdición arxentina. É pouco o que se pode facer desde aquí, porque non hai —que saibamos— organismo español ou galego que teña competencias para intervir directamente dun modo eficaz.

Todas as iniciativas que se veñen sucedendo en Galicia e en España encamiñadas a salvaguardar, defender ou preservar son propostas que contribúen a visibilizar a problemática, pero de pouco están valendo; nin sequera abonda con declaracións institucionais.

Outra cuestión —e a cuestión clave para nós— é a cuestión de Ospaña, creada no 2006. ¿Para que foi creada? Para favorecer o sostemento económico do Centro Galego, para dar solucións aos problemas da crise do Centro cando a Xunta tiña a xerencia do hospital.

O Centro Galego foi a terceira pata fundacional, e motivo da súa orixe, entidade arxentina necesaria para operar no territorio, xa que nin a Delegación da Xunta nin a Embaixada de España poderían facelo por si mesmas.

O plan era simple. Ospaña, operando como obra social, podía captar as achegas directas das pensións e as nóminas dos seus afiliados, cousa que unha mutualidade non podería facer. Non era un mal plan no papel, pero houbo interferencias. O plan orixinal, se é que realmente era ese, nunca se cumpriu, senón todo o contrario.

A conclusión que se deduce de todo isto é que ás persoas que dirixen Ospaña non lles interesa salvaguardar o Centro Galego, senón facer os seus negocios con opacidade. O tema é moi, moi serio, moi grave. Ospaña pode e debe ser fiscalizada polas autoridades española e galega, por formar parte da súa xunta directiva funcionarios de ámbalas dúas administracións.

Visiten as páxinas de Ospaña e de Mutuos. ¿Quen aparece como vicepresidente de Ospaña? O señor Alejandro López Dobarro. ¿Quen aparece como vogal de Mutuos? O señor Alejandro López; o Dobarro aí non aparece, pero é a mesma persoa. Mutuos é creado como unha mutualidade *ad*



hoc para desprazar o Centro Galego —este é o corazón da cebola, o miolo da cuestión—, tras un controvertido proceso de dubidosísima validez, impulsado e promovido por funcionarios da Xunta e da propia Embaixada. Se non, pregúntenlle ao señor Rodríguez Miranda e pregúntenlle tamén ao daquela embaixador Estanislao de Grandes Pascual; teñen respostas.

Un dos episodios centrais desta desfeita é que no 2015, co Centro Galego intervido polo Estado arxentino, a xunta directiva de Ospaña ¿que fixo? Levar a cabo un cambio de estatuto, pero non só un cambio de estatuto para excluír o Centro Galego, senón tamén un cambio nas porcentaxes, na toma de decisión interna, co cal perde forza o institucional e gaña Mutuos. Isto é moi importante: non só foi substituído, perdía poder. Na práctica —como ben dixo a voceira do BNG, Ana Pontón—, isto é unha blindaxe fronte a futuros cambios de goberno.

O que está faltando, dende o noso punto de vista, é unha clarificación de responsabilidades administrativas, entre Ospaña e os gobernos galego e español. Os directivos son funcionarios. ¿Actúan a título privado ou en representación da Xunta? ¿Quen os supervisa? ¿De que ministerio ou consellería dependen? ¿Cal é o procedemento polo que son nomeados ou cesados? ¿Renden contas financeiras ao Estado español?

Isto require, cando menos, unha explicación. A situación é ben inaudita. En Marea solicitou, ademais, o 29 de maio e o 3 de outubro de 2018 documentación sobre os estatutos, a modificación, a composición da xunta directiva e a acta número 46. Semella un burato negro que é preciso aclarar.

Apoiaremos a iniciativa do BNG, porque cremos que a reintegración do Centro en Ospaña permitiría a atención non só dos socios actuais, senón dos 70.000 socios de Ospaña, que poderían ser atendidos nese espazo, e garantiría o seu futuro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Sería unha boa solución, pero para iso debe intervir o Goberno galego e o Goberno estatal.

Con respecto ao patrimonio cultural, aceptamos, se é necesario, que se faga inventario, pero tamén é necesario deixar moi claro que os propietarios son os galegos na Arxentina e que debe permanecer alí en Bos Aires.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.



Señora Pontón, vostede acaba de vir da Arxentina, como aquel que di, e tal vez esa é a motivación para traer hoxe aquí esta iniciativa. A nós parécenos ben. O que pasa é que, despois de escoitala a vostede, a verdade é que un queda realmente preocupado, porque mire, unha de dúas: ou a vostede esa viaxe serviulle nada para coñecer cal é a situación real do Centro Galego en Arxentina, en Bos Aires, ou deliberadamente vostede trae aquí unha serie de falsidades coas que enche a súa intervención para buscar non sei que, dende logo, nada bo para os galegos e as galegas que residen en Arxentina, nada positivo.

O Centro Galego de Bos Aires, como aquí xa se dixo, é un referente cultural e social da emigración galega. Tamén se dixo xa que é unha entidade privada, que ten un patrimonio cultural privado e que presta unha sanidade privada, e son eses socios donos dese patrimonio os que no ano 2011 —eses socios— deciden desvincularse da Fundación Galicia Saúde e xestionar directamente o hospital. Sendo Carlos Bello, ese que seica é o seu candidato, porque din vostedes que non era o presidente da xunta, o que di: «*Carlos Bello reafirmó que la mejor solución es que el Centro Gallego retome la gestión del hospital en solitario*». A Xunta ¿que fixo? Pagou absolutamente toda a débeda, 11 millóns de euros, en solitario, aínda que só tiña o 50 % da propiedade, e o Centro Galego retomou en solitario esa xestión.

Un ano máis tarde, eses mesmos socios recorren ao Goberno arxentino —mire, de Macri agora, pero naquel momento da señora Kirchner— e son os que toman a xestión do hospital. Dende aquela, cando estaba a cero o contador da débeda, porque a pagou o Goberno galego, ata agora, non se sabe cal é a débeda, porque, efectivamente, non se saldaron contas dende o 2012, pero, en todo caso, supera os 70 millóns de dólares.

¿E vostedes pretenden que agora o Goberno galego saia en amparo e en rescate desa débeda que xerou o Goberno arxentino? ¿En rescate dunha sanidade privada, en Arxentina, dunha débeda do Goberno arxentino que dá atención ao redor de mil galegos dos cento setenta mil que residen en Arxentina? Esa é a política do BNG, a nova política do BNG: privatización da sanidade e pagada con cartos dos galegos a sanidade privada, que está endebedando o Goberno arxentino. Está ben que o saibamos.

Pero mire, a sanidade dos arxentinos e arxentinas que viven alí pero que son galegos está garantida, porque a sanidade en Arxentina está garantida. E se algún galego ou galega ten un problema para que isto sexa así, o Goberno español e o galego teñen mecanismos para que non pase, para que teñan garantida absolutamente a súa sanidade.

E falan vostedes aquí tamén de Ospaña e unha vez máis din que foi o Goberno galego o que quixo separar Ospaña do Centro Galego en Bos Aires. Non, señora Pontón, non, foron tamén os socios, que eran os que tiñan a potestade, os que quixeron separarse, e son os socios os que, se agora queren, terán que volver ter esas relacións. Pero, mire, é que Ospaña —como se dixo aquí— é unha obra social, o Centro Galego é unha mutual, unha mutualidade; por tanto, non se poden fusionar; poderán ter convenios, poderán ter contratos, iso si o poderán facer, pero dependerá deles. E, en todo caso, xa os están atendendo coa mesma cota e sen ningún período de carencia. Por tanto, garantida a sanidade das galegas e dos galegos que residen en Arxentina. Creo que iso ten que quedar moi claro.



Polo que respecta á parte cultural, dicir que, efectivamente, totalmente de acordo con vostedes en que é un emblema da emigración, un símbolo da galegitude e que temos que protexela, ¡claro que si! Pero mire, aí estou totalmente de acordo coa señora Cuña: unha cousa é que os galegos consideremos que iso nos pertence dende o punto de vista que o sentimos como propio e outra cousa é que teñamos a posesión, porque a posesión ¿de quen é? É dos galegos e das galegas do Centro Galego de Bos Aires, que son os propietarios disto. Por tanto, nada se poderá facer sen contar con eles.

Mire, só unha pregunta, señora Pontón, porque non me quedou moi claro como pretende vostede que teña que ser esa intervención: ¿quere que sexa o Goberno arxentino, e en territorio arxentino, onde hai un goberno cunhas leis moi claras nesta materia, ou quere que o expropiemos e o traíamos para aquí? Porque o que si temos claro é o que pensa unha das súas mentoras, Pilar García Negro, con eses bens.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ¿E que pensa vostede? Porque mire, o apoio que quere o BNG para os emigrados, de verdade, queda moitas veces en dúbida. E aquí quedou hai só dous meses cando vostedes votaron en contra de que teñan máis facilidades para poder efectuar o seu dereito a voto, e volve quedar hoxe cando vostedes non deixan nada claro como queren organizarlles e garantirlles ese patrimonio que é deles, aínda que —como dicía— nós teñamos ese sentimento de pertenza. E é verdade que o Goberno galego ten que protexelo tendo en conta que está en goberno arxentino e que é dos donos, dos socios do Centro Galego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: O Goberno ten que protexelo. De acordo. Estao facendo, está pendente, están tendo contactos dende o propio presidente da Xunta, o conselleiro, o secretario xeral de Emigración, coas máximas autoridades. E non teña vostede ningunha dúbida de que, se nalgún momento corre perigo, non se lle vai deixar que se perda de ningunha das maneiras.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias, grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Presidente, só un segundo, por favor, para expoñer a emenda.

Porque o sentido da nosa emenda é simplemente unha emenda práctica para que, se de verdade queremos que se protexa o patrimonio cultural e se protexa o Centro Galego en Bos Aires, pois fagámolo tendo en conta que son bens privados que están en territorio arxentino.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Se non a apoian, señora Pontón...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.



A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...non estarán a favor de manter ese patrimonio, porque o que vostedes pretenden aquí é ilegal e non se pode facer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Para min a verdade é que o Partido Popular nunca deixa de sorprender. Lévanos receiptando aos nacionalistas que viaxemos para que se nos curara o nacionalismo toda a vida e cando viaxamos resulta que os molesta aos señores e señoras do Partido Popular. *(Aplausos.)* ¡Aclárense! Porque, desde logo —xa llo deixo eu con absoluta transparencia aquí—, a motivación que ten esta iniciativa é o noso compromiso coa emigración e o noso compromiso para que haxa unha actuación por parte da Xunta de Galiza que garanta a viabilidade dese hospital e que garanta que todo o patrimonio cultural non se perda, non se malvenda, non acabe estragado. Esa é a motivación que temos, desde logo, para traer esta iniciativa.

E xa vemos que agora neste inicio de 2019 o PP ten un argumento cada vez que se denuncia a súa incompetencia ou que se denuncian as súas —xa non sei se chamalas— corruptelas. Porque eu creo que, detrás de todo o que estamos vivindo aquí, en Ospaña hai moito que investigar. Pero o grande argumento que ten agora o Partido Popular é que todo o mundo mente cando denuncia que o fai mal; ese é o grande argumento que ten o Partido Popular.

Mire, a vostede seguramente a informaron mal. O Centro Galego non quería que se disolvera a Fundación Galiza Saúde, non, non. É máis, o que traía era un plan e un proxecto de viabilidade que nin tan sequera estudou o presidente Feijóo. Eles saberán por que, vostedes saberán por que.

Sorpréndeme que se diga que non se pode ter relacións co Goberno arxentino. Pero é que hai case un ano Macri e Feijóo tiveron unha xuntanza e falaron do Centro Galego. ¿Que falou Feijóo con Macri nesa reunión? Creo que estaría moi ben que o souberamos. Porque se, desde logo, o que falou foi defender os intereses dun grupo privado da sanidade privada española para privatizar o Centro, eu xa lle digo que con nós non conten para iso. O que nós propoñemos nesta iniciativa é, desde logo, unha iniciativa de futuro.

E mire, está tan mal informada que imaxino que non é consciente de que ¿como ía o Centro Galego querer saír de Ospaña cando o Centro Galego ten recorrida a decisión que tomou Ospaña de que o expulsaran? *(Aplausos.)* Pero, por favor, ¡falen cun pouquiño de rigor e non nos tomen o pelo a todos e a todas!

E eu creo que é importante que se saiba que é o que imos votar. O que imos votar é unha proposta do BNG que di literalmente —porque as manipulacións de que queremos quitarlles o patrimonio galego aos galegos da emigración, non, non, queremos que se manteña— que nos dirixamos ás autoridades arxentinas co fin de paralizar a venda do hospital do Centro Galego e buscar unha solución de futuro, que inclúa o impulso dun plan de viabilidade e a restitución do Centro Galego como entidade integrada en Ospaña, co obxectivo de preservar



e garantir a atención médica e a calidade dos actuais socios e socias e a implicación do Goberno arxentino na reestruturación da débeda do Centro xerada pola propia intervención nomeada polo Goberno de Macri; que se tomen as medidas que sexan necesarias, conforme o establecido na lexislación galega —porque hai dúas leis que obrigan a Xunta a actuar para preservar o patrimonio—, que se protexa o patrimonio artístico...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato— documental, bibliográfico e editorial que posúe o Centro Galego, e promover un labor de inventariado —ao que tamén os obriga a lei— de todo ese patrimonio; e, por último, apoiar a declaración de sitio histórico da habitación 202 do Centro Galego de Bos Aires, onde permaneceu internado e faleceu Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o 7 de xaneiro de 1950, e trasladando ao Goberno arxentino a preocupación de Galiza polo perigo de desaparición deste espazo emblemático.

Isto é o que imos votar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Dígolle, porque mo vai preguntar despois en relación coas emendas, que non podemos aceptar a emenda nin do Grupo Socialista nin do Grupo Parlamentario Popular; si a de En Marea, que é unha emenda de engádega. E o que xa solicito aquí, formalmente, é que votemos punto por punto, punto por punto, porque non valen as excusas nin poñerse de perfil...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...cando está en xogo o patrimonio galego da emigración. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e catro deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia de iniciativas que axuden a retomar a negociación do V Convenio colectivo marco do Grupo Endesa

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 42624 [10/PNP-003201].

Emenda de adición:

Engadir ao final do punto 2 o seguinte texto:



“e que sexa con carácter retroactivo para todos os Convenios que xa perderon a súa vixencia.”

Emenda de adición:

Engadir un novo punto, que pasa a ser o 3:

“3. Demandar do Goberno do Estado e da CNMC a elaboración dun informe sobre a descapitalización de Endesa por parte de Enel e dos beneficios expatriados, vía dividendos, por Enel no sector enerxético do Estado Español así como depurar as responsabilidades políticas precisas pola perda do control público sobre o sector enerxético a través das privatizacións.”

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 42624 (10/PNP-003201).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a solicitarlle ao Goberno de España:

1) Que exixa ao Grupo Endesa retomar a negociación dun novo convenio marco, respectando a actual mesa negociadora, e, mentres este non se formalice, manter activas as condicións establecidas no IV Convenio Marco.

2) Aplicar o disposto no IV Acordo Marco para o Emprego e a Negociación Colectiva 2018-2020 asinado en xullo de 2018 co consenso dos axentes sociais.”

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

En primeiro lugar, quero saudar os membros do comité de empresa das Pontes, que hoxe nos acompañan.

A proposición non de lei que hoxe traemos para debater nesta Cámara é a consecuencia da reforma laboral do PP do 2012, que, á parte de recortar dereitos laborais á clase traballadora do noso país, aniquilou e fulminou algo tan fundamental como é a negociación colectiva. (Aplausos.)

O suposto que hoxe nos ocupa é a perda de vixencia das condicións laborais e sociais do convenio colectivo de Endesa. Pero é que isto non é un caso illado: existen moitísimos traballadores de distintos sectores na nosa comunidade autónoma que a día de hoxe se atopan sen un convenio colectivo de referencia, xa que o convenio vencido decaeu e non se prorrogaron



os efectos do convenio que rematou, como si ocorría anteriormente. ¿E saben, señorías, por que acontece isto? Porque o Goberno do PP, o Goberno de Mariano Rajoy, mediante esa reforma laboral de 2012, eliminou a ultraactividade dos convenios. Poñémonos en situación.

A central térmica das Pontes, propiedade de Endesa, ten sobre trescentos traballadores en activo e uns dous mil pasivos, que inclúe xubilados e xubiladas, viúvos e viúvas, orfos e orfas de traballadoras e traballadores. Estes datos amosan a importancia que a dita empresa ten xa non só para As Pontes, senón para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

O pasado 27 de decembro a dirección da empresa rompeu de xeito unilateral as negociacións do V Convenio colectivo do grupo Endesa, despois de corenta e oito reunións. Endesa, sorprendentemente, denunciou o convenio colectivo, e digo sorprendentemente porque, por un lado, é bastante raro que denunciem os convenios as empresas e, por outro lado, non o fixo coa finalidade que busca a figura legal de denunciar os convenios. Denunciar un convenio significa que unha das partes firmantes, ou ben a parte dos traballadores ou ben a parte empresarial, notifica á outra parte a intención de negociar un novo convenio colectivo. Endesa denunciou o IV Convenio marco do grupo Endesa pero sen unha clara vontade negociadora, co único obxectivo de cumprir o trámite e deixar pasar o ano dende a denuncia do mesmo, non firmar un novo, e, aproveitando a limitación a un ano da ultraactividade dos convenios aprobados polo Goberno do PP, facer decaer o convenio vencido (*Aplausos.*) e así obter maiores beneficios a custa de recortar os dereitos dos traballadores.

Endesa o que demostrou ao longo destes meses de suposta negociación foi unha mala fe á hora de negociar, o que culminou coa decisión de dar por rotas de xeito unilateral as negociacións. Endesa o único que fixo foi sacar partido á reforma laboral de 2012 aproveitándose desa limitación da ultraactividade dos convenios. Anteriormente, dende a data de finalización dun convenio ata a firma e a publicación do seguinte, prorrogábase o convenio colectivo vencido e, polo tanto, as condicións nel contidas. Pero dende 2012, primeiro, co Real decreto lei 3/2012, que limitaba esa ultraactividade a dous anos, e, posteriormente, mediante a Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, esta ultraactividade limitouse a un ano, ao quedar o apartado 3 do artigo 86 do Estatuto dos traballadores redactado do seguinte xeito: «Transcorrido un ano dende a denuncia do convenio colectivo sen que se acordara un novo convenio ou ditado un laudo arbitral, aquel perderá, salvo pacto en contrario, a súa vixencia e aplicarase, se o houbera, o convenio colectivo de ámbito superior que fora de aplicación».

Polo tanto, vostedes, señorías do Grupo Popular, empregaron un real decreto lei para recortar os dereitos á clase traballadora, vostedes que tanto lle critican ao presidente Sánchez que governe a base de decretazos. Pero é que se lles olvida que o presidente Mariano Rajoy, que, a pesar de contar cunha maioría absoluta e que, polo tanto, non ía ter dificultades para aprobar as súas leis no Parlamento, no seu primeiro ano de goberno aprobou vinte e nove decretos leis, pero cunha clara diferenza: mentres Mariano Rajoy recortaba dereitos aos traballadores, eses decretazos aprobados polo Goberno de Pedro Sánchez permiten recuperar dereitos, (*Aplausos.*) permítese incrementar o salario mínimo interprofesional a 900 euros, sóbese o soldo aos funcionarios, permítese que os autónomos cobren unha incapacidade temporal por continxencia profesional dende o primeiro día, duplícase o cobro do período



de prestación por cesamento de actividade en autónomos, permítese que os autónomos cobren dende o día seguinte á súa baixa no réxime de autónomos esa prestación por cesamento de actividade. Polo tanto, señoría, non todos utilizamos os decretazos da mesma forma.

Seguindo coa proposición que estamos a debater, como consecuencia desa ruptura unilateral das negociacións por parte de Endesa e a caída do IV Convenio marco, dende o 1 de xaneiro de 2019 o que fixo Endesa —e que é o que buscaba dende o principio cando denunciou o convenio— foi contractualizar as condicións do convenio de xeito individual, co conseguinte risco que isto implica para os traballadores, xa que as condicións que teñen establecidas por convenio son moito máis difíciles de cambiar que as establecidas por un contrato de traballo. Pensemos tamén na figura da modificación substancial das condicións de traballo, tamén flexibilizada polo Goberno Popular.

Ademais, as condicións contractualizadas dun convenio colectivo decaído unicamente se aplican respecto dos traballadores que xa desfrutaban destas condicións. Polo tanto, non son de aplicación as novas incorporacións e tampouco aqueles que xa non teñen un contrato coa propia empresa.

O IV Convenio marco do grupo Endesa tiña recollido unha serie de «beneficios sociais», e poño beneficios sociais entre comiñas porque algúns deles non deben ser considerados así, como é o tema da tarifa da electricidade a aplicar aos traballadores e ás clases pasivas de Endesa, que realmente non é outra cousa que a cantidade de enerxía que reciben os traballadores como un pago en especie e que ao tratarse dun pago en especie tribútase por el.

No IV Convenio tamén se recollían beneficios sociais como axudas de estudos e seguros médicos. Todas estas melloras que se ven para os traballadores en activo en principio parecen respectase pola contractualización das condicións do convenio colectivo. Non acontece o mesmo coas clases pasivas, xa que os ditos beneficios sociais dos que viñan desfrutando, cos cales contaban e en función dos cales programaban a súa vida, quedaron sen efecto dende o día 1 de xaneiro de 2019, e non son privilexios, son dereitos dos traballadores. *(Aplausos.)*

Os sindicatos insisten na necesidade de retomar a negociación e de chegar a acordos que beneficien ambas as partes para mellorar as condicións económicas dos traballadores, en coherencia coa excelente situación económica que vive a empresa. Entendemos que as administracións deben de poñer os mecanismos necesarios e que estean ao seu alcance para favorecer que se retomen esas negociacións. Somos coñecedores de que se trata dun convenio colectivo a nivel estatal, pero a Xunta conta cos mecanismos que poden axudar a retomar esas negociacións.

O Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social xa enviou un escrito a Endesa, en data 21 de xaneiro, a través da súa dirección xeral, no que lle fai un chamamento expreso ao grupo Endesa instándoo á reapertura da mesa e a retomar o proceso negociador, xunto á recomendación de recorrer a medios de solución autónoma de conflitos para o desbloqueo da negociación. O deber de negociar baixo o principio de boa fe —continúa o escrito do Ministerio—, este principio de boa fe, contemplado no artigo 89.1 do Estatuto dos traballadores, impide que os procesos de negociación colectiva poidan ser pechados de forma unilateral na forma que se produciu neste caso.



Considera a Dirección Xeral de Traballo do Ministerio que o contemplado na dita cláusula sobre a fin do réxime de ultraactividade non é suficiente para que a empresa poida unilateralmente dar por pechada a negociación colectiva e disolta a comisión negociadora, sobre todo cando non se acreditou ter instado mediación obrigatoria ou arbitraje voluntaria para resolver as situacións de bloqueo, tal e como recomenda en aras da boa fe negocial o apartado VI do vixente acordo para o emprego e a negociación colectiva.

Porque o Goberno de España está a favor de recuperar a ultraactividade dos convenios colectivos, para que non se repitan estas situacións e pola importancia que Endesa ten para As Pontes e para a súa comarca, é polo que presentamos esta proposición, que esperemos que saia adiante co apoio de todos os grupos presentes.

Nós o que pedimos nesta iniciativa é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, presidente— que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a: 1) Levar a adiante iniciativas propias, ou ben a través do Consello Galego de Relacións Laborais, que axuden a retomar a negociación do V Convenio colectivo marco do grupo Endesa; e 2) Solicitar do Goberno do Estado a recuperación da ultraactividade dos convenios colectivos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Otero.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Bo día, señores das Pontes.

Eu veño aquí no nome do BNG contarlles a historia de dous saqueos, incardinados un no outro. É un capítulo máis do espolio continuado dos voitres carroñeiros, dos bandullos insaciáveis do capitalismo sen nome que se nutre dos dividendos que xera a clase traballadora; ese liberalismo que o Partido Popular ergue como bandeira e que forzas que se din de esquerda amparan co seu silencio covarde, feito inanición e quietude.

Porque Ferroatlántica, Alcoa, Meirama e o que hoxe nos ocupa, Endesa, son o relato quente do desmantelamento calculado en rendementos millonarios dun negocio que non ten sentimentos, que xoga coas vidas dos traballadores e traballadoras cunha frialdade enmascarada de negociación onde eses patróns —que, ao dicir dos liberais neodemócratas, son os que nos dan xenerosamente traballo e pan— e o que queren é que esteamos eternamente agradecidos. Pois eses hoxe quitan a carauta e móstranse co rostro real cheo de vexigas putrefactas.



Porque Endesa, aquela empresa pública que incluía nas súas negociacións cos traballadores eses beneficios sociais xa aludidos e que lle daban ese carácter familiar e pintaban de certa humanidade as relacións do traballo, esa cultura de empresa da que fachendeaban tanto directivos como traballadores, esa Endesa morreu cando pasou a ser Enel. As tarifas reducidas de electricidade ou as axudas para estudos iguais para calquera categoría de traballador facían que por veces nas negociacións dos convenios se renunciase a subidas salariais para conseguir afianzar os que menos gañaban con esas bonificacións sociais que agora queren roubarlles. Porque estes bandullos de nova xeración son máis dilatados e queren máis e máis, quéreno todo, todo; tamén a calderilla merece ser espoliada e repartida.

Este é o primeiro saqueo do que lles falaba, amparado nesa legalidade propiciada polo Partido Popular que disque nos sacou da crise pero que de certo meteunos no inverno salarial, porque a reforma laboral que tantos dividendos leva dado aos bandullos famentos da clase empresarial saqueadora ten a firma do Partido Popular.

Non falamos dos 1.400 millóns de euros de ganancia empresarial; falamos de 900 millóns de euros, que é o valor que se lles dá a eses beneficios que agora queren roubarlles aos traballadores, amparados nesa maldita reforma; miserables, uns e outros; uns por roubar e outros por fabricar as leis nas que se ampara o roubo.

Estas son as razóns da primeira emenda, unhas medidas de urxencia que precedan a derogación da reforma salarial. ¿Hai ou non hai valentía suficiente agora que tocaba dar trigo? Aínda quedan restos no aire do fragor das mobilizacións obreiras. ¿Era teatro? Non, de momento é covardía política. É tempo, pois, de que o presidente Sánchez cumpra a súa promesa de recuperar a ultraactividade dos convenios colectivos.

Pero o máis importante da PNL é o que non di: non fala nada do problema político, da venda dunha empresa pública nun sector estratéxico a outra empresa estatal, neste caso italiana, e o baleirado e descapitalización sistemática que está a facer Enel en Endesa, e aí deberíanse pedir responsabilidades políticas. ¿Lembran, señorías, que Inespal tamén se converteu en Alcoa desta maneira? ¿Lembran aquel administrador do Estado, presidente do Goberno español, que regalou os bens que non eran seus e que nos sacou dunha crise a conta de deixarnos en coiro? E agora á vella Endesa, convertida en Enel, todo lle é pouco e quere entrar a baleirar os petos dos traballadores, algo que non fai ningunha outra eléctrica do Estado, e nin sequera a mesma Endesa nas empresas nas que participa: centrais nucleares de Vandellòs, Almaraz. E unha vez máis está o selo de calidade do Partido Popular, o regalo feito polo Goberno Aznar, o espolio dunha empresa pública con beneficios para ser ofrecida en sacrificio en aras da ficticia concorrència do Deus liberal do mercado e do negocio encuberto.

Esta é a nosa emenda de adición segunda: demandar do Goberno do estado e da CNMV a elaboración dun informe sobre a descapitalización de Endesa por parte de Enel e dos beneficios expatriados vía dividendos por Enel no sector enerxético do Estado español, así como depurar as responsabilidades políticas precisas pola perda do control público sobre o sector enerxético; é dicir, queremos saber a contía do espolio e dos responsables; ¿é moito pedir?



E aquí estamos, co sector industrial galego ferido de morte e o señor presidente do Goberno de Galicia facendo deixadez das súas funcións, sen amosar valor político dabondo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...e vir aquí —remato xa, señor presidente— demandar neste Parlamento unha unidade de acción en defensa dos intereses dos traballadores e da economía deste país, que xa non pode perder máis tecido industrial. Neste caso falamos de arredor de catro mil persoas, entre activos e pasivos, que ven ameazados os seus lexítimos dereitos. Todos teñen nome e apelidos, todos e todas elas cidadáns de primeira, de momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Rivas.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Hai que ver, señor Rivas, como lle custa ao BNG criticar o Partido Socialista; moita lírica, pero ao final conchabeo cómplice, compracente, co Partido Socialista. É normal, é normal, porque, ademais, valentía por parte do BNG, ningunha; o que vemos é que ao final cohabitan co Partido Socialista alí onde poden, incluso nas deputacións que vostedes queren eliminar, e, polo tanto, ten que vir aquí falar non se sabe moi ben de que, pero en absoluto falou do que acontece nas Pontes.

Señora Otero, o señor Pedro Sánchez prometeu dúas cousas: a primeira, nada máis chegar á Moncloa: derogarei a reforma laboral; a segunda: convocarei eleccións. Nin unha nin outra. Esa é a realidade.

Mire, eu alégrome dende o Grupo Parlamentario Popular de que hoxe esteamos aquí falando do convenio colectivo de Endesa. Alégrome de que esteamos falando diso e non de que Endesa nas Pontes peche de forma anticipada a súa central térmica, como pretenden os socialistas. Alégrome de que hoxe esteamos falando do convenio colectivo e non do que está acontecendo en Meirama. ¿Pero sabe por que pasou iso? Porque a empresa se comprometeu a facer uns investimentos de 217 millóns de euros cando aínda estaba o Goberno anterior. Estou seguro de que, se eses investimentos non estivesen comprometidos naquel momento, Endesa estaría nas Pontes na mesma situación que hoxe estamos en Meirama. E, polo tanto, eu creo que vostede aborda a problemática de Endesa nas Pontes de forma parcial, esquecendo a metade da historia. ¿Sabe que queremos os veciños das comarcas de Ferrolterra, de Eume e de Ortegá? Que Endesa nas Pontes siga aberta ata o ano 2045. ¿Sabe o que quere o seu partido? Pechala no ano 2030 ou antes. Son vostedes uns fanáticos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, si, da transición enerxética, da transición ecolóxica. Alá vostedes.

Eu confeso, en calquera caso, que estou tremendamente sorprendido con esta iniciativa, porque estamos vendo —eu pídolles que non me forcen a falar máis alto, porque non



pero, simplemente porque non podo, estou acostumado a falalo, porque sempre me interrompen de forma permanente, pero hoxe pídollelo porque non podo, porque non podo facelo— como os socialistas galegos lle piden á Xunta de Galicia que se dirixa ao Goberno central para solucionar un problema dunha empresa que ten un convenio de ámbito estatal. ¡Manda truco, manda truco! E eu pregúntome: ¿é que vostedes aínda non se enteraron de que en España goberna o Partido Socialista? ¿Vostedes non se enteraron de que poden presentar isto no Congreso dos Deputados? Non, non. Miren, vostedes gobernan no Concello das Pontes, que parece ser que é o que os preocupa, gobernan na Deputación e gobernan no Estado. ¿Tan pouco se fían vostedes os socialistas de vostedes mesmos como para pedirlle á Xunta que solucione o que ten solucionar ou mediar o seu propio Goberno? (*Aplausos.*) ¿Ou é simplemente hipocrisía, hipocrisía socialista, da que xa coñecemos moito ao longo dos últimos sete meses?

Mire, é que vostedes prometeron derrogar a reforma laboral. ¿Por que non o fixeron? Onte vimos como responsables socialistas estaban moi satisfeitos cos datos do emprego do ano 2018; medio millón de empregos creados, ¿grazas a quen?: á reforma laboral que aprobou o Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) É que vostedes deixaron seis millóns de parados en España, seis millóns de parados, e hoxe, grazas á nosa reforma laboral, tan deostada por vostedes e non derogada por vostedes, estamos ao redor dos tres millóns de desempregados. Polo tanto, hipocrisía, ¡no, gracias!, señores do Partido Socialista.

Nós presentamos unha emenda porque queremos apoiar as demandas dos traballadores de Endesa nas Pontes. Xa lles adianto que non imos aprobar a súa iniciativa. Se queremos que hoxe saia de aquí unha proposición de apoio e de respaldo aos traballadores, teñen a nosa emenda para votala a favor. En calquera caso, se non o fan, nós traeremos esta iniciativa, esta emenda convertida en iniciativa (*Murmurios.*)... ¿Por que non cala, por favor? Claro, é que isto é permanente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Vostede ¿que reclama? ¿Por que non cala? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Escoite, é que agora lle toca escoitar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio, por favor, silencio, a todos, silencio. (*Murmurios.*) ¡Silencio, silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós presentamos unha emenda coa que pretendemos conseguir un amplo consenso.

No primeiro punto da nosa emenda, o mesmo que ten presentado... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Nesa bancada especialmente. Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o Grupo de En Marea no Congreso dos Deputados, é exactamente o mesmo que demanda En Marea no Congreso dos Deputados, que di que o Goberno exixa ao grupo Endesa retomar a negociación dun novo convenio marco respectando a actual



mesa negociadora e, mentres este non se formalice, manter activas as condicións establecidas no IV Convenio marco.

O segundo punto di o seguinte: aplicar o disposto no IV Acordo marco para o emprego e a negociación colectiva 2018-2020, asinado en xullo de 2018, co consenso cos axentes sociais, negociado polo Goberno do Partido Popular e firmado polo seu Goberno.

Teñen votos suficientes para chegar á Moncloa. Usen eses votos para cumprir os seus compromisos e, se non, non veñan aquí facer demagogia e hipocrisía permanente. Gustaríame escoitar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que o Partido Socialista en Galicia se compromete co mantemento da central térmica das Pontes ata o ano 2045 e entón os traballadores das Pontes, os traballadores de Endesa nas Pontes, saberán que o Partido Socialista ten un compromiso real coas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O demais é vir aquí facer trilerismo político.

Moi bos días. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

A capacidade do Partido Popular de cambiar de discurso é extraordinaria. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: Cando a moción de censura, o señor Tellado dicía que iso ía provocar un destrozo no emprego, que se afundía a economía. Hoxe presume de que se creou moito emprego na economía española, na segunda parte do ano, e di que grazas á súa reforma laboral. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor LAGO PEÑAS: Señor Tellado, non se pode dicir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Perdón, señor Lago, desculpe un momento.



¡Silencio, por favor! ¡Silencio! Se non, vou ter que empezar a chamar á orde. ¡Silencio!

O señor LAGO PEÑAS: Señor Tellado, non se pode dicir unha cousa e a contraria.

Señor Tellado, o que xera emprego é o crecemento económico, o que fixo a reforma laboral é que o emprego creado sexa precario e de baixos salarios, e esa é a responsabilidade do Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Agora ben, non é o único culpable. Vou ler unha frase: «*La primera medida que tomará el próximo Gobierno socialista será derogar la reforma laboral de Rajoy, para recuperar cuanto antes los derechos de los trabajadores*». 2 de xuño, moción de censura. Pasaron sete meses. ¿A que está esperando o Partido Socialista para cumprir coa súa palabra? (*Murmurios.*)

O pasado día 11 estivemos xuntos nas rúas das Pontes —o PP non sei; os demais, si— para defender os dereitos laborais e sociais de miles de persoas, que están sendo atacadas por Endesa. E hoxe imos votar a favor desa proposición non de lei, porque estamos de acordo en defender os intereses dos traballadores. Pero hai que deixar as cousas claras. A decisión de Endesa de denunciar o convenio colectivo e de bloquear a negociación é un espolio aos traballadores activos e pasivos que demostra que estamos diante dunha empresa insaciable, capaz de todo para maximizar beneficios, que logo reparte en dividendos.

Xa saben que a min me gustan as cifras. Endesa, en cinco anos, co déficit tarifario, en cinco anos, gañou 8.195 millóns de euros. Pero o que é máis sorprendente: ¿saben que fixo Endesa cos 8.195 millóns de euros que gañou a compañía? Repartiu o cen por cento en dividendos, nin un euro para capitalizar a compañía, nin un, todo en dividendos.

Endesa é o acrónimo de Empresa Nacional de Electricidade, Sociedade Anónima, porque si: era unha empresa pública ata que Aznar a privatizou, e agora esa empresa pública estafa a cidadanía, con tarifas abusivas propias do oligopolio eléctrico español, dado que ten unha rendibilidade que duplica a media do sector en Europa. Pero non ten bastante, queren máis; por iso agora recorta os dereitos da súa plantilla, utilizando de forma torticeira as armas que lle puxo nas súas mans a reforma laboral do Partido Popular. Por iso o PP tamén é responsable do latrocinio de Endesa.

Déixenme que o diga: o texto dun convenio colectivo reflicte a historia dunha empresa, dos acordos e dos desacordos, das folgas, das conquistas e dos avances, ás veces en forma de salarios, outras veces en forma de dereitos sociais, que non son privilexios senón salario indirecto e salario diferido. Eliminar un convenio é borrar a biografía social da empresa, borrar a súa historia.

A reforma laboral do PP permite que unha dirección sen escrúpulos, que só busca maximizar beneficios, poida liquidar dun plumazo os dereitos acadados polos traballadores durante décadas de esforzos e de loita. E iso é exactamente o que fixo Endesa: acabar coa vixencia do convenio colectivo, actuando de mala fe negocial, para despois aplicar a reforma laboral do Partido Popular, liquidando os dereitos sociais de 28.000 pasivos, 4.000 deles en Galicia.

Por iso, hai que derogar a reforma laboral, por iso hai que recuperar a ultraactividade dos convenios, por iso non entendemos a que está esperando o Partido Socialista para facelo. Pedro Sán-



chez deu a súa palabra na campaña electoral. O Partido Socialista ten un compromiso coa maioría da moción de censura de derrogar a reforma laboral. Ten un compromiso reforzado con En Marea e o Grupo Confederado de Unidos Podemos hai apenas un mes, cando negociamos co orzamento. Ten o compromiso con Comisións Obreiras e con UXT de que vai derrogar a reforma laboral.

Por iso, compañeiros e compañeiras do Partido Socialista, señora Otero, remato coa mesma pregunta coa que empecei: ¿por que non o fai? ¿Por que non derroga a reforma laboral do Partido Popular? ¿Por que incumpre a súa palabra, dándolles as costas aos traballadores de Endesa, á clase traballadora galega e aos traballadores de todo o Estado? ¿Por que non o fai? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Para ir en orde coas emendas presentadas, dicir que imos aceptar a primeira das emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego. O Goberno de Pedro Sánchez está comprometido con recuperar a ultraactividade dos convenios e así o vai facer. *(Aplausos.)* E coincidimos con eles, co grupo nacionalista, en que é necesario que esa recuperación da ultraactividade dos convenios se faga de xeito retroactivo e que permita entón tamén que queden afectados eses nos que xa decaeu o convenio colectivo.

Ben, creo que debemos de centrar o debate na proposición que o Grupo Socialista presentou, e entendo que está no seu dereito o Bloque Nacionalista Galego de presentar a segunda das emendas, pero creo que non era obxectivo hoxe da proposición non de lei que presentamos os socialistas, que ía sobre todo para retomar esas negociacións de cara ao convenio colectivo, a negociación do V Convenio colectivo, que creo que agora é algo prioritario e o que máis preocupa aos traballadores, que de feito hoxe tamén presentaron esa demanda de conflito colectivo, e que por tempo sería máis axeitado tratar isto. Entendemos que está no seu dereito e que animamos a que presente algunha iniciativa, na que nós incluso poderemos compartir parte dos seus plantexamentos.

Sinto moito a afonía do señor Tellado, que hoxe non puido defender con vehemencia os dereitos dos traballadores e das clases pasivas de Endesa, que era o que traíamos na nosa proposición, afonía que ao mellor vén provocada tamén por algún tipo de fanatismo político e de que non lle están a saír ben as contas de cara a esas eleccións municipais nalgúns concellos. *(Aplausos.)*

Demagogia, demagogia e hipocrisía é a vosa. Demagogia e hipocrisía é a dos señores do Partido Popular, que din que presentan unha emenda no sentido da proposición que presentou o Grupo Socialista, pero é que iso non é verdade: as emendas que presentan son un brinde ao sol, porque o que di é que se exixa ao Goberno de España que lle exixa a Endesa a retomar esa negociación do convenio e que, mentres non se negocie un novo, que se prorroguen os efectos do convenio colectivo decaído. Pero se vostedes, o Goberno de Mariano Rajoy, anulou



a ultraactividade dos convenios. Se non está garantida por lei a ultraactividade dos convenios, ¿como imos deixar iso nas mans das empresas, que poden chegar a un acordo cos traballadores para ver cando si e cando non se prorrogan os efectos dos convenios colectivos? E xa vimos que este non é o caso de Endesa, porque a empresa non estaba polo labor de negociar nada, estaba polo labor de deixar decaer o convenio colectivo.

Só recordarlle que foi Aznar quen deixou Endesa sen unha única participación pública. E tamén que, se len os xornais, UGT e Comisións lamentan que non haxa votos suficientes para derrogar a reforma laboral. Únanse, únanse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...únanse, señores do PP, e apoiem a recuperación dos dereitos dos traballadores. Se non o fan, non veñan a esta Cámara exixíndonos a nós algo que despois vostedes toman no Congreso dos Deputados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e dez deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta de establecemento dun marco eléctrico estable e un prezo eléctrico competitivo ás empresas electrointensivas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do señor Losada Álvarez; do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Casal Vidal; e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Presas Bergantiños.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-003246, doc. núm. 43429)

Emenda de adición

Débase engadir o seguinte parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia negociar coa propiedade da fábrica, coa participación dos sindicatos, un Plan Estratéxico de Apoio Industrial, que será presentado no Parlamento de Galicia previo a súa aprobación, e que abranguerá, como liñas de actuación:

a) Mecanismos específicos de financiamento a través do Igape.



- b) Mecanismos de apoio aos procesos de innovación e automatización produtiva a través da Gain.
- c) Mecanismos de apoio á formación continúa e a actualización profesional do persoal traballador, vinculados aos procesos innovadores que se desenvolvan.
- d) Axudas específicas noutros ámbitos a promover dende a Administración autonómica.”)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda nº 1 de Modificación

Deberase modificar o seguinte puntos da PNL quedando redactado desta maneira:

1. Implantación inmediata dun estatuto da industria electrointensiva que debe definir diferentes tipos de electrointensivas, diferenciándose en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero non tan crítica para a súa supervivencia. Estas dúas categorías aplicaranse tanto nas poxas de interrompibilidade como nas convocatorias de axudas para compensar os custos indirectos por pagos de dereitos de emisión de CO₂.

Emenda nº 2 de adición

Débense engadir os seguintes puntos:

7. Creación dunha Mesa con todas as partes implicadas: Goberno do Estado;

Goberno da Xunta de Galicia; Representación dos traballadores e Concellos afectados, para que, no espazo de tempo de 5 meses, xestione e controle un proceso co obxectivo principal da continuidade e viabilidade das plantas de ALCOA en Avilés e A Coruña.

8. Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica a execución inmediata e completa da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€, xa convocada, para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva por compensación dos custos indirectos por pagos de dereitos de emisión de CO₂.

Do mesmo xeito modificar a partida orzamentaria dos Orzamentos do Estado de 2019 23 425A 471 do Ministerio para a Transición Ecolóxica, mantendo como mínimo o mesmo orzamento de 150 M€ que no ano 2018.

9. Instar o Ministerio de Transición Ecolóxica a estudar a modificación, no menor espazo de tempo posible, da regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria e conseguir a baixada do recibo da luz nos fogares.

A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitirse a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.



10. En caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar as factorías de A Coruña e Avilés máis alá do 30 de xuño de 2019 e non se atopara un novo inversor que garantira a produción e o 100% dos postos de traballo, o Goberno do Estado garantizará a súa pervivencia asumindo a xestión da mesma a través da SEPI polo tempo necesario para atopar o mencionado novo inversor.

11. O Goberno do Estado e a Xunta de Galicia supervisarán e farán un seguimento, en colaboración coa empresa e a parte social, das actuacións que realice ALCOA para garantir o estado de mantemento e mellora das cubas de electrólise para a súa posible reactivación, xa sexa polo novo inversor ou pola SEPI, o 1 de xullo de 2019.

12. Instar o Ministerio de Industria e o de Transición Ecolóxica e a propia Xunta de Galicia a vixiar e regular a entrada de metal externo de plantas de Alcoa polos portos españois.

13. Instar a UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO₂ dos produtos que entren na UE procedentes de países terceiros. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidores de electricidade, lle fagan a competencia as factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade das factorías galegas ou asturianas.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 43429 [10/PNP-003246]).

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar as seguintes actuacións para tomar medidas respecto da crise da industria electrointensiva:

1. Comprometerse a abandonar a súa política de unilateralidade e poñer en marcha cunha maior intensidade unha estratexia de país a comezar pola defensa e posta en marcha dos puntos acordados no Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de traballo con todas as partes implicadas para consensuar as medidas a defender buscando o garante do mantemento da actividade empresarial e o emprego.

2. Incorporar a parte social á mesa da industria electrointensiva galega, e cantos órganos consultivos constitúa, de cara a colectivizar e avaliar as propostas que dirixir ao goberno central.

3. Defender a mudanza do o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria



electrointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumpran as seguintes condicións cuxo desenvolvemento debe ser acordado por parte do Estado coas comunidades produtoras:

a) Disponibilidade de interrupción do subministro de ser preciso como ferramenta de xestión da demanda para dar resposta rápida e eficiente ás necesidades do sistema eléctrico.

b) Obriga de realización de investimentos periódicos que garantan a viabilidade e modernización dos procesos produtivos, así como obriga de mantemento do emprego e do nivel adquisitivo dos cadros de persoal.

c) Obriga de presentación dun Plan de Desenvolvemento Industrial por cada período de cinco anos, para cuxa revisión anual deberán ser arbitrados mecanismos de seguimento por parte da administración.

d) Defender que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

4. Demandar do goberno do Estado a implantación inmediata dun estatuto da industria electrointensiva.

5. Negociar co goberno do Estado a exclusión para a industria electrointensiva do pagamento daquelas peaxes que non teñen relación directa co sistema eléctrico e asunción dos custos xerados por parte dos Orzamentos do Estado.

6. Demandar do goberno central a convocatoria das axudas compensatorias por custos de emisións indirectas de CO₂ ao comezo da anualidade orzamentaria cunha dotación suficiente que permita compensar os sobrecostos do ano en curso e que sexa acorde cos máximos autorizados pola normativa europea aplicable. Estas axudas deberían ser pagadas con periodicidade trimestral, ir con cargo aos Orzamentos do Estado e vinculadas ao mantemento do emprego e da actividade produtiva.

7. Elaboración dun estudo das perdas técnicas de enerxía que son realmente soportadas polos consumidores electrointensivos estudando a posibilidade de optar ben pola aplicación dos coeficientes de perdas de enerxía actualmente imputada a cada período, ben pola aplicación das perdas técnicas efectivamente producidas.

8. Demandar do goberno central o levantamento do veto á intervención pública en Alcoa Coruña a través da SEPI así como impulsar todas as actuacións precisas para evitar a parada do proceso de electrólise.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Somos parlamentarios e estamos obrigados a falar, e a perder a voz. Creo que forma parte do traballo. É enfermidade profesional en calquera caso.



Bo tarde de novo.

O 17 de outubro do pasado ano 2018, a industria galega levaba un duro golpe. O anuncio da intención da multinacional Alcoa de pechar as factorías de Avilés e da Coruña fixo saltar todas as alarmas. Ao minuto seguinte de terse producido ese anuncio por parte da empresa, a Xunta de Galicia comezou traballar para coordinar a acción institucional. Puxémonos a traballar co Goberno do Estado, puxémonos a traballar co Principado de Asturias, puxémonos a traballar cos concellos. O conselleiro de Industria á semana seguinte estaba comparecendo neste mesmo Parlamento, e este grupo, o Grupo Parlamentario Popular, presentaba unha iniciativa, que puñamos enriba da mesa, para dar solucións a ese conflito; iniciativa que, ademais, foi consensuada cos grupos da oposición e aprobada de forma unánime. Puxémonos dende o primeiro momento ao carón dos traballadores, do mantemento dos postos de traballo, do mantemento da nosa industria.

Nestes meses levamos debatido moito sobre a situación de Alcoa. Todos os grupos trouxemos distintas iniciativas a este respecto, todos os grupos fixemos esforzos por manter algo que considerabamos fundamental neste asunto, que era manter a unidade de acción nun tema tan delicado coma este.

A todos nos invadiu, eu creo, a desesperanza de pensar por momentos que estabamos camiñando en círculos, porque había xente aos dous lados do conflito que non estaban facendo o seu traballo: dun lado, a dirección de Alcoa; e, doutro, o Goberno de España. Demandámoslle moitas veces a Alcoa que retirase o ERE para podermos gañar tempo e atopar unha solución negociada que puidese satisfacer a todas as partes. E tamén lle demandamos en moitas ocasións, en distintas ocasións, ao Goberno do Estado que exercese as súas competencias para establecer un marco enerxético estable para os vindeiros anos —empezando por executar os 150 millóns de euros consignados no orzamento do ano 2018 para compensar as empresas polo elevado custo da electricidade e a axudar así á súa competitividade—.

Unha vez máis, dende o grupo parlamentario maioritario, dende o Grupo Parlamentario Popular, queremos ser claros: non queremos que peche Alcoa, como non o quere ningún grupo político. Estou seguro de que todo o mundo coincide en que non queremos o peche de Alcoa, de que todo o mundo coincide en que non queremos que peche Ferroatlántica, nin tampouco queremos que peche ningunha das empresas electrointesivas que dan emprego a nada máis e nada menos que 5.000 galegas e galegos —como Megasa, Finsa, ou como Ence—.

Nós non somos coma os partidos que din preocuparse polo emprego e pola industria do país e logo celebran coma un presunto éxito o peche de empresas ou que outras decidan non instalarse no noso país. Nós cremos no emprego, nós cremos na industria, nós cremos nas capacidades dos traballadores galegos. E cremos que só preocupándonos dos nosos sectores produtivos podemos conseguir que Galicia sexa unha terra que teña presente e que teña tamén moito futuro.

Gustaríanos que o Goberno central compartise tamén a nosa preocupación, e nós cremos que non o fai. Non comparte a preocupación nin do Grupo Parlamentario Popular nin do resto dos grupos da oposición. Case dende a súa toma de posesión, o Goberno que lidera



Pedro Sánchez poderíamos dicir que entrou no denominado «modo avión», no caso de Pedro Sánchez é «modo Falcon». (*Murmurios.*) Sobrevoa por riba da realidade, agardando que os problemas se arreglen sos ou que os arregle outro. Ese «modo avión» supón desconectar da realidade, non asumir ningún dos problemas e dicir que: ¡Oia, estou aquí porque son o presidente do Goberno, ¿non?! Ese «modo avión» é unha auténtica ameaza para as industrias galegas, para as industrias electrointensivas.

E nós cremos que gobernar é moito máis ca iso. Gobernar non é estar no Goberno, gobernar non é estar no Goberno por estar. Gobernar é tomar decisións, gobernar é facerlles fronte aos problemas, gobernar é buscar solucións. Sen embargo, o que temos co señor Pedro Sánchez é un goberno que se converteu nun problema. Non só non ofrece solucións aos problemas que hai enriba da mesa, senón que o Goberno é en si mesmo un problema.

O Goberno de España só convocou unha poxa que cobre o primeiro semestre deste ano 2019, na que adxudicou menos bloques de 40 megavatios á industria electrointensiva e reduciu máis dun terzo, ¡máis dun terzo!, a asignación polo servizo de interrompibilidade. Deste xeito, nin sequera se executou a partida prevista para este ano. Así é que non temos enriba da mesa nin tan sequera unha solución provisional, nun momento no que non só necesitamos solucións provisionais senón que precisamos solucións a medio prazo.

E esta non é unha preocupación nova para o Goberno galego nin para a maioría parlamentaria que o sustenta. Antes do verán, en xuño do 2018, cando tomaba posesión o novo Goberno, antes incluso do anuncio de peche por parte de Alcoa, tanto o presidente Feijóo como o conselleiro de Industria transmitíronlles aos representantes do Goberno de España a necesidade de definir un marco enerxético estable, un marco enerxético que lle permita á nosa industria ser competitiva nos mercados internacionais.

Pese ao que digan os socialistas, gobernar é actuar, pero gobernar tamén é escoitar. Este Goberno da Xunta escoitou as demandas do sector industrial electrointensivo de Galicia, e estamos nunha situación de urxencia, evidentemente. E, como tal, debemos afrontar medidas do mesmo calado e debemos afrontalas da man do Goberno de España, que é quen ten a competencia para poñelas en marcha.

Polo tanto, nós traemos unha iniciativa porque cremos que neste momento hai moito en xogo en Galicia: milleiros de postos de traballo directos e indirectos, o desmantelamento de empresas que son clave para algunhas zonas con baixa industrialización e con problemas de desemprego, e a perda de factorías que sen lugar a dúbidas contribúen, e de xeito decisivo, ao noso produto interior bruto e que son tractoras da nosa economía.

Por iso este grupo non vai quedar de brazos cruzados, non vai quedar agardando que pase o tempo e que o Goberno socialista o dilapide, senón que o que queremos é actuar. Nós non estamos dispostos a ser un simple espectador, e por iso traemos hoxe unha iniciativa de apoio á xestión que vén levando a cabo a Xunta de Galicia na busca de solucións ao que pode ser un gran problema a curto prazo se non actuamos.



Traemos esta iniciativa que consta de seis puntos: o primeiro, a implantación inmediata dun estatuto da industria electrointensiva no que se deben definir os diferentes tipos con base na electricidade e nos períodos nos que se consome; o segundo, o abaratamento dos custos de transporte; terceiro, a convocatoria das axudas compensatorias por custos de emisións de CO₂; cuarto, a exención do custo regulado correspondente aos pagos por capacidade; o seguinte, a elaboración dun estudo das perdas técnicas que se soportan por parte destas industrias; e, en último lugar, a petición de que estas medidas se apliquen con carácter retroactivo dende os inicios deste ano.

Necesitamos de verdade que o Goberno abandone o «modo Falcon», necesitamos que o Goberno de Sánchez abandone o «modo avión», que o delegado do Goberno deixe de facerse fotos con camisetas e que faga o que ten que facer un verdadeiro delegado do Goberno en Galicia. E se non é capaz de facelo el, que arrime o ombro e que se sume aos que si están dispostos a traballar, para que poidamos facer e buscar solucións entre todos.

Todos sabemos que as solucións do Goberno están provocando unha tormenta perfecta no sector da industria electrointensiva, porque reduce os incentivos coas poxas eléctricas, porque incrementa o custo das emisións de CO₂ e porque non está aboando os mecanismos de compensación. Temos un goberno de brazos cruzados, un goberno que se converteu nunha parte máis do problema que ten a industria electrointensiva de Galicia.

Polo tanto, traemos unha iniciativa cunha intención: traballar xuntos, traballar unidos, se de verdade queremos apostar pola industria electrointensiva e polo mantemento dos postos de traballo que xera. Cremos que é preciso apostar por unha industria electrointensiva galega que compita en igualdade de condicións co resto de empresas de Europa. Polo tanto, nós hoxe traemos unha iniciativa con vocación de acordo, e o que lles pedimos aos deputados socialistas galegos é que elixan entre apoiar a Pedro Sánchez e a súa inacción ou apoiar as demandas dos traballadores galegos da industria electrointensiva. Ou abandonamos o modo avión, o modo falcon, ou a industria electrointensiva sufrirá graves consecuencias. E, polo tanto, como estou seguro de que todos os que formamos parte desta Cámara, todos os que representamos o pobo galego, estamos tremendamente preocupados pola industria electrointensiva de Galicia, estou seguro de que seremos capaces de chegar a un acordo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Tellado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Eu teño que dicirlle, señor Tellado, teño que confesarlle, que a verdade é que o Partido Popular non deixa de sorprendeme, e xa non só porque vostede viñera así cun ton máis calmo —imaxino que, en parte, motivado polo estado da súa gorxa—; o certo é que non deixan de sorprendeme, e a cuestión é que non deixan de sorprendeme para mal. Porque eu non



acredito no exercicio da absoluta hipocrisía que vostede acaba de vir facer aquí. Estamos nun momento de absoluta crise na industria galega, non só na industria electrointensiva, e vostede vén aquí actuar cunha frivolidade coma se non viñeran de destruír, coa súa falta de política industrial, máis de 8.500 postos de traballo no último ano (*Aplausos.*) Así que vou facer unha especie de *Google translator* e explicar o que vostede acaba de vir facer aquí, para quen non estea tan metido no tema como, se callar, as persoas que estamos na Comisión de Industria.

Isto que teño eu aquí, na miña man, é a misiva que o señor Conde remitiu aos grupos parlamentarios, entre outros axentes, o pasado día 8 de xaneiro de 2019, hai vinte e dous días. E é exactamente a proposta que vostedes nos traen. É dicir, hai vinte e dous días o conselleiro de Industria unilateralmente enviou unha proposta a Madrid, á que, por certo, non lle fixeron nin caso. E, en lugar de render contas aquí de por que non lle fixeron ningún caso ou de traer novas propostas ou de ter feito anteriormente algo en conxunto connosco, veñen aquí dicirnos que lles aplaudamos a fracasada estratexia do señor Conde. (*Aplausos.*)

Iso é o que acaba de vir facer vostede aquí, señor Tellado, dicíndonos —iso si, revestido dunha retórica que case me emociona— que traballemos xuntos e unidos, si, e tamén que non quedemos cos brazos cruzados. Pois vostedes, para non quedar cos brazos cruzados con este tema, están un pouquiño vagos, señor Tellado. Por riba, xustifican a urxencia da súa iniciativa dicindo que, diante desta crise, o Parlamento ten que tomar posición. Pero é que, mire, señor Tellado, este Parlamento hai tres meses que tomou posición cun acordo de mínimos no que todas as partes cedemos, no que todas as partes cedemos, e que vostedes incumpriron. (*Aplausos.*)

¡Si, si, si, efectivamente! Trouxérono vostedes, porque vostedes tiñan información e sabían, xa antes de que Alcoa anunciara oficialmente o peche, o que ía pasar; porque incorporaron esa iniciativa á orde do día antes do anuncio oficial, señor Tellado, ¡que todos nos coñecemos! A cuestión é que todo o que non estiveron facendo antes é o seu traballo previo. E vostede, se cadra, debería tomar nota dos consellos que lle están dando por alí, por Ourense, e tomar un pouco de conciencia de que teñen que facer algo máis que pensar na foto, que pensar no *selfie* (*Aplausos.*), e facer algo máis que pensar nos insultos, efectivamente. Porque vostede o que quere de hoxe é unha foto cos grupos da oposición facendo que fan, e que avalemos a súa política de facer que fan cunha iniciativa que xa foi trasladada ao Goberno central como unha posición unilateral. Iso é o que queren vostedes. E nós non estamos dispostos e dispostas a facerlles de coartada. Polo tanto, presentamos unha serie de emendas para mellorar a súa iniciativa. E apelamos, unha vez máis, en primeiro lugar, a que dean explicacións e constitúan esa mesa plural á que se comprometeron, onde a parte social tamén estea representada, e non o que levan feito neste tempo, que é a unilateralidade e nin sequera responder ás propostas que emanan deste país. Porque eu recórdolle que o sindicato maioritario —aínda que lles proa— deste país, e tamén da industria electrointensiva, trasladoulle ao señor Conde hai moito tempo unha proposta —na que ademais hai cuestións que están en común coa que vostede hoxe traslada aquí—. E nin sequera lles contestaron, ¡nin sequera! Foron recibidos en Europa por un señor do Partido Popular e vostedes nin sequera lles contestaron en Galiza. (*Aplausos.*) Ese é o saldo do que ten que render contas hoxe aquí, señor Tellado. (*Aplausos.*)



Con todo, hai algo que eu comparto con vostede. A nós gustaríanos que o Goberno central se comprometese realmente con Alcoa e deixara de ser tamén parte do problema. Pero a min tamén me gustaría que o Goberno galego exercera como tal, porque vostedes teñen unha actitude na que, claro, teñen a quen botarlle a culpa e entón miran para outro lado. E pídenos vostede que teñamos valentía. Pois nós pedímoslle o mesmo e por iso melloramos a súa proposta. Porque vostedes, no que nos lanzan, non aclaran nin quen o vai pagar —que nós entendemos que teñen que ser os orzamentos xerais do Estado e non os consumidores e consumidoras—. E tampouco aclaran que debe estar vinculado todo coa fixación do emprego e o desenvolvemento dalgún tipo de plan industrial. Por iso na nosa emenda, diante deste momento no que estamos —xa que, se nos próximos días se para o proceso de electrólise, vai ser moi difícil atopar un comprador ou compradora—, pedimos que incorporen a parte social ás negociacións. Pedimos que defendan a mudanza do sistema de poxa de interrompibilidade e que o vinculen ao mantemento do emprego. Iso exixíámosllo a vostedes hai uns meses, aínda que votaban en contra; e seguímosllo exixindo ao señor Sánchez, señor Tellado. Porque nós non nos casamos con ninguén.

Pero entendemos que hai que dar máis pasos adiante e que, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...aínda que hai cuestións, como o estatuto da industria electrointensiva, nas que concordamos e que xa temos votado a favor noutras ocasións, hai que ir máis alá. Para comezar, tamén é hora de que lle pidan con valentía desde Galiza ao Goberno central que levante o veto á intervención pública.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Insistimos, non podemos seguir con esta política de avestruz que están practicando desde a Xunta de Galiza...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...na que non queren escoitarse nada máis que a si mesmos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e que veñamos aquí aplaudirilles. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.



A verdade, señor Tellado, é que non sei se recorda o rei emérito cando dixo aquel vehemente «¿por qué no te callas?». Recorde tamén que despois acabou dicindo, con aspecto compunxido, «no lo volveré a hacer». (Aplausos.) Eu recoméndolle, de verdade, que modere o imperativo. (Aplausos.) Eu, que tamén teño un certo carácter, pois podo entendelo. Pero, en todo caso, creo que moderar o imperativo é bo.

Mire, o Goberno de Pedro Sánchez fixo unha cousa: a través dun mecanismo perfectamente constitucional apartou un goberno afogado na corrupción. E só por iso paga a pena, ¡só por iso paga a pena, señor Tellado! (Aplausos.)

E fago algunha outra matización tamén. Resultoume entenedora a súa expresión de que «gobernar é escoitar». Eu recordo o de «¡que se jodan los parados!», cando a taxa de desemprego era do 25 %. Desde logo, escoitar, sen ningunha dúbida. E a verdade é que non debería probablemente dicilo, pero non podo resistirme: eu comprendo que lles moleste o Falcon e o Airbus 310, pero, miren, entre un Falcon ou un Airbus 310 do exército do aire para viaxar e un iate dun narcotraficante teño moi claro onde ten que ir o presidente dun país. (Aplausos.) ¡Téño absolutamente claro! (Aplausos.)

Falou vostede tamén de camisetas. Eu, na anterior intervención, falei de Rueda e Andalucía, falei do presidente e os lumes. E agora toca falar de industria, claro. Antonte, o conselleiro de Industria dixo unha destas frases entenedoras ás que nos ten acostumados: «Rajoy fue sensible con las fragatas F110». Equivocouse, Rajoy foi sensible coa conta de resultados da empresa do ministro Morenés, ¡claro! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Se son un difamador, ao xulgado; se son un difamador, ao Supremo ou ao TSJ, que creo que é o que toca. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Vale! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, está... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pódese ir ao TSJ. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Ten outro turno vostede despois. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) Correcto.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E tamén me resulta entrañable o das camisetas. Eu recórdoo a vostede, lexitimamente —a min non me gusta moito poñelas porque xa cun certo sobrepeso..., en fin, por esa razón estética exclusivamente, non política—, recórdoo a vostede tamén con camiseta, si, de Navantia. (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Si, si, perfectamente! Outra cousa é que non se acorde, pero si... (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) ¡Si, si...!

E entón nesta iniciativa —fíxese o que lle digo—, despois de todas estas matizacións, voulle dicir que, independentemente de que acepten a emenda —e eu creo que deberían aceptala porque eu creo que poñer todo o foco do problema no Goberno de España pois é moi cómodo porque teñen maioría absoluta pero algo podería facer o Goberno galego ademais de coordinar, como dixo vostede; porque coordinar está moi ben, pero hai competencias, e logo, se me dá tempo, dalgunha falarei—, pois estaría ben, primeiro, que tomaran conciencia de que



o problema vai máis alá de Alcoa e da enerxía. Porque o problema de desindustrialización de Galicia é moito máis intenso que no conxunto de España. E iso non será culpa do Goberno de Pedro Sánchez.

Quérolle recordar o dato da EPA publicada onte. Mentres que no conxunto de España se perderon no último ano 3.000 ocupados no sector industrial —no conxunto de España—, só en Galicia perdéronse 3.600. Só en Galicia perdéronse 3.600 ocupados no último ano mentres que en España se perderon 3.000. Mesmo a facturación da produción industrial diminuíu, desde que governa o señor Feijóo, nun 10 %. Polo tanto, hai un problema obxectivo de desindustrialización. E vostedes mesmos —vostede, señor Tellado— asinaron unha emenda na Comisión 6ª na que pon que «o Parlamento de Galicia insta o Goberno do Estado a que, en colaboración coa Xunta de Galicia, promova medidas de política industrial» —sobre Alcoa é o tema—. Eu o que fago na miña emenda é exactamente plantexar esas medidas de política industrial que debería acompañar a Xunta de Galicia ao que é a política industrial do Goberno de España. E é bastante sinxelo, porque, efectivamente, hai un problema de prezos da enerxía en Alcoa, pero a propia empresa recoñeceu que non é só un problema de prezos da enerxía, xa que hai un problema en termos de innovación, que hai un problema en termos de formación; é fin, que hai un problema en termos de tecido industrial do sector metalmeccánico no seu conxunto.

E, fronte a iso, eu quero ler a memoria dos orzamentos da Xunta de Galicia dentro das competencias: «Promover a elaboración de disposicións para o establecemento e desenvolvemento da xestión da política enerxética; fomentar a participación en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas; fomentar a participación e a implantación de sistemas de produción da enerxía baseados en recursos endóxenos; fomentar a participación das empresas galegas nos programas enerxéticos da Unión Europea». ¡Oia!, iso son competencias da Xunta de Galicia recoñecidas nos seus orzamentos. Polo tanto, non sei se vai aceptar a emenda ou non, pero a min gustaríame saber... Gustaríame saber, non, ¡seino! Vostedes agora póñense á palestina, de radicais alternativos, porque non gobernan en Madrid. Pero este é un problema que non é só do Goberno de España...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...señor Tellado, como vostede ben sabe.

E eu quero recordar o que dixo o señor Conde na anterior crise de Alcoa no ano 2016. Escribiu —porque foi nun xornal— que a Xunta de Galicia sempre estaría aí para o que Alcoa necesitase. E eu quero saber —a verdade é que o preguntei con pouco éxito— o que necesitou, o que pediu...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e o que se lle deu dende o Goberno de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Porque —insisto— foi o señor Conde...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...o que escribiu...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que Galicia sempre estaría...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Cando estamos falando de acordo, de consenso, a realidade é que a Xunta de Galicia impulsou unha mesa de traballo unicamente coas empresas que todos os medios de comunicación en Galicia denominaron «o lobby galego das electrointensivas». Este tipo de mesa de traballo claramente incumpre o acordo unánime que se tomou neste Parlamento. Parece ser que a Xunta de Galicia fala dunhas cousas neste Parlamento e despois o Goberno fai o contrario, ou sexa, reúnese exclusivamente coas empresas do lobby electrointensivo.

E, claro, evidentemente, tal e como estaba conformada a mesa, así saíron as conclusións. E as conclusións desa mesa son as que directamente o Partido Popular, o Grupo Popular, traslada a esta PNL. E, claro, é evidente, o lobby —como é natural— pide compensacións, axudas, redución de tarifas, exención de custos, etc. Pero, polo que se ve, o Goberno da Xunta —que di defender os traballadores destas empresas e que debería ter un plan industrial sustentable para Galicia— non propuxo nada nesa reunión. Porque non hai ningunha aportación neste senso na proposta non de lei e no comunicado que nos enviou o conselleiro posteriormente a esa reunión co lobby. Só aparecen os asuntos de interese destas empresas, polo que para nós está clara a posición do Partido Popular e os intereses que de verdade defende e que explicita hoxe aquí de maneira moi nítida. E así suceden as cousas como a que está a acontecer en Ferroatlántica e en Cee, das que falaremos esta tarde. A ver se de verdade a Xunta de Galicia actúa non só tendo en conta a posición das empresas.

E, por suposto, todas estas peticións, todas estas solicitudes do lobby, cárganse ao Estado e ao sistema eléctrico; é dicir, a todo o resto dos consumidores eléctricos e a todos os cidadáns. Ningunha medida que combata a base do problema: o espolio das empresas eléctricas que determinan unha das tarifas máis caras de Europa. Porque este é o verdadeiro problema que hipoteca o futuro non só das electrointensivas senón de toda a industria, e que afoga os fogares e que os leva á pobreza enerxética. Ou sexa, as eléctricas a seguir forrándose, e os cidadáns, a través dos seus impostos, ou os consumidores, a través do recibo da luz, a pagar. E todo iso sen ningunha garantía para o emprego e para o mantemento industrial das plantas, e sen ningunha contrapartida social



e de plans industriais. Parece que nesa reunión o conselleiro se olvidou de todo isto. Olvidouse de quen vai pagar todo isto e de que contrapartida social debería ser implícita para que, tanto os cidadáns, a través dos impostos, como os consumidores, a través do recibo da luz, lles dean estes centos, ou a veces máis de mil millóns, de euros que van por todos os conceptos.

Polo tanto, desde de En Marea estamos de acordo coas medidas que propón a PNL cunha modificación no punto 1. Porque, tal e como está redactado o punto 1, aínda que recolle unha proposta que leva dous anos plantexando En Marea, o que pasa é que a recolle mal. Porque falan de establecer diferentes niveis de electrointensivas, pero falan en función da intensidade do seu consumo. E isto non é o importante, o importante non é se se consome moito ou se se consome pouco. O importante é que parte do custo eléctrico, que parte, supón sobre o total de custos. Ou sexa, igual de importante é a interrompibilidade para unha empresa que consome moito —e que ese moito é moito respecto dos seus custos— que para outra que consome menos pero que a parte proporcional sobre os seus custos tamén é moi importante. Esa é a diferenza. Iso foi polo que baixou a poxa de interrompibilidade, non foi porque o Goberno baixara... Non baixou, o Goberno non baixou o orzamento. Foi que entraron empresas que non necesitaban da mesma maneira a interrompibilidade que ofertaron máis baixo; ou sexa, foi un problema do tipo de empresas que entraron na poxa. Iso é o que estamos de acordo que hai que modificar, pero —xa digo— tendo en conta o que nós plantexamos na nosa emenda.

Posteriormente, poderíamos aprobar todo iso, pero sempre e cando estiveran as garantías e as contrapartidas. Esas garantías e esas contrapartidas van nos sete puntos que engadimos á súa proposta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Se de verdade están de acordo en cumprir o acordo que tivemos de todo este Parlamento, deberían aprobar todo o resto de puntos. Porque non pode ser —xa digo— que os cidadáns e os consumidores de electricidade paguen e non haxa ningunha garantía. Se non hai esas garantías que van no resto das nosas propostas, En Marea non poderá apoiar esta proposta tan sesgada, esta proposta que só mira polos intereses do lobby das empresas electrointensivas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Moito cambiaron as cousas para algúns, que están *mansitos*, dóciles, ante o Goberno de España; uns porque cohabitan con eles nas deputacións ou alí onde poden, e outros porque os levaron á Moncloa. Polo tanto, agora vemos un discurso compracente, están aburguesados vostedes, están aburguesados. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, son dóciles compañeiros do Partido Socialista. Todo lles parece moi ben.



Eu, señora Presas, agradézolle a recomendación sobre Ourense. Comprenda que non lla teña en conta, porque vostedes non están para presumir en Ourense, que non teñen nin sequera un concelleiro.

Mire, frivolidade é mezclar a tarifa eléctrica galega e non sei que, e levar a ascua á súa sardiña, como fai sempre o BNG cos problemas. Mantéñanse vostedes con ese entreguismo ao Partido Socialista e supoño que seguirán nesa progresión tan importante. E coas Mareas ocorre o mesmo. ¿Como van criticar as Mareas o Goberno de Pedro Sánchez por non facer nada en favor da industria electrointensiva se o levaron ao Goberno, á Moncloa, se o levaron co seu apoio parlamentario? E, polo tanto, vostedes vaian á Coruña e explíquenlles aos traballadores de Alcoa, a esas 400 familias, que vostedes están do lado de Sánchez; e que nisto de Alcoa, pois, oia..., o Goberno de España está para outras cousas, ¿non?

E logo quería responderlle ao delegado de Vigo no Parlamento de Galicia, ao señor Losada, porque, mire, está moi feo esconderse detrás da inviolabilidade parlamentaria para dicir cousas que non se deben dicir se un non ten probas. Vostede está instalado na difamación covarde permanente, permanente, que é impropia dun parlamento serio. Vostede preferiu falar de todo menos de Alcoa e da industria electrointensiva. (*Aplausos.*) E iso é non respectar os traballadores galegos, iso é faltarlles ao respecto.

Eu entendo que é moi difícil ser do Partido Socialista en Galicia, porque ser do Partido Socialista en Galicia hoxe é dicir que 6 é máis que 10 cando se fala de orzamentos xerais do Estado. É moi difícil ser do Partido Socialista en Galicia.

Mire, o que é evidente é que estamos na situación na que estamos pola inacción do Goberno socialista, que está convertido nun auténtico problema para a industria electrointensiva de Galicia. E a aquí podemos vir a buscar solucións ou a poñer excusas de mal pagador. Esa é a situación na que están vostedes, o Partido Socialista de Galicia, e os seus cómplices necesarios ou tontos útiles —como din vostedes ás veces—, que os apoian e os respaldan; uns porque cogobernan con vostedes en concellos ou nas deputacións —que queren suprimir—, e outros porque os apoian no Congreso dos Deputados. Esa é a realidade. Mire, aquí hai que elixir: ou están cos galegos, cos traballadores da industria electrointensiva, ou están con Pedro Sánchez e ese goberno que vive en modo avión, modo Falcon. Vostedes, cando falan, demostran onde están.

Este goberno, señorías, é unha ameaza, é unha ameaza para a industria. Este goberno é unha ameaza para a automoción. Xa hai problemas na automoción. Este goberno é unha ameaza para o sector naval —de entrada, nove meses de retraso para as fragatas F110 atribuíble a este goberno—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Sobre as emendas, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Este goberno é unha ameaza para as centrais térmicas. Xa conseguiron pechar Meirama e queren pechar As Pontes tamén. E este goberno é un auténtico problema para a industria electrointensiva. Non conten con nós para a compracencia.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas...



O señor TELLADO FILGUEIRA: A nosa proposta está consensuada co sector, coas industrias electrointensivas, representa os seus intereses e, polo tanto, non estamos de acordo coas emendas presentadas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Se non poñen obxección, votamos soamente co enunciado para que non lea eu todo o texto.

Entón, comezamos votando a proposición número 1, que é do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Prado Cores, que si acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Pazos Couñago.

Estaba pendente de se había unha transacción co Bloque Nacionalista Galego (*Pausa.*) A outra emenda non foi aceptada. ¿Hai transacción? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Déanlle voz ao escano.

O señor PAZOS COUÑAGO: Efectivamente, a de En Marea non foi aceptada e ofrecemos ao BNG incorporar a súa como emenda de adición. Non sei se están de acordo.

O señor PRESIDENTE: Non aceptan.

Votámola, entón, tal e como está.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para favorecer o esclarecemento do accidente ocorrido no marco do festival O Marisquiño na cidade de Vigo.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 14; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a número 3, que é do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Sánchez.

(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)

Déanlle voz ao escano do señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Gustaríanos solicitar a votación separada dos puntos 4 e 5 da proposta.

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptao, señor Sánchez?

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Pode miralo. (Murmurios.)

Non acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a execución dun proxecto deportivo e comercial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: As que se debateron de xeito conxunto ¿podemos votalas de xeito conxunto? ¿Teñen inconveniente? ¿Non hai inconveniente? *(Pausa.)* Nisto ten que haber unanimidade. ¿Estamos de acordo?

En concreto, votaríase a proposición número 4 e a número 6, que foron debatidas de xeito conxunto. Non se acepta en ningunha das dúas a emenda do Grupo Parlamentario Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)*

Pois se non se está de acordo, hai que votar primeiro a do Grupo Parlamentario de En Marea. Votamos, primeiro, a de En Marea, porque así foi rexistrada.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dignificar a atención primaria da saúde e as súas profesionais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora, por orde, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón, que dixo que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e que si aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea. E solicitou votación por puntos.*

¿Solicitou vostede a votación por puntos, señora Pontón? Son tres puntos. (A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

E como adición, a de En Marea. Perfecto. Ben, votamos os tres puntos... (A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Son catro. Entón votamos primeiro a de adición e despois votamos os outros puntos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votamos, entón, primeiro o punto número 1. Imos comezar polo principio, primeiro o punto número 1. (Pausa.)

Temos que repetir a votación, porque a señora Pontón aceptou a emenda de En Marea, acepta a emenda de En Marea como adición. Entón iso xera outro punto e pide que se voten por separado os tres puntos dela, da súa proposta. (Murmurios.) Ben, os catro, pero a proposta ten tres puntos. Entón agora estíbese votando o punto número 1 da emenda do Bloque. (Murmurios.) Perdón, da proposta, da proposta, que estou eu agora xa liado.

Votamos o punto número 1 da proposta do Bloque Nacionalista galego.

Votación do punto número 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto número 1 do texto transaccionado desta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos o punto número 2.

Votación do punto número 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto terceiro.

(Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Houbo un erro. Parece ser que houbo un erro de comunicación. Repetimos a votación do punto número 3. Votamos. Houbo un erro, iso pásalle a calquera.

Votación do punto número 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos un cuarto punto, que inclúe a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación do punto número 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 4 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado, que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o deseño e a implantación por parte da Xunta de Galicia



dun plan extraordinario de recursos humanos para a atención primaria 2019-2020 no Sistema galego público de saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Otero, que acepta, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a emenda do primeiro punto, como emenda de adición, e non acepta as outras, nin a do Partido Popular nin a do segundo punto.*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e catro deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia de iniciativas que axuden a retomar a negociación do V Convenio colectivo marco do Grupo Endesa

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Tellado Figueira, que non aceptou as emendas.*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e dez deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta de establecemento dun marco eléctrico estable e un prezo eléctrico competitivo ás empresas electrointensivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *E agora temos que reanudar a sesión. E agora vén o de sempre. Con este horario, ¿a que hora volvemos? Son as tres e media pasadas. ¿Ás catro e media? ¿Ás cinco menos cuarto? (Pausa.)*

Ás cinco menos cuarto.

Suspéndese a sesión ás tres e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e sete minutos da tarde.



O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión co punto de interpelacións.

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde aos poucos e poucas que estamos hoxe aquí. Boa tarde, conselleira, e benvida a secretaria da Asociación de Empresarios Veterinarios de Galicia.

E non é sobre animais de Galicia, é sobre animais de compañía de Galicia. Un animal é un ser orgánico, que vive, sente e que se move por si mesmo; e un animal de compañía, que é do que vai a Lei 4/2017, é un animal que pertence a unha especie que está acostumada a vivir coas persoas, co ser humano.

E non sei se recordan un anuncio dun xogo que se chama *scattergories*, que dicía: «*Vale pulpo como animal de compañía*». Valía o polbo como animal de compañía. Pois, se vale o polbo, tamén ten que valer ao mellor o raposo como animal de compañía. O raposo non está protexido como especie cinexética específica. A Lei de caza permite as súas batidas, pero non hai datos oficiais sobre a densidade de raposos, sobre cantos hai, nin tampouco sobre as necesidades de controlar a súa poboación. E o raposo, segundo a Sociedade Galega de Historia Natural —que cremos nós que é unha entidade con suficiente prestixio como para ter en conta no mundo do medio ambiente, e sobre todo en relación co mundo do equilibrio natural—, ten un importante papel sanitario e ten un importante equilibrio ecolóxico na nosa comunidade. A Lei de caza fala precisamente de facer a caza compatible co equilibrio natural. Pois nós cremos que quizais vostedes deberían facer un estudo sobre a necesidade das batidas do raposo —para que sexan compatibles co equilibrio natural— e deixar de promover as batidas, que se están a reproducir polo país.

Pero hoxe non imos falar da Lei de caza, imos falar da Lei 4/2017, que entrou en vigor o día 11 deste mes, deste mes do ano pasado, o 11 de xaneiro do ano 2018. É unha data importante, debemos quedar con ese día polo que contarei logo, porque vostedes son os que están a incumplir a súa propia lei. Hai dificultades no cumprimento, hai incumplimento reiterado no tempo, e ademais sen control, por parte do Goberno. E ademais —e de aí a data do 11 de xaneiro de 2018— non hai un regulamento de desenvolvemento da Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Eu vou ler a súa disposición final primeira, que di que o Consello da Xunta se habilitaba, dende o Parlamento, a ditar as disposicións de desenvolvemento necesarias no prazo máximo de doce meses dende a súa entrada en vigor. E os doce meses pasaron o día 11. Aínda estamos a esperar o regulamento. E isto non é unha cuestión que non importe, porque iso plantexa moitos problemas para moitos colectivos; tamén para os empresarios veterinarios, por exemplo.



Primeiro voules falar das dificultades de por si do seu cumprimento, e voume centrar precisamente na actividade empresarial veterinaria, nas canceiras e nos criadores de animais.

As persoas que se dedican a desenvolver a actividade empresarial veterinaria teñen problemas, moitas dificultades, no cumprimento, por varias cuestións. Os animais de compañía — todos os animais, pero especialmente os animais de compañía — requiren unha axeitada atención veterinaria porque conviven con persoas, conviven nos seus domicilios. Cantas máis visitas haxa ao veterinario máis saúde haberá nos domicilios; e, ao revés, cantas menos visitas máis risco para a saúde das persoas.

E quero poñer unha pica en Flandes, ou facer referencia a algo que dende estas bancadas nalgũa comisión vostedes chamaron «os orzamentos da aldraxe». Porque no proxecto de orzamentos xerais do Estado hai unha baixada, unha proposta de baixada, do IVE veterinario do 21 % ao 10 %. Co anterior presidente, o presidente Mariano Rajoy, que era o seu goberno amigo, mantívose o IVE no 21 %. E iso afecta as persoas dedicadas á empresa veterinaria, pero tamén afecta as persoas que teñen animais de compañía, evidentemente, e que os levan ao veterinario. Vostedes mantiveron o IVE no 21 % e agora hai unha proposta do 10 %. E vostedes por onde van din que baixan impostos. En Andalucía acábano de facer co imposto de sucesións, que queda eliminado. Pois, se é así, estaría ben e sería un bo motivo para que vostedes votasen a favor dos orzamentos xerais do Estado, porque iso é unha baixada de impostos. *(Aplausos.)* E non poucas persoas teñen animais de compañía na súa vivenda.

As persoas que se dedican á empresa veterinaria teñen uns centros veterinarios que son núcleos zoolóxicos, e a lei obrígaos a determinados requisitos segundo se desenvolva regulamentariamente. Especificamente remítese a un regulamento que, como acabo de dicir, aínda non existe. Entón teñen que botar a súa imaxinación a traballar e facer o que poden coa posibilidade de que nalgún momento exista algún tipo de sanción por parte do Goberno.

Son unha profesión sanitaria, e os criterios sanitarios non están na lei do ano 2017. A propia lei non obriga a que existan veterinarios nas canceiras, nas protectoras; non sabemos se o regulamento vai desenvolver esa opción.

Expíden receitas ás veces, porque hai medicamentos que teñen que ter receita, e tampouco vén especificado na lei.

Ademais, unha das cuestións que plantexa máis problemas é o artigo 15 da lei, que se refire á eutanasia: «A eutanasia animal será prescrita e realizada por un profesional veterinario». Iso é o que di a lei. Pero, claro, de novo remítese a un regulamento, que determina os métodos autorizados para practicar esa eutanasia, e non hai regulamento — de momento, polo menos —, incumprindo a lei, porque a lei establecía un prazo máximo de doce meses, e lembro que rematou o día 11 de xaneiro.

Claro, levan máis dun ano practicando eutanasias, por necesidade ou por obriga, sen ter unha norma que os ampare, en canto aos métodos autorizados, por parte do Goberno da Xunta de Galicia e da súa consellería.



Logo están as enfermidades animais que se transmiten ás persoas, e das que nos está alertando a Oficina Internacional de Epizootias —a rabia e a leptospirose especificamente—. Hai casos en Galicia, como o recente dun morcego autóctono que trabou a unha muller en Lugo. E vostedes miran para outro lado. Os veterinarios alertan da posibilidade da rabia e vostedes miran para outro lado e non fan nada.

E teñen dificultades de cumprimento as conceliras tamén, e vou explicar por que. Son os concellos os que teñen a obriga de protexer os animais domésticos que estean abandonados e ter conceliras ou ter sitios onde levar os gatos. Porque o di a lei no artigo 22. Vostedes, o ano pasado —teño por aquí a resposta—, en oito meses deron unha subvención de 100.000 euros —para os meses de xaneiro a agosto de 2018, oito meses—. A Fegamp di que cada concello en Galicia o que vai necesitar, o custo anual, será de entre 50.000 e 200.000 euros, e temos 313 concellos en Galicia. Esta cantidade que vostedes deron dá para dous como moito. A Fegamp propón que sexan as deputacións e os concellos os que se fagan cargo da xestión das conceliras, e que vostedes se fagan cargo dos investimentos. Porque os concellos —e vostede sábeo ben porque foi alcaldesa dun concello relativamente pequeno— non teñen medios suficientes para cumprir esta lei. O cumprimento é practicamente inviable.

E teñen dificultades os criadores dos animais, porque o artigo 14 da lei fala tamén, remitíndose ao regulamento, do procedemento para autorizar, por exemplo, exposicións caninas, e tamén dos requisitos que teñen que ter os animais que veñan a esas exposicións. Non hai regulamento e, polo tanto, a arbitrariedade administrativa está aberta —para o efecto de impoñer sancións, claro—.

Ademais, vostedes incumpren a propia lei do ano 2017. E ¿por que o digo? Non sei se as persoas que estamos aquí lembran que na Estrada, no mes de agosto, cinco cans atacaron unha muller de 85 anos, que case a matan. Entrou en urxencias e foi operada de urxencia. Estes cans eran propiedade dun veciño da zona, que ten unha finca de máis ou menos 5.000 metros cadrados, e campaban pola finca pero tamén fóra da finca de maneira libre. Vostedes tiñan denuncias do Seprona comunicadas á Consellería e comunicadas ao Concello da Estrada —os dous están gobernados polo Partido Popular—, e non fixeron nada dende o ano 2016 —porque estes cans xa atacaran outros animais—. A lei establece obrigas para os concellos pero tamén establece unha obriga para a propia Consellería, que ten a obriga de inspeccionar, controlar e vixiar o cumprimento da lei. Se non a cumpren, dificilmente van controlar que sexa cumprida. Tivo que intervir o xulgado para que vostedes moveran ficha pola desgraza de que esta señora fose atacada polos cans, porque tanto o Concello coma vostedes sabíano, porque o Seprona remitira os informes. Non sabemos onde acabaron.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Vou rematando, presidente.

Iso si, o alcalde da Estrada foi capaz de ir alí a facer unha foto no momento do comiso dos cans, despois de meses esperando a que vostedes movesen ficha.



Conselleira, vostedes incumpren a súa propia lei, e non hai regulamento. Acabamos de rexistrar unhas iniciativas para pedir precisamente que saquen o regulamento dunha vez, pero dun xeito participativo e aberto aos cidadáns, porque é imprescindible. A pregunta vai fundamentalmente sobre se vostedes están a cumprila ou non. Nós cremos que non, e estes son os motivos. E agardamos a súa resposta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Antes de que responda a conselleira, saudamos os alumnos e alumnas de 4º da ESO do IES Ramón María Aller Ulloa, de Lalín, tamén os seus profesores e os invitados que hoxe nos acompañan na tribuna.

Agora si, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas, e de xeito especial a estes mozos e mozas, que estou segurísima de que están máis que concienciados co benestar animal e cos animais de compañía. Se pediramos que levantaran o dedo se teñen algún can ou gato na casa, seguro que non só teñen un senón varios. E poderíannos dar leccións, señora Vilán, de como temos que protexer os nosos animais. E ás veces tamén nos poderían dar leccións de como debemos comportarnos no Parlamento.

Dígoo, porque ao principio vostede estaba facendo unha introdución e eu estaba mirando a ver se me equivocara na interpelación que hoxe vén aquí, ou na pregunta que vostede me formulaba. E decateime de que non, decateime de que hai un empresario do sector, e polo tanto paréceme moi loable que vostede pois se dirixa e polo tanto diga que están preocupados por este sector. Pero en realidade quen quitou a Lei de benestar de animais de compañía pois foi o Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Ben é certo que tiveron a oportunidade de contribuír e, polo tanto, de facela enriquecedora, o mellor posible, para chegar a cada recuncho. Pero tamén é ben certo que, cando se lles dá a posibilidade, pouco fan. Se ben é loable que tamén pidan e nos insten a desenvolver o regulamento.

E eu tiña unha interpelación, unha pregunta, e esa pregunta é a mesma, señora Vilán —e polo tanto eu tamén lle agradezo que a argumentación sexa distinta— a unha formulada hai exactamente tres meses, que se contestou por parte da Consellería de Medio Ambiente e que foi na Comisión 2ª —en concreto a través da directora xeral de Patrimonio Natural—. É a mesma, calcada, aínda que a señora Vilán colle e di que non. Pero, se quere, despois mostrámola para que vostede vexa se é así ou non.

Eu entendo que quedou sobradamente explicado o acontecido no caso da Estrada, que ao final se quere ligar un concello co Goberno da Xunta. E paréceme moi ben, pero de cando en vez tamén fale cos concellos que gobernan vostedes. Porque ao final os problemas acaban



sendo os mesmos, e as accións dos alcaldes tamén acaban sendo as mesmas. Aínda así, dí-golle que, por parte da Consellería de Medio Ambiente, por parte da Xunta de Galicia, se está facendo unha correcta aplicación da Lei de protección e benestar dos animais de compañía, un texto impulsado por este Goberno na actual lexislatura que, tal e como vostede dicía, o día 11 de xaneiro cumpriu un ano.

Por iso me gustaría comezar deixando claro —como non pode ser doutro xeito— que o Goberno galego está aplicando estritamente a lei dende a súa entrada en vigor; unha lei que —como xa sabe— actualiza unha normativa con máis de vinte anos de vixencia e que naceu pola necesidade de dotar Galicia cunha lei máis exixente dende o punto de vista sanitario, por un lado, e dende o punto de vista ambiental e de benestar, respectando os animais. Pero iso tamén leva consigo as obrigas para os propietarios e para os seus cuidadores. Dá resposta a un sentir maioritario da sociedade galega, que busca dar tamén respostas ás demandas da cidadanía ante a problemática do abandono e do maltrato animal. Equipara a normativa galega á doutras comunidades e estados europeos, e conta cun triplo obxectivo: non ao sacrificio, a loita contra o maltrato animal e non ao abandono dos animais. En resumo, é unha lei das máis avanzadas do Estado, que fomenta, ademais, a adopción dos animais e a concienciación de toda a sociedade; e que tamén endurece as sancións previstas apostando por unha tenza responsable dos animais de compañía. Os animais de compañía non son mascotas que hoxe se poidan ter e mañá xa non interesan, coma se foran un xoguete, e, polo tanto, que acaban abandonados. Sen dúbida ningunha, o principal instrumento para prever o abandono e o maltrato animal acaba sendo esta lei.

E igual que non podemos ter unha mascota e abandonala, o que non podemos ter é unha morea de animais sen control nunha finca e que ao final haxa un problema de seguridade. Pero pode que haxa xente así, e, polo tanto, aí está a lei para ampararnos a todos. ¿O obxectivo? Evitar casos como o que aconteceu o pasado verán na Estrada —ao que vostede fai referencia ao final—, que poñen en perigo a saúde e, efectivamente, case que a vida das persoas, e que ao mesmo tempo afectan o benestar dos propios animais.

En relación con este caso en concreto, señora Vilán, infórmoa de que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda recibiu en agosto do ano 2018 varios escritos nos que se falaba de incidentes; nos que un grupo de cans descontrolados, efectivamente, atacaron unha veciña deste municipio. E tal e como establece a normativa, unha vez que se recibiron as comunicacións, dende a Xunta fixéronse todas as comprobacións que se consideraron necesarias para actuar en consecuencia. Por iso se abriu a través da Xefatura Territorial de Pontevedra un expediente sancionador ao propietario dos cans. Foi durante a instrución deste expediente, e ante a gravidade desta situación denunciada, cando se decidiu decretar unha medida cautelar de comiso destes animais. Algo que, como xa sabe, é unha medida que está prevista na Lei de protección e benestar dos animais de compañía, que ten como obxectivo principal garantir a saúde pública e tamén o benestar animal. Deste xeito —e con datas 26 e 29 de outubro de 2018, e coa imprescindible colaboración do Seprona e da Policía Local da Estrada— procedeuse a incautar un total de oito animais que se atopaban dentro da propiedade do denunciado. Concretamente comisáronse catro cans nunha destas xornadas; os primeiros a través da aplicación da orde de comiso e os outros catro últimos de xeito voluntario entregados polo propietario. Como tiñamos sospeitas de que había indicios suficientes de que podía haber



máis cans, e ante a negativa do propietario a entregalos de forma voluntaria, solicitamos nós, señora Vilán —porque parece que foi o xulgado alí e que entón nos dixo que o tiñamos que facer; non, foi a Consellería quen llo solicitou ao Xulgado do Contencioso de Pontevedra—, a preceptiva autorización para poder entrar no domicilio. Seguidamente, o xulgado outorgounos esta autorización e puidemos acceder á propiedade —se non, non podíamos facelo— o pasado 18 de decembro de 2018. ¿Gustaríanos que fora antes? Seguramente que si, pero ao final os tempos estoullos dicindo. A claridade é total e absoluta. E non se pode entrar na propiedade de ninguén se o dono non autoriza, e, polo tanto, hai que ter unha orde xudicial.

Nesa xornada, e tras a inspección realizada, o propietario fixo entrega doutros dous cans, un dos cales non estaba identificado nin tampouco tiña microchip. E, para ter toda a información —porque como parece que queremos ocultar algo..., e ¡para nada!—, pois voulla dando pasiño a pasiño, e para que quede totalmente clara a actuación por parte da Consellería.

En total, recolléronse dez animais, que foron trasladados a unha instalación coa cal o Concello da Estrada ten subscritos convenios, coma o resto dos concellos, independentemente da cor que sexa, para recoller os animais abandonados e mantelos en condicións axeitadas. Grazas a todas as actuacións levadas a cabo comprobouse que no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía constaban 11 cans rexistrados a nome deste denunciado, e faltaba un. E, entre eles, estaba un can de raza potencialmente perigosa que non estaba rexistrado como tal; unha infracción que, por suposto, está cualificada como grave na actual lei.

Os cans, efectivamente, deambulaban libremente e sen control. As condicións dos animais e das instalacións non eran as axeitadas. Non constaba ningunha autorización de establecemento a nome da persoa denunciada. Non había comunicación ningunha de que contaba con máis de cinco cans dentro da súa propiedade. E, polo tanto, o que se fai pois é infracción tras infracción a este denunciado, coas correspondentes sancións que se están levando agora a cabo, coa tramitación e resolución que finalmente se lle acabará impondo.

Polo tanto, esta lei ¿é efectiva? Eu diría: si, é efectiva. E, grazas á lei, demos todos os pasos necesarios para comisar, para entrar, para que os animais estean a bo recaudo; e, ao final, para que este señor, que non tiña nada en regra, pois acabe pagando polo mal que fixo. Ben é certo que a persoa estivo en grave risco e ben é certo que temos que concienciar para que este tipo de cousas non acontezan.

Polo tanto, este é un claro exemplo das prácticas ás que hai que poñer freo coa Lei de protección e benestar dos animais de compañía, que —dígolle— leva aplicándose con éxito durante un ano —e así o avalan os datos—, un período no que se está demostrando que en doce meses se incrementou significativamente o rexistro de animais de compañía —un 17 %—. De feito, nun só ano —é dicir, no ano 2018—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...houbo 84.859 novas altas no rexistro. E iso supón que hai unha concienciación e que, polo tanto, a Consellería pode facer un maior control.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Conselleira, a primeira pregunta da interpelación era sobre o cumprimento da lei. E a verdade é que é bastante triste que vostede, ao mellor, non a lera enteira. Porque non fala só de cans, e, especificamente, de cans como os da Estrada. Fala tamén de veterinarios, fala tamén de canceiras, fala tamén de clubs de cans. E, polo tanto, vese que vostede non é capaz de dar resposta a ningunha das outras cousas que eu lle acabo de preguntar. (*Aplausos.*) Ben triste é, porque a lei non ten un artigo único sobre os cans, ten bastantes máis cousas. E supoño que a representante dos empresarios veterinarios que está aquí levará unha sorpresa e unha resposta que non vai ser capaz de compartir cos seus compañeiros e compañeiras, porque vostede non dixo absolutamente nada do que eu lle preguntei.

Literalmente dixo vostede que «quitaron a Lei de benestar e protección dos animais de compañía». Quitouna, en todo caso, este Parlamento, porque o procedemento lexislativo faise aquí, non se fai no Goberno. Vostedes terían que quitar o Regulamento, tiveron doce meses e aínda non o fixeron. (*Aplausos.*) ¡Esa si é a súa obriga e non o fixo! (*Aplausos.*) Precisamente por non facelo, esas persoas que están aí arriba teñen problemas todos os días para aplicar a lei do ano 2017. E esa é a súa responsabilidade. Como saíra de ben ou de mal a lei desde aquí é a responsabilidade de todos os que estamos aquí —maioritariamente do Goberno, porque tomou a decisión ao final de incluír ou non as emendas dos outros grupos parlamentarios que estamos aquí e non apoiamos o Goberno—. Pero o Regulamento é a súa única e exclusiva responsabilidade e vostede non o fixo; polo tanto, é vostede quen terá que responder sobre ese incumprimento.

E vou falar catro cousas do que ocorreu na Estrada —e, de feito, pregunteille—. Dende o ano 2016 os veciños sabían o que había nesa finca. E tanto é así que chamaron ao Seprona. O Seprona foi alí, emitiu un informe, mandoullo ao Concello e mandoullo á Consellería de Medio Ambiente. Estamos en 2019. ¿Que pasou con eses informes? ¿Onde están? Tamén llo preguntei á señora directora xeral e non me soubo contestar. Non me contestou. Vostede tampouco. Non sabemos onde están eses informes. E se vostede recibe na súa consellería un informe dicindo que hai un señor que ten unha finca de 5.000 metros cadrados, máis ou menos, con «x» cans alí dentro que saen por debaixo da verja que ten a finca —porque saían, escarvaban, el mesmo o dixo—, que saían e campaban alegremente, que comeron e trabaron a outros animais que había fóra, e vostedes non fixeron nada, pois vese que non cumpren demasiado o que di a lei. É máis, se fose a lei tan efectiva —vostede dixo que era totalmente efectiva—, pois non tería ocorrido o que pasou na Estrada no mes de agosto. Que lle digan á señora que case morre e á súa familia se é efectiva ou non —que creo que non debe de estar demasiado contenta—.

Vostede bótalle a culpa ao xulgado. «En agosto, no momento en que recibiron as comunicacións en agosto...» Non, non, é que xa as recibiran no ano 2016 e non fixeron nada dende o Seprona, que non é calquera, non é un particular. Pero agora a culpa é do xulgado, porque



vostedes en agosto puxeron en marcha as medidas provisionais que permite a propia lei pero o xulgado sacou a obriga de comiso no mes de decembro. Xa o puideron facer a partir do ano 2016, porque xa o sabían. E o Seprona di que remitiu os informes. ¿Onde están?, ¿que fixeron con eles? Eses informes eran indicios suficientes.

Nós cremos, conselleira, que está moi ben facer leis —nesta lexislatura desgraciadamente vostedes non poden presumir de facer demasiadas, de feito esta é das poucas á marxe das leis de orzamentos—. Pero as leis están para solucionar os problemas dos cidadáns. Ás veces eses problemas, como a lei é unha cousa moi xenérica, necesitan un regulamento que especifique determinadas cuestións. De feito, esta lei remítese a ese regulamento. Cada cal ten as súas obrigas, e cada cal ten as súas responsabilidades, conselleira. As leis están moi ben no papel pero logo hai que aplicalas. E hai colectivos —como ese da persoa que está aí arriba, que o vén representar— que lles piden que concreten — e, por favor, que saquen xa o regulamento— cal é a obriga de cada un deses colectivos. Porque a lei témola que cumprir todos: os propietarios dos animais de compañía, os veterinarios, as canceiras e tamén aquelas persoas que se dedican á cría de animais de compañía, por exemplo, ou ás exposicións caninas —que non o poden facer en Galicia porque a súa consellería e a Consellería do Medio Rural non os deixa porque non hai un regulamento que especifique os criterios para esas exposicións caninas—. Así que fagan vostedes o seu traballo e non veña aquí dar leccións de cal é o traballo de cada un.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Peche desta interpelación por parte da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Vilán, cando hai informes, tramítanse. Iso é o que se fai con eles. A partir de aí, se quere, diga: ¿e cal foi o resultado? O amparado pola lei naquel momento. Pero créame que ningún informe queda nun caixón por parte da Consellería de Medio Ambiente. (*Aplausos.*)

Iso por un lado. Por outro lado, procure poñer na súa boca as súas palabras. Pero, por favor, non terxiverse as miñas e, polo tanto, non diga que culpo o xulgado. Falei de trámite e dixen: «Xa nos gustaría antes». Pero é que é o periplo que temos que seguir sen máis e, polo tanto, non culpo o xulgado. O único culpable é un señor que tiña cans en mal estado e ademais nunha finca, e que non debía telos. Ese é o único culpable, non é o xulgado nin é a Consellería de Medio Ambiente, nin o salvador acaba sendo vostede. Non, hai un culpable e a lei perségueo. E iso é o que estamos a facer.

Por outro lado, a Lei de protección e benestar dos animais de compañía foi froito do diálogo cos axentes implicados. E, efectivamente, a tramitación é do Parlamento e quen a impulsou foi o Goberno. Hai un impulso por parte do Goberno e vostedes puideron traballar. E creo que seguramente podían traballar máis. Foi froito dun consenso e créanme que o sector de



novo volverá ser chamado para seguir consensuando e que, polo tanto, o regulamento saia este ano. Non se preocupe, porque vai ser así.

Polo tanto, buscamos o consenso, non buscamos o momento de dirixirnos a persoas para ao final deixar en entredito o traballo de moita xente, que non é só dunha conselleira senón que hai moita xente implicada.

Polo tanto, fixemos unha lei avanzada, fixemos unha lei que nos dá seguridade e agora hai que desenvolver un regulamento, e créame que tamén vai ser da man do sector.

E ademais está pensada esta lei para responder con contundencia, que era o que nos faltaba. Porque moitas veces estabamos nun limbo e non eramos capaces de actuar como nos gustaría, que foi o caso de antes de entrar en vigor a lei e deses informes, que, por suposto, se tramitaron a través do Seprona, da Consellería de Medio Ambiente e que seguiron o seu curso ata o final.

Polo tanto, tomamos todas as medidas necesarias no caso da Estrada no momento en que tivemos constancia. Chegamos a recorrer mesmo á xustiza para poder entrar na propiedade deste señor, e abrimos expediente sancionador; e, polo tanto, é obriga por parte da Administración facelo pero o que non se pode dicir é que non se estea cumprindo.

A partir de aí, eu teño que facer un balance positivo destes doce meses de lei, que nos serviu, por un lado, para incrementar notablemente o número das inscricións de animais no rexistro —ese incremento supera o 17 %— e, por outro lado, permitiu a autorización de tres novos centros de recollida de animais abandonados, dous públicos e un privado, o que supón un 11 % máis que no ano 2017. Temos neste momento 31 centros repartidos nas catro provincias; concretamente, 12 na Coruña, 9 en Pontevedra, 7 en Ourense e 3 en Lugo. Duplicáronse os expedientes sancionadores relativos a infraccións tipificadas na nova lei, concretamente pasouse, señora Vilán, de 88 sancións rexistradas no ano 2017 a 182 no primeiro ano de aplicación desta lei. Destas sancións, ademais, podemos dicir que 109 foron de carácter leve —principalmente as relativas á obriga de manter os animais en boas condicións e de sometelos a controis veterinarios, e tamén á presenza de animais soltos na vía pública—; 72 foron graves —a maioría, un total de 51, relativas á non identificación dos animais a través do microchip, sendo esta unha das novidades da lei, que se endurece ademais neste aspecto—; e unha foi moi grave. Ese foi o resultado na vía das sancións e de controis en doce meses desde a entrada en vigor desta nova lei. Houbo un compromiso, e ese compromiso é que houbo diálogo, houbo consenso. Foi unha lei aberta. E agora sacárase, ao longo deste ano, do 2019, o regulamento, e tamén co consenso de todos e, ademais, tendéndolle a man a vostede para que faga as aportacións necesarias.

Polo tanto, non nos imos deter, seguiremos traballando —xa o estamos facendo—. E, como conclusión, quero dicirlle que penso que foi un acerto o impulso desta lei por parte do Goberno e tamén que foi un acerto que a sociedade contribuíra ao seu desenvolvemento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Almuíña.

Vimos, unha vez máis, trasladar aquí o malestar e a inqueda de centos de milleiros de persoas en Galicia que durante todas estas semanas están saíndo ás rúas para apoiar os seus profesionais, as súas profesionais, a aqueles e a aquelas que están en folga —como dixemos pola mañá— defendendo os seus dereitos, defendendo os dereitos de toda a cidadanía galega a ter unha sanidade digna e unha sanidade de calidade, aquilo que non fan vostedes cando se sentan sen ningún tipo de oferta negociadora, aquilo que non fan cando non escoitan durante meses, durante anos, as advertencias dos profesionais, o que deriva finalmente en que teñan que verse abocados a convocar folgas, tal e como acontece no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela ou nos puntos de atención continuada deste país.

Pola mañá escoitamos ao señor Feijóo —supoño que vostede tamén o escoitou— trasladar unha serie de argumentos que contiñan falsidades, obvias falsidades. A realidade é que temos un orzamento que se reduciu nun 8 % en termos reais dende o ano 2009, e iso implicou un recorte masivo de profesionais na sanidade pública, un recorte que afecta, por unha banda, a calidade asistencial e, por outra, a propia situación dos empregados e das empregadas públicas. Esa situación está chegando a un punto de non retorno, señor Almuíña. Estamos chegando a un punto tan preocupante que é posible que os gobernos que veñan teñan moita dificultade para reparar nun período razoable de tempo o destrozo que vostedes causaron en tan só dez anos, jen tan só dez anos!

Esa situación leva a que hoxe poidamos definir ampla e claramente que a situación da nosa sanidade pública é de crise sanitaria. Galicia sofre unha crise sanitaria e imos ter que comezar a chamar as cousas polo seu nome. Esta situación, señor Almuíña, leva a que cada ano, ¡cada ano!, se produzan saturacións, colapsos dos servizos de urxencias, sobre uns servizos que xa están saturados o resto do ano. E vostedes non moven nin un só dedo a pesar de ter claramente definido cando vai acontecer a vaga de gripe e a vaga do resto de enfermidades respiratorias. E a pesar diso non temos previamente ningún tipo de previsión. Eu preguntille por escrito tamén por eses plans de continxencia, pero a resposta foi absolutamente vacua, sen ningún tipo de contido que leve a entender que vostedes planifican as necesidades de persoal nos servizos.

E voume remitir practicamente a unha intervención que tiveren aquí hai máis dun ano tratando este mesmo tema, na que faciamos un balance de por que se colapsan os servizos das urxencias.

Mire, os servizos das urxencias colápsanse a miúdo porque hai un problema en todo o servizo sanitario público: cando a xente ten que agardar polo seu médico ou médica de cabeceira para unha consulta, en ocasións remata tendo que acudir a un punto de atención continuada



ou a un servizo de urxencias hospitalario —evidentemente colapsando o servizo porque acoden todo tipo de doentes con todo tipo de enfermidades e con diferentes tipos de gravidade—; cando hai pouco persoal nas unidades de hospitalización nas plantas dos hospitais o que acontece, señor Almuíña, é que non se soben os ingresos, as persoas que están pendentes de cama; cando non se abren as camas pechadas por vontade do seu goberno, o que acontece é que non soben esas persoas pendentes de cama. E esas camas non se abren por non poñer profesionais, por non dotar de persoal esas unidades de hospitalización. E ¿onde se concentra toda a cantidade de doentes agardando ou ben a súa hospitalización ou ben ser atendidos porque soportan listas de espera en primaria e tamén en hospitalaria? Porque evidentemente algo terán que ver esas listas de espera que vostedes non publican. Non quero oírle falar das desta semana, porque non son as reais. Levo seis anos agardando unha petición de información ao abeiro do artigo 9 —que é obrigatorio para vostede contestarme a min, que son deputada desta Cámara, por que pode dar ou por que non pode dar, polo menos, a información—. Levámoslle pedindo as listas de espera non estruturais seis anos, mais eu podería sumarlles os que pedín na anterior lexislatura. Esas son as listas de espera reais, e cando se incrementan as listas das consultas, cando se incrementan as listas das resonancias, cando se incrementan as listas de calquera proba conducente a diagnosticar e posteriormente a tratar un problema de saúde, as persoas en moitas ocasións empeoran e acaban nos servizos de urxencias.

E ese é o problema que temos, froito de recortes de dez anos, señor Almuíña. En dez anos destrozaron vostedes a sanidade pública, temos unha crise sanitaria dun tamaño descomunal. Non saen de maneira casual os profesionais á rúa durante todos estes días, non, non, non. Saen e acumúlanse esas protestas porque ademais tamén se están xubilando profesionais e vostedes só teñen unha única proposta: alongar a idade de xubilación. Xa llo dixen unha vez: iso non é algo que resolva a medio prazo, nin tan sequera a curto. ¿Cantos anos van obrigar aos profesionais a facer máis traballo? ¿Que tipo de planificación é esa? Esa é unha medida desesperada froito de que non fixo os deberes durante os últimos dez anos. O mal estudante ten que, a última hora, facer calquera tipo de cousa para poder aprobar. Vostede non fixo os deberes, a súa precedente non fixo os deberes, e agora atopámonos nunha situación de absoluta imprevisión na que non hai profesionais. E non é casualidade que saian os pais e as nais pedindo pediatras, claro que non. E non é un problema só da formación dos médicos —que tamén—. Nós pedimos aquí que se formaran máis residentes e vostedes votaron en contra. Acórdanse agora porque xa non gobernan no Goberno central. Esa é a súa proposta en materia de xestión e de administración da sanidade pública: botarlle a culpa a alguén cando poden; e, cando non poden, non se pode facer. Esa é a realidade, señor Almuíña.

E, polo tanto, hoxe había que volver traer isto aquí, porque, a pesar de que advertimos antes do Nadal de que se ía producir este problema, non fixeron nada. E temos a folga do Complexo Hospitalario en Compostela, a situación das urxencias do CHUS, na que vostedes están empezando agora a ceder —aínda é insuficiente a oferta que fan—, cando negaron antes que se necesitara persoal. Dicían que non había, que non era posible, e, de repente, aparecen, de repente aparecen, señor Almuíña.

E ¿que pasa na Coruña?, ¿que pasa en Vigo? ¿Por que —como expliquei na Comisión 5ª a pasada semana— pode haber un servizo de urxencias que soporte 49 persoas nos corredores,



49 seres humanos en corredores esperando unha cama de hospitalización, con camas pechadas, señor Almuíña? Aguantaron ata última hora para desdobrar as habitacións do Cunqueiro e para abrir as camas que vostedes pechan de maneira voluntaria no Meixoeiro. ¿Por que? ¡¿Por que?! ¿Por que os pais, por que as nais, por que as fillas das persoas que viven en Vigo, neste caso, pero de toda Galicia, teñen que esperar nun corredor se hai camas dispoñibles? ¡¿Por que?! E por iso lle pedimos todos os anos ese plan de continxencia e que nolo explique. Hoxe volvemos preguntar, porque a realidade é que é totalmente inasumible que estean as unidades pechadas cando hai necesidade delas. É inasumible, señor Almuíña.

E eu dixen na comisión que eu non concordo con mantelas pechadas —vostede xa o sabe— durante o resto do ano. Pero vostedes defenden que están á disposición e que se poden abrir. ¡Vale!, eu non concordo, é a súa proposta. ¿Cal é o problema? Que, cando hai 49 seres humanos nun corredor, tampouco se abren. ¿Canto tempo teñen que estar para que sexa aceptable?

E, miren, intentando desmobilizar, vostedes esta semana sacaban unha noticia que dicía: «O Sergas fixa que ningún paciente pase máis de 24 horas en urxencias». Si, claro, por decreto, que é como saben facer vostedes as cousas. Porque o digan e o anuncien nun medio de comunicación non pasa absolutamente nada, señor Almuíña, vostede sábeo igual ca min. Pero, claro, evidentemente, como hai protestas e mobilizacións, pois hai que dicir algo para intentar desmobilizar.

E sóame bastante a outra noticia de 2017, cando dixeron que fixaban un tope de catro horas de espera para os doentes, para ser atendidos. Cinco horas, seis horas, señor Almuíña, sete horas nalgúns casos... E despois temos casos como os que se denunciaron na Fiscalía. E é tremendo —díxeno pola mañá, que vostede non estaba, foi no debate dunha proposición non de lei— que, cando unha profesional sae denunciando a situación grave e os falecementos nun servizo de urxencias para defender a sanidade pública, para que vostedes poñan máis medios, porque o que está correndo perigo é a vida de persoas inocentes que non teñen a culpa da súa xestión, vostedes atacan esa profesional, vostedes sinalan esa profesional, vostedes intentan enfrontar os profesionais. ¿A ver se poden enfrontala coas enfermeiras que fan a triaxe de Manchester? Foron bastante lamentables as súas declaracións, señor Almuíña, teño que dicirllo. Foi bastante lamentable intentar enfrontar os profesionais. Afortunadamente non o conseguiron vostedes, non o conseguiron, porque afortunadamente están pelexando cóbado a cóbado as diferentes categorías profesionais. Sei que iso a vostede non lle debe gustar demasiado.

Pero esa é a realidade. E, cando os profesionais denuncian que morren persoas, non o fan por gusto. Pásase moi mal, pásase moi mal tendo estas condicións laborais. Porque as persoas teñen conciencia, son profesionais que traballan porque queren, aman a súa profesión. E teñen que estar soportando traballar en condicións absolutamente indignas porque vostedes non fan os deberes durante dez anos.

Polo tanto —e vou rematar xa—, hoxe ten vostede aí por escrito as preguntas, as cuestións. Gustaríanos que nos respondese, porque é bastante importante que se aclare aquí por que non se escoitaron esas demandas, que se aclare como se activan, como funcionan, eses plans de continxencia e, dende logo, se vostede considera que, tal e como estamos, é a correcta forma de atender a saúde das galegas e dos galegos.



Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Réplica do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados, moi boas tardes.

Se quere, contéstolle á primeira pregunta, sobre a falta de boa planificación no Sergas ante o posible aumento da demanda asistencial. Evidentemente, hai unha boa planificación. O sistema sanitario dá resposta aos problemas de saúde das persoas de forma integral e coordinada, como é o caso da gripe, na que as actuacións van desde a prevención á atención cando se produce a patoloxía. As campañas de prevención iníciáanse todos os anos en outono coa vacinación, a medida máis eficaz contra a gripe, e prolóngase durante dez semanas ata finais de decembro, con 900 puntos dispoñibles para vacinarse. Este ano introducimos, ademais, novidades importantes para reforzar esta campaña, como foi a utilización da vacina tetravalente en colectivos vulnerables e o inicio da campaña unha semana antes para profesionais. Ademais, ao iniciarse a fase epidémica máis tardiamente, prolongamos a vacinación durante o mes de xaneiro, ata a semana pasada. Polo tanto, primeiro, a prevención, e xa sei que á xente do seu grupo a vacinación non lle parece interesante como método, como digo, preventivo.

Xunto coa vacinación, realizamos unha intensa campaña de información tanto interna como externa sobre a transmisión da gripe, sobre como evitala; e tamén con consellos de como actuar cando se presentan os síntomas e ao padecelos. O obxectivo, como resulta evidente, é minimizar a transmisión, a comorbilidade e a mortalidade asociadas, e procurar o mellor uso dos recursos sanitarios, facilitando a atención das persoas que máis o precisan.

É moi importante o papel e a implicación da atención primaria, tanto nas consultas de centro de saúde — recordo que son 26 millóns de consultas ao ano— como nos puntos de atención continuada. Neses dispositivos, no ano 2018, foron atendidos 1.546.000 persoas. Isto supón unha media diaria de urxencias, de atendidos en atención primaria, de 4.237, cunha porcentaxe de resolución do 90,61 %. É dicir, do total de urxencias vistas nos PAC só o 9,39 % son derivadas ao hospital.

Tamén na estrutura de atención entra o 061, fundamental por un dobre papel: primeiro, porque é un servizo que informa e forma os cidadáns que chaman ao seu número, e, logo, porque dirixe a utilización adecuada dos recursos sanitarios. Neste ano 2019, para esta campaña, a central de coordinación reforzouse con enfermeiros durante os meses de máxima incidencia da gripe, adecuouse o sistema de clasificación da demanda recibida na central por síntomas relacionados coa gripe, axilizando desta maneira tanto o tempo medio de consulta como a súa resolución final. Desta maneira, garántese que, a pesar do aumento do número de chamadas recibidas —habitual durante estes meses, que superaron as 4.000 chamadas diarias na campaña pasada e, como digo, que imos incrementando—, se consiga atender a totalidade desa demanda. Ademais, desde o 061 realizáronse campañas tamén nos medios de comunicación con recomendacións básicas sobre como afrontar a gripe.



Con todo, cando se producen os repuntes de actividade, actívanse os plans de continxencia, que implican actuacións en todos os recursos asistenciais nas áreas sanitarias. Creo que vos-
tede non coñece os plans de continxencia, segundo nos di, pero aquí temos, por exemplo, o
da área de Santiago. E digo «de área» porque son de área, que afectan a atención primaria
e tamén a atención hospitalaria.

Cómpre sinalar que para a súa elaboración participan profesionais responsables da súa posta
en práctica e son asinados polos mesmos —servizos de atención primaria, urxencias, me-
dicina preventiva, pediatría, medicina interna, enfermaría, dirección de procesos, micro-
bioloxía, pneumoloxía e admisión—. Neles recóllense e planifícanse as accións que hai que
levar a cabo co fin de controlar as consecuencias debidas á propagación da onda de infección,
priorizando a atención destes pacientes en atención primaria, evitar que se produzan abro-
chos dentro dos centros sanitarios, planificar os posibles picos de demanda nos diferentes
dispositivos asistenciais, prestar a mellor asistencia posible a pacientes con gripe tratando
de minimizar a incidencia sobre o funcionamento dos centros sanitarios e describir os pro-
cedementos alternativos á orde habitual de organización co fin de permitir ao máximo o
normal funcionamento. Contemplan a necesidade de habilitación de espazos específicos e a
habilitación de recursos, tanto estruturais como persoais, camas e reforzo de profesionais,
segundo vaian crescendo as necesidades asistenciais durante a época invernal.

Hai que ter en conta, ademais, que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén
pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que, aínda que se planifica a demanda
pola onda de gripe, as entradas nos servizos de urxencias están sempre suxeitas a cambios
e circunstancias non previstas, o que, engadido á descontinuidade característica da demanda
urxente, pode provocar momentos punta nesa demanda.

Non obstante, para realizar o correcto seguimento e minimizar a repercusión asistencial da
onde epidémica, dende a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria faise un seguimento con-
tinuo dos servizos de urxencias en cada hospital, así como das incidencias acontecidas, para
valorar correctamente o impacto da gripe na atención sanitaria dispensada á cidadanía e
implementar, de ser necesario, medidas adicionais ás inicialmente establecidas.

Ademais, os centros contan con plan de drenaxe de urxencias, con actuacións tanto organi-
zativas como de reforzos de recursos humanos, que permiten axilizar os recursos de probas
diagnósticas de laboratorio así como de ingreso en planta de hospitalización e hospitaliza-
ción a domicilio, flexibilizando o funcionamento dos diferentes servizos do hospital para
adaptarse ás necesidades de ingresos dos pacientes procedentes de urxencias. Todo isto den-
tro da coordinación e o diálogo permanente das direccións dos centros cos servizos impli-
cados na atención aos pacientes.

Cómpre sinalar que a atención urxente do paciente leva á necesidade de dispoñer de dispo-
sitivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que pre-
sentan, o proceso clave para adecuar a atención á demanda urxente, que é a triaxe
—concretamente a triaxe Manchester, de utilización internacional—, un proceso que clasifica
os pacientes en función da gravidade e da necesidade de asistencia segundo un código de
cores; e que marca uns tempos estándar de asistencia ata o primeiro contacto médico —di-



ferentes segundo este código de cores—. Temos o 0,4 % das urxencias en vermello, e aténdemolas de forma inmediata; o 9,4 % das urxencias son laranxa, que atendemos en torno aos vinte e tantos minutos; temos o 48,1 % das urxencias en amarelo, e aténdemolas en cincuenta e un minutos; e temos o 41,3 % das urxencias en verde, aquelas que non se consideran urxencias como tal e que atendemos en cincuenta e catro minutos.

Os servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia contan con profesionais ben formados, de alta cualificación, así como infraestruturas e equipamentos adecuados. E traballan con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento da súa actividade nun nivel de calidade. O desenvolvemento destes servizos nas últimas décadas é unha cuestión indiscutible: reformas estruturais, dotación de persoal plans de continxencias estacionais, diferentes procesos e vías clínicas, circuitos alternativos... Se falamos das últimas actuacións en grandes hospitais, foron, por exemplo, nas novas urxencias do CHUAC, no Hospital Materno-Infantil, que está agora mesmo en obras para rematar aproximadamente en maio ou xuño; no Hospital do Salnés, que triplicou o espazo para poder atender os pacientes; as melloras en urxencias en Montecelo e a planificación do gran Montecelo, que está en marcha; a área de curta estancia do CHOU; a habilitación de espazos no Hospital da Mariña para triaxe. E neste momento estamos, concretamente, ampliando e remodelando o servizo de urxencias do Hospital da Barbanza cun investimento próximo aos 2 millóns de euros. E seguimos a traballar adaptando os recursos ás necesidades en cada momento, co fin de proporcionar unha adecuada asistencia aos nosos pacientes, e tendo en conta todo o que de cara ao futuro poida mellorar a excelente asistencia sanitaria galega.

Sobre os reforzos de persoal nun período, por exemplo, comprendido entre o 12 e o día 27 de xaneiro, estamos falando de reforzos, tanto de persoal sanitario —facultativo e non facultativo— como non sanitario nas propias urxencias hospitalarias pero tamén na hospitalización, reforzando, como digo, nos momentos de pico máis importantes. Estes reforzos varían lixeiramente en función das necesidades diarias detectadas, resolvéndose con prontitude calquera incidencia que se presente ao estar activados os plans de continxencia citados e, polo tanto, non improvisando nas medidas de xestión que haxa que adoptar.

Non obstante, e tal e como se dixo con anterioridade, cando se producen incrementos de demanda asistencial sempre hai que realizar unha adaptación do modelo de asistencia para solucionar da mellor maneira posible a situación, contemplando as necesidades de habilitación de recursos tanto estruturais como de persoal segundo vaian crecendo as necesidades asistenciais.

Polo tanto, señora Solla, nego a maior. Hai un plan establecido para poder actuar ante situacións como a desa época do ano, con problemas de gripe e outros problemas respiratorios; e, desde logo, imos sempre, de forma coral, traballar en conxunto, de maneira coordinada, con información, para adaptarnos ás necesidades dos nosos pacientes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro



Réplica da señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Ler, le medianamente ben, señor Almuíña. (*Murmurios.*) Podería ter a consideración de non lerre a mesma resposta que me enviaron varias veces por escrito e responder as preguntas da interpelación. Xa lle dixen que a tiña aí no papel, pero, bueno, se quere, eu tamén sei ler e tamén lla leo, non hai problema ningún.

Mire, para importarlles a prevención, e para importarlle a vostede a atención primaria, téñenas vostedes bastante maltratadas, señor Almuíña. Fala vostede das vacinacións. Están ben, pero para poder facer prevención e promoción da saúde, señor Almuíña, necesitamos máis profesionais en atención primaria, necesitamos que vostedes atendan as demandas dos profesionais dos puntos de atención continuada. E esa é precisamente unha das cuestións que lle plantexemos nesta interpelación: cando van atender as demandas das e dos profesionais. Porque, mire vostede, con 50 consultas diarias non se pode facer prevención e promoción da saúde, señor Almuíña. A situación —repito— da nosa sanidade pública é de emerxencia sanitaria. Temos unha crise sanitaria froito da súa falta de planificación.

A central do 061, ¡por Dios!, non ten persoal suficiente, señor Almuíña. Imos falar despois do 061, de como teñen votedes os profesionais do 061. Probas complementarias, a hospitalización a domicilio... Falou dun montón de cousas, dun montón de servizos que non se reforzan e que estou absolutamente segura de que non veñen nesos plans de continxencia.

Claro, cando practican recortes que van ata os 300 millóns de euros, que van ata unha baixada dun 8 %, señor Almuíña, pasan cousas coma esta: «Dispáranse as pólizas de saúde privadas polas listas de espera». Iso é o que está pasando, e ese é o obxectivo que vostedes teñen cando deterioran a sanidade pública.

Mire, señor Almuíña, vostede non respondeu, porque a min gustaríame saber cal é o criterio que ten a Xunta de Galicia e que tempo lle parece a vostede ben para ser atendido, cales son esas esperas dos servizos de urxencias, cal é o tempo no que se ten que ser atendido, o tempo aceptable no que pode permanecer unha persoa en urxencias. Vostedes falaban estes días de 24 horas, 24 horas sen poñer máis medios humanos, para poder atender esas persoas. A realidade é que as persoas pasan incluso, ás veces, 48 horas á espera de camas precisamente porque vostedes non cobren co persoal suficiente as unidades de hospitalización.

A vostede non lle parece un problema de seguridade nin de saúde nin de dereitos para os doentes que permanezan nos corredores dos servizos. Esa é a realidade. E vostedes non escoitan os profesionais. Gustaríame que respondera tamén á pregunta de cando pensa mellorar eses cadros de traballadoras e traballadores, pero de maneira estrutural, non de maneira puntual cando hai un abrocho de gripe. Iso tamén, iso xestiónano dende os servizos. Pero ¿sabe o que pasa normalmente cando piden máis profesionais os compañeiros e compañeiras que están nos servizos? Que se lles di que non, que non se pode contratar, que se espere á última hora. ¿Como pode vostede xustificar aquí que con 49 persoas nos corredores non se abrisen as camas, non se desdobrasen as habitacións ata última hora? E por iso quero



que me responda: ¿canto tempo pode ou debe pasar unha persoa, un ser humano, nunha camilla nun corredor?, ¿canto lle parece a vostede aceptable? A ver se pode contestarme, porque iso non viña por escrito na súa resposta.

E gustaríame saber por que non escoitan esas constantes demandas. Onte comentabamos aquí que, despois de catro ou cinco anos, vostedes caen da burra e van poñer o servizo de hemodinámica de 24 horas en Lugo. E eu pregúntome: ¿cantas persoas teñen que morrer sen asistencia sanitaria —tamén en Ourense, ¡eh!— para que vostedes decidan poñer un servizo? Porque aquí tratáronnos practicamente de iletrados cando defendiamos que había datos obxectivos das sociedades de cardioloxía que indicaban que era evidente que, canto antes se atenderan as persoas enfermas, antes melloraban e polo tanto tiñan mellor taxa de supervivencia. E negaron a maior. Efectivamente, vostedes sempre negan a maior. E agora veñen dicindo que van salvar non sei cantas vidas.

En urxencias pasa o mesmo, señor Almuíña. Non hai máis casos de falecidos nos medios de comunicación porque a xente non os traslada. Esa é a realidade. Os profesionais son marabillosos, pero teñen dúas mans. Corren, fan todo o que poden, pero son seres humanos. E por iso o 20 % das enfermeiras e dos enfermeiros están de baixa no Complexo Hospitalario de Compostela en urxencias; e o 19 % das auxiliares de enfermería. ¡Por iso, señor Almuíña!

¿Canto tempo van ter que esperar? ¿Por que non escoitan a eses profesionais? Responda ás preguntas. Gustaríame, e interésame moito, que nos traslade canto lle parece aceptable a vostede que un ser humano pase nun corredor, nun servizo de urxencias, sen cama, cando hai camas pechadas na Coruña, en Vigo e en Compostela.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

Evidentemente, o falar non ten cancelas, señora Solla. O problema seu é que traballou pouco en sanidade. E case o pouco que traballou olvidóuselle tamén.

Mire, La Paz leva cincuenta e catro anos sendo o mellor centro de España, e os sindicatos critican a continua saturación de urxencias. Málaga: «Médicos e enfermeiros denuncian saturación de urxencias nos hospitais públicos». Madrid: «Los sindicatos denuncian el colapso de urgencias antes de la epidemia de gripe». León: «El hospital habilita 30 camas cerradas en la planta 12 tras el colapso de urgencias». La Vanguardia: «La gripe y la falta de personal colapsan las urgencias de Andalucía». «Aseguran que la saturación de urgencias» —iso di El Día, de Canarias — «se repite en más comunidades autónomas». El Correo Gallego: «Normalidad absoluta en urgencias del CHUS pese a las alarmas generadas». (Risos.) «El Meixoeiro abre todas sus camas por la gripe y las urgencias se refuerzan».



Señora Solla, a catástrofe ou a fin do mundo que vaticina para Galicia parece, parece, que ocorre nalgún outro sitio. Pode ser que todos os conselleiros de sanidade das outras autonomía saiban ler mellor que o de Galicia, pero a realidade é a que é. O que teremos que ter claro é que hai unha planificación e unha resposta coral do sistema sanitario ante todo isto.

Desde logo, a realidade sempre é a que é. E temos que estar planificando e modificando —porque a sanidade é isto— a adaptación ás necesidades que temos en cada momento.

Se fala dos movementos que hai de profesionais neste día, pois mire, dos PAC, por exemplo, estamos cunha comisión técnica na Consellería con representantes sindicais e traballadores de PAC. E estamos chegando a acordos. (*Murmurios.*)

Non sei por que baila no estrado, señora deputada, non o entendo. Pode ser que non considere o Parlamento un sitio serio para estar, pero eu creo que é serio, moi serio.

E, desde logo, sempre estamos en condicións de negociar e de mellorar as condicións, porque queremos dar o mellor servizo aos nosos traballadores. Estamos, como digo, en mesas sectoriais, e chegamos a acordos xa no pago, por exemplo, de dobre dieta, na eliminación do indicador de derivación hospitalaria, uniformidade, en garantía e neutralidade. E seguimos traballando.

Desde logo, en todos os conflitos que pode haber a nivel laboral sempre pedimos responsabilidade porque estamos nun servizo público, e desde logo hai moitas vías para chegar a acordos cando entre todos conseguimos equilibrio. Pero nós somos xestores dun orzamento que depende dos cidadáns e polo tanto temos que utilizalo adecuadamente. E sei que a señora deputada cre que debemos ter unidades con todo o persoal dispoñible aínda que non haxa pacientes. Iso non é o que nos piden os cidadáns, os cidadáns pídenos responsabilidade e, desde logo, que utilicemos o que temos que utilizar de forma adecuada.

Tamén nas urxencias de Santiago se está negociando, e creo que hai unha oferta moi importante sobre a mesa para chegar a acordos. Pode ser que haxa xente que non queira que haxa acordos, pero eu creo que a maioría dos profesionais e, desde logo, os cidadáns queren que haxa acordo, e canto antes. Pero claro, o que non se pode é retrasar as votacións vinte días, e, por exemplo, pasar de antes das navidades a despois das navidades, se se quere realmente resolver o conflito. Cremos que é importante que se resolva o conflito e desde logo estamos pondo todos os medios.

En definitiva, os problemas de saúde artículanse con todos os recursos cos que conta o sistema sanitario. É importante sinalar a importancia das medidas individuais e de prevención, que no caso da gripe son as máis eficaces. Todos debemos protexernos, protexer os demais e facer un uso adecuado dos recursos. O 061, os centros de saúde, os puntos de atención continuada e, se resultan necesarios, os servizos de urxencias hospitalarias están preparados para atender a todas as persoas con calidade e seguridade.

Transmitamos unha mensaxe de tranquilidade á cidadanía, respectemos e confiemos nos nosos profesionais. Si hai planificación, e moi rigorosa e con moita experiencia acumulada. Desde logo, creo que, como digo, hai que ser moi sensibles ante os problemas sanitarios, moi sensibles; e desde logo moi responsables ante denuncias que non teñan fundamento, porque si que estamos afectando á rigorosidade do servizo sanitario.



Quería, para rematar, ler un comunicado que saca Semes-Galicia, no que di: «*Nos parece inaceptable decir que los pacientes se mueren en nuestros servicios sin ser atendidos, o porque no son atendidos. Es además un alegato contra nuestros servicios y la forma de ejercer la medicina de urgencias y emergencias. No todo vale en la guerra mediática, y queremos transmitir un mensaje de tranquilidad a la población, a nuestros pacientes*».

Estamos de acordo totalmente con este comunicado da Sociedad Española de Medicina de Emergencias en Galicia, e desde logo, como digo, todos os centros sanitarios do Sergas dispoñen de plans de continxencia ante un posible aumento de demanda asistencial.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto 7 da orde do día, o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 presentados polo Goberno central

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Eu creo que os feitos demostran que non foi casual que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, elixise un anestesista para nomear como delegado do Goberno en Galicia. Sabía Sánchez que lle faría falta, que lle faría falta para adurmiñar unha comunidade que el sabía —estou seguro— que ía ser castigada polo seu propio goberno. Non o dicimos nós dende o Partido Popular: «67 euros menos para cada galego e 93 máis para cada catalán», «*Galicia se lleva el mayor recorte inversor del Estado, 757 millones, un 19 % menos*», «*Pedro Sánchez margina a Galicia con la inversión más baja en dos décadas*», «*El Gobierno reduce las inversiones en Galicia y da prioridad a Cataluña, el gospismo tiene premio*»... Poderíamos seguir moito máis tempo do que ten asignada esta pregunta para a súa resposta.

O que queda claro é que, cando gobernan os socialistas, Galicia perde. O que queda claro é que Galicia nunca é unha prioridade para os socialistas, e demóstrano cada vez que gobernan, coa conivencia dos que no Parlamento de Galicia se rin porque cohabitan con eles nas institucións nas que gobernan, incluso nas que non cren. Rin tamén os que apoian na investidura e logo critican o orzamento, porque saben que son responsables desas contas. Todo o mundo recorda a presentación dese documento inicial de orzamentos, o que firmaba Pedro Sánchez con Pablo Iglesias no palacio da Moncloa.

Cando os socialistas gobernan, Galicia perde. Cando os socialistas gobernan, hai quen colabora cos socialistas para que esas cousas sucedan.

É verdade que con Pedro Sánchez non se pode falar, fundamentalmente porque non está en España. Onte estaba na República Dominicana, hoxe en México. Nós agardamos, dende



o Partido Popular, que algunha vez Pedro Sánchez faga unha viaxe oficial a España, e que nesa viaxe oficial se poida falar dos orzamentos xerais do Estado para 2019 e da súa influencia en Galicia.

A un presidente que fai 53.000 quilómetros en Falcon en sete meses hai que recoñecerlle o mérito. O perímetro do globo terráqueo son 38.000 quilómetros cadrados. (*Fortes murmurios.*) Pois é volta e media. (*Murmurios.*) É volta e media ao globo terráqueo. ¡Noraboa!, o anestesista conseguiu o que pretendía, que calasen os grupos da oposición, que calase o Partido Socialista. O único que alzou a voz con claridade foi o Goberno galego.

Nós hoxe pedímoslle, señora conselleira, unha valoración oficial destas contas que contan co beneplácito do Partido Socialista en Galicia, de Podemos, das Mareas de Podemos en Galicia, e do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Tellado.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, eu agradézolle esta iniciativa, porque o certo é que no Goberno estamos fundamentalmente preocupados polos orzamentos xerais do Estado en Galicia. Porque son malos, son malos para Galicia, prexudican e discriminan a Galicia. Penalizan a Galicia por motivos políticos e, dende logo, en favor doutras comunidades autónomas, como Cataluña. O certo é que son contas deseñadas en clave de subsistencia parlamentaria, ese é o deseño para as súas contas, unhas contas que repiten erros do pasado, con aumento do déficit, aumento da débeda; que se sustentan en graves erros no escenario de ingresos, escenario de ingresos ficticio e irreal, con 20.000 millóns máis en impostos, unha suba de impostos indiscriminada, que o certo é que é un forte impacto nas rendas baixas e medias a pesar de que as venden como contas sociais. Un exemplo é o impacto do diésel.

É un proxecto de orzamentos, dende logo, decepcionante e lesivo para os españois, pero sobre todo lesivo para os galegos, que somos os que temos que pagar esas peaxes que poñen os socios ao Goberno de España que dan beneplácito a estas contas. Ao Partido Socialista parecíalle insuficiente o 10 % en anos anteriores, cando gobernaba Mariano Rajoy. Cando gobernaba o Bipartito, dende logo, era un gran logro o 8 %. E agora, co 6,2 %, é moi difícil de entender o seu beneplácito e que aplaudan estas contas, cando Galicia é a comunidade autónoma que máis baixa en termos absolutos, con tan só 6,2 %. ¡Como mudaron, dende logo, e como cantan estas contas!

Unha discriminación que é evidente: España, o Ministerio de Fomento, sobe un 26 %; Galicia baixa un 26,4 %; no Ministerio de Fomento, España, en materia de estradas sobe un 14 %, e baixa en Galicia un 26,6 %; en ferrocarrís, España sobe un 42,3 %, Galicia baixa un 24 %. (*Protestas.*) ¡Un agravio, dende logo, intolerable estes orzamentos xerais do Estado para Galicia! (*Protestas.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! (*Fortes murmurios.*)

¡Silencio! (*Protestas.*)

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

¡Só faltaría! (*Fortes murmurios.*) (*Aplausos.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio a todos! ¡Por favor, silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio!

Grazas, vai continuar o debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Xa está! ¡Silencio!

Grazas. (*Murmurios.*)

Ten a palabra, para o turno de réplica, o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu creo que a conselleira facía ben en explicarlles as contas, porque aquí os únicos que estamos en contra destes orzamentos xerais do Estado somos nós. A vostedes parécenlles moi ben. E, polo tanto, claro que teñen que mirar as táboas os deputados do Partido Socialista. Porque estes deputados cren que o 6 % é máis que o 10 %. Entón, ou non saben matemáticas ou traizoan a Galicia. Polo tanto, facía ben a señora conselleira en ensinarlles as táboas. (*Aplausos.*)

Miren, lamentable é ser do Partido Socialista en Galicia e que che mande o delegado do Goberno este argumentario que circula por aí, que é no que explica que as contas están moi ben aínda que estean mal. Neste argumentario o señor Javier Losada —o anestesista— explica que é mellor recibir o 6 % que recibir o 10 %. Esa é a política de comunicación do Partido Socialista en Galicia. ¡Con razón non aparece nesta Cámara o señor Gonzalo Caballero! ¡Como vai vir se non se atreve a defender a xestión do seu propio Goberno en España! ¡Con razón non está aquí! Porque sabe que, cando gobernan os socialistas, a Galicia lle vai mal.

Miren, moi malos deben ser estes orzamentos xerais do Estado para que o mellor que teñan para vender sexa unha subida das pensións, que é o que di o delegado do Goberno, unha subida das pensións que fixemos nós, o Goberno de Mariano Rajoy, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e unha subida de pensións á que vostedes se opuxeron. Moi malos deben ser os orzamentos para que a escusa sexa dicir que antes non se executaban as partidas e, ao mesmo tempo, dicir que o AVE está rematado. ¿En que quedamos? Ou non se executan ou



o AVE está rematado. Non se poden dicir as dúas cousas ao mesmo tempo, salvo que un sexa Javier Losada, (*Murmurios*.) que pode dicir as dúas cousas ao mesmo tempo porque esa é a súa función, anestesiarse un Partido Socialista que ten abandonada a Galicia e que decidiu defender o «modo avión», o «modo Falcon». Vostedes están con Sánchez, non están co pobo de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non se preocupen, haberá eleccións, os galegos tomarán boa nota.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Efectivamente, señorías, os orzamentos presentados polo Goberno de España supoñen unha involución, un retroceso importantísimo nese camiño iniciado para reducir o déficit en Galicia en materia de infraestruturas. E o certo é que o esforzo orzamentario dos últimos anos non era un agasallo a Galicia, era algo que nos correspondía aos galegos porque outras comunidades autónomas xa o teñen dende hai décadas.

As infraestruturas son xerar emprego, son xerar riqueza, calidade de vida, competitividade e, dende logo, contribuír a frear o despoboamento. E o certo é que o Ministerio de Fomento baixa en Galicia un 26,4 %, máis de 160 millóns de euros menos. E, dende logo —o máis grave—, ignoran actuacións comprometidas e faltan á palabra dada a Galicia.

En materia de ferrocarrís —indo por materias— conteñen exclusivamente as partidas para a finalización e para cumprir o calendario do AVE a Galicia. O certo é que era un camiño sen volta a atrás, e o certo é que era unha infraestrutura blindada polo Goberno de España anterior. O que fai o executivo actual é continuar coa programación e coa blindaxe anterior.

En materia de alta velocidade a Lugo, 14 millóns de euros. O certo é que con menos intensidade da necesaria, pero 14 millóns de euros. Pero chama clamorosamente a atención a ausencia de recursos e as partidas insignificantes en actuacións imprescindibles, aprazando *sine die* a mellora ferroviaria A Coruña-Ferrol, aprazando *sine die* a variante ferroviaria por Cerdedo con Ourense-Vigo; ¡cero euros en 2019 para a variante de Ourense! É dicir, que se pode licitar con cero euros neste ano 2019, agora, no primeiro trimestre. Non entenden nada de xestión orzamentaria. Hai indefinición en partidas para os trens Avril, necesarios para a competitividade.

En materia de estradas —volvo insistir— España sobe un 14 %, Galicia diminúe un 23 %. Anuncian a liberación de peaxes no resto das autoestradas, un 30 % de redución de peaxes



noutras autoestradas, e hai un castigo a Galicia con esa escalada inasumible das peaxes e das tarifas da AP-9.

En calquera caso, en materia de infraestruturas tamén reducen a cero as partidas relacionadas coa AP-9 —Alfonso Molina, o vial 18, a avenida Buenos Aires en Vigo—. E incluso, en Vigo, partidas necesarias inexistentes para obras como a autovía a Vigo. Dende logo, faltan á palabra dada e rachan con compromisos: a variante de Ourense, a variante de Ponteareas... A autovía Santiago-Lugo, con 3,2 millóns de euros para o treito Palas-Melide, nin está para o Xacobeo 2021 —nin para o 2021 nin para o 2027 nin para o Xacobeo 2038—. Polo tanto, unha discriminación.

Dende logo, traballaremos na Xunta de Galicia para corrixir este orzamento inxusto, discriminatorio e, dende logo, decepcionante para os galegos.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

A seguinte pregunta saben que foi retirada polos seus autores. Polo tanto, pasamos á pregunta 7.3.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o investimento de 218 millóns de euros anunciado por Endesa na central das Pontes de García Rodríguez

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular esta pregunta ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, no Grupo Popular estamos comprometidos coa actividade económica e industrial de xeración de riqueza na nosa terra. Non ocorre o mesmo co Goberno do Estado, que dende que ocupa a Moncloa conseguiu que tres importantes empresas da nosa comunidade anunciasen o seu peche. O peche de Alcoa, o peche da central de Meirama e o ERE de Ferroatlántica amosan unha situación insostible para a industria enerxética da nosa comunidade, que necesita unha solución urxente e contundente.

É verdade que anuncios por parte do Goberno sobre o peche das centrais térmicas e nucleares antes de 2030 non axudan a comprometer investimentos. Anuncios de suba do imposto sobre o diésel e a posta dunha data para a fin da venda de vehículos de combustión provocan a mingua na venda de coches, o que implica directamente unha baixada da fabricación das nosas plantas de automoción en Galicia, que xeran o 12 % do emprego industrial na nosa comunidade. Anuncios de novos impostos ás empresas tecnolóxicas non xeran un escenario atractivo para os investidores que miran a España para montar as súas industrias.

Señor conselleiro, vostedes, dende o Goberno da Xunta de Galicia, avogan pola baixada de impostos para conseguir asentarse e atraer novos investidores a Galicia, e o Goberno do Estado



vai xusto na dirección contraria. Así é difícil xerar credibilidade e lograr o obxectivo de aumentar o emprego industrial na nosa comunidade.

Señorías, é coñecido no sector enerxético o carácter radical da ministra de Transición Ecolóxica do Goberno do señor Sánchez en aras de querer rematar tallantemente cos combustibles fósiles, cunha ideoloxía radical que pretende colocar a España como campioa, de novo, da enerxía renovable a calquera prezo. Bueno, a calquera prezo non, ao prezo máis caro, señor conselleiro, porque é coñecido que o peche das centrais térmicas provocará unha subida dun 15 % do custo da enerxía, e o peche das nucleares provocará unha subida de ata o 25 %. Suba de prezos, suba de impostos, xeración de incerteza coa fin dos combustibles fósiles... Todas, señorías, decisións equivocadas para ao crecemento do emprego, para o bolsillo, e tamén para o bolsillo de todos os galegos e das galegas.

Por sorte, foi no ano 2016 —cando no Goberno do Estado imperaba a cordura e a planificación— cando Endesa decidiu investir nas Pontes 218 millóns de euros destinados á mellora das emisións industriais para o cumprimento das directivas europeas, o que prolongaría a vida da central uns vinte anos máis, sempre e cando o Goberno central non decida outra cousa ou o impida con decisións inadecuadas.

Por todo o relatado, señor conselleiro, o Grupo Popular pregúntalle pola valoración que fai o Goberno galego sobre o investimento de 218 millóns de euros anunciados por Endesa na central das Pontes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, agradézolle a oportunidade de poder explicar nesta Cámara a política e a visión que ten o Goberno galego para cumprir coas directrices europeas e, sobre todo, o seu compromiso de cara a un modelo baixo en emisións. Iso significa unha aposta por unha política enerxética sostible. Pero esa política enerxética ten que ir acompañada dun proceso de transición que necesariamente debe ser ordenado e facilitar alternativas non só para o tecido produtivo xa instalado, senón que tamén ten que facilitar a competitividade das empresas e a propia calidade de vida da cidadanía.

O sector o que precisa son certezas, o que precisa é seguridade xurídica, e o que precisa, polo tanto, é unha transición enerxética ordenada. E nestes momentos —é certo— estamos ante unha política de improvisación que está xerando incerteza e, sobre todo, está tendo un impacto en termos de emprego e en termos tamén de seguridade xurídica por parte das empresas. E estao facendo un goberno que ten unha ausencia evidente en materia de política industrial e que ten, lamentablemente, a complicidade de todos os grupos da oposición desta Cámara, a complicidade do Partido Socialista, a complicidade de Podemos, de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, que está permitindo que nestes momentos en Ga-



licia as nosas empresas, as empresas industriais e enerxéticas, estean atravesando por enormes dificultades.

Un claro exemplo son, efectivamente, os territorios afectados en España polo anuncio do peche de nove centrais de carbón; entre elas, a de Naturgy en Meirama, que afecta ao concello de Cerceda. Esa decisión ten responsables, responsables por parte do Goberno de Pedro Sánchez e responsables por parte da empresa, que están tomando unha decisión inxusta e, sobre todo, improvisada. E digo isto porque o propio Goberno está tomando esta decisión cunha visión afastada da realidade, incluso da realidade dos propios países da Unión Europea. E remítome aquí a países como Alemaña, que non están tomando decisións de peche das centrais térmicas, aínda que no seu *mix* enerxético o peso en Alemaña das centrais térmicas é do 38 %.

Polo tanto, nós defendemos que as centrais térmicas de Meirama e das Pontes son fundamentais para Galicia, porque o seu peche anticipado suporá pasar de ser unha comunidade excedentaria a unha comunitaria deficitaria. E iso Galicia non o pode permitir, en termos de eficiencia e en termos tamén de competitividade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, hai uns meses coa Comisión 6^a tivemos a oportunidade de visitar a planta das Pontes, comprobando a contribución da central ao emprego nesa comarca e á rexeneración da antiga mina. A verdade é que é verdadeiramente triste que a ideoloxía dun goberno poida rematar cunha empresa deste tipo.

A verdade é que o clima de incerteza propiciado polo Goberno central é clave na decisión de investimento para calquera industria. A este Goberno non lle valen as térmicas, non lle valen as nucleares, o gas tampouco lle vale porque, para a señora ministra, non poderá tampouco contribuír a unha transición enerxética ordenada e equilibrada en prezo.

Señorías, deberían ser conscientes de que non hai tecnoloxía renovable nin suficiente nin almacenable; polo tanto, teñan claro que serán consecuencia directa da suba do prezo da electricidade as decisións radicais do Goberno do señor Sánchez. E tamén pode perigar a seguridade da subministración enerxética. Esperemos que non teñamos que pechar unhas centrais e que non haxa que abrir outras por falta de enerxía; ou, o que sería peor, que teñamos que importar máis enerxía nuclear de Francia por pechar as nucleares españolas, o colmo dun despropósito e dunha falta de planificación. Porque, señorías, está claro que, cando o PSOE goberna, Galicia perde.

Señor conselleiro, o colmo é que o señor Losada —o señor deputado non, tranquilos, tranquilos, o flamante delegado do Goberno do señor Sánchez en Galicia (...) (*Expresión retirada*



do Diario de Sesións por orde do señor presidente e coa aceptación por parte da oradora.) (Murmurios.)— queira facer responsable do peche de Meirama a Xunta de Galicia. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ese é o compromiso co sector industrial e enerxético... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Señor Losada, vostede non está no uso da palabra. ¡Non está no uso da palabra! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Chámoo á orde por segunda vez neste pleno, e sabe vostede das consecuencias dunha chamada en terceiro lugar. Xa o sabe. ¿Vale? (Murmurios.) Porque hoxe vostede non para de interromper o pleno, incluso cando falan os portavoces do seu grupo. Por favor, silencio.

Continúe.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Insisto, señorías, o colmo é que o señor Losada, o delegado do Goberno do Estado, queira facer responsable do peche de Meirama a Xunta de Galicia. Ese é o compromiso co sector industrial e enerxético, señorías, lavar as mans cando aquí hai un responsable claro, uns responsables claros, señorías, que son o Goberno do Estado e a propia empresa. Poderíamos resumir os seus meses de delegado do Goberno cunha palabra: inacción.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: O colmo é aínda maior cando o Grupo Socialista se posiciona en contra, neste Parlamento, de que Meirama se peche e observamos atónitos como o Goberno do Estado se esconde e non fai nada por evitar o peche de Meirama.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Ao señor Sánchez dálle igual que o señor Feijóo ou que o señor Javier Fernández, de Asturias, ou o señor Lambán, de Aragón —os dous do Partido Socialista— lle pidan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Nóvoa, moitas grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que faga algo por non cerrar as centrais.

Señor conselleiro, a Xunta de Galicia está a facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, moitas grazas.

(Aplausos.)

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Nóvoa, efectivamente, o Goberno galego está comprometido co impulso das enerxías renovables e, nese sentido, temos unha coincidencia co Goberno do Estado. Porque nós temos unhas directrices enerxéticas en Galicia dende o ano 2018, co horizonte do ano 2020, nas que hai unha aposta clara por parte do Goberno galego polas enerxías limpas, cunha previsión de investimento de 1.300 millóns de euros para instalar máis de 1.200 megavatios. Polo tanto, temos obxectivos concretos para que no ano 2020 o 45 % do consumo da enerxía final proveña de fontes renovables. Estamos traballando para que Galicia poida cumprir as exixencias da Unión Europea que ten marcadas no horizonte do ano 2030, e, polo tanto, nese compromiso o Goberno de España pode contar con Galicia.

E dentro dese *mix* enerxético, para poder ser competitivos, loxicamente, a presenza das centrais térmicas parécenos indispensable. Non só para que Galicia poida ser unha comunidade excedentaria en enerxía eléctrica, senón tamén porque no proceso de transición temos a responsabilidade de garantirlles un prezo estable, un prezo competitivo, á nosa industria e tamén aos nosos consumidores.

E cremos que é posible. É posible se as empresas, como está facendo Endesa, executan os investimentos que lles permitan cumprir con esas directivas de emisións industriais e que, polo tanto, poidan prolongar a súa vida útil ata o ano 2045 e, polo tanto, cumprir con esas directrices de emisión da Unión Europea. Iso significa para Galicia manter empregos directos, significa manter o impacto económico que ten a central das Pontes e significa, polo tanto, seguir contribuíndo a que Galicia teña un *mix* enerxético axeitado.

O discurso do Goberno —e, sobre todo, do Partido Socialista— lamentablemente é totalmente distinto en Galicia e en Madrid. Creo que sería bo aclaralo. Neste Parlamento votan xunto ao Partido Popular a favor dese modelo de transición enerxética. Pero lamentablemente votan con Podemos e votan con En Marea para defender o peche das centrais térmicas, o que ten unha incidencia negativa para a nosa economía.

Nós entendemos que debe haber unha rectificación da política enerxética por parte do Goberno e, sobre todo, que se promova unha transición enerxética xusta, o que significa neste caso dar esa oportunidade para manter as centrais térmicas e, se é o caso, que haxa plans industriais que permitan esa transición enerxética xusta para que non teña impacto nin na industria nin tampouco no emprego en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.*)

Si, señora Vilán, ¿para que quere a palabra?

A señora VILÁN LORENZO: Vostede non estaba na Cámara, pero eu rogaría, pola falta de respecto ao delegado do Goberno, que é o representante do Estado en Galicia, que a voceira de Industria retire o de «alias», porque alias é apodo, e a profesión non é un apodo. Hai



xente que non ten profesión, pero hai xente que si a ten. *(Aplausos.)* Eu pídolle que retire o de «alias anestesista».

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Vamos ver, é que eu non estaba aquí, pero, ata onde eu sei, o delegado do Goberno é anestesista de profesión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, iso non procede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, pois, se non procede, retirámolo, non pasa nada, retírase. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* Ben, señora Nóvoa, retiramos a expresión «alias». Si. *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio, por favor! ¡Un pouco de cordura, un pouco de cordura! A señora Nóvoa xa aceptou retirar a palabra «alias» porque en realidade o señor delegado do Goberno é, efectivamente, anestesista de profesión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero anestesista si é a súa profesión, iso ninguén o pode contradicir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, vamos deixar isto. Si, é que, claro, ten razón vostede, é outro debate que non merece a pena. É un señor que é anestesista e acabouse o tema. *(Murmurios.)* Acabouse, e, ademais, ben orgulloso ha de estar el de ser anestesista, magnífica profesión.

¡Vamos alá! *(Fortes murmurios.)*

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego diante do Estado e da Unión Europea respecto da transición enerxética

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Despois dos minutos publicitarios e autoexculpatorios cos que nos regalou o Partido Popular os últimos trinta minutos, imos falar dos problemas dos galegos e das galegas.

Señor Conde, eu non sei se recorda esta foto. *(A señora Presas Bergantiños exhibe unha foto.)* Eu sei que vostede ten unha axenda moi apertada, pero se cadra... Ben, era bo que mirara. Non sei se recorda esta foto, a foto á que nós lle chamamos «foto da vergoña». Unha foto na que saen vostedes, aquí, coa dirección da antiga Gas Natural Fenosa, actual Naturgy, e basicamente están vostede e o señor Feijóo mentíndolles aos galegos e ás galegas. Aquí estaban practicando iso da publicidade e propaganda que tanto lles gusta e confirmando que a central térmica de Meirama se ía adaptar ás exixencias de Europa. O problema é que, por moito que estean nesta dinámica autoexculpatoria, vostedes teñen competencias en materia enerxética, teñen competencias en materia industrial. E desde entón, máis dedicados que a gobernar, estiveron dedicados ás fotos. E, mentres, deixaron de facer os seus deberes.



Primeiro permitiron —de forma premeditada ademais— a ausencia, a discriminación, de Galiza nos sucesivos plans carbón. Foi chegar Rajoy ao Goberno do Estado e reducíronse as contías, incumpríronse compromisos e, coa mala desculpa de que estabamos a importar carbón, que non era autóctono e demais, por esta cuestión, xustificouse a exclusión de Galiza do plan carbón, cando sabe perfectamente que as comarcas mineiras seguían dependendo dunha transición que era importante para elas. Unha discriminación que, ademais, temos que lamentar que a día de hoxe tampouco se corrixisse. A nós, como sabe, señor Conde, non nos importa quen estea no Goberno do Estado. Nós exixímoslles o mesmo a todos.

En segundo lugar, vostedes tampouco impulsaron unha política enerxética galega seria que planificara como tiña que ser o noso futuro diante da fin do carbón. Non planificaron unha política para levarnos a un liderado en renovables, en innovación e a un modelo sostible ambiental e economicamente.

En terceiro lugar, tampouco fiscalizaron nin vixiaron nin instaron as empresas a que cumpriran cos límites de emisións e a que melloraran o seu impacto ambiental, algo que debería preocuparlles pola saúde dos galegos e das galegas, e do noso medio ambiente, non só polo que diga ou deixe de dicir a Unión Europea.

En resumo, señor conselleiro, levan moito tempo sabendo que esta situación ía chegar nalgún momento e sen defender unha posición galega e propia de como debemos afrontar a transición enerxética. Hoxe nós queremos convidalos a saír do inmovilismo e da dinámica autoexculpatoria na que están instalados. E, polo tanto, preguntámoslle, señor Conde, neste momento tan difícil que está a vivir Galiza —no que ademais vemos unha escalada de crises na industria galega que non nos podemos permitir—, cal é a aposta do Goberno galego diante da transición enerxética. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señora Presas, penso que non prestou moita atención á miña resposta anterior. *(Murmurios.)* Eu podo entendelo, así que tampouco teño ningún inconveniente en repetirlo.

O Goberno galego claro que está a defender unha transición enerxética en Galicia, pero está a defender unha transición enerxética en Galicia e tamén en España que sexa xusta e que sexa adaptada á realidade social, económica e industrial do noso país. E este Goberno ten unha planificación. Quizais o día do mes de abril do ano 2018 que eu presenteí neste Parlamento as directrices enerxéticas tampouco estaría moi atenta. Pero debería saber que estas directrices enerxéticas están establecendo un obxectivo para que o 35 % da enerxía consumida na comunidade que actualmente xa provén de fontes renovables se poida incrementar ata o 45 % —cando precisamente o obxectivo da Unión Europea para o ano 2030 é do 32 %—.



Polo tanto, si que existe, señora Presas —aínda que non o queira recoñecer e aínda que este Goberno presentase nesta Cámara as propias directrices enerxéticas— unha planificación, cun investimento programado de 3.000 millóns de euros en tres anos precisamente para poder avanzar máis rapidamente nun *mix* enerxético que nos permita competir en termos de igualdade co resto de empresas nacionais e europeas e, sobre todo, que teña un impacto no emprego e na sustentabilidade da nosa economía.

Claro que estamos buscando, polo tanto, cambios de patróns, claro que estamos buscando aproveitar de forma eficiente o parque actual de xeración de enerxía. E iso inclúe, señora Presas, tamén as centrais térmicas de Meirama e das Pontes.

Creo que debe revisar con atención as declaracións que se fixeron no ano 2015, que foron declaracións que fixo a empresa, en ningún caso a Xunta de Galicia. Polo tanto, non debería vir aquí a xerar confusión e, sobre todo, a mentir. Iso non o debería facer como deputada.

En calquera caso, eu si lle podó recordar que neste Parlamento nós estamos impulsando iniciativas —dentro das nosas competencias, porque vexo que tamén ten confusión en termos de competencias a nivel estatal e a nivel autonómico en materia de política enerxética—, e vostedes, señora Presas, non apoiaron ningunha iniciativa deste Parlamento, incluso para apoiar os investimentos necesarios para cumprir coa directiva de emisións industriais por parte de Meirama.

Lamentablemente, señora Presas, vostede e o seu grupo están permanentemente no «non». E así é moi difícil crear país. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Así é moi difícil dar solucións; sobre todo para que a nosa industria sexa máis competitiva e, sobre todo, para que os nosos cidadáns se poidan beneficiar dunha política enerxética que teña un impacto positivo na súa economía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: No «non» están vostedes, señor Conde: non a exercer de goberno galego, si a facer minutos de publicidade atribuíndose a renovación das instalacións das Pontes pero non a defender os dereitos dos seus traballadores activos e pasivos, como pasou hoxe pola mañá. No «non» están instalados vostedes, señor Conde. (*Aplausos.*)

Confusión e mentiras. Mentir, mentiron vostedes —insisto, señor Conde—, que desatenderon as súas obrigas como goberno e que enganaron sobre cal era o estado de Meirama. Bastante atención prestei, si, bastante máis da que presta o seu grupo e vostede mesmo ás nosas propostas e preguntas. Tamén estaba atenta cando debatemos aquí as directrices enerxéticas. E foi o BNG quen colocou enriba da mesa se o Goberno galego ía defender ou non Galiza no futuro Plan carbón, se o Goberno do Partido Popular ía defender ou non que Galiza tivera igualdade de recursos para as súas comarcas mineiras para a transición ener-



xética, ¿si ou non? O que pasa é que vostedes cambian de resposta segundo estean ou non estean no Goberno. Tamén estaba atenta —pero non me dará tempo de desenvolvelo— para pedir, polo artigo 9, as achegas a esas directrices que parece que deben estar agochadas nalgun lado e que nunca chegan.

En resumo, señor Conde, a nós o que nos preocupa é que o noso país non está na mellor situación posible para enfrontar o que vén de aquí a 2020, e vostedes, en vez de estar facendo unha planificación, en vez de estar exixindo ás empresas... Porque nós o que non queremos é regalarlles cartos públicos para que se adapten, senón que cumbran co que deben por causa da lei. E tamén temos unha fonda preocupación porque non vemos o Goberno galego activo, en disposición de defender tamén os dereitos sociais destas comarcas e destes traballadores, e que estean representados nas negociacións co Goberno central.

Polo tanto, pedímoslles que defendan Galiza e a igualdade de recursos para o futuro, e tamén que acometan un plan de choque para que esta situación se converta nunha oportunidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e non nun problema, porque, vista a súa indiferenza e a estratexia autoexculpatoria, parece que non vai ser.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, os feitos son os feitos. E vostedes, lamentablemente, no Bloque Nacionalista Galego non apoiaron —non apoian— que Meirama teña continuidade e non apoian que Meirama faga os investimentos para que cumpra as directivas de emisións industriais; esa é a realidade. Vostedes non apoian nin Meirama nin As Pontes. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) Polo tanto, ¿que vén trasladar aquí? Se vostedes non teñen ningún tipo compromiso e, como sempre, vostedes teñen traballadores de primeira e traballadores de segunda cando hai que defender os dereitos dos traballadores. (*Murmurios.*) Lamentablemente, a súa política enerxética é a política do non, e con esa política, señora Presas, non se constrúe país.

Mire, a tarifa independentista do Bloque Nacionalista Galego (*Murmurios.*): vostedes saben que esa tarifa é unha tarifa que non é legal; non é legal, señora Presas, porque sabe que o marco normativo non permite diferenciar por territorios. (*Murmurios.*) E, de feito, vostedes permanentemente veñen aquí confundir e din que existe unha tarifa vasca. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) Señora Presas, non hai ningunha tarifa vasca, porque sabe que esa peaxe beneficia empresas de toda España, incluso empresas galegas, que se benefician igual que as empresas vascas. Polo tanto, a súa tarifa, primeiro, non é legal, pero é que tampouco é xusta. E non é xusta porque simplemente suporía que os galegos terían que



pagar máis pola electricidade, en concreto, trescentos millóns de euros ao ano para financiar os investimentos en infraestruturas e para financiar a retribución por interrompibilidade.

Pero, finalmente, a súa proposta independentista tampouco é sólida, señora Presas; (*Murmurios.*) non é sólida sinxelamente porque ata o momento non presentaron neste parlamento ningunha memoria económica sobre a súa proposta en termos de tarifa para as nosas empresas. Polo tanto, creo que as súas propostas, ademais de ser ilegais e ademais de non ser xustas, non son sólidas.

Polo menos, deberían de intentar apoiar os esforzos que o resto de grupos, e concretamente o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de Galicia, estamos desenvolvendo precisamente para defender os intereses dos traballadores. E aí seguiremos, cunhas directrices enerxéticas que nos permitan dar esas respostas, pero, sobre todo, dando unha coherencia para que as empresas electrointensivas e as empresas do noso tecido produtivo teñan un prezo competitivo que lles faga competir en igualdade de condicións. Lamentablemente, nestes momentos tampouco poden contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego, que tampouco apoia as propostas que as empresas electrointensivas lle queren trasladar ao Goberno. (*Murmurios.*)

Señora Presas, coa política do non Galicia non avanza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para evitar a parada dos fornos na empresa Ferroatlántica e as súas consecuencias

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Francisco Casal, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde, señor conselleiro.

Vostede quería que faláramos de feitos. Vamos falar de feitos: durante o ano 2018 Galicia perdeu oito mil quiñentos empregos na industria; en setembro entrou en concurso de acredores con risco de liquidación a empresa Isowat, líder en Galicia en equipamento eléctrico, o que podería supor a perda de case cen postos de traballo directos; en outubro, Alcoa anuncia o peche da súa factoría na Coruña co risco de perda de quiñentos postos de traballo directos; en novembro, PSA-Citroën pon en marcha un ERTE que afecta catrocentos traballadores; Vulcano non atopa solucións aos seus problemas e ameaza co peche, e, finalmente, Ferroatlántica apaga dous fornos en Cee, o que de momento afecta, entre eventuais que foron para casa xa e empresas auxiliares con contratos rescindidos, unhas cen persoas, con risco de presentación dun ERE para o resto da plantilla.

A verdade, señor conselleiro, sen acritude, sen acritude ningunha: ¿está vostede satisfeito do resultado das súas actuacións en política industrial? A verdade é que dan ganas de para-



frasear o seu voceiro, o señor Tellado, e a señora Nóvoa; dan ganas, bastante ganas ante todos estes feitos. Cando goberna o PP, Galicia perde. Aquí si que hai feitos concretos, porque o resto da oposición non pechou nada de momento; con vostede parece que a política industrial... E non vou meterme en cal era a súa profesión anterior, porque creo que é unha falta de educación na que non se debe de entrar; non sei cal era a súa experiencia anterior en política industrial. A realidade dos feitos é que así, como imos...

E centrándonos xa na pregunta de Ferroatlántica. A verdade é que non sei como remataremos a lexislatura, señor Conde, a este paso. Centrándonos en Ferroatlántica: como vostede sabe, apagaron os fornos 13 e 14, onde fabrican ferromanganeso e silicomanganeso, e transportaron as materias primas ás factorías que adquiriron en Francia e en Noruega cos beneficios obtidos cos rendementos das centrais hidráulicas, porque din que alí lles é máis rendible fabricar estas aliaxes e non en Cee e en Dumbría. Xa digo, isto implica xa, de momento, cen persoas na casa, e podería supoñer un problema moito máis grave. As escusas da empresa son que perderon cartos na última poxa de ininterrompibilidade. Efectivamente, baixoulles un pouco a... (*Murmurios.*) Si, pero recibiron sete millóns de euros para seis meses, que serán catorce para o total.

¿Pero cal é a realidade? O ano pasado as centrais hidráulicas —que, como vostedes saben, nas concesións están condicionadas a que se aplique a viabilidade das factorías de Cee e Dumbría— produciron aproximadamente setecentos mil megavatios/hora; ao prezo medio do megavatio/hora no mercado maiorista, deberon de ingresar entre trinta e cinco millóns e corenta millóns de euros. ¿Onde foron eses corenta millóns de euros? ¿Como é posible que a empresa diga que perde cartos cando ingresa entre trinta e cinco e corenta millóns de euros por un ben que os galegos lle concedemos para que garanta a viabilidade de Cee e Dumbría?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal, terminou o seu tempo.

O señor CASAL VIDAL: Remato.

O señor PRESIDENTE: Ten outra quenda despois.

O señor CASAL VIDAL: ¿Que pensa facer, señor conselleiro? Porque non me dirá que...

O señor PRESIDENTE: Non, terminou o tempo, xa está. Grazas.

(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, falemos de feitos. Mire: a pesar das incertezas que temos, lamentablemente, na economía galega motivadas tanto polas actuacións que está facendo o Goberno de España como por outras incertezas que están xurdindo no entorno internacional, Galicia está demostrando



que é unha comunidade non só solvente, senón, ademais, estable, e que, grazas en parte ás políticas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, pero sobre todo e especialmente ao esforzo que está a facer o tecido produtivo, temos a previsión de pechar este ano cun crecemento da economía maior que o do Estado, mantendo a mesma tendencia que tiñamos nos últimos anos.

O ano 2018, señor Casal, volverá pechar cun novo récord de exportacións, que, igualmente, seguen crecendo por riba da media de España, e, sobre todo, pecha coa menor taxa de paro da última década e con trinta e dúas mil trescentas persoas ocupadas máis que hai un ano. Polo tanto, estes son os datos, señor Casal, da economía galega, a pesar de que non estamos sendo acompañados por parte do Goberno de España.

Pero vostede trae aquí a situación de Ferroatlántica e trae a situación tamén de Alcoa, e vostede sabe perfectamente, igual ca min, que a problemática que ten Ferroatlántica é a problemática do marco eléctrico, no cal a Xunta de Galicia non ten ningún tipo de competencias, aínda que a señora Presas aínda non se enterou disto. E isto, señoría, é un asunto que compete, como ben sabe, solucionar ao señor Sánchez (*Murmurios*.) e a un goberno que está apoiado polo seu grupo; sábeo perfectamente. Polo tanto, señor Casal, sabe que vostedes, xunto co Partido Socialista, comparten a responsabilidade de que España non teña unha política enerxética, o que, lamentablemente, está poñendo a industria galega e a industria electrointensiva galega nunha situación límite; esa é a realidade.

É a realidade, señor Casal, e tamén me vou remitir aos feitos, porque para entender esta situación hai que remitirse aos feitos: o prezo da electricidade segue incrementándose un vinte e cinco por cento; cuestionan o futuro do diésel incrementando o seu custo en oitenta e cinco millóns de euros; non son capaces de encontrar solucións para a planta coruñesa de Alcoa, o que, ademais, pode ter un efecto contaxio en Ferroatlántica e pode ter un efecto contaxio nas outras empresas electrointensivas; non lles dan oportunidades ás centrais térmicas; non teñen plans industriais que permitan alternativas á situación da transición enerxética, e presentan uns orzamentos do Estado que inclúen unha subida de impostos de vinte mil millóns de euros.

Señor Casal, un pouco de corresponsabilidade con España e con Galicia por parte do Grupo de En Marea.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Señor conselleiro, vamos ver: podería responderlle a todo o que comentou, pero non vou permitir que se queira ir polas ramas. ¿Vaime dicir vostede que o problema de Ferroatlántica é de custo de enerxía? ¿Dimo en serio? (*O señor Conde López pronuncia palabras que non se perciben*.)

Vostede parece que si que é un profesional que debería saber disto. ¿Sabe vostede canto lle custaría o megavatio/hora a Ferroatlántica se fixera autoconsumo? Entre nove e once euros



o megavatio/hora, o prezo máis baixo en Europa dunha factoría. ¿Por que? Porque ten unha concesión dos galegos dunha auga que lle sae gratis e unhas centrais practicamente amortizadas que recentemente ampliaron e que poderían autoabastecer practicamente todo o consumo da factoría. ¿E por que non o fai? Porque prefire vendelo. Iso si, o que non fai despois con eses corenta millóns de euros que obtén na venda de enerxía do mercado é abastecer as súas factorías, que, como vostedes saben, agora si se pode facer, ¡si se pode!, revisen os libros da carreira e xa verán como se pode. (*Murmurios.*) Pois se queren vender, que vendan, pero entón que ingresen nas contas, porque é un centro de traballo único, Cee-Dumbría Centrais Hidroeléctricas. Con eses trinta e cinco ou corenta millóns é imposible o argumento de Ferroatlántica de que está a perder diñeiro e que por iso pechan.

Entón, o que si é a súa obriga, tendo en conta que é unha concesión administrativa da Xunta de Galicia, é revisar esas contas, ver se de verdade eses cartos na venda de enerxía entran nas contas e non se van con artiluxios contables, como xa puidemos demostrar no ano 2017. Iso si é responsabilidade de vostede. E se pechan os fornos tendo unha rendibilidade positiva —como estamos seguros de que é así, se se fixera unha auditoría—, iso iría en contra das condicións da concesión, que exige a garantía da viabilidade de Cee e Dumbría apoiada nos rendementos das centrais hidráulicas.

Entón, dúas alternativas: ou autoabastecen coa súa produción as factorías ou ingresan nas contas de Cee e Dumbría —das factorías— os ingresos da venda de enerxía. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal, terminou o seu tempo. Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu creo que, sinceramente, non procede que a oposición volva pretender semmentar dúbidas sobre onde está a Xunta de Galicia no caso de Cee-Dumbría e no caso de Ferroatlántica; non procede. A Xunta de Galicia xa se pronunciou e, polo tanto, ten claro que estamos ao lado da actividade industrial, estamos ao lado do cumprimento estrito da propia concesión. Polo tanto, nós imos manter esa seguridade xurídica, respectando ao mesmo tempo o dereito das empresas, como non pode ser doutra maneira, e tamén das empresas que cumpran con todas as obrigas legais que teñen co territorio.

O que non merecen os traballadores de Ferroatlántica, o que non merecen os traballadores de Cee-Dumbría e o que tampouco merecen —que non os nomeou— os traballadores de Sabón —non o merecen— é que vostede queira desviar o debate.

O problema de Ferroatlántica, o problema de Sabón e o problema de Cee-Dumbría é un problema enerxético, esa é a realidade. Vostede sabe que na Lei 17/2007 o Partido Socialista Obreiro Español estableceu a modalidade para os produtores de réxime especial e para os consumidores de enerxía, e vostede sabe perfectamente que Ferroatlántica se acolleu ao cumprimento da lei no ano 2008. O réxime co cal está traballando Ferroatlántica dende o



punto de vista enerxético é derivado dunha lei do Partido Socialista Obreiro Español que aplica dende o ano 2008. Pretender agora vincular a situación de Ferroatlántica en Sabón e en Cee ao réxime enerxético é simplemente querer desviar a atención da realidade, que é sinxelamente que estamos ante un problema enerxético.

E, señor Casal, entendo perfectamente que vostedes son socios dese goberno, que vostedes son socios do Goberno do Partido Socialista, que non está dando solucións en materia enerxética e que, lamentablemente, está poñendo nunha situación límite non só Alcoa e Ferroatlántica, senón todas as empresas electrointensivas.

Polo tanto, se vostedes queren defender o emprego en Cee-Dumbría e queren defender o emprego en Sabón, convén que cambien de postulados e que se sumen ás teses que defende o sector. E esta mañá perderon unha oportunidade, porque esta mañá se puxeron en contra do sector, porque as propostas que trouxo aquí o Grupo Parlamentario Popular son as propostas do sector, e vostedes non apoian o sector. ¿Quéreme explicar como quere apoiar os traballadores de Ferroatlántica se non defende os posicionamentos da propia industria e do propio Goberno da Xunta de Galicia?

Lamentablemente, creo que se non cambian de postulados, os traballadores de Cee-Dumbría si teñen motivos para estar preocupados, e eu lamento que esa sexa neste momento a posición do Partido Socialista e do Grupo de En Marea.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)

Si, señora Presas, ¿para que quere a palabra? ¿Con base en que artigo?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, solicito a palabra con base no artigo 76.1 por inexactitudes...

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é exactamente a inexactitude?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e por alusións, tamén.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é a inexactitude e a alusión?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: O señor Conde dixo que esta deputada non se enteraba, entón eu dígolle ao señor Conde... *(Murmurios.)* —literalmente, ¡literalmente!—. Entón, eu quero explicarlle que as deputadas do BNG vimos a este parlamento co Estatuto de autonomía lido, e que se a Xunta de Galiza non ten ningún tipo de competencia en industria e enerxía...

O señor PRESIDENTE: Non, xa está.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que lles fagan un favor aos galegos e galegas e que disolvan a súa consellería. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Non, eu creo que iso... Moitas veces utilízase esa expresión... Por favor, ata aí podíamos chegar, pero ben. Eu non percibín no ton do conselleiro nada despectivo nin nada que fora ofensivo. (*Murmurios.*) Porque iso si que non o ía consentir, nin dun lado nin doutro, téño claro. (*Murmurios.*) Non, non.

Vamos ver: momentos de relax podémolos ter todos, que o pleno é moi longo. Pero, dende logo, ata chegar a que entre os deputados se insulten, non, iso baixo ningún concepto o permitiría. Se eu percibira iso, sería o primeiro en chamar á orde o conselleiro, pero non o percibín.

Pregunta do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia acerca do proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC, impulsado pola Universidade da Coruña en colaboración co Clúster TIC Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira pode formular a pregunta.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Boa tarde.

Señor conselleiro, falemos de presente, pero falemos de futuro. Como saben, a Universidade da Coruña acaba de presentar, no pasado mes de decembro, o impulso a un reto estratéxico en todo o sector tecnolóxico da información e das comunicacións en Galicia: a creación da Cidade das TIC na Coruña como potente infraestrutura para unha alianza clave de empresas tecnolóxicas, de centros académicos e de centros de investigación.

Este proxecto, como saben perfectamente, nace en estreita colaboración e cooperación co clúster TIC Galicia e presenta para A Coruña o que sería o maior centro tecnolóxico de Galicia; en rede, evidentemente, cos outros polos tecnolóxicos de Vigo, de Santiago ou mesmo das Rozas, en Lugo. Como saben tamén, importantes empresas locomotoras xa implantadas na Coruña e no sector TIC verían positivamente este espazo colaborativo, que se ubicaría, como saben, nas instalacións da Fábrica de Armas —en Pedralonga, na Coruña— que, pertencente ao Ministerio de Defensa, debe contar sen máis demora cun novo proxecto industrial, tras o fracaso da concesión outorgada a Hércules de Armamento. O Ministerio de Defensa tamén está a apoiar a iniciativa, e este novo proxecto tecnolóxico que impulsa a UDC en colaboración co clúster absorbería e reciclaría o persoal do actual concesionario. Dada a capacidade, señor conselleiro, das instalacións da fábrica en Pedralonga, sería compatible con outros usos, evidentemente, dentro do actual planeamento urbanístico municipal.

A análise de datos —especialmente en ámbitos *big data*—, a intelixencia artificial, os servizos biodixitais ou a ciberseguridade son algunhas das áreas claves deste proxecto, no que incide, ademais, a nova aposta da Universidade da Coruña co seu novo campus de especialización Innova, coa misión de afondar nas fortalezas do sector TIC na súa hibridación con áreas de coñecemento, de ciencias da vida, de enxeñería civil, de edificación, de aeronáutica ou de



biotecnoloxía avanzada. O conxunto de directores e decanos de centros académicos e de centros de investigación da Universidade comparten a relevancia deste proxecto.

Estariamos, señor conselleiro, diante dunha oportunidade de retención e atracción de talento e de emprego. Na creación deste novo ecosistema de integración entre investigadores, centros tecnolóxicos e empresas, o papel de apoio, de impulso e de colaboración activa de todas as administracións públicas resulta, como sabe, absolutamente esencial, non só dende unha perspectiva institucional, senón —evidentemente— dende unha perspectiva social e económica. A implicación nun proxecto clave para Galicia require, por suposto, a máxima implicación por parte do Goberno galego. A Consellería de Economía, Emprego e Industria —nas súas tres vertentes competenciais, precisamente— e o propio Igape e a propia Gain deben de ser motores neste proxecto, señor conselleiro.

Os grupos municipais da Coruña, durante estes días, están manifestando a súa posición inicial de apoio a esta iniciativa, que será debatida tamén nunha moción no pleno municipal da semana que vén. Mesmo —salvo que estea equivocada— a candidata popular —excompañeira súa de Goberno— na Coruña manifestou o seu voto positivo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada, grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Por iso, ante as dúbidas que está a presentar o Goberno, preguntámoslle que valoración fai sobre este proxecto tecnolóxico.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa está escrita e xa a coñecemos. Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Díaz, en primeiro lugar, quero agradecerlle ao Partido Socialista que se interese pola política industrial de Galicia. Isto de verdade que é para min moi interesante, sobre todo poder debater sobre innovación, sobre dixitalización e sobre o reto 4.0. Así que, señoría, benvido ao club.

E benvido a un club que leva catro anos traballando e desenvolvendo iniciativas vinculadas, precisamente, a través da Estratexia de especialización intelixente, a través do Plan Galicia Innova 2020 e a través da Axenda Industria 4.0, a desenvolver un sistema vinculando a industria co ecosistema galego de I+D+i. Un esforzo conxunto que está focalizado nas empresas, nomeadamente nas pequenas e medianas empresas, e tamén, loxicamente, vinculado ao talento e vinculado á transferencia de coñecemento.

E xa hai resultados. Polo tanto, temos un presente para traballar o seu futuro. Galicia está crescendo no investimento de I+D: foi a segunda comunidade na que máis aumentou no ano



2017; son máis de dez mil persoas encargadas das actividades de I+D, tanto en empresas como en centros de coñecemento galegos. Polo tanto, a política industrial, a política de innovación e a política vinculada ás TIC teñen unha realidade.

Sabemos, en definitiva, señor Díaz, da importancia que teñen as TIC, sabemos que A Coruña concentra o cincuenta e catro por cento de todo o emprego do sector TIC de Galicia, que tamén concentra máis do sesenta e dous por cento da súa facturación, e por iso, precisamente, levamos traballando dende hai tempo co clúster TIC para crear un polo industrial que permita colocar o sector TIC galego no mapa internacional.

Traballar nun proxecto destas características ten que ser unha aposta vinculada e liderada pola industria —espero que vostede tamén concorde con este plantexamento—, porque temos que competir cos grandes centros de innovación en TIC e temos que dispoñer da capacidade tecnolóxica necesaria para que a economía galega afronte con máis garantías a transformación dixital. E iso supón dotar de infraestruturas, tanto de innovación como de reforzo da capacidade industrial, e desenvolver proxectos tractores de I+D+i. E nese contexto, señoría, é no que o clúster trasladou á Xunta de Galicia os seus programas para desenvolver infraestruturas vinculadas aos laboratorios de fabricación, e aí é onde nós nos imos situar. Xa veremos en que ubicación —se na Fábrica de Armas ou noutra ubicación—, pero, dende logo, hai unha aposta clara por parte deste goberno para desenvolver un polo industrial das TIC na cidade da Coruña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señor conselleiro, infiro das súas palabras que, evidentemente, o Goberno galego e a súa consellería, o Igape, a Gain... Por certo, onte quería facer esta reflexión nas súas últimas... Non sei se tivo ocasión de escoitar as últimas palabras na comparecencia de onte da conselleira de Educación e Universidade. Chamounos un tanto a atención, porque tivemos a sensación, polo menos, de escoitar que non era unha prioridade, por parte do Goberno galego, esta nova aposta tecnolóxica, xa non digo só na Coruña, senón para toda Galicia.

Espero que fora unha certa confusión nesa comparecencia, porque das súas palabras infiro —polo que creo que pode confirmar no seu último turno de réplica— a aposta, tamén por parte do Goberno galego, de participar coa Universidade, co clúster TIC co que a Universidade está participando activamente, co Concello da Coruña e coa deputación nesta nova aposta, na que se está a implicar activamente tamén, de forma necesaria, o Ministerio de Defensa.

Porque se contamos xa cunha instalación, cun uso industrial no planeamento municipal, eu creo que pode ser, pola súa cercanía tamén cos campus universitarios e cos centros de investigación, un punto importante. Pero a localización pode ser que sexa un tema importante, pero non ten por que ser o tema clave para esta instalación ou para outras instalacións.



En todo caso, señor conselleiro, a min chámame a atención, dende outra perspectiva, que despois de dez anos de gobernar Galicia ou de sete anos de gobernar en cooperación co Goberno de Madrid, todas as culpas das políticas industriais en Galicia e no resto do mundo —por dicilo dunha forma ilustrativa— forman parte deste novo goberno socialista en Madrid. Eu creo que iso non ten solvencia suficiente como para expresarse desa forma. *(Aplausos.)*

Porque, señor conselleiro, os datos da EPA de onte estannos indicando como Galicia perdeu o ano pasado tres mil seiscentos postos de traballo industriais; o resto de España perdeu tres mil postos de traballo. Temos unha longa lista con Isowat, Alcoa, Ferroatlántica, a propia Fábrica de Armas, Meirama etc., que anuncian unha posible perda doutros...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada, terminou o seu tempo. Grazas.

(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Díaz, eu non falei do Goberno central en materia de política industrial e en materia de política de innovación na miña intervención. Claramente, eu trasladéille cal é a política industrial e a política de innovación que ten a Xunta de Galicia a través da RIS3, a través do Plan Galicia Innova e a través da Axenda Industria 4.0, que vostedes non queren acompañar, pero esa é outra realidade.

Pero, mire, o máis importante: non infira nada, porque eu creo que estou falando bastante claro; polo tanto, non ten que inferir ningún tipo de posición por parte do Goberno. O Ministerio de Defensa e o clúster TIC coñecen perfectamente cal é a posición da Xunta de Galicia; coñécena perfectamente, en primeira persoa, tanto a ministra e o secretario de Estado de Defensa como o clúster TIC. O primeiro, a primeira prioridade é proxectar o novo hospital da Coruña nos terreos da Fábrica de Armas. Esa é a prioridade, porque é a prioridade da cidadanía en termos de sanidade. E o segundo obxectivo é levar a cabo o polo industrial das TIC na ubicación que resulte máis axeitada, xa sexa na Fábrica de Armas, xa sexa noutra ubicación. Polo tanto, creo que non debe de inferir ningún tipo de interpretación, porque o posicionamento do Goberno está claro.

Hai un compromiso por parte da ministra de non hipotecar os terreos da Fábrica de Armas para outros usos, á espera de coñecer se é necesario construír alí o novo hospital. Eu espero que o Grupo Socialista apoie este posicionamento, porque a sanidade, como ben sabe, é a prioridade da cidadanía e porque non se trata, señor Díaz, de sumar metros cadrados, senón, simplemente, de ver entre todos que usos son compatibles e permiten que a cidade da Coruña teña a mellor solución para ambas as iniciativas. Porque esa é a posición clara que ten a Xunta de Galicia e aí é onde temos que buscar solucións para responder ás prioridades en materia de sanidade, pero tamén para dinamizar o tecido produtivo. Aí é onde se sitúa a Xunta de Galicia en materia sanitaria e onde se sitúa a Xunta de Galicia en materia industrial e en materia de negocio.

E nós acordamos, señor Díaz, co clúster TIC, precisamente, marcar este obxectivo de desenvolver o polo industrial polo seu contido e non pola súa ubicación. E aí é onde estamos convocados



precisamente para desenvolver un polo industrial TIC que permita que A Coruña e que Galicia poidan dar un salto cualitativo e situarnos na elite internacional, como estamos nestes momentos noutros sectores. Porque, cando fale de política industrial en Galicia, creo que sería xustos cos traballadores e co tecido produtivo falar tamén, señor Díaz, da situación do sector da automoción, do sector biotecnolóxico, do sector aeroespacial, do sector TIC ou do sector alimentario. E seguramente tería outra idea do que é a industria en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o modelo de xestión do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Eva Solla, do Grupo Parlamentario de En Marea.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señor Almuíña, sempre nos deixa vostede o intento de ofendernos na réplica, sóeno facer case todos; a min, dende logo, a súa opinión sobre min non me ofende en absoluto. Pero, antes de comezar coa pregunta, trasladareille que tamén é bo recordar que vostede traballou tres anos no Sergas antes de converterse en xerente. ¡Tres anos! De momento eu non teño moita experiencia laboral, pero aínda o supero, señor Almuíña, incluso niso. *(Aplausos.)*

Imos á pregunta. Mire: os traballadores e as traballadoras do 061 levan moitísimo tempo denunciando as condicións nas que se está a dar o servizo pola falta de recursos, polos concursos á baixa nos que participan as empresas...; un servizo absolutamente deficitario. Como vostede sabe, levan advertindo dos perigos de vehículos que non cumpren coa normativa aplicable, especialmente en cuestión de peso e falta de material. E, como consecuencia, nas dilixencias previas que se abriron no Xulgado de Instrución Número Dous de Santiago por presuntos delitos de prevaricación e tráfico de influencias —por certo, cun adxudicatario que é exdeputado do Partido Popular— o informe pericial constatou o incumprimento da normativa relativa ao exceso de peso. Xa rexistramos preguntas en relación con esta circunstancia, unha situación absolutamente incomprensible que afecta as condicións nas que se presta o servizo e que se suma tamén á escaseza de vehículos que temos denunciado. E, por certo, propuxemos emendas nos orzamentos para incrementar ese número de vehículos.

A consecuencia da falta de vehículos ordinarios significa que a Xunta de Galicia contrata, a maiores, de xeito totalmente incontrolado, esas ambulancias de soporte que non levan persoal sanitario e que se utilizan para atender calquera tipo de emerxencia. Preguntámoslles por esta circunstancia o pasado ano e vostedes responderon que eran unha utilización absolutamente puntual. Pois ben, o 061 non di o mesmo; confirma que se utiliza cada vez que se ocupan os recursos pertencentes á rede do 061, cando hai exceso de número de lesionados en calquera tipo de accidente e cando a ambulancia que ten que estar circulando está ocu-



pada. Ademais, afirman documentalmente que se trata de empresas alleas á rede con actividades excepcionais e que, polo tanto, non existe ningunha petición formal previa ao momento no que xorde a necesidade.

Non se lles pide practicamente nada, e a realidade é que teñen persoas sen a titulación debida traballando nunhas condicións absolutamente precarias. Mentres, os traballadores da rede do 061 soportan condicións leoninas con quendas de doce horas nas que practicamente non poden nin tan sequera parar para comer, como é, habitualmente, o caso de Vigo, e situacións nas que as empresas din que non lles chegan os cartos pero están pagando un corenta por cento menos a todos os traballadores que teñen con contrato de prácticas.

Señor Almuíña, ¿van reverter o servizo ao público? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Sen entrar en polémicas, señora Solla, creo que teño bastante máis experiencia asistencial que vostede —asistencial, xa non digo de xestión—, pero teño que dicir os datos porque, se non considera todo o tempo que estiven facendo a especialidade, traballando en Urgencias, en coidados intensivos e en primaria, pois entón vostede si terá máis experiencia ca min, pero creo que non é así. (*Aplausos.*) De todas formas, loxicamente, non conto como experiencia súa o facerse fotos nas fachadas dos hospitais e dos centros de saúde. Para min iso non é práctica asistencial.

Mire: o modelo actual existente en Galicia é un modelo igual que o doutras comunidades autónomas, respaldado pola boa valoración por parte dos pacientes e do resto da cidadanía. É un modelo que permite a implantación de programas pioneiros de contrastada eficacia. A Fundación Pública Urgencias Sanitarias Galicia-061 acaba de renovar, en outubro de 2018, o Selo de Excelencia Europea, un recoñecemento de calidade, de rigor e de compromiso na prestación de servizos de urgencias extrahospitalarias en Galicia. A avaliación realizada resaltou especialmente o bo nivel de excelencia na xestión da organización, como destacan as puntuacións conseguidas nos resultados da súa xestión innovadora. Outros valores sobresalientes foron a competencia e o compromiso cos seus profesionais.

Polo que se refire ao proceso de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, realizouse de conformidade co Real decreto polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público —cremos e entendemos que debemos cumprir a lei—. Así vén recollido, até este momento, nas resolucións de once recursos presentados perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais favorables á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia. Once recursos. De conformidade co establecido na Administración autonómica aplicable nese momento nos contratos adxudicados polo concurso, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación de contrato non podía ser inferior ao corenta por cento da puntuación máxima. É a lei, non é un capricho.



En ningún dos catorce lotes nos que se dividía a contratación do servizo de transporte sanitario urxente e terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia se presentou unha oferta con baixa temeraria. As ofertas económicas dos licitadores foron inferiores aos prezos de licitación, pero en ningún caso podían ser consideradas ofertas desproporcionadas, segundo o criterio establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, que foron visadas pola Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde e informadas favorablemente pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia.

Os contratos vixentes subscritos coas empresas adxudicatarias recollen as súas obrigas con respecto ao persoal que empreguen e ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e do disposto no convenio colectivo do sector durante toda a execución do contrato.

Tal e como establece a lexislación laboral e social vixente, son os adxudicatarios, en relación co seu persoal, os que ostentan todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Terminou o seu tempo. Ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...sen que en ningún caso poida alegarse polo dito persoal dereito ningún...

O señor PRESIDENTE: Conselleiro, terminou o tempo.

(O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.)

Ten outra rolda despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Almuíña, non debería avergonzarse de que só despois de tres anos traballados no Sergas o señor Aboal o rescatase para darlle unha xerencia. *(Murmurios.)*

Pero, mire: imos falar do contrato do 061 porque *(Murmurios.) (Pausa.)* —¡tranquilidade!—, se a vostede lle parece correcta a situación que viven uns traballadores aos que teñen vostedes cobrando menos do salario mínimo interprofesional, gustaríame que o dixera aquí. Vostedes teñen contratos en prácticas, permiten uns contratos absolutamente piratas nos que as traballadoras cobran o primeiro ano un corenta por cento menos do seu salario, o segundo ano un vinte e cinco por cento menos do seu salario, e manteñen os traballadores cun



convenio en ultraactividade dende o ano 2015. Señor Almuíña, ¡non nos conte milongas! Os contratos fírmanse á baixa e as empresas xogan con este elemento continuamente, porque saben que despois os traballadores van ir á folga e vostedes van outorgarlles máis cartos no seguinte contrato. Esa é a realidade, señor Almuíña, permitíndolles incumprir a lei en canto a pesos e en canto a normativa.

¿Sabe vostede que pacientes infectocontaxiosos entran nas ambulancias antes que pacientes inmunodeprimidos e non hai ningún tipo de control porque non hai nin sequera protocolos? ¿Sabe vostede, señor Almuíña, que non hai tempo para limpar as ambulancias entre servizo e servizo? ¿Sabe vostede, señor Almuíña, que as privadas utilizan as mesmas ambulancias ca nós?, ¿que lles estamos pagando do erario público o transporte a Polusa, a Povisa, a Adeslas e a todas as clínicas privadas do país cos cartos públicos? ¡Responda a pregunta que lle facemos, señor Almuíña! ¿Teñen vostedes estudado ou van estudar trasladar a xestión directa este servizo?

Noutras comunidades xa se está a facer. Non sexa, como sempre, o último vostede en tomar nota do que hai que facer dende unha xerencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, se alonguei un pouquiño a intervención anterior era porque tiña que contestar algo que non tiña nada que ver coa pregunta.

Estude mellor o meu currículo porque creo que o está lendo mal. Ten unha obsesión, pero pode consultalo, incluso preguntarlle á xente que coñece vostede, que traballou no mesmo hospital ca min —no Hospital Meixoeiro— desde a base, desde abaixo de todo. E cheguei, si, a ser xerente, pero desde abaixo de todo. E pode preguntar porque creo que coñece xente que traballou nese hospital coincidindo comigo.

Mire: como digo, as obrigas das empresas son obrigas das empresas. Nós temos que vivir pero, desde logo, non podemos estar presentes na defensa de relacións que sempre poden ser difíciles nunha empresa privada entre traballadores e empresa. Desde logo, nós o que dicimos é: contrato transparente na execución, un servizo apreciado pola cidadanía e, como digo, todas as ambulancias que integran esta rede de transporte sanitario urxente cumpren co Real decreto 836/2012, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada. No momento —porque se falou de diferentes cousas—, segundo confirman informes periciais —porque estas son denuncias que aparecen polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia— solicitados pola fundación para coñecer de xeito independente a situación real de ambulancias que ten contratadas, cumpren coa normativa europea.

As empresas adxudicatarias do transporte sanitario presentaron ante a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia unha solicitude de modificación de contratos actualmente vixentes e, de non ser posible, a resolución dos mesmos, argumentando única e exclusivamente motivos



económicos. Tanto a Fundación Pública como a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias garanten a continuidade da prestación do servizo de transporte sanitario urxente.

Señorías, o transporte sanitario urxente terrestre, concertado pola Fundación Pública, trátase dun servizo que garante a todos os cidadáns galegos a accesibilidade, a equidade e a eficiencia dunha asistencia de alta calidade. Un servizo prestado, por certo, por magníficos profesionais. Un servizo que acada niveis de satisfacción por parte dos usuarios cunha puntuación media do servizo de 9,3.

Nestes momentos estase a traballar na elaboración dos novos pregos de contratación do servizo de transporte sanitario terrestre urxente para cumprir cos prazos previstos de finalización do actual contrato. Pero, desde aquí, desde o Parlamento de Galicia, desde logo, apelamos á responsabilidade das partes, tanto de empresas como de traballadores, para que senten e cheguen a acordos e que non causen molestias aos usuarios do servizo público sanitario —que, como dixen anteriormente, o fan, desde logo, cunha valoración altísima—.

Por iso quero recordar e repetir que o transporte sanitario urxente terrestre garante a todos os cidadáns esa accesibilidade, a equidade e a eficiencia dunha asistencia de alta calidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E, polo tanto, seguiremos traballando para a mellora do servizo, porque temos un nivel...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e un servizo de alta calidade.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debatemos agora, de xeito acumulado, a pregunta de dona María Dolores Toja, do Grupo Parlamentario Socialista, e dona María Monserrat Prado, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para dotar de seguridade o porto de Malpica

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas, así como nos portos como o de Malpica

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a señora Toja, do Grupo Parlamentario Socialista.



A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde.

En primeiro lugar, quixera agradecer hoxe a asistencia a este pleno da familia do pesqueiro *O Silvosa* e trasladarlle desde o noso grupo as nosas condolencias e o noso profundo pesar. (Aplausos.)

Como saben, na madrugada do 20 de decembro o pesqueiro *O Silvosa* afundiou no porto de Malpica, un porto onde se producen correntes e remuíños que provocan un perigo constante. Neste caso a embarcación bateu contra a dársena e envorcou. Unha traxedia que se puido evitar.

Simplemente, calquera persoa que nalgunha ocasión puidera ver como saen as embarcacións do porto de Malpica vería que, lonxe de ser un labor rutineiro, é máis ben un labor cheo de pericia, de valentía, de temeridade. A crúa realidade é que, a diario, as persoas que traballan no mar se enfrontan a este perigo, e téñeno que facer porque é a forma de traer os cartos para a casa.

O medo e a inseguridade: e ao mar non hai que ir con medo; hai que ir con respecto, pero non con medo. E no porto de Malpica vaise con medo.

Mire: vostedes aquí hoxe, conselleira, están na representación do Goberno galego, e, como representación do Goberno galego, xestionan os nosos recursos públicos e están encargados tamén do bo estado destes recursos públicos. Polo tanto, voulle facer dúas preguntas moi simples e que teñen unha resposta clara: ou si ou non. A primeira pregunta é: ¿sabían vostedes, como Goberno, que no porto de Malpica existía un risco que o facía tremendamente perigoso? ¿Si ou non? A resposta é si, sabíano. ¿Tomaron vostedes as medidas necesarias para evitar que se produciran eses accidentes? ¿Si ou non? A resposta é non.

Polo tanto, saquen vostedes conclusións. Pola nosa parte, témolas claras, como tamén temos claro que non se pode seguir así, que hai que dotar os portos galegos de seguridade para que este tipo de sinistros non volvan ocorrer; como temos claro que hai que sinalizar as bateas, que levan sen sinalizar dende o ano 2015, a pesar de que hai un plan que foi anunciado enormemente polo seu grupo; como hai que facer tamén as dragaxes que están pendentes, que son tamén cuestión de seguridade; como teñen que cumprir co seu Plan estratéxico galego do ano 2015-2020 —que falta un ano para o seu vencemento—, e nese mesmo plan establecen que hai que modernizar os portos galegos para dotalos de seguridade e tamén mellorar a seguridade da xente que traballa no mar, e como teñen que cumprir tamén coa Resolución 56, aprobada o 10 de maio de 2016 unanimemente neste parlamento, do Plan estratéxico de Galicia, que dicía que se poñería en marcha e finalizaría nos próximos cinco anos un programa para, entre outras cousas, a instalación de mecanismos antiafundimento.

Hoxe díxose aquí que os feitos son feitos; os feitos están claros: teñen plans estratéxicos escritos, pero non os levan a cabo. Polo tanto, hoxe preguntámoslles que medidas van levar a cabo para dotar o porto de Malpica de seguridade.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Eu tamén quero empezar, en nome do BNG, saudando os familiares que están arriba na tribuna e trasladándolles as nosas condolencias.

E quero dicir que a finais do mes de decembro as costas de Galiza viviron unha auténtica traxedia ao producirse, con apenas vinte e catro horas de diferenza, dous naufraxios que cobraron a vida de cinco mariñeiros. O primeiro, o día 19, dun barco cerqueiro, *Sin Querer Dos*, co triste balance de catro mariñeiros mortos e un aínda desaparecido, todos de Cambados; e ao día seguinte, o día 20, efectivamente, *O Silvosa* envorcaba e afundía no mesmo peirao do porto de Malpica, levando por diante a vida do patrón.

Hoxe preguntámoslle por estas cuestións, señora conselleira, porque máis dun mes despois de producirse estas traxedias non tivemos absolutamente ningunha información por parte de vostede nin do seu equipo de nada destas cuestións. E preguntámoslle tamén porque a nai de José Ángel —o mariñeiro morto en Malpica— dirixiuse a nós demandándonos apoio e que nos interesáramos pola cuestión, e trasladounos unha carta —que lles trasladou a todos os grupos—, que vou ler, porque creo que é bo que todos os deputados e deputadas que estamos aquí a coñezamos, porque creo que é moi esclarecedora, e dinos:

«Son a nai de José Ángel, mariñeiro falecido na propia dársena do porto de Malpica o pasado decembro.

A súa morte é especialmente dolorosa porque, neste caso, se puido evitar. A entrada á nosa dársena foi deseñada de tal xeito que se forman acotío correntes e remuíños que provocan un perigo innecesario todos os días e para todas as embarcacións. Achégolles un vídeo de como deben realizar a entrada e a que velocidade para non ficaren atrapados nesta trampa mortal calquera día que haxa un mar un pouco forte, que, como saben, son moitos nas nosas costas.

Solicitamos á Xunta de Galiza e ao Goberno central que realicen un estudo e ofrezan unha solución para que ningún mariñeiro volva morrer nas portas da súa casa, coma quen di, e nunha manobra rutineira. Polo visto, solucións técnicas hainas. Querémolas.

Nin un morto máis.»

Eu trasládolle esta carta, (*Aplausos.*) (*Pausa.*) e a primeira demanda, señora conselleira, é que faga caso do que lle demanda a nai dun mariñeiro morto.

E tamén lle preguntamos, señora Quintana, porque este drama pon en evidencia o despretextadas que están as nosas costas, a falta de medios e o dilatado dos tempos de resposta dos servizos de salvamento. O helicóptero que acudiu ao salvamento do *Sin Querer Dos* veu dende Alvedro, cando a base de salvamento de Cee leva pechada dende hai catro anos: arredor de



dous millóns de euros estragados nun heliporto, unha nave inoperativa, unhas instalacións pechadas, aos que hai que sumar trece millóns de euros que custou un helicóptero que resulta que está aquí, en Compostela, a setenta quilómetros das costas.

As informacións que temos é que o helicóptero tardou —non vou dicir os minutos, pero moitos— cando podía haber un helicóptero a catro ou cinco minutos de onde afundiou o *Sin Querer Dos*.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: A seguridade das xentes do mar é unha prioridade, debe ser unha prioridade, señora conselleira...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—xa remato, señor presidente—, debe ser unha prioridade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, xa rematou.

A señora PRADO CORES: ...tanto cando saen a faenar, e máxime cando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Xa vostede ten despois outra rolda na que pode seguir.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señora Prado, señora Toja, señorías.

En primeiro lugar, o que quixera é manifestar todo o noso cariño e a nosa solidariedade á familia de José Ángel, pero tamén a todas as familias das persoas falecidas e do desaparecido do *Sin Querer Dos*, deses naufraxios que, como ben se dixo aquí, aconteceron o día 19 e 20 de decembro do ano pasado. *(Aplausos.)*

Creo que o cariño, a solidariedade e algo que debe de quedar tamén posto en claro nas actas deste parlamento é que para nós, para o Goberno de Galicia, a seguridade no mar e a seguridade para todas as xentes que traballan no mar é un elemento central e é unha aposta blindada para todo este goberno, pero tamén para esta consellería. Foino e serao sempre.

Para esa mellora traballamos na seguridade tanto activa como pasiva. Nos tres últimos anos atendemos máis de cento corenta e seis solicitudes de actuacións de melloras a bordo, e



atendéronse absolutamente todas as solicitudes que cumprían cos requisitos; non quedou nin unha soa fóra. Nos tres últimos anos iniciamos tamén un reforzo tanto dos medios humanos como dos medios técnicos do Servizo de Gardacostas: incorporáronse vinte e dúas persoas que xa están operativas no Servizo de Gardacostas e vinte entrarán o día 8 de febreiro. Renováronse as patrulleiras tamén: dúas embarcacións están a punto de ser botadas e tres novas están xa en fase de licitación. É dicir, para o ano 2019 dobramos os fondos para a mellora da dotación das embarcacións e ampliamos nun cinco por cento a contía destinada á operatividade do Servizo de Gardacostas de Galicia, chegando a un aumento do quince por cento acumulado nos últimos catro anos.

En todo caso, e en relación cos accidentes sucedidos no mar, esta consellería é e será sempre a primeira en analizar as conclusións e as recomendacións de mellora que emite despois de cada un dos accidentes a Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos do Ministerio de Fomento. Entendemos que os técnicos deben achegarnos esas liñas de mellora e nós debémolas de poñer en actuación. Digo isto porque queremos mellorar a seguridade para a nosa xente do mar, e todo porque, para nós, cando hai un só falecido no mar de Galicia é un ano malo.

Centrándome no caso específico polo que se preguntan e referíndome ao caso de Malpica, cremos e temos a vontade de mellorar a súa seguridade. Ese é o noso compromiso tanto coa confraría como coa familia de José Ángel Sanjurjo e de todo o sector pesqueiro. Xa iniciamos o paso para certificar que estamos traballando nesa dirección. Cabe dicir que en Malpica sempre fomos acometendo aquelas melloras que nos foi demandando a propia confraría de pescadores e que nos levou a destinar máis de 1,5 millóns de euros nese porto nos últimos anos, principalmente na propia seguridade do porto, que supuxo un investimento do setenta e cinco por cento deses fondos que lles acabo de comentar.

Non cabe dúbida de que os propios mariñeiros nos teñen comentado que estamos ante un porto complexo na súa configuración e tamén na súa localización. Esa complexidade deriva de dúas cuestións que estamos xa a analizar e que teñen que ver coa seguridade. Falamos da seguridade na saída e na entrada do porto e na propia bocana do porto, e falamos das correntes que se xeran no interior do peirao pola propia estreiteza que o dique dispón con respecto á costa. Non é sinxelo adoptar solucións para reconfigurar e mellorar un porto que naceu na súa actual disposición hai oitenta anos e que ve como a súa comporta xa hai máis de cincuenta anos que está operativa.

Por iso, os técnicos —e non os políticos— están a barallar diferentes posibilidades, e estas xa lles foron tamén comentadas tanto á familia de José Ángel como á propia confraría en semanas pasadas. Nestes momentos barállanse diferentes melloras, como a rebaixa da canle de acceso na comporta para gañar calado e a eliminación de rebordes que distorsionan as correntes da canle. Amais, tamén se está a analizar a influencia que na extracción as correntes poderían ter, a ampliación do martelo do dique ou a construción dun contra-dique na zona de terra.

En todo caso, estas melloras non desbotan a propia análise da influencia da ampliación do dique —sempre complexa polos trámites de impacto—, e cuxa afectación se deberá verificar



de forma certa para contemplar a súa achega en razón da mellora do abrigo, pero tamén da posibilidade de que mesmo poida incrementar as correntes dentro do porto.

Polo tanto, estamos traballando baixo o criterio dos técnicos e co apoio e co coñecemento dos mariñeiros que agrupa a confraría. Estamos traballando, como viñemos facendo, de forma rigorosa, porque aquí non valen experimentos, para dar resposta a ese compromiso e para dar cumprimento a ese Plan estratéxico que vostedes sinalaban. Sirva como cifra que, para dar forma a ese cumprimento, cento trinta e tres millóns de euros levamos investidos en materia de portos dende o ano 2009, aínda en tempos de crise. Non queremos accidentes nin no mar nin nos portos, por iso traballamos en mellorar as nosas infraestruturas portuarias e por que mellore a seguridade a bordo. Traballamos por e para a nosa xente do mar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Para a rolda de réplica ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Conselleira, están traballando e di que teñen vontade, pero pregúntolle: ¿para cando, conselleira? Porque, que eu saiba, tamén están traballando no plan de sinalización de bateas dende 2015, e tivemos que lamentar o afundimento do Novo Marcos. Que están traballando, están traballando na dragaxe de Laxe dende 2012, e tamén afundiou o María Cristina. Polo tanto, é importante que vaian poñendo datas enriba da mesa porque, mentres tanto, ¿que? Mentres tanto, ¿que? ¿Van tardar outros cinco anos en dar unha solución para o porto de Malpica? Están traballando, si, pero, ¿outros cinco anos, dígolle?

E tamén lle pregunto: ¿que tipo de solución están barallando? ¿Un parche ou unha solución definitiva? Porque estamos vendo que arreglan... *(Aplausos.)* É verdade, conselleira, non lle dea á cabeza, é verdade: todo o que propoñen son parches, e así teñen os portos galegos. Xa lle digo: plan de sinalización de bateas, dende 2015; dragaxe de Laxe, en 2014. Conte os anos, conte os anos e díganos se imos ter que esperar tanto.

Porque, miren: vostedes poñen as súas contas públicas por riba da seguridade das persoas galegas. Si, acaban de renunciar agora mesmo a un incremento do 0,5 sobre o PIB do gasto público, que supón uns trescentos millóns. E miren eses trescentos millóns se lles daban para modernizar os nosos portos de acordo co Plan estratéxico galego, ¡miren se lles daban! Trescentos millóns de euros, a pesar de que Europa llelo autorizaba.

Polo tanto, conselleira, hoxe queremos escoitalle con seriedade e con compromiso que se van comprometer de verdade a que o porto de Malpica e o resto dos portos galegos sexan portos seguros, que van executar máis de catro euros de cada dez do que teñen no programa 723, no programa «Saúde e seguridade», que van devolverlle os novecientos mil euros que tiña no ano 2017 e que agora só ten trescentos mil euros. Necesitamos escoitala, porque hoxe



aquí un deputado do PP dixo que gobernar é escoitar. Nós cremos que hai que dar un paso máis: escoitar e accións, porque, se non, non imos ben.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señora conselleira, no BNG hoxe queremos que vostede aquí se comprometa. Acaba de dicir que ten o compromiso de solucionar o problema do porto de Malpica, e a nós tamén nos gustaría que dixera prazos. Porque, de momento, vostede di que se compromete, que hai unha promesa, pero as promesas, mentres non se concretan, mentres non hai prazos e mentres a solución non está, non deixan de ser unha promesa; e, dende logo, estamos demasiado acostumados a promesas que logo non se dan cumprido.

Sabíase do risco e non se fixo nada; queremos que non volva pasar. Sumámonos ás peticións que chegan de Malpica. E queremos compromisos porque, dende logo, non facelo é asumir o risco ou a traxedia como unha rutina e como algo inevitable e, dende logo, no BNG non imos sumarnos a que o risco e a traxedia sexan algo inherente ás xentes e ao traballo no mar. Dende logo, non imos facer iso.

Evidentemente que hai que acatar as conclusións das comisións de investigación, pero hai que preguntarse por que afunden os pesqueiros; tamén hai que preguntarse, logo, por que morren os mariñeiros, porque afundir non ten que ser sinónimo de que morran. Hai que preguntarse cal é a axilidade dos medios de salvamento, cantos temos, onde están ubicados, cales son os tempos de resposta dos medios aéreos para acudir aos sinistros, a que hora se activaron, a que hora chegaron... Todas esas cuestións hai que preguntarse, hai que saber as respostas e hai que poñer recursos para evitar que os tempos de resposta sigan sendo tan longos como, en moitas ocasións, están a producirse.

Por iso, hoxe pedímoslle que, efectivamente, atenda as demandas que chegan de Malpica, pero que poña prazos para atendelas, que traballe para dotar Galiza dun servizo de salvamento marítimo acorde ás necesidades e ás dimensións da nosa flota e que dote dunha base operativa a Costa da Morte para salvar vidas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Porque a Costa da Morte non pode ter unha base de salvamento marítimo inoperativa, despois de...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas, moitas grazas. Xa está. Xa rematou o tempo.



Ten a palabra a conselleira para a rolda de réplica a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Toja, señora Prado, eu creo que vostedes naceron ao lado do mar e vostedes deben de saber o que é facer traballos no mar. Non é tan sinxelo como intentar construír un edificio no medio dunha zona urbana; os traballos no mar levan tempo e hai que planificalos e, para iso, necesítanse os técnicos.

Vostedes pídenme un compromiso, e eu digo que o meu compromiso xa llelo dei tanto á familia de José Ángel como á Confraría de Pescadores de Malpica.

Vostedes dinme que eu coñecía dos riscos; coñeciámolos todos. Todo traballo ten o seu risco, o risco cero non existe nin se pode enganar a ninguén. Pero eu dígolles: a comporta de Malpica leva cincuenta anos, o porto de Malpica leva deseñado oitenta anos e en ningún tempo deses se produciu ningún accidente. Agora hai un, e ese un xa nos debe levar a tomar decisións, e iso foi o que eu fixen ao comprometerme coa familia de José Ángel e coa Confraría de Malpica, e xa están os técnicos de portos traballando en buscar solucións para mellorar a seguridade nese porto. Non lles podo dicir prazos, non, porque non son técnico, non son enxeñeiro, non sei cales poden ser as posibles solucións porque —como ben digo— hai que estudalas, hai que analizar as correntes e, logo, tomaranse as decisións.

A decisión política está tomada: haberá que facer os investimentos precisos para mellorar a seguridade no porto, como fixen en Laxe e como fago en todos os sitios. O meu compromiso é buscar os financiamentos precisos para abordar as actuacións.

A min a verdade é que me sorprende que vostedes ás veces queiran utilizar a dor das persoas para vir atacar un goberno. (*Balbordo.*) Si, están utilizando a dor das persoas cando veñen aquí con determinados plantexamentos, porque a ver: que a señora Toja me diga por que non se fixeron investimentos antes no porto de Malpica. ¡Oia! É que no tempo do Bipartito se fixeron uns investimentos no porto de Malpica, uns investimentos de 4,2 millóns de euros, ¿e sabe para que fixeron eses investimentos? Para urbanizar o porto de Malpica. E nin sequera chamaron o patrón maior da Confraría de Malpica para inaugurar esas obras. Sería porque vostedes sabían o que había que facer no porto de Malpica, pero non fixeron ningunha obra de mellora da seguridade, urbanizaron o porto de Malpica.

Pero vostedes, cando decidiron crear a base de salvamento, o heliporto en Cee, nin sequera lles fixeron caso aos técnicos que aconsellaban non facer alí un heliporto, porque se sabía que as condicións daquela zona non permitirían voar aos helicópteros pola noite, nin permitirían saír aos helicópteros durante moitos días pola néboa, como así se acreditou posteriormente; como ese helicóptero que estaba previsto polo ministerio poñer na base de Cee e ten que estar aquí en Santiago porque alí non ten operatividade. Iso é enganar a xente, señorías. (*Murmurios.*)



Vostedes tiñan un tempo de resposta dos helicópteros de vinte minutos. Nós conseguimos poñer os helicópteros en servizo vinte e catro horas ao día, os trescentos sesenta e cinco días do ano, cun tempo de resposta de dez minutos. Ese é o compromiso polas melloras de salvamento marítimo.

Entón, o meu compromiso: mentres haxa un só accidente, dende logo eu non estarei tranquila, buscarei todos os medios para intentar eliminar os riscos, aínda sabendo todos que o risco cero non existe, por desgraza, nin no mar nin en ningunha outra actividade que se poida desenvolver.

De calquera xeito, o noso compromiso sempre estará en non tomar decisións políticas de poñer unha base aquí ou poñer un martelo alí ou alargar un dique por alí; sempre serán os técnicos os que o aconsellen cales son as mellores decisións a adoptar para que todos os nosos portos e para que todos os nosos buques sexan cada vez máis seguros. E, nesa liña, dende logo, teñen o meu compromiso de seguir traballando.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Rematados os puntos da orde do día, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás sete e trinta e seis minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

